(→ contínua nota) politécnico (Pena). No primeiro passo brigão, juvenil o vemos guerreiro e pendencieiro; No segundo passo, o vemos solsticial, decadente e psychopompos condutor, tomando pelo caminho o atributo do cão [o Cú chulainn irlandês, suplido no presente cristão por São Roque e seu doublete Sebastião], assume, segundo o penso na Gália o epíteto Ogmios, "Caminho", em Irlanda o epíteto *Setanta*, "Anda Caminho, Caminhante", em Ibéria o epíteto *Anderio* "Andador (pelo Caminho escrito em o Céu, pelo Caminho de Santiago, ou o Camino Heracleo (Pena...)). Em Galiza (Tovar 1982. 27) soma ao inerente brilho *Lug*, em Outeiro de Rei (Lugo), o juvenil epíteto *Argo* /*Arco* (c/g) "Campeão" em *Lucoubu* / *Arquiueni* / *Silonius* / *Silo* / *ex voto*; em Monforte de Lemos (Lugo) em *Lucu|bu Arqienis*, e em Sober (Lugo) em *Lucubo Arquiennobu*. O talante mercurial do terceiro passo, como convém ao funerário epígrafe de teasiioono, converteu aos Lugoues, em 'tut-lary gods of shoemakers (Lewis-Pedersen C. G. 12) pagãos, e deu pé, se reservando São Pedro a função psychopompa no presente cristão, que em Galiza se lhes diga aos nenos: "Vaite levar Pedro Chosco" pelo sapateiro que lhes pendura socos nas pálpebras para que durmam. // Na cláusula "too a-raiai kaaltee", lê J. T. Coch** *Kalite* com 'i' epentética, "occurs in the ancient Celtic inscriptions of northern Italy, meaning apparently 'built a funerary monument'". Mas poderia ser mais apropriada a *lectio Kaaltee*, "*Kaltia* o *kalitia*" atendendo ao princípio de procedência nos *Celtici Neri*.

4. *AIRES* / *MILITES*, *BENE NATI* Os membros da classe social proprietária que goza de todos os direitos civis dentro da sua *Treba* ou *Terra* entre os Celtas da Europa Atlântica chamam-se *aires*, ao menos desde os tempos da Idade do Bronze do *araiui* *Nerio* Tássionos. Há duas categorias de *Aires*: a grande Nobreza, *milites*, *bene nati*, chamados em Irlanda *flaths*, (lat. med. *miles*); e os *bó aire*.

próprios de intermináveis santuários, errônea é comumente tomados, *inmoderatio verborum*, por teônimos.

Olhamos a uniformidade de culto mantida, acima de locais disputas, na miríade de *Trebas* ou *Toudos*, pelo universal, hierárquico e cultivado clero [a, 246-249], patenteada em *Gallaecia* nas comuns cenas dos bronzes votivos de sacrifício [g, 33-80; o, 117-160], com homogênea representação plástica da entronização real Celta, ainda mediando centos ou milhares de quilômetros entre os achados]

Ilustrando James Carney⁵ o caráter dos primeiros Bispos, sustenta:

“Um *ollav*, epíteto do *episcopus* irlandês, a.irl. *ollam* “doutor [da Igreja], bispo”, é muitas coisas para um rei ou príncipe, mas eu diria, que é, sobretudo, a sombra dum sacerdote de alto nível pagão ou druida. Quando Irlanda [a começos do século VI] algo mais tarde que o 500 d. C. decidiu considerar-se a si mesma como um país plenamente cristão, emergiu uma situação farto estranha. A ordem dos druidas tinha sido à base da sociedade irlandesa, e essa sociedade já não podia prescindir dos druidas, do mesmo modo que hoje não podemos revogar a administração pública duma penada. Fez-




Exacta situação da Diocese de Britonia, na *Divisio Teodomiri* [Concilium Lucensis anno 569]. Lugo, agora metropolitana, Ourense, Astorga, Iria, Tui e Britonia faziam parte das diócesis da *Gallaecia* Sueva, reorganizada pelos bispos reunidos por ordem rei Teodomiro em dito concílio lucense [Não figuram no mapa as outras do momento: Braga, Oporto, Lamego, Coimbra, Viseu, Dumio, Egítania.

5. In *The Irish Bardic Poet*, Dublin (1967) 7; re-ed. Dolmen Press 1985, Given as the Statutory Public Lecture of the Celtic School of the Dublin Institute for Advanced Studies, 20 March 1958.

se necessário chegar a um compromisso: os druidas fá-se-iam cristãos, e a câmbio de se fazer cargo a Igreja Cristã de certo número de suas funções. Mas sua organização permaneceu intacta se acomodando a cada *ollav* (“doutor, bispo”) dum determinado principado [*treba* ou *toudo*], ao *status* dum bispo cristão, ou, dito de melhor modo, pondo as coisas na devida ordem, um bispo cristão assumiu o *status* dum sacerdote druídico de alto nível”⁶.

COMUN PANTEÃO E RELIGIÃO CELTA



Hermes Psychopompos. A. Dürer

Em outro lugar, em um extenso artigo [r, 179-236] apresentamos um detalhado estudo da monoteísta trinitária estrutura da Religião Celta, detendo-nos no asserto de Cessar assinalando o papel na religião e panteão celta do politécnico Lugh.

O deus que sobretudo adoram é Mercúrio [o deus *Lugh*]. Dele são muitíssimas imagens, a este consideram inventor de todas as artes, este é guia dos caminhos e das via-

6. “An ollav is many things to a king or prince, but I would say that he is most significantly the shadow of a high-ranking pagan priest or druid. When Ireland, somewhat later than 500 A.D. decided to regard itself as a fully Christian country a rather strange position arose. The druidic order had been the basis of Irish society, and that society could no more do without the druids than could we to-day abolish the civil service with the stroke of a pen. A compromise had to be arrived at: the druids became more or less Christian and the Christian church took over a certain number of their functions. But their organization remained intact and an ollav in a given principality was accorded the status of a Christian bishop, or rather, to put matters in their proper order, a Christian bishop was given the status of a high-ranking druidic priest”. James Carney, *The Irish Bardic Poet*. Dublin (1967): 7-

gens, acham que ele tem o máximo poder para atingir o dinheiro e para o comércio. *De Bello Gallico* L VI, 17.1⁷

Na Civilização Celta, a Fé e o Sentimento religioso envolvem tudo como densa brêtema, condicionando o sistema legal, social e as instituições. Pesquisemos apenas uma *facies* ilustrando a modo de exemplo a figura do divino hospedeiro visitando, mais uma vez, no Fisterra (Finisterre) Atlântico, os curiosos epítetos do liminar deus do destino da alma.

*BRIAREO, BERO BREO, BRIEGO, BREOGÁN,
VESTIO ALONIECO “DEUS HOSPEDEIRO”*



Briareo. Flaxman *Ilias* 1795

“O ata agora esquecido *Briareo*” –sustentam Pena & Eria–, “foi na Antiguidade bastante importante para nomear a fronteira entre o Mediterrâneo e o Oceano povoado de monstros: as ‘Colunas de Briareo’, restando também estes autores como o epíteto do deus dos mortos *ie. *Bhrgh* [...] [berço da *briugaid*, a instituição céltica do a cada vez menos sombrio e mais acol-

hedor hospitaleiro *Briugú* (Pena)], significando provavelmente 'Alto, Elevado, Forte' assinalava na área indo-européia “a presença de um deus da fronteira entre a vida e a morte do passado pagão, precedente do São Pedro Cristão”. A. Pena & A. Eria (2006).

*SANTOS, BARCOS, BRETEMOSAS ILHAS.
BEROBRIGA, HI-BREASAIL, TIR NA NOG...*

Em Galiza localizamos de modo preferente o Paraíso, a mansão de *Briareo* [q, 23-38] nas ilhas Cíes, *Insulae Deorum*, “Ilhas dos Deuses”, ou psvlm. *Insulae Siccae*, psvlm. “Ilhas dos Cegos” [psvlm. *Caecilia* > *siçilia* > *içia*, cf. Santa Icia de Trasancos].

Num castro frente às Cies, no alto cantil do Facho de Donón remontável ao Bronze Final, abandonado segundo parece na mudança de Era, Suárez Otero desenterrou nas cam-

7. *Deum maxime Mercurium colunt. Huius sunt plurima simulacra, hunc omnium inventorem artium ferunt, hunc viarum atque itinerum ducem, hunc ad quaestus pecuniae mercaturasque habere vim maximam arbitrantur. Caesar De Bello Gallico L VI, 17.1*

panhas arqueológicas de 2003 e 2004, uma edícula construída junto o outeiro e *lacus* anterior (Koch, 824), pré-romano dos séculos III-IV d C.: o maior santuário do Império e da já cristã baixo imperial (Pena & Erias 2006) *Provincia Gallaeciae*. Frente às Cies, às portas de **Berobriga**, “Alta Casa” de **Berobreo** ou **Bero Brieoco**, sobre o altíssimo extremo da Península do Morrazo (O Io, Cangas), anônimos oferentes livrados da morte revivendo intencionada forma de estelas consagraram, *pro salute*, castigadas, virando as costas às *Insulae Deorum*, onde –ao contrário que em São André de Teijido– não podiam entrar, 174 esbeltas aras de granito local, 130 epigrafadas com “prácticamente” –dize Suárez Otero– “el mismo formulário DEO LARI BERO BREO ARAM POSUI o POSVIT PRO SALUTE”; isto é em dat. de s., **Deo**, “a Deus”, + o epíteto do albergador– **Lari Bero Breo** ‘Protetor [das Almas] da Encumbrada Cidade’.



O epíteto do deus dos mortos ie. **Bhrgh* [...] significando provavelmente 'Alto, Elevado, Forte' assinala na área indo-européia a presença dum deus da fronteira entre a vida e a morte do passado pagão, precedente do São Pedro Cristão” . A. Pena & A. Erias [AB 2006]

Os celtas segundo Éforo habitam no pôr-do-sol atlânticos alcantilados, coloreados a cada dia e a cada ano pela vermelha ilha do solícito brilhante sol poente [r, 214-216], do *Lugove* do segundo passo [r, 231], do Dying God, radiante apolíneo *Grannos*, “reluzente como a grana”, declinando ao Cálice, ao Santo Graal [r, 228-233], a sua barca ao voluntário ocaso, [uoluntarie sacrificandum domino, non cuiusquam cogentis imperio] rumo a Ávalon (Ilha das Maças), rumo à paradisíaca Eritréia, rubra ilha de *Hispania*; rumo a Hi-Breasail (Brasil) [...].

PHYCHOPOMPOS AGENTES



Promptema do embarque das almas ao Além

Conduzidas seguindo o Caminho do Sol as benditas almas dos defuntos por psychopompos *Lares Viales*, chegam às Águas Santas, às Areias do Paraíso das praias atlânticas a embarcar ao Além concebido como Ilha –e concebido também em termos de Geografia Sagrada como um formoso lugar baixo terra–. Quase qualquer ilha ou arquipélago - aparecendo e desaparecendo perante os santos celtas atores de maravilhosas viagens por mar [*navigationes*, *imrama*, *echtrae*], São Brandão, São Amaro; São Maló,



Praia das Catedrais. “Águas Santas” ou “Areias do Paraíso”

Trezenzonio, etc., é, em realidade, o Paraíso dos que moramos nos finisterras atlânticos; é o *Tír inna n-Óc*, ou *Tír Na Nog*, a “Ilha de Eterna Juventude”; o *Mag Mell*, “Planície de Delícia”; a Terra das Mulheres, a Ilha de Cristal, as Ilhas Afortunadas; as *Insulae Deorum* paradisíacas “Cíes”, a Britia de Procopio.... [m, 284-289; 307]

A escatológica concepção da bicuda brumosa Ilha de floridos e verdes prados eleva no alto a *Bero/briga* [Pena 2004, de *uer- “acima, sobre”, *briga*, “castro, fortaleza”]: “Alta Casa”, de áureas e impenetráveis portas onde *Briareo*, *Berobreo*, *Breogo*, *Breogán*, *Briugú*, o “Hospitaleiro”, como um pagão São Pedro [Pena & Eiras q, 25-29], aguarda às benditas almas dos que cruzaram o mar entre a vida e a morte; É também a Torre de *Brigántia* do mito fundacional da Irlanda que intuiu, em 1884, H. d’Arbois de Jubainville⁸.

BREIOGO, BRIUGÚ, “HOSPEDEIRO”

A hospitalária galaica alcunha: *Brieogo*, ‘Senhor da alta Casa, Hospedeiro’, do Deus dos mortos a quem os livrados dedicam espilidas aras-estela na *Briga*, “castro”, de Donom, Ío, Pontevedra, possibilitou a criação na Idade Média com material galaico do Facho de Donom, do mito irlandês de *Breogão* aos monges de Terriglás [Pena & Eiras q, 23-38].



Arnold-Bocklin Elisian Fields



Arnold-Bocklin-Idílio

Todas as ilhas atlânticas, paraísos naturais, são o Além. Fronte a outra ilha, num muro do Lugar da Igreja em Santo André de Lourição, noutro tempo, dominante sobre Tambo [Ilha sita na outra extrema, fronte a Combarro], ria de Ponte Vedra, apareceu junto a três aras, achadas em construções de dito Lugar da Igrexa, decoradas com suásticas – uma delas anepígrafe e consagradas as outras ao *Deo Vestio Alonico*, o baixo relevo de Lourição, do Museu de Ponte Vedra. Obviando o comum sentido em sociolinguística da cláusula “recebeu-o com os braços abertos”, merece algo mais que uma reflexão a quan-

8. *Le cycle mythologique Irlandais et la mythologie celtique* Chap. X, § 5.

to mais que ligeira análise do epíteto da mencionada divindade que sem sustem fez Alfayé⁹:

“[...] lo cierto es que ni siquiera podemos saber con certeza si la imagen representada es la de un dios indígena-romano, suposición que se basa **únicamente**” –presupõe ela– “sobre la proximidad espacial de **los lugares del hallazgo del relieve** [Alfayé 2013, 207].”

Em princípio, aceitável crítica - de não esconder a Alfayé [lógicamente a representação da imagem em baixo relevo com os braços abertos e os polegares assinalando de modo anormal, cara abaixo, ou cara atrás, amém dos cornos, e o **Lugar da Igreja**] o coelho no chapéu-, no entanto, alguns pequenos detalhes devem ser elucidados.

VESTIO ALONIECO

“HOSPEDEIRO ALIMENTADOR (*BRIUGÚ BIATACH*)”

Algo podemos ver à luz do temático epíteto apostado nas aras em dat. s. **Deo**, “ao Deus”, **Vestio Alonieco**, ***Uest-io** possív., “hospedeiro, ‘accommodation provider’”, ie ***gwest** + sufixo latino **-ius**; cf., comparativ. o latim **hostpit-**, de ***hosti-pot(i)s**, “protetor (E. Losada Badía) dos estrangeiros” > **hospes** “hospedeiro, invitado, estrangeiro”, o antigo inglês **giest**; gótico e holandês **gast**; o antigo eslavo **gostĭ**, e o antigo frisio **jest**, [**jesthus**, hoxe **gasthuis**, “hospital”] (Pena & Rodal).



[...] **ET PER TRIVIA CEREOLOS INCENDERE**
[**DE CORRECTIONE RUSTICORUM 16**]

A voz sânscrita **gasati**, “consumir alimentos”, aludindo ao lugar de provisão de novo liga (Pena) o fogar do Hospedeiro com o ambiente hospitaleiro, um fogar feito com três portas na *trivia* ou “encruzilhada de três vias” [a.i. **tri ramot**]. Assim relacionando o enigmático e descontextualizado epíteto do **bríugú rámatat** Mac Eoin (em *Bretha Etgid. CIH* i, 255.7.), com um comentário sobre Cóic Conara Fuigill:

9. *ActPal XI*=*Pal Hisp* 13, 193-195

[...] *a theach a comrac tri ramot, i, tri rot 7 mu chean fri cach gnuis; Nico eitig nach recht, nicon ursscara fri cach daim, nicon airme necah ciaba [a]mence* CIH vi, 2273.39-41. “His house at the junction of three roads, (glos: *ie* three ways), and welcome to every face; He refuses no person, he excludes no company, he does not reckon it against anyone no matter how often he comes”;

E com *UB CIH* v, 1608.33:

TRI RAMUTA LAIS .i tri roid ar armus a tigi ara redend (sic leg.) cach cuigi “He has three roads, that is three roads coming towards his house on which everyone rides to him”. [...] “We may see *rámuf*” –diz Mac Eoin (‘Old Irish Briugú...’, 171)– “as composed or *rám(a)* ‘spade, pala’, and *set* ‘way, caminho (cf. Santistevo *de Setes*)’”. ‘Clearly’ –diz Gearóid Mac Eoin– ‘one of the conditions of *Briugas* was that the biugu’s house be at a cross roads for the convenience of travellers [‘Old Irish Briugú...’, 171].

O ambiente da *briugaid* dispensada pelo *briugú* na Terra, corresponde-se no Céu com a hospedaria do *Deo Lari Breogo* do Além, Beróbriga, Celeste Jerusalém dos Celtas, onde nunca esmorece o lume baixo o caldeiro; o recinto de Deus hospitalario *Vestio, Breogo, briugú*, que abriga, e recebe oferecendo comida às benditas animas, tem seu contraponto terrestre nas hospederías dispostas ao longo do Caminho para alimentar ao peregrino- um Caminho que Deus provando a hospitalidade dos homens percorre com frequência vestido de mendigo [gerando o Ciclo de Valverde], embora [á, 78-85; 184-187] fique muito por percorrer na boa direção.

ALONIECO [SEM QUE SIRVA DE PRECEDENTE] ALMA PATER, “NUTRICIO [DEUS]”.

Alon-ieco, possivelmente de **al (2), *h el-* (V.); RB.: Pokorny 26 (50/50), envolvendo no indoeuropeu (ind., iran., phryg, dac., gr., ital., celt., germ., toc.) o conceito de alimentar, engordar, nutrir. *al-an** “nutrem-se, crescem” (Lehmann A113); got. *al-jan** (1) 3, sw. V. (1), “engordar”, (Lehmann A125); W.: germ. **alan*, st. V., sich nähren “nutrir”, Pk 26; ae. *al-an*, st. V. (6), nähren, hervorbringen; “nutrir, abastecer”] as almas (A. Pena & H. Rodal).

Considerando os precedentes parágrafos a imagem e as aras votadas, não como crê a levantina Alfayé *em diversos lugares* e contextos, mas no Atlântico, frente à ilha de Tambo, no que os galegos batizam *lugar*, em Lugar da Igreja, Lourição, *Deo*, “a Deus”, em dat. de sg., seguido do epíteto temático *Vestio Alonieco*, por conceber-se Deus nos primeiros tempos do cristianismo, numa *Provincia Gallaeciae* cristã dende o 314, recebendo as almas peregrinas no Céu, como *Vestio Alonieco*, “Hospedeiro do Além”, com os braços abertos, exigindo claro está, ainda que isto se soslaie, o material, datável nas primeiras décadas do S. IV, uma *interpretatio* celto-cristã [omito lembrar que há uns anos

olhei no Museu Catedralício de Mondonhedo com cornos -anos depois já não os voltei ver –a pomba da Santíssima Trindade]–.

BRANCO, E EM GARRAFA, ALFAYÉ!

Ante os sólidos argumentos aqui expostos, examinado o conjunto com algo mais que fortuito concerto, restaurada à função da imagem, sendo o correlato entre a epigrafa da ara que [na *interpretatio* dos primeiros anos do cristianismo] invoca como provedor a Deus, Nosso Senhor, Hospedeiro do Além e o baixo relevo que o representa recebendo com cornos, braços abertos, e polegares virados para abaixo, evidente, fique a insustentável hesitação da Alfayé desvelada e com o gato quem queira gato mas que não pense que lhe dão lebre. (A. Pena & H. Rodal).

COMUN QUARTO PARA BEBER. *BRIUGAID*



Casa habitação da antiga *Gallaecia* [a.i. "*midchúairt*"], utilizada para o banquete celta. *Oppidum* de Briteiros. Portugal.

A título de indiscrição, a divina noção da *briugaid*, “hospedagem”, tem consequências jurídicas. Existe na Celtic Common Law¹⁰ uma generosa função de provisão de hospitalidade [a.irl. *briugaid*, *bríugas*; *bríugamlacht*, “generosidade” –não por acaso com um pé no Além–] uma obrigação de ‘dar de comer ao senhor, seu séquito e cavalarias’, nomeada na Galiza, *censo*, *jantar*, *conducho* (conduto), *colação* ou *colheya* (b, 289-295). A *tread* “possessão em harmonia e paz pelo soberano da *Treba*, ou *Túath*, *Toudo*”, na Irlanda expressa-se na dispensa de, *biatad*, *jantar*, pela classe dos hospedeiros [singular *briugú* (*biatach*)], ‘cujo altíssimo rango e posição dependem da provisão de hospitalidade a quem a demandar’¹¹.

Assinalamos já muitas vezes a relação entre o *briugú* e a *briugaid*, com a casa castreja com banco corrido [l,113-142] e o irlandês *biatad* [Sullivan, cxiii] com o medieval *censo*, *conducho*, *colação* e *jantar* galaico [p,134-143]. Como assinala Kim Mc. Cone (1990, 86-87;125) todo o sistema da *treba* ou *toudo* fundamentasse nas actividades do *Grád-Túaithe*, classe de soldados lavradores proprietários de terras chamados ‘os grados do estado / sociedade laica’. As actividades do *Grád Túaithe* em torno da posse dos bens e propriedade numa ‘Terra em paz’ chamam-se *tread*, palavra da soberania doméstica que não convém perder de vista por sê-lo nome da unidade política territorial galega, a *Treba* (Pena AB 1994).

O papel era em primeiro lugar desenvolvido por um *rí* ou rei [á, 174; 285-286], e pelos senhores, revelando-se logo o seu mais aparente que real ‘caráter pacífico’ numa subalterna gradação [á, 186 ss]; em que salvo o rei ou o grande nobre o *briugú* [caso do camponês foreiro] não desenvolve um papel militar. O não cumprimento pelos recetores de terras da antedita obriga de *biatad* chamada em Galiza *colleita*, *colação*, subvertia a a legalidade, orden social¹².

10 .‘A provisão de hospitalidade foi uma das grandes funções reais da Europa arcaica, assim na Odissea, no recebimento de Telémaco no pazo de Nestor em Pilos vemos como esta função se fazia seguindo um estrito código moral. O nobre *Brigú Bucher* gabava-se de que “o lume nunca esmorecera baixo o seu caldeiro desde que estabelecera a sua casa e seu comportamento foi loubado pelo rei Cathaer: ‘De certo foches, o Buchet, hospedeiro por dares almoçar os companheiros (*brugaid biata dâm*), eche uma doa o teu valor (*gal*), a tua xenerosidade (*gart*) o teu esforço (*gaisced*), o teu sorriso de bem-vinda (*fáilte*) a cada um no teu grande salão de bebida (*midchiúirt*)” g, 42-44; p, 134-148.

11. O *Tecosca Cormaic* estabelece que “everyone is a hospitaller until refusal (of hospitality) (par. 31, *brugaid cách co eitech*)”, and the opening of *Esnada Tige Buchet* claims of the *briugú Buchet* that “fire had not been extinguished under his cauldron since he took up householding (ní-ro: díbdad tene foa choriú ó ro:gab tread)” before proceeding to king Cathaer praise: “true, o Buchet, you were a hospitaller for feeding companies (*brugaid biata dâm*), a gif your valour (*gal*) your generosity (*gart*), your prowess (*gaisced*), your smile of welcome (*fáilte*) to everyone in your great dinking hall (*midchiúirt*)”. Fergus Kelly points out in his recently published Guide to early Irish law that under normal circumstances “unlike a kin or lord, the *briugu* has no military role” (1988, 36; cf. McCone, 1984c, 19, n.54). Cf. Kim McCONE *Pagan Past and Christian Present in Early Irish Literature*. Maynooth Monographs 3.Leinster (1990):124.

12. “Se a recepção de terras implica o pagamento duma renda ainda que às vezes (*beneficium*) só seja simbólico, a entrada em dependência nos remete à gênese num empréstimo vasallático, demanda um canon em espécie, elemento trazador das relações de clientela, para contribuir à mesa do senhor, e inclusive uma comida completa (*colleita*, *colação*, *serviço*) para este, seu séquito e bestas, sem empenço que, se confundam, ao menos aparentemente na forma, depois na realidade não tanto assim, renda e censo, ao estar os elementos institucionais suficientemente discriminados dentro do foro: Um estereótipo formal, solene, cerimonial que faz preceder a renda ao censo. E fá-lo suceder conservando inteiramente uma hierarquização discriminada, não sempre de modo fácil reconhecível: em primeiro lugar, a renda, geralmente em espécie, consistente, bem num canon fixo (que muitas vezes assinala um benefício), bem proporcional à colheita; em segundo lugar: O censo, consistente nas consabidas galinhas, etc., ou uma *colleita* [substancial refeição] anual. (1992, 295). (continúa nota →)

COMPRIDAS CASAS COM ASSENTO CORRIDO

A arqueologia constata na Galiza este aspecto da *Trebad*, a obriga do *jantar* [do *biatach*] nas compridas casas com assento corrido ou sem ele, verdadeiros “midchúairt” onde olhamos nas fontes os cavaleiros almoçar sentados em bancos o redor das paredes, situándose segundo a idade e a dignidade [enquanto] a comida se vai hierarquicamente passando em roda, dum modo similar ao que Ateneo, citando a Posidonio, refere [p, 112-113; 135-142].



Refere-nos Posidonio como em ocasiões –comportamento comparável ao dos moços galegos nas festas paroquiais de algumas aldeias, ao menos até os anos 60–, os celtas fazem duelos em suas festas. Mostra-os indo sempre armados a essas reuniões, nos descreve como os comensais acabam freqüentemente feridos e como a briga, subindo de tom, se ninguém se interpunha, se podia converter numa luta a morte. Não esquece mencionar Posidonio o ‘antigo costume’ de que ao trincar a carne era reclamada pelo mais valente a melhor porção, a parte do campeão, e como, se alguns outros a reclamavam se levantavam da mesa os pretendentes e lutavam até a morte. Desenho de Eva Merlán assessorada pelo autor, para a *História Ilustrada* de Narón (VV. AA.)

(continúa nota →) Depois duma filiação e alcunha aparentemente comum: ‘Afonso Perez, dito Sardinha’, oculta-se o filho de Pedro Fernández [o primeiro dos Ferrol, [sobranceiro] linhagem trasanco unido a este topônimo] neto de dom Fernám López e dona Elvira Fernández e pai de sendos priores de Pedroso: Pedro Moongo e Gómez Fernández I. Alfonso ‘Sardinha’ leva de Xuvia em foro (20 novembro 1322) um verdadeiro *patrimônio* em diversos lugares de Neda: Alvaróm, Monte de Ancos, Mourela, Valboa, e os casales de Cal, Xuvia (hoje conhecido em Neda como O Couto), S. Vicenzo, que levava do monastério por outro foro *que vos ora tedes gaannado por outra gâança*, e o casal de Cerdeiras. Neste foro não existe a renda anual, isto é muito significativo, se mantendo unicamente o velho fôssil institucional traçador das relações de clientela: O censo ou serviço, consistente na consagrada *colleyta ao prior et dous monges de caballo et a dous escudeyros de pe et a dous rapaces*. Longo séquito. A magnitude das herdades implicadas na *locatio*, ‘locação, e a inexistência de renda, denunciam não só o caráter benéfico deste tipo de foro senão também a posição de Alfonso Pérez, de alcunha Sardinha, com respeito ao locador” (b, 306-307).

“LA VERGÜENZA DEL GALLEGO” E A FALTA DE VERGONZA DOUTROS PAGOS FORÁNEOS



Jantar no Paço de Gelmirez” [Paço Real, em realidade]

Mais não é preciso ir tão longe pois o costume segue ainda vigente hoje, de modo assinalado o ‘dia do patrão’, nos lugares, paróquias da Galiza, sendo mesmo impensável para nos que se possa esgotar num almoço ou jantar a comida. Quando um galego come fora do país não concebe que o hospedeiro possa deixar que as viandas se acabem, isto é para nós uma violação da mais alta qualificação do *briugú*: a *gart*, “xenerosidade”, [Mc.Cone, 127] e uma vergonha muito grande, como em Irlanda, em Galiza se nos cairia a cara de vergonha de esgotar-se a comida. Éis o contraste entre a chamada “vergüenza del gallego” e a menos indoeuropeia “falta de vergonha” doutros pagos forâneos [p, 134-148].

AULA DOMESTICA REGUM. AULA COMITIS

Explica finalmente a função das dignidades medievais do paço [*aula regis*, *aula comitis*, etc], o ostentoso banquete que se ofereceu ao monarca novo o 17 de setembro de

1.111, no paço de Gelmirez, paço real em realidade, pois a *bríugaid* obriga ao vassalo a manter ao senhor e o seu sequito como amosa a *Historia Compostelana* (152) quando o Conde de Galiza, D. Pedro Froilaz entronizou em Santiago ao infante Afonso Raimundez.

Como senhor da terra de Santiago, cidade episcopal capital do reino, o bispo [vasalo do rei] está obrigado a ceder seu paço e residência e manter [o *bríugú* é *biatach* “alimentador, mantenedor”] a seu senhor o rei e *aula regia* ou chancelaria quando nela mora [como tinha sucedido também com o paço episcopal de Lugo].


Assim convidou o bispo [Gelmirez] os próceres ao banquete real, sendo *bríugú* o bispo Diego Gelmirez, o Conde Maior de Galiza Dom Pedro fez de repostero maior, seu filho Dom Rodrigo Perez, primeiro Conde de Trastâmara, serviu como portador das armas reais, outro filho do conde, Don Bermudo, fez de copeiro, apresentando finalmente ao rei os manjares o genro do Conde de Galiza, segundo um rígido e velho protocolo celta:



Rei e rainha presidindo o banquete. Paço de Gelmirez

“[...] aginha, uma vez [proclamado Afonso Raimundez, rei da Galiza] celebra a missa solenemente, *levando segundo o costume ao novo rei ao seu paço*, convidou o bispo [Gelmirez] a todos os próceres da Galiza ao banquete real, onde o claríssimo conde Pedro foi dapífero regio e seu filho Rodrigo sustentou como armeiro a espada do rei, o escudo e a lança (*armiger*, alférez), Munio Pelaez apresentava ao rei os manjares, e á fartar vinho e sidra mandava servir todas as mesas Bermudo Perez, e assim, com fartura de todos nas variadas e bem adubadas viandas, entre ledas cantigas e loubanças, passou tão assinalado dia”[p, 142]

COMUN ORGANIZAÇÃO POÍTICA E SOCIAL



Quero advertir ainda que já não o pareça hoje quando científicos de diferentes campos e países apoiam esta Arqueologia Institucional, que em 1991 [a, 35-214] e 1992 [b,13-601] estes papéis soavam como algo novo.

Antes, durante e depois da dominação romana, ata avançada a Idade Média, *Gallaecia*, o Noroeste atlântico de Ibéria, experimentou uma organização territorial, principesca, Celta.


No ano 1992, exatamente na página 26 de *Narón um Concello com História de Seu*, volume II, de modo factográfico, compendiei pela primeira vez, num sinóptico quadro as bases da função soberana e da função sagrada do território político celta na *Terra* de Trasancos, na Celta Galiza então renegada pelos cipaiais, mostrando sua evolução desde a época pré-romana à medieval [b, 13-601]. Validado por nossa Arqueologia Institucional, o quadro é aplicável vinte anos depois, no contexto da Universal Common Celtic Law, a todas as tribos, *Trebas, Toudos, Territorios* da Europa Celta insular e continental.

Pelo mesmo motivo, como figura na lamina da página 131 da mencionada obra, é universal a concepção do castro como um espaço ou domínio jurisdicional.

COMUNS TREBAS OU TOUDOS

Como Irlanda (MacCone; Gibson; Byrne); Gales (Hubert, 436-437); Escócia (A. Dogshon, 97-99); a Europa continental (Wells, 88-95; Halselgrove, 81-95) e Nórdica (Kristiansen, 241-280), etc., a antiga *Gallaecia* [á, 165-205] se configurou numa sucessão de territórios políticos procedentes dum remoto estádio.

Em *Treba* e *Territorium* estudo em Narón de longa duração [1987-2004] duma comarca galega, a Terra de Trasancos, Noroeste de Hispania, assinalei a origem Neolítica da *Treba* ou *Toudo* [a.i. *Túath*] [m, 86].



COMUN TÚMULO FUNDACIONAL



1 e 2. Estela calcólica sobre um túmulo fundacional da Treba dos Tamagani, reajustada pela prosápia ao gosto heroico do bronze final

3 a, b. Estela calcólica do túmulo fundacional dum príncipe limico reclamado pela prosápia [real ou pretendida do Baixo Império] como Látrono "Esforçado no Combate", filho de Celtiato [gentílico sem dúvida comum as linhagens galaicas, 'celticas gentes', do mítico fundador epónimo da "*Kaltia*/*Galtia*>*Galetia*, ou, com geminação intensiva I/II (J.J. Moralejo) *Gallaecia*".

Separando umas *trebas* ou **toudos* das outras *adfines*, “vizinhas”, marcos terminais, *termini*, não poucas vezes um *laco*, “túmulo” fundacional [a, 49-68; á, 74-99; 158-166] como o de *Látron*, sobre cuja estela, mais propriamente ‘estátua menhir calcolítica’, evocando a prosápia no Baixo Império alguém escreveu: “Aqui jaz Látron [a.irl. *Láther* “esforçado no combate”] filho de Celtiatio”; separando outras vezes o amplo repertório demarcatório de *carnarios*, “carneiros”, *coiras* [Old Irish *cora*; Corn. *Cored*, cf. Vendryès *sub vocabulo cora*] - chamados na língua dos galaicos celtoparlantes *carracedos* ou *car-noedos*, cruzeiros; cunheiras, burgarios, amilhadoiros [a, 158-165], etc.

COMUN PRINCIPADO CELTA

A organização política ou territorial de *Gallaecia*, descrita em antigas fontes com celtas etnónimos ou “nomes de *trebas*”, conheceu os vocábulos pré-romanos de *treba* e *toudo*, ambas as denominações definem o mesmo sistema institucional, um “Principado Celta” –se preferindo esta voz à menos convincente (Arnold & Gibson 1995) ‘Celtic Chiefdom’–. O termo envolve em primeiro lugar um conceito genealógico. Como no resto da Europa Céltica, as *trebas* ou *toudos*, verdadeiros “mini-estados”, conformam na Galiza um mosaico, de idênticos territórios políticos autônomos à frente de consagrados *rīges* “reis” ou **arioi*, *aire*, “noble [equivalente o *miles*]”, compartilhando não poucas vezes idêntica denominação, *Brigantinos*, *Nemitos*, *Belgas*, **Prutencos*, *Albiones*, *Lemavos*... O sistema responde ao comum tráfico jurisdicional celta [Sullivan, 1873; Pena 1992. b 27-44]; Karl 1996-1997], dantes já da Idade do Bronze

Participa da comum estrutura política, nomeada com palavras oriundas do conceito doméstico de Soberania, ora como em *Gallaecia*, *trebas*, s. *treba*, e variantes *ie. trifu; treb; trifu, tribos*, etc., E designando também a “Casa [Nobre] e o Estado [da Casa Nobre]” [Pena 1992, Karl 2002]

“The term *Trebh* –anota Sullivan *sub vocabulo Tuath* - occurs also in Irish, and means a family, in the sense of a complete legal household establishment [1873, 79-80 § 89]”.

Designando ora como em antigo irlandês p. *túatha*, sg. *túath*, a galaica *touda*, em *crougin-toudadigo*, e variantes *ie., teuta, touto*, etc., ao “Povo, Estado, Nação”, ambos os termos



Valpaços. Marco terminal da Treba dos Obili(ancos?)

aludem aqui ao território da Casa nobre, Estado ou Nação [b, 24-170] que os romanos ao longo da dominação de Galiza chamarão *ciuitates/populi/plebes*

COMUN BERÇO DO SISTEMA FEUDO-VASALLATICO MEDIEVAL, COMUNS PRÍNCIPES OU IMPERIANTES DE TERRA

Em 1941 Marc Bloch descreveu *Territórios* sem vida urbana na primitiva Europa governados por príncipes, e a comum, bem desenvolvida, matéria institucional [p, 14] e vinte e cinco anos depois Stuart Piggot remontou estas instituições indo-europeias célticas e germanas, chamadas feudais, ao segundo milénio a. C.

“There is sufficient evidence” –diz Piggot– “to suggest that the model of society demanded by Bloch may in fact be very archaic and characteristic of barbarian Europe” (Piggot 1965: 259-260) [cf. p, 12-17; 41-56]

Intuiui-o como o assinalei em 1994 para Irlanda Harold Mytum (1992: 141)

“The fundamental building block of the political system in Early Christian Ireland was the *Túath*, led by the *king, rí* or *ri túaithe*. There is considerable dispute as to whether the *túath* represented a tribe [...] there was no ethnic, linguistic or cultural division, but it did represent a political unit, and one on a larger scale than that of the kin-group. Belonging to a *túath* [– o é hoje em Galiza ser de Lemos, da Marinha, do Val do Dubra, ou de Bergantinhos–] was an important concept in Early Christian Ireland, and in that sense the *túath* can be considered a tribe”.



Bronze Monforte de Lemos. Instituto de Valencia de Don Juan (Madrid)

A cada *Treba* tem seu outeiro, *Trebo-Pala*, *Toudo-Pala*, *Crougin-Toudadigo*, “Croio Teutático” simbolizando o frutífero ventre da *Mater* depositaria da Soberania e da prosperidade -transferida ao rei, encaramado com seus nus pés sobre ele, no dia da entronização- [g, 33-80].

Dentro da sagrada e protetora *críca*, “fronteira” da *treba*, circunvalada pelo rei arante, boi diante, ‘*de succo*’ [extendendo o galego a celta voz *críca* o arado e o sulco -

concibido como vulva de mulher-] no dia da entronização, assinalada, como circunvalando o inviolável recinto assinalam as cadeas do Hospital Real dos Reis Católicos o direito de asilo dos que estão dentro, pelo trezado da crinosa egua do bronze votivo entronizatório de Monforte de Lemos do Instituto de Valencia de Don Juan, e segundo o penso nos demais bronzes *pars pro toto*. Dentro do recinto assinalado pela *crica* ou fronteira, as leis e a *Mater* garantem a inviolabilidade e os direitos das pessoas e bens da classe nêmita, “sagrada”. A *Mater* dispensa, proteção legal e jurídica [a.i. *ma'at*]-, Mas saindo-se de *Madre*, ultra passando a *crica*, fora da *treba*, da Mãe, os direitos desaparecem. Um homem passando da sua à *treba* vizinha [sem mencionar os moços do *corio* nos roubos de gando, *fer tar crich*, “um homem por trás da fronteira (do território)”, expõe-se a ser ultrajado roubado, mutilado, ou assassinado, de não mediar tratados entre elas-. Só existe uma exceção descoberta no pseudo Aristóteles por mim, um lugar de encontro dos homens e mulheres de qualquer classe e condição, sempre sagrados, invioláveis e bem recebidos, baixo internacional proteção: o Caminho ao Finisterre dos Celtas.

Existiu como na Irlanda em *Gallaecia* um *Rí, Rex*, “Rei”, à frente da *treba*, título ainda conservado a começos do século XIII, quando depois do Rei da Galiza, confirma Pedro Arceiro como “*Rex de [Terra de] Melide*”, nas cláusulas cronológicas dum diploma, mas, comunmente se chamavam então os *reges, principes* ou *imperantes de terra/s ou territorio/s* (a, 40-45; 146-148; b 40-41; m, 263-283)].

No entanto talvez pela conhecida rejeição de Roma a esta instituição até hoje o registro epigráfico latino de *Gallaecia* não recolhe *reges*, senão *principes*: NICER CLUTOSI PRINCIPIS ALBIONUM; (VE)CIUS VEROBLI F(ILIIUS) PRINCEPS [COPORUM], psv. CAISAROS CIICCIQ PR. ARGAILLO [*Caesaros Ceccig(um?) Pr(inceps?) Arcailo(rum)*] na segunda das téseras de Paredes de Nava (S. I dC), do Museu de Palência. Nas cláusulas dos diplomas medievais em pergaminho a cabeça da cada principesco clã, casa ou família nobiliária galega (= *tánaiste* irlandês, *tànaiste* escocês, *tanistagh*, em Man, do gaélico *tana* “Senhoria, Autoridade”) retêm ainda até o final do século XII e começos do XIII o título de *principis de terra* (= *treba, toudo, ciuitas, populus*), e, como vimos, a posse desta, com a mesma extensão territorial e limites que na Idade do Ferro (a, 146-150; m, 210-235; m, 248-267).

“A CULTURA DOS SEMÁFOROS”

É evidente que nem existe nem pode existir, ainda regulando hoje um comum tráfico em todo mundo, nenhuma Cultura dos Semáforos. Mas também fora do comum hábitat castrejo celto-atlântico do Ferro: a *briga*, não pode existir uma Cultura Castrexa exclusiva de Galiza.

Assim o proclamávamos, em 1995, baixo a epígrafe “Impostura duma Cultura Castrexa”:



Cultura dos semáforos

“Não podemos estabelecer o caráter céltico duma cultura unicamente pela forma e disposição da casas. Quem ousaria definir a Galiza finisecular como cultura de moradias adosadas? É minimamente de recebo definir nossa Idade Moderna como Cultura das Casas Terreiras? Responder afirmativamente estas perguntas não resultaria impostura maior que denominar castrexa à cultura do Noroeste, pois a forma de habitat, o castro, nem é exclusivo da sobredita área geográfica nem constitui particularidade na geografia e diacronia histórica, da Península Ibérica com respeito a vastíssimas áreas culturais da Europa”. [...] “o Noroeste reflete-se perfeitamente no âmbito da Europa Atlântica continental e as ilhas Britânicas conhecido baixo o epígrafe de Celta”. [g, 37; á, 228-331]

COMUNS CASTROS ATLÂNTICOS



Castro.
Desenho de Carlos Alonso

“Apesar de que o amigo Carlos Alonso do Real fizesse seu trabalho, ninguém pode evitar que em Cornualha, por pôr um exemplo, o chamado Warbstow Bury Hillfort responda a um tipo de castro de planície ou pequeno montículo, encaixando como uma luva com aqueles castros trasancos de Leixa (Ferrol) ou Petouzal (Xuvia. Narón), que o castro chamado The Rumps tenha como contraponto Baronha, Valdovinho ou Lobaríz, por citar alguns dos castros costeiros galegos, e que Castle an Dinas, Castle Dor; Saint Denis; Helsbury e muitos outros só possam se apartar de nossos castros pelo particular fato diferencial de sua conservação e limpeza, fruto da sensibilidade e cuidado que mostram os britânicos com seu patrimônio, em



Warbstowbury
hillfort in South
West England. UK

contraste com a desídia –conjunção do desinteresse [...] da Xunta da Galiza e da vocação florestal à que parecem destinar [...] os planos das prefeituras–, [os castros sobreviventes] á a devastadora ação da concentração parcelaria que ante a passividade das instituições e do povo o derruba tudo com seu indomável e sinistro avanço [g, 33-80]”.

UMA INEXISTENTE CULTURA CASTREXA



TOP NEWS! Relatórios secretos do MI5 filtrados por Edward Snowden descobrem que Cornwall tem Cultura 'Castrexa'. Diversos organismos galegos estudam emprender accions legais.

COMUN HÁBITAT E CIVILIZAÇÃO CELTOATLÂNTICA DA IDADE DO FERRO

Ainda que é preferível a denominar Civilização Celta, é verdadeiro que poderia se definir na Idade do Bronze e do Ferro Atlântico *pars pro toto, ex more celta* pelo arraigado módulo de habitat: o castro, denominado em celta antigo comum *Brig-* 'Alto [fortificado] lugar'¹³. Mas o princípio que na Arqueologia e ainda no nutrido conjunto de topô-

13. “No mapa de *Hispania* –sustenta J.J. Moralejo– há uma notável quantidade de topônimos formados do lexema *brig-*, que pode ser raiz de termos simples (*Brigaecium*, *Brigantium*, *Brigantia*) e, sobretudo, pode ser segundo elemento de termos compostos (*Mirobriga*, [...], *Aviliobris*...); desde sempre se conhece a vinculação desde topônimo cós *Celtae*, *Celtiberi* e *Celtici* de que falam as fontes literárias e se sabe que *-briga* significa ‘vila, cidade’, os nomes híbridos *Augustobriga*, *Flaviobriga*, *Caesarobriga*, etc. (cós seus paralelos doutras áreas célticas, *Augustodunum*, *Caesarodunum*, etc.) que romanos e indígenas romanizados deram a velhas ou novas entidades de povoação certificam o que digo. Desde muito dantes de que a linguística tenha rigor em História e Comparação de línguas, também se sabe que a parte de *-briga* se contrapõe à dos topônimos ibéricos, não indo-europeus (S e L de *Hispania*), *ilerda*, *iluro*, *iliturgi*... em que se reconhece um primeiro termo *ili-*, *ilu-* (e outras variantes *ilti-*, *iltu-*...) que também parece significar ‘vila, cidade’ (2008): 119”.

nimos em *-briga*, *-bris*, *-bris*, *-bria*, *-bre*, etc., com abundantes derivados (Moralejo, 2008, 173), condescende em supor a Civilização Celta cultura de *brigas* ou castros, não admite uma “Cultura Castrexa” cingida em exclusiva ao Noroeste hispano [á, 227-262].

Uma *treba* galaica, como Trasancos, poderia, dependendo de seu tamanho, ter entre 80 e 120 castros na Idade do Ferro. O castro [a, 177-185; 187-197] projeta sobre seu minúsculo território econômico (de 1’5 km de rádio por meio-termo) uma direitura ou jurisdição *cum omnia intus clausis et extrinsecus foris*, compreensiva de pastos, bosques, montes e cursos de água, perfeitamente demarcada *per suis terminus et locis antiquis* [a, 204-205; a, 226-296; b, 131; 152]. É um bem pertencente, *pro indiviso*, ao *Dominus*, à cabeça (*tanaiste*) duma *Domo*, Casa nobiliar [precedente do *nobile* e do *sattelite* alto-medieval ou do fidalgo] *gassaliana*, “vassala” ou cliente da Casa do *princeps* da *treba* ou *toudo* [b, 263-283, m, 333-502].

Mostramos como na cada sucessão [igual sucede com a posse da *Treba* pelo *princeps*] o novo senhor representa com uma *inauguratio* a imemorial posse jurisdicional do castro por sua linhagem [p, 20-34; 37-56; 60-88] ‘sulcando a fronteira com o arado’, *de succo* [o, 117-120], cobrando grande importância propagandística na *críca*, “fronteira”, a estela [neolítica, calcolítica, etc.], erigida como no resto da Europa celtoatlântica sobre um simbólico imobiliário demarcatório do conceito sagrado e ‘melusino’ da Soberania Celta: a mámoa fundacional [reacondicionada pela prosápia ao longo de milhares de anos] do fundador do clã nobiliário; a fontana fria da louçana, belida e casamentera [A]moura instituidora da linhagem, a Trebopala ou Crougintoudodadigo [Croio Teutático], e o sacrosanto carvalho [de Auga Quente ou Edratil, Hy-Brassil; Iggdrassil, etc.].

COMÚM NOVILIARIA E CABALEIRESCA OLIGARQUIA

Os castros nome que damos na Galiza ao comum hábitat atlântico do Bronze e da Idade do Ferro, insular e continental, aparecem mencionados no registro epigráfico (SS I-V dC.) depois do Território Político (TP) como topônimo em ablativo, a seguir da letra *ᶚ*, introneteada entre o TP e o castro, que originando no passado vibrantes polémicas, desde faz mais de trinta anos de forma pacífica comumente se interpreta [María Lourdes Albertos 1975:65] como *castrum* ou *castellum* (pl. *castra*, *castella*). De ter sido este o significado de *ᶚ*, “a letra fatal”, como lhe chamou Untermann, quase não teria importância [á, 179-181], seria innecessário em realidade ou estaria duplicado por reaparecer de novo depois do signo o *castellum* a *-briga*, *-bris*, *-bris*, *-bria*, *-bre*, “castro”: *Cabarcos ᶚ Beriso*; *Interamnicus ex ᶚ Loucioelo*; *Seurra Trans (miniense) ex ᶚ Serante*; etc., cimentado comodamente em um topônimo: *Aiobrigiaeco*; *Narelia*; *Serante*; *Beriso*; *Eritaeco*; *Aruce*; *Talabriga*; *Berense*; *Berisamo*; *Letiobri*; *Louciocelo*; *Tarbu*, antigo expressado em ablativo sem preposição, referido exclusivamente a entidades menores -como domo com função em latim de locativo [á, 266-296].

A letra ‘c’ em posição investida aparece entre o território político e o castro:

TP	Signo	Castro
Limicus	⊐	Arcuce
Cilenus	⊐	Berisamo
Principis Albionum	⊐	Blaniobrensi
Celtica Supertamarica	⊐	Iureobriga

O *origo*, a expressão da linhagem da nobiliária e cavaleiresca oligarquia galaica durante o Império, e até bem entrado no século XIII em realidade, nas epígrafes funerárias não se indica com *tria nomina* ao modo romano, senão: nome próprio + patronímico [o filho forma seu apelido com nome do pai] + nome do Território Político, comarca ou demarcação [*treba / toudo*; *ciuitas / populus*; *terra / comisso / territorio*] + residência e domicílio dados referentes à idade + situação da tumba+ regime de propriedade + dados do dedicante. Assim na monumental estela paleocristã –a maior da Península Ibérica–, de Crecente conservada no museu de Lugo, encontrada a poucos km de Santa Eulália de Abóbada:

Estela paleocristã de Crecente.
Lugo. A maior da Península
Ibérica. Museu de Lugo

ESTELA MONUMENTAL DE CRECENTE (MUSEU DE LUGO)		
NOBRE	PATRONÍMICO	TERRITÓRIO POLÍTICO
APARA	AMBOLLE FELIX	CELTICA SUPERTAMARICA
DOMICILIAÇÃO	IDADE	SITUAÇÃO DA TUMBA
DI' PIONIS	ANNORON XXX	RELI' S(RA) E(RA)
DEDICANTE		
APARIS FRATER F(achudus) C(ianus)		



Em ocasiões o signo ⊐ não aparece, sendo substituído pelo vocábulo, em locativo, *castello*, assim na inscrição [galaica] de Garbão, Ourique, Beja:

*LADRONV(S) DOVAI (F) BRACARVS CASTELLO **DVRBEDE

“Disposto [para o combate] filho de Dovai”

OIr. [McCone] *Látar* ‘disposition’ (n. o-stem < **Lāθ(e)r* < **Lāθ(e)rom* [...] [+ suf. lat. –us **Lāθ(e)ro-nus*]: acc. sg. 3x (Ml. nom. sg. 7x), dat. Sg *Lathur* (Ml. dat. sg. *Lathar* 1x). p 6 (11)



Estela Paleo Cristã, de meados do S. IV, de Nicer, filho de Clutosi, Príncipe [lat. vulg. *principis* em vez de *princeps*] dos Albiones. Leva Christmão XP entre o sol e a lua

****Nom. *Durwis**, met. *Druwis*; Loc. (vogalismo e/i) **Druvidi*. Met. **Durvede*, “Druida” [http://fornamea.blogspot.com.es/]

Ou pelo mencionado *domo* [origina em antigo irlandês *déis* ‘cliente(s)’ derivando a voz casualmente dum conceito de soberania doméstica— segundo Kin McCone (1992, 193–197) de **dem-* “Casa”, ‘house(hold)’; cf. *dám* “freguesia”, ‘retinue (of clients)’ < **domo-* ‘house(hold)’], em CLOTIVS CLVTAMI (F) SVSARRV(S) DOMO CVRVNNIACE [CIL III 2016 *Procede de Salona, Dalmacia:*]; ou em ABILIUS TVRANCI F.]. DOMO LVCOCADIACVS CIL III 4227, soldado de Gallaecia enterrado em Gyaloke, lugar cerca de Szombately, Hungria. Deixou como herdeiros dous camaradas galegos, um de Lancia e outro de Aligancia [g, 62-64]

PRINCEPS, IMPERANTE DE TERRA,
“RÍ TÚATH”; COMITE “RÍ BUIDEN”;
MAIOR INTER COMITES “RÍ RUIRECH”¹⁴

A *Treba/Toudo*, sempre viçosa, se erige imarcescível potente conceito geográfico ate nossos dias: a comarca ou bisbarra [a, 23-45; á, 178-185; 266-267], como em Galiza, também em Irlanda assinala D. A. Binchy que há, ‘dependendo da quantidade de [trebas,] territórios familiares que a cada um tem baixo seu controle’, três básicas categorias de reis ou príncipes: [...] o *Críth Gablag* (104-105), distingue ao *Rí Benn* literalmente “Rei dá Pena, Rei de Cabeça”, - é *benn* psvl. leni-

14. COMUN HIERARQUIA E JURISDIÇÃO. CATEGORIA NÊMITA. En Galiza como em Irlanda, a ordem hierarquica das pessoas imunes, a categoria *Nemed* “sagrada, inviolável, de altíssimo rango” [comparativamente em princípio nossa *Terra de Nemitos*, hoxe Nendos não teria nada que ver com “Terra de Santuários”; *de facto* significa “Terra de Cavaleiros”, e que a capital da comarca se chame Betanzos dos Cavaleiros resulta curioso]. Encabeça o sistema de rango e jerarquia na Civilização Celta, primeira grande cultura Europeia, o *Ard ri*, “Alto rei”, o *Rex*, o Rei. Vem depois a alta nobreza e sua extensa parentela, elite da fortuna e poder, os *flaths*. Segue em hierarquia ao mencionado *Árd ri*, “Alto Rei”, o chamado na Irlanda *Rí ruirech*, “King of overkings”; a esta figura, encarnada na Galiza de modo ejemplar pela nobre figura de *D. Pedro*, “Conde de Galiza”, alude exatamente a expressão em um diploma de Juvia maior inter comites ; ou, já na Baixa Idade Média, o *Adiantado Maior*). Vêm depois o *comes* ou *comite*, “conde” (*Ruiri* , “overking”) plural *comites*, senhores de varias *trebas*, *terras* ou *territorios*, possivelmente grupos de quatro, em época tardo-antiga como sucedia em Irlanda [e parecem mostrar as pequenas coordenações ou agrupamentos das listagens de territórios da Divissio (do ano 569), e do *Chronicon Iriense* (documento composto ao final do s. X com antigas fontes)], mas já estes agrupamentos de terras, concentradas pelos condes -como as dos Trava e Trastámara-, eram na Alta idade Média bem mais. Em derradeiro lugar está em Irlanda o *Rí Túaithe*, “senhor duma Terra”, equivalente a nosso *rex*, *príncipe*, *imperante de Terra* [b, 24-45]

ção de *Penn*, “cabeça, pena, rocha”, cf. o meu gentílico *Pena*, o apelido anglo-saxão *Penn*, o *Pennaod* bretão, etc.], que seria a cabeça visível de uma sozinha *treba*, *Rí Túath*, o Rei, dum sozinho *Túath*, “*Toudo*”, que chamamos *principe* ou *imperante de Terra*.

O *Rí Túaithe* se subordina ao *Rí Buiden* “Rei de Bandas, Mesnadas, Hostes”, também chamado *Rí Túatha*, “Rei de *Toudos*”, ou *Ruirí* “Rei de Reis”, nós lhe chamamos *dux* ou *comes* (sive *comite*). E acima destes *duces et comites* senhores de várias *terras*, está o *Rí Ruirech*¹⁵, o *primus inter pares*, figura coincidente com o ‘conde maior de Galiza’: *maior inter eos, comes dominus Petrus Foilat*¹⁶ e depois com o Adiantado Maior da Baixa Idade Média [b, 24-234].

VEXILLATIONES, BANDAS, MESNADAS, HOSTES

A *treba* ou *toudo* é também a unidade básica de recrutamento militar: o batalhão [a, 131-154]. Batalhões que os romanos chamaram *vexillationes*, ‘bandeiras’, integradas em tropas especializadas nas chamadas pelos romanos *alae*, unidades de cavalaria, ligeira e pesada; e *cohortes* unidades de infantaria, ligeira e pesada [a, 132-133]¹⁷.

Os integrantes das bandas, mesnadas ou hostes subordinadas do *Comes* [*Ruirí*], organizam-se no interior dos *Túatha*, *Trebas*, *Toudos*, *Ciuitates*, *Populi*, *Plebes*, *Terras*, *Comissos* ou *Territorios Políticos* [Pena (1991) b, 54-111; á 175-177; 266-293] a modo de fidalguia terratenente rural, são senhores de pequenas jurisdições instalados, em algum caso desde o Neolítico até finais do século XII [p, 20-34] em suas *Casas*, *brigas*, *castella* do Bronze, ou do Ferro, ou nas *domus*, *uillae*, ou *uillas* antigas ou medievais. [p, 102-168; 37-56]

15. *PRINCIPES/IMPERANTES/REGES/FLATHS*. Os *Flaths* [em realidade o plural é *flaithe*] correspondem-se na Galiza do início do século XII, onde este sistema celta pervive como fóssil institucional, a alta nobreza, são a chamada “*prolix bene natorum*”, são na nossa área, os membros do Clã *Petriz*, *principes* e *imperantes* das *Terras* de Trasancos, Bezoucos e Arrós entre moitas outras, longas de enumerar, desde o Tambre a Ortigueira [b, 53-161]. GRÁD FLATHA Existia como em Irlanda um *grád flatha* na Europa celtoatlântica, uma “ordem de xerarquia e autoridade” discriminando à gente (*cénel*) proprietária em categorias sociais, pela sua composição ou valor penal: o alto e baixo clero, *durvede*/druida, bispo, “*ollam*, doutor (em Irlanda)”, *fili*, “bardos, fístores [‘chega o fístor – diz o galaico adagio- e afai-se o dia’]”, cregos e o oficiais qualificados gente com sólido conhecimento em técnicas ou artes (o que hoje chamaríamos “profissões liberais”) : juices, comerciantes, mestres músicos; etc. [b, 53-351].

16. *AHN* cod. 1047 [dantes 1041b], n 61 fol 14 v. reg. 27-28.

17. “[...] [It] have been applied” -sustem Sullivan, 79, 80-, “to the people occupying a distric which had a complete political and legal administration, a chief of *Rig*, and could bring into the field a battalion of seven hundred men. The word was also applied however to a larger division, consisting of three or four, or even more *Tuatha*, called a *Mór Tuath*, or great *Tuath*, which were associated together in war under one commander”. “This great *Tuath* represented Gothic, *Thiuda*; Old Norse *Thjoth*; Old High German, *Diuth*” Assinalando a seguir o sábio fundador do estudo das Instituições Celtas no aparato crítico (90) *sub uocabulo Tuath*. Old Celtic *tout*, from a root *tu*, to grow, to bring forth young, to multiply, to be strong; stem *tut*, people or district. In Old British it was *tūt*, now *tud*; and represented the Lithuanian *tauta*, the Umbrian *tuta*, *tota*, Oscan *tout*. It occurs in several compounds found upon Gaulish, or Gallo-Roman inscriptions, e.g., *Toutillus* (Muratori, 1281, 6); *Toutela* (Gruter, 852, 2), *Toutio-rix*, a Gaulish name of Apollo (Orelli, 2059). The words ΤΟΟΥΤΙΟΥΣ ΝΑΜΑΥΣΑΤΙΣ in the inscription on a marble tablet found in 1840 at Vaison have been translated “Citizen of Nemausus”, by Dr. Siegfried, but Prof. J. Becker suggests, and with good reason, that it should be *pubicus*, that is, magistrate of Nemausus, or Nimes, - a fact of some importance, as it would to show that the cantons of ancient Gaul were called by a name corresponding to the Irish *Tuath*. The Irish name *Tuathal* and the Gothic *Totilo* are perhaps related. 1873, 80.

[illegible]

19. Uma lista de cavaleiros, todos membros do clã Petriz (Pires), instalados nas Terras de Bezoucos, Trasancos, Labacengos e Arrós [as célticas trebas de *Besancos*, *Trasancos*, *Lapatiancos* e *Arront* ou *Arrotrebae*], figurando os vicários da *Terra*, (*vicarius huius terre*) Eica Stephaniz e Bermudo Lagatiz.



Danças guerreiras do *corio*. Detalhe da celebração do 1º de Maio do Castro de Baronha. Por Carlos Alfonso dirigido por A. Pena. © M. Harris.

ABAIXO: Corio, banda, 'companhia' galaico-romana do Baixo Império do Castro de Quintá em outono [o 1º de Novembro]. Desenho de Carlos Alfonso, asesorado pelo autor.



NOMINA MILITUM BISANCOS. NOME DOS CABALLEROS DE *BISANCOS*
(BEZOUÇOS)

Haec sunt nomina militum habitantium Bisancos, que inferius denotata sunt.
“Estes são os nomes dos cavaleiros, abaixo consignados, moradores em Besancos
(Bezoucos):

Menendo Holmiz confirmo. Férveo [Fervens *HS*] Hólmiz conf. Vistrario
[Histrarius *HS*] Holmiz, conf. Oveco Froylaz conf. Rodrigo Pelaiz conf. Vistrario Pelaiz
[Pelaz *H.S*] conf. Gonzalo Menéndez, conf. Munino Oduariz [confirmo]. Bermudo
Rageliz [confirmo]. Juan Vimáraz [confirmo]. Vermudo Asmondiz [confirmo]. Pedro
Bermudez [confirmo]. Fernando Suarez [confirmo]. [...]

NOMINA MILITUM DE TRASANCOS ET LABACENCOS ET ARROS. NOME
DOS CABALEIROS DE TRASANCOS, LABACENGOS E ARRÓS

*Haec sunt nomina militum Trasancos & Lavacencos & Arros habitantium, quorum
nomina inferius denotata sunt, qui hanc subjectinam juste fecerunt tam pro se praesenti-
bus, quam & pro sociis suis absentibus, atque pro universo populo.* “Estes são os nomes
dos cavaleiros moradores de Trasancos e Lavacengos [Lapatiancos] e Arros [*Arroni*,
Arrotrebae], abaixo consignados, que se aterão conforme este sometimento, tanto por eles
que estavam presentes, quanto por seus sócios que estavam ausentes, e por todo o povo:

Nunno Vermudez conf. Oveco Gonzalez conf. Gonzalo Pérez [confirmo]. Sueiro
Tellez [confirmo]. Vermudo Gelidiz [confirmo]. Oveco Muniz [confirmo]. Pedro Muniz
[confirmo]. Pedro González [confirmo]. Bermudo Hiscáz [confirmo]. Eica Estevez [con-
firmo]. Bermudo Pérez [confirmo]. Pedro Suarez [confirmo]. [Menendo González [con-
firmo]. [Bermudo] Ragéliz - vicario da Terra de Trasancos-(confirmo)]. Froila Bermúdez
[confirmo]. H C. L I, Cap. XXXV 6 [b, 101, 102].



Corio, “hoste”. Infantería e cabalería altomedieval. Miniatura do Beato de Thompson Morgan. Fol. 241

PRINCEPS/PRINCIPIS GALLAECIAE (RÍ RUIRECH)

Costumam (ontem como hoje) estes representantes locais da ‘proto-fidalguia’²⁰, *milites* de Bezoucos (**Besancos*), Trasanços, Labacengos e Arrós (*Lapatiancos* e *Arrotrebas*), serem parentes todos, ou quase todos –usualmente irmãos, tios ou sobrinhos– do ‘cabeça nobiliar’ a.i. *Tánaiste* (eleito pelo conselho de família que toma mancomunadamente as decisões pela sua capacidade para dirigir), chamando-se *Tanistry* este sistema.

Tudos estão –e se-guramente com o paradigma da continuidade desde o Neolítico– muitas vezes emparentados e re-emparentados entre eles [casando entre curmáns cruzados ou entre tios e sobrinhas] muitas vezes.

Ikuri(g)o. General Celto galaico de infantaria pesada. O capacete montefortino está inspirado nos representados nas moedas de Publio Carisio. Desenho de Carlos Alfonso ex A. Pena



Froila Bermudez retorna da batalha de Sacralinas o Monasterio de Juvia. Desenho de Eva Merlán Asesorada por André Pena para a *História Ilustrada de Narón* (VV.AA.)

O *tánaiste*, “cabeça de família”, dirige um holding de territórios políticos e propriedades do clã [b, 130-234], secularmente aglutinados na prosápia por herança ou casal, explodido em regime *pro indiviso* recebendo a cada membro seu quinhão ou quota-parte [b, 153-155]. No caso da *Terra de Trasanços*, a Casa (*fine*, linhagem) *Prolix Petriz* [b, 53-200] está encabeçada pelo conde de Trava Dom Pedro Froilaz [*maior inter comites* de Galiza; um *maior comitum* equivalente ao chamado na Irlanda *Rí Ruirech*] e por seus irmãos; seu filho Fernando Peres, conde

20. AIRE, MILITES, BENE NATI. Os membros da classe social proprietária que goza de todos os direitos civis dentro da sua *Treba* ou *Terra* entre os Celtas da Europa Atlântica chamam-se *Aires*. O primeiro *aire*, “nobre”, conhecido em todo o mundo Celta, dos tempos da Idade do Bronze, foi, segundo proclama sua estela funerária, redactada com caracteres tartésicos em Celta Antigo Comum, um *araiui*, *aire*, “nobre”, Nerio da Kaltia, um *excingo*, ‘heroe’ galego da Costa da Morte do finisterre atlântico chamado Tássionos. Há duas categorias de *aires*, a alta nobreza, *milites*, *bene nati*, chamados em Irlanda *flaths*, (lat. med. s. *miles*, pl. *militēs*); e os *bó aire*.



Desenho ideal de Carlos Alfonso baixo minha direção para Caminhos Milenários. Vigiado por seu cão de caça Ulgario e pelo Conde Maior de Galiza Dom Pedro, o rei dom Afonso corre a Munia [Froilaz], que o recebe em 1113 à porta de sua *uilla*. Munia, e Dom Pedro Froilaz doaram ao Rei *Uilla Ferreoli* famosa pela caça maior da viçosa fraga, desde então, Fraga do Rei dom Alfonso. Cem anos depois no lugar, em 1213, o neto deste rei, Dom Alfonso VIII de Galiza e IX de

Leão fundou ex novo a Vila Medieval de Ferrol, como fundasse em 1208 a Vila da Coruña [Crunha]. Pese a minhas recomendações, mais por confusão dos distintos conceitos *UILLA* fundiaria/ *VILA* urbana, que por falta de interesse, Ferrol, minha cara cidade natal, não celebrou seu oitavo centenário o ano pasado. Nem sequer uma missa em memória do fundador o rei Dom Afonso VIII de Galiza, etc.


de Trastámara e sucessivos “cabos do clã” [*Tánaisti*] [Cal Pardo] até a morte *sine semine* em 1261 do derradeiro deles Dom Rodrigo Gómez *Princeps Gallaeciae* e dos *comitatus* [*mór túatha*] de Montenegro, Monterroso, Limia e Sarria, derradeiro *maior comitum* (*Rí Ruirech*) Petriz direito, também chamado na Irlanda *Rí Cóicid*, “Rei de Província” [sinônimo de reino, *Provincia Gallaecia*, “Reino de Galiza”] [b, 54-234; p, 152-168].

REIS DE GALIZA

Segundo no reino em hierarquia, posesor de múltiplas *trebas* o *Princeps Gallaeciae* [como o *Rí Ruirech*, mostrando as instituições galaicas afinidade com as irlandesas do *Críth Gablag*] só tem em cima ao *Rex in Galletia*, ao Rei de Galiza; só é vassalo [e também é tutor no *fosterage* dos infantes], de Alfonso Raimúndez [á, 431], Fernando II, Alfonso VIII (IX de Leão) [á, 432], etc., do *Ard Rí*, “Alto Rei, Imperador” [á, 415-433].



SENHORES LOCAIS



Desenho de Carlos Alfonzo baixo minha direção para Caminhos Milenários. Narón [Narão]

Dentro de cada *Treba*, *Toudo Terra*, fecham o sistema as Casas de senhores locais, de donos e cabaleiros; a proto-fidalguia, os linhajudos *dominī* terratenentes (*flaithe*), *pos-sesores* de moitos *castella*, e os menos linhajudos senhores proprietários, livres ou vassal-los²¹ [lat. *clientes*, a.i. *ceile*], escudeiros, infanções, duma *briga*, *-bre*, *-be*, “castro”, [o irlandês *dun* (>*tun* >*town*)]

21. ESCUDEIROS E INFANÇÕES, “*BÓ AIRE*”. Em Irlanda a categoria *Nemed*, deixava passo aos imediatos grados inferiores dos proprietários que tinham gando (*bó aire*) -fundamento do estatuto legal (*Crith Gablach*, 13a 24) discriminados entre o *Ócaire*, o pequeno fidalgo, e o *fluidir* semi-livre por levar (*conductor*) sua fazenda posta (*conducta*) pelo seu senhor (É o caso do *Allius Reburri Filius*, de Remeseiros, Chaves). Os *bó aire*, de *bó* “boi”, “os senhores de Bois (cf. comp. *domo Vacoeco*)”, algo bem como nossos infanções são tenedores e levadores de *conducta* terras e gando posto e outorgado pelos *flaths*, ou Senhores de Vassallos “*bó aires* were retainers of *Flath* of Lords”: [...] *adiciamus adhuc ad hanc seriem testamenti uel benefacti nostros atonitos et nostras magnificentias que dedimus per nostros infanzones, siue uillas seu argento, uel quecumque de ganato nostro eis dedimus, ut nobis cum eo seruiciu exercuissent* [...] *concesserunt eam mihi fundatoribus ipsius loci in diebus diui memorie domni ranimiri principis per scripturam firmitatis siue et meos atonitos et uillas que meo dato habere meos infanzones sic omnia uouis concedo* [...]” Carta de Sobrado. Ano 966 Testamento do Bispo Sinado Tumbo I F. 5 r.- 6r. nº 6 p. 36.



Desenho de Carlos Alfonzo baixo minha direção para Caminhos Milenários. Narón [Narão]

Possesoires durante a dominação romana da *uilla* galaico-romana.



Desenho de Carlos Alfonzo baixo minha direção para Caminhos Milenários. Narón [Narão]

Possesoires da *uilla* [(pronuncia-se *gülla*) pl. *uillas*, *potius quam uillae*] tardoantiga.



Desenho de Carlos Alfonzo baixo minha direção para Caminhos Milenários. Narón [Narão]

Possesores da uilla medieval [á, 181-203].

Termo polisémico, também em Galiza [b, 133-155] se chama *uilla* a casa labrega [em Gales, *gwelle*, o *welle*, se nomeando a renda *gabal*, "gabela"], e se chama *uilla* também ao lugar onde se agrupam duas, tres ou mais casas [b, 134-135] que parece corresponder-se institucionalmente com a irlandesa *baile*²² "place, lugar, bailia"²³ [p, 92-98; b 129-200].

SIC/ENATA PACATA. EFEITO DA CONQUISTA NO SITEMA JURISDICCIONAL CELTOGALAICO



Topographia Hibernica de Gerald of Wales redigida ca. 1188, pouco depois da invasão normanda de Irlanda. British Library Royal MS 13 B VIII, c. 1220

22. Assinala Sullivan/O'Curry como a palavra Baile tinha uma 'segunda aplicação' no composto *Baile Biatach*, 'or Bally of the victualler or steward' (92), Compreendia na Irlanda alto medieval umas 24 casas, 'and was a true political subdivisión of the *Tuath*, corresponding to the Latin *Pagus*. A cada *Tuath* tinha em Irlanda 30 *Baile Biatach*. Que vêm sendo o conceto de *uilla*, *uilla platanetum*, *uilla Quintana* galaica, aqui apresentado.

23. Sullivan/O'Curry, assinala também que a expressão *mbi Baile* "an ever boiling pot", 'é só uma forma figurativa de expressar a existência da Casa sempre aberta' (85).

VETERE AC IAM PRIDEM RECEPTA POPULI ROMANI CONSUETUDINE (TÁCITO)

Irlanda não conquistada por Roma até a adopção do cristianismo no século VI manteve sem interferências as instituições; ou até a invasão normanda (800, 1169); ou a conquista pelos Tudor (S. XVI). Os reis galeses com a sua clientela, os *bonheddigion* governavam como pais de família o país [Hubert, 466]. Dividido igual que Irlanda em unidades políticas, quatro reinos subdivididos em Cantref, *Territórios*²⁴ ocupados por clãs ou casas nobiliarees definidos por fortes laços parentais e agnaticios. Segundo HUBERT [441] o sistema funcionou no país de Gales até o século XIV.

Mas na *Gallaecia* Roma segundo seu costume de aproveitar a pré-existente organização, integrou nosso sistema Celta, cheio de subtilezas, em seu direito [a, 131-150]. Converteu o sagrado lugar *forum/oenach/conventus*, efêmera capital estacional das reuniões interterritoriais de três das confederações que conformavam *Gallaecia* em três estáveis cidades Bracara, Lucus e Asturica.

Pasando por conquista as galaicas *trebas* e *toudos* a engrosar o *ager publicus*, eliminou todo vestígio político de unidades superiores -o *mór tíath*, ‘*toudo* *mór*’, compren-



Famosa *tabula hospitalis* de Folgoso do Courel [Museu de Lugo] do ano 28 d.C. O sistema de vincular á derbfine era usado pelos galaicos no seu tráfico jurídico privado.

24. Parellos semántica e institucionalmente as Trebas *Can / Tref = Tre = Trifu = Treba = Teuta = Tuath = Touto = Toudo = Thaurp = Tribu; Con / Trebia, Con / Tributi* e dicir Trebas xunguidas vontariamente [fonte aos atribuídos por conquista, at/tributi = a/trebates]. Os galeses tomaram da casa, (*Trebad* no esquema de soberania doméstica) os diversos termos com os que se desina a propriedade territorial, dotando a cada pessoa livre da familia que chega á idade adulta com a trev de terra. [i, 115-117]

sivo dumas quatro *trebas* por meio-termo, que chamamos *comitato*, condado- [n, 103-121], e devolveu esas *trebas* ou *toudos* como *conducta*, em *precarium*, ‘precário’, aos que as tinham dantes, agora *conductore,s* convertendo ao príncipe e ao durvede, em homens livres dependentes, em *legati* [fluidir] vassalos de Roma [á, 186-203].

Dito com mais propriedade, Roma não devolveu as *Terras* aos senhores, lhas aforrou, vinculadas as três vozes da *derbfine* celta herdando a totalidade o filho sobrevivente da cada transmissão [p, 101-130]²⁵.

O BERÇO DO FORO GALEGO

Em Galiza como em Irlanda concediam os príncipes *conducta*, terras, aos servidos ou vassalos [b 24-34] como ilustra a epígrafe de Remeseiros [p, 47 -50]. Roma restau-



Comuns cominatórias cláusulas [cf. a penúltima cláusula do Bronze de Botorrita] em patos sinalmáticos de origem celta redigidos em latim no giro jurisdiccional da *uilla* galaico-romana [Remeseiros e Noville]

25. Cf. Pena Graña <http://www.celtiberia.net/articulo.asp?id=2008>.

rou as *trebas* e os senhorios familiares, e dentro das *trebas* restaurou [p, 37-56] aos *nemitos* galaicos nos castros seus com condições. Cedeu-lhos por três vozes. Dito de outro modo, devolveu-lhes as *trebas* ou *toudos* da prosapia literalmente “aforadas” [p, 103-116] e os antigos proprietários passarão de modo técnico durante varios séculos a *condutores* do que lhes era propio, a tenedores [em Irlanda *fluidir*] dum *ius in aliena re*, levadores da fazenda perdida, agora *conducta*, por três vozes ou gerações.

Obrigados a perdê-la e a retomá-la, *mos pesimus*, como Sísifo uma e outra vez cumprido o prazo legal das três vozes, a transmitir a situação jurídica à prosapia durante três gerações segundo a Celtic Law, como se fossem ‘servos de vínculo hereditário’ [em Irlanda *senchléite*, “de Casa Velha”]. *Vae victis!* [p, 103-121].

Ninguém discute já que por coisas de política exterior usando *parcere subiectis* Roma a *consuetam rationem* o direito (celta) das autóctones *trebas* galaicas [á, 185-197]

celtoparlantes²⁶ [o gênio romano foi nisto insuperável], se deixou aqui subsistir o pré-existente. Roma não integrou nosso mundo mediante partilha do campo, reorganização e re-distribuição da propriedade, com uma reforma agrária total, as



Confirmando o aqui contido esta *tessera* (*sive potius tabula*) de hospitalidade de Castromao, antiga *Coeliobriga*, capital dos *Coelernos* galaicos brácaros responde, sem dúvida a um renovo do 134 d.C., dum *hospitium* anterior

26. <<Dentro da estrutura clientelar desta soberania doméstica, vinculam-se verticalmente com um “rei de reis”, com um *ardri*, ao modo de uma colmeia nas mãos de um apicultor, tanto o *tiath* ou território político como a função soberana do próprio *ri-tiath*. Neste contexto, devemos enquadrar no NW peninsular, na *Gallaecia*, os *hospitia* interterritoriais, uns nós dados provavelmente numa assembleia estacional, ora entre duas *trebas*, ora entre *trebas* e particulares, ora entre as *trebas* e o Império, tais como os acordos pactuados por Iria com o *Regnum Suevorum* ou os firmados entre senhores de *comissa* ou *territoria*: os *comites seu imperantes*, com o chamado *Ovetense Regnum*. Mas esta instituição não foi uma exclusividade da *Gallaecia*, pois as pequenas peças em bronze que tão plasticamente mostram com uma aperta de mãos o aspecto vasalático, constituintes no N/NE peninsular do repertório composto pelas *tesserae hospitalis* celtibéricas, acoplam com um mais amplo encadeamento territorial atlântico de dependências verticais similar ao nosso. Mediante este tipo de vencillos um TP, ou um particular, supeditabase a outro. Os *in fidei acceptos* por um *princeps*, ou pelo seu Território Político, convertiam-se em dependente da *Treba* receptora, sendo, segundo o penso, quizais este o sentido da voz celtibérica *com / trebia* e à latina *com / tribut*. Como contrapartida de verdadeiras contraprestações, ajuda militar ou o pagamento dum censo recebiam-se *terras* (previamente donadas e protecção)>>.

chamadas, *centuriationes* –entrando na partilha agora, o que reparte leva a melhor parte, soldados e colonizadores, como em Emerita da Lusitania–. Ninguém discute que as terras de *Gallaecia* foram devolvidas²⁷ os que já as tinham dantes [a, 115-125; 131-150]. Mas com letra pequena.

LETRA PEQUENA

O Comum Direito Celta confere decorridas três gerações a um beneficiado ou *conductor* [bó-aire em Irlanda], a plena propriedade de sua *conduta*, *beneficium* ou *comenda*²⁸. O *bó-aire* decorrido o plazo legal das três vozes, se converte em *flath* [o rango do *locador*], adquire pleno direito sobre a propriedade

Cogidubnus ou *Tongidubnus* [falecido no ano 83] intitulou-se, segundo Cunliffe e Rusell *Ard rí, Rex Magnus Britonum* “Grande Rey, Imperadordos Britones”; –com independência das *lectiones* da quinta regra da famosa inscrição RIB 91 atopada em



Maqueta da espetacular *uilla*, seguramente, do rei dos *atrebates*, *Cogidubnus* ou *Tongidubnus*

27. Como o mostra o famoso Edicto do Bierzo, ou Bembibre, que estudei em o ano 2000 num capítulo de minha tese de licenciatura, deixada para pública consulta na Secretaria do departamento de História I da Universidade de Santiago.

28. Obrigados a pagar ao locador em a cada transmissão a loitosa (ceilsine, heriot) dos cavaleiros. “Originariamente recebia-a o senhor pela perda em todos os eidos -não só económicos- que lhe supunha ter que prescindir não só pela morte como é o caso que ilustro- dum vassallo ou infanção ao que cedesse terras. Esta compensação seria dada pelos familiares do beneficiado depois da morte sem sucessão [ou depois do abandono do bem pelo beneficiado], obrigados a devolver em seu prístino estado os bens cedidos pelo senhor. Este sentido vemo-lo claramente na carta de Balóm de 14 de junho de 1138 de Guntroda Ferveiz: ‘In Dei nomine, ego Guntrode Ferueiz, una pariter cum filio meo Ferueo et filia mea Guntrode Pelaiz in domino Deo eternam amen. Placuit nobis adque conuenit nullis quoquegentis imperio nec suadenti articulo, set propria nobis fuit uoluntas, ut faceremus kartula de ipsa hereditate de Baloni a tibi filio meo Froila Pelagii pro ipso tuo caballo que mihi dedisti que ego dedi a Uermuu Petriz et pectauit illum ad ille Ueremudus Petriz pro intentione de ipso meo filio prenominato Ero Pelaiz qui tenuit ille Ero sua terra de Uermuu Petriz et dimisit ille Ero illa terra sine gratude Uermuu Petriz, et proinde pectit ille Uermuu illa hereditate ad illa Guntrode pro pignora, qui si illa potuisset habere suo filio, quod redisset ratione de illa terra, et illa non potuit illum habere per nullum ingenium et proinde do ego, Guntrode, ipso kauallo de meo filio Froila, et sacco ipsa hereditate de Uermuu Petriz. [T. II Sobrado, f. 127r Ex P. de Loscertales]”.

Chichester em 1723²⁹-, fora de toda dúvida como *Legatus* do imperador, segundo refireo Tácito em *Agricola*, XIV, 14:

“Algumas cidades”-escreve Tácito ao final do reinado de Domício-
“foram dadas [*at/tributae*, de onde *Attrebates* cf. Pena...] ao Rei *Cogidumno*
- (quem se manteve até nossos dias como o mais fiel dos aliados)- segundo
a já velha e experimentada prática do Povo Romano, de se valer inclusive
de seus próprios reis como instrumentos de domínio [*Agricola* XIV, 14]”³⁰.

Un século antes de que Agrícola conquistasse *Britania*, finalizadas as guerras cân-
tabras, Octavio Augusto culminou a conquista de *Gallaecia*, entrando as *Terras* dos
nobres galaicos *terratenentes* [a.i. *Flaths*], e as dos seus vassalos e servos, no *ager publi-*
cus. Sempre há exceção que confirma a regra, como mostra o chamado Edicto de
Bembibre [4, 189-203]



À esquerda banda desenhada [para Galaicus] pólo professor de Belas Artes Carlos Afonso ilustrando
ou assédio dum castro Galaico por Décimo Bruto. À direita o chamado Edito do Berço, possivelmente
[existindo hesitação sobre o lugar] achado no castro de Toldaos.

29. Possivelmente a lectio de Bogaers (1979) é a correta [...] (4) [EX]-AVCTORITAT[E-TI]-CLAVD-/(5)
[CO]GIDVBNI-R[EG-MA]GNI-BRIT, [Monumento feito] por ordem de Tiberio Claudio Cogidubno [ou Tongidubno],
grande rei dos Britanos.

30. *Quaedam civitates Cogidumno regi donatae (is ad nostram usque memoriam fidissimus mansit), vetere ac iam pridem
recepta populi Romani consuetudine, ut haberet instrumenta servitutis et reges.* Tácito. *Agricola* XIV, 14.

Castellanos · Paemeiobrigenses · ex ·/ gente · Susarrorum · [...] [...] eos · universos · im/munitate · perpetua · dono · quosq(ue) / agros · et quibus · finibus · possede/ runt · [...] [...] / eos · agros · sine · controversia · possi/ dere · iubeo³¹.

A Terra segundo a já velha e experimentada pratica do Povo Romano de se valer das próprias instituições dos povos conquistados como instrumento de domínio, retornou de novo aos que a tinham dantes. Mas já não era o mesmo, volta de outra maneira. Augusto, bem asesorado por seu corpo de jurisperitos, retornou essas terras agora do *ager publicus*, aforadas (para que se entenda) por três vozes (da derbfine celta).

Um contrato sinalagmático fundamentado na *Bona Fides* [*‘si clienti fraudem fecerit, sacer esto’*, e *vice versa*] obrigando a ambas as partes *patronus*, e *clientes*, nun tenor. Decorridas as três vozes precisava-se o renovo condicionado a *fides patroni* [*hospitium vetustum antiquon renouauerunt*]. Assim usando do próprio direito celta o Império, se assegurou o controle e fidelidade da nutrida clientela galaica.

Analisemos mostrando as bases 'do tráfico jurídico entre os romanos e os autóctonos galaicos celtoparlantes –lhes remetendo a meus pormenorizados análises do denso marco jurisdiccional e institucional dos *hospitia* [á, 270-277; p, 103-130]– como mostra um *Hospitium* que aparece numa *tabula hospitalis* ou placa de bronze encontrada num lugar de Lugo:



Hospitium nunha placa de bronze atopada en algún lugar de Lugo

31. Edicto de Bembibre por mim estudado em minha tese de licenciatura, terminada o dia 1º de fevereiro, dia de Santa Brígida, de 2001, depositada trala sua leitura na biblioteca da USC; Um ano depois, em 2002, -nun asombroso exercicio de convergencia científica habitual nos presentes tempos de indulgência xeral-, calcando os nosos passos o hoxe catedrático da USC, Marco Virgilio García Quintela confirmou em tropeçada TAPA a cada um dos meus asertos e contidos da mencionada tese de licenciatura. Para ele meu agradecimento.

C. Caesare Aug. f.L.Aemilio.Paullo.cos / ex gente.Asturum. conventus Arae. / Auguste / ciuitas Lougeiorum. hospitium.fecit.cum / C.Asinio.Gallo. [1ª voz] libereis posterisque.eius / [2ª voz] eumque.liberos. posterosque.eius. [3ª voz] sive.libe/reis.postereisque.suis. patronum.coop-tarunt / isque.eos. in fidem.clientelamque.suam.suo/rumque.recepit. / Egerunt. Legati. / Silvanus.Clouti / Noppius. Andami³².

Trad. Sendo cónsules Caio Cessar e Emilio Paulo, a civitas dos Lugeios, gente do convento dos Astures, de Ara Augusta [há erro na interpunção, por suposto não estamos a falar de um choqueiro *conventus*, senão de um topónimo, o lugar de *Ara Augusta* que ainda se conserva], fez com Caio Asinio Galo um pato de hospitalidade, para seus filhos e para os postemeiros deles, e para os filhos destes e postremeiros seus. E tomaram-no como patrão dos seus filhos e dos seus postremeiros, e este [Asinio Galo] recebeu-os como fiel clientela sua e dos seus. Actuaram os legados Silvano, filho de Clouto e Noppio, filho de Andamo.



Beltené [1º de maio] no Castro de Baronha por Carlos Afonso assessorado por mim[detalhe]. Nas feiras anuais [*Oenachs*] se cobravam impostos. No posto do fundo procede-se à parte da cobrança jurisdiccional do *Cis* ou *Censum* "Censo": duas galinhas, lácões, uns dedos de toucinho [...] [p, 144-148]

SERVOS

Pechaba o sistema esse mundo presente ainda em nossas aldeias do século XX que Alonso do Real chamava "o do eterno camponês neolítico galego", magistralmente descrito, por meu ilustre amigo José María Cardesín Díaz³³: os *am-bue* [**am*, “sem” **bowyos*, “bois”]³⁴, com todo en precario, jornaleiros e, em derradeiro lugar os servos [a.i. *Bothach*] ou escravos [a.i. *Mug*]³⁵.

São pólo oposto dos integrantes do *corio* ou mesnada: jovens moços solteiros sob a tutela dos parentes e nobres que os tomaram em adopção (fosterage); filhos de proprietários, não integrados ainda na propriedade que herdarão à morte de seus pais dedicados a caça e à aventura guerreira.

COMUM PARTIÇÃO DE ORDINES BELLATORES, ORATORES, LABORATORES



Três graus ou ordines: *bellatores*, *oratores* e *laboratores*. Mas olho –vox 'laboratores' hic est aequivocum–. Bem como hoje sucede, que não se equipasse a classe dos trabalhadores não qualificados, com a dos engenheiros, têm rango Nêmito os *carpentarios* [a voz latina *carpentarius* é empréstimo celta], construtores de carpentas, "carros ligeiros" com função similar entre os jovens aristocratas celtas que treinavam a seus cavalos, como conta Plínio, para trotar com elegante passo de ambradura à dos carros de grande cilindrada atuais. Carpenta celta [cf. o topônimo galego Carpenle], cavalo e passo, representado nesta pequena faca achada em Lugo.

33. CARDÉSIN DIAZ, José María . "Ricos, Labradores, Caseiros y Camareiras: transformaciones económicas y jurídico-políticas, estructura social en una aldea de Galicia-NW de España" *Ler Histórica*, n° 23, 79-99

34. Cf psvIm. os topónimos "Amboade" de Coristanco, de Laracha, de Paderne, de Paderne, de Pantón, de Lalín, etc.

35. Cf psv. os top. "Muga"; "Muguinha" de Salvaterra do Miño, etc.

Acarretando desde a Arqueologia Institucional um pesado fardo de acabadas instituições, as *trebas* ou *toudos*, imenso mosaico da Europa Céltica: *Brigantini*, *Nemetati*, *Belgae*, *Attributi* /*Contributi*, *Contrebiae*... Compartilham bem mais que a comum denominação na antiga língua, (Pena) três graus ou *ordines*: *bellatores*, *oratores*, *laboratores* tri partição presente à Velha Europa até (passando pela Idade Média), o final do Antigo Regime:

BELLATORES



Classe representada de abaixo a acima, pela legítima linha nunca interrompida [progénie melusínica, ocasionalmente remontável ao Neolítico] de *Reges de Terra*, de *Principes de Terra*, do *rí túath*, “rei do estado, *treba* ou território”, ora regendo a célula do estado *treba*, *toudo* ou *túath*; ora regendo confederações similares aos condados medievais *attrebates*, “agregação de *trebas*” por voluntária atribuição; ou por obrigada contribuição *contributi*. E sobrepostos a todo e a todos, por nascimento, por herança, por casal, ou por conquista- os grandes reis de agrupamentos de maiores territórios Mór Túath, de grandes unidades familiares. Classe representada pelo *Árd Rí*, o Alto Rei, *primus inter pares* se escutando em tempos de feiras na efêmera capital estacional *oenach/forum* (Bracaraense, Astur e Lucense) a voz de todos, e acima de todos eles, a voz de comando, acolhido o resto do ano à *bríugaid* do súbdito, ao jantar, collação e hospedaje do *bríugú*, “hospedeiro”.

Baixo o rei aflora a ordem de casas e famílias, o mundo de honra, camaraderia, sacri-fício, cumprimento do dever, o rango subordinado, senhorial, feudovasallático de oficiais e cabaleiros: Cessar aparentando aturdida *interpretatio* assinala-os: *clientes*, *ambactos*, *nobiles*, *équites*, *magistri*, etc., em seus comentários à guerra das Gálias, ou à guerra Civil.

Remotas *trebas* compartilham, distanciadas entre elas centos, ou milhares, de quilômetros, como por capricho, idênticos nomes, participam em nossa Europa Celta -o vimos faz mais de vinte anos (Pena 1991-1994), de idêntica constituição política³⁶; ofer-

36. Este contexto clientelar enquadra a famosa *tabula hospitalis* do ano 28 A.C., de Folgoso do Courel, Lugo, onde Tillego, filho de Ambato, Susarro do castro *Aiobaigiaeco* [*Aliobrigiaeco*?] obtém como *fluidir* “cliente dependente” dum mór túath, como *gassaliano* dos Lugueios dos Castros de Toldaos, *iure hereditario* pelas três vozes do *senche/ite*, “foro celta” seguramente um renovo -como o do Berço: [...] *gentilitas Tridiavorum ex gente idem Zoelarum hospitium vetustum antiquom renovaverun* [...]-, do principado familiar e *treba contributa*. Estudando os fundamentos legais do comum direito celta, para as Ilhas Britânicas “[...] Pelo que podemos dizer”- ressalta Raimund Karl- “a unidade regional básica era a (continúa nota →)

dan a comuns categorias divinas em santuários locais, a teónimos do coletivo panteão: *Lug, Matres, Brigantia, Taranis*... Como é possível? O viabiliza, a meu modo de ver a boa educação dos segundos das mais antigas, nobres e linajudas Casas de Europa, a longa estreita convivência das elites da fortuna e poder em massificados centros internacionais escolhidos pelos tutores e as famílias -como hoje Oxford, Sorbona, ou Bolonha-, atendendo a fama e à qualidade da formação dada.

“The fact that there is no textual evidence of Druids in Iberia, northern Italy, or central and Eastern Europe” -observe Barry Cunliffe- “may simply be an accident of survival. In other words, we cannot say definitely that there were no Druids in these areas but simply that none are specifically mentioned in the surviving text”, -acrescentando-, “If this thesis of the westerly origins of the Celts is accepted, then druidism, like the development of the Celtic language, may had its roots deep in the prehistory of Atlantic Europe”.

Raices detectáveis, entre outras coisas, no culto luni-solar e astral do Megalitismo, base da Religião Celta [Pena 2004]; e no tema melusino -precursor das *trebopalas* e bronzes votivos entronizatórios do Ferro-, presente na decoração de estelas do Calcolítico ao Bronze Final.

LABORADORES

Plebes, vulgi, servi, “o comum”, tal e como o descreve Cessar não pinta nada [em realidade pintam-no tudo, pensamos nós, saindo inoportunos à palestra. Graças a eles – não graças a mestiza ferrateira fidalguia isabelina, agora saldando centenários paços, talando milenárias fragas, nem ao presente clero leonês - hoje a Galiza é um país celta] se tem quase na condição servil: “pois a plebe praticamente ocupa o lugar dos servos, nada ousa decidir por se mesma e não é admitida em nenhuma deliberação”, ao menos nas questões políticas, pois nas questões civis-na Galiza até o século XX, baixo o sagrado carbalho [de Edratil ou Agua Quente, em Pedroso [b, 224]]- na fronteira da jurisdição o povo decide os assuntos internos da *Terra* relativos a usos e costumes a *consuetam rationem*, que pela *ordinatio* os némitos *principes* juram respeitar.

(continúa nota →) isto também parece ter sido a unidade jurídica de base, segundo a legislação irlandesa distingue entre o *deorad* (“estrangeiro”) e o *aurrad* (“Pessoa com direitos legais dentro do *ma/ath* [o âmbito jurisdiccional da *treba* ou *toudo*]). Basicamente, parece como que o forasteiro carece de direitos legais no *ma/ath* e pode ser assassinado, mutilado ou retido, sem que de nenhum modo estes atos se considerem infrações legais de não existir nenhum tratado entre o *tua/ath* do que procede o forasteiro e aquele no que ele é assassinado, mutilado, etc. [...] Só se existe um tratado entre as duas tribos em questão, poderia uma pessoa ter um pleno status legal” From: Raimund KARL () To: Subject: Celtic Law - a short summary - Part 1 – 12 Date: Sun, 15 Dec 1996 14:32:32 - Tue, 21 Oct 1997 14:03:56

ORADORES: COMUM MULTIDISCIPLINAR CONJUNTO ENCICLOPÉDICO DE SABERES E CONHECIMENTO

Pilar da sociedade organizada de modo hierárquico, constituem a classe quase invisível dos *durvedes* ou druidas ["rios emboscados" do sedento linguísta], com os subordinados rangos dos *ovates* e dos *filids*. Enquanto, como nos conta o terceiro *ordo* que vive de suas mãos e não de rendas não pinta nada, César reflexionou sobre o aglutinante poder dos druidas acima das disputas tribais³⁷ –preocupava-lhe muito e não era para menos–,



O chamado ídolo de Paderne, seguramente, representando a um *durvede*. *Durvede* de Carlos Alfonso.

37. *Illi rebus divinis intersunt, sacrificia publica ac privata procurant, religiones interpretantur; ad hos magnus adulescentium numerus disciplinae causa concurret, magnoque hi sunt apud eos honore. Nam fere de omnibus controversiis publicis privatisque constitunt, et si quod est facinus admissum, si caedes facta, si de hereditate, de finibus controversia est, idem decernunt, praemia poenasque constituunt; si qui aut privatis aut populus eorum decreto non stetit, sacrificiis interdicunt. Haec poena apud eos est gravissima. Quibus ita est interdictum, hi numero impiorum ac sceleratorum habentur, his omnes decedunt, aditum sermonemque defugiunt, ne quid ex contagione in commodi accipiant, neque iis petentibus ius redditur neque honos ullus communicatur* [ibid. De Bello Gallico, vi, 13]. Eles oficiam os divinos ritos, atendem os sacrifícios, públicos e privados, interpretam as coisas da religião; a eles vai grande número de jovens para aprender a disciplina, e entre eles se consideram isto uma altíssima honra [como consideravam uma honra as grandes casas nobres de a Europa o enviar um filho a um seminário a empreender a carreira eclesiástica]. Instruem praticamente todas as causas, públicas e privadas, se a instrução de um caso penal, se um homicídio, se um pleito por uma herança, se uma questão de demarcação, eles processam, e impõem as multas e castigos [o direito público e privado é comum –como o pode ser hoje (continua nota →)

“pois eles”, – diz ele–, “deliberam e decidem sobre todos os assuntos e conflitos”, porque a eles compete efetivamente o tráfico jurisdicional de quase todos os litígios, “se se consuma um delito; se se comete um assassinato, se se litiga por uma herança, se se dirimem limites territoriais, eles mesmos julgam, eles decretam as satisfações a receber e a dar”, entre particulares, ou entre Estados.

Todo o poder político efetivo está em mãos dos *durvedes* ou *druvides*, formando o vertical clero uma igreja universal com cabeça visível e infalível: “sobre todos estes druidas” –diz César, “um preside, quem possui a soma autoridade”; eleito em um conclave *ad hoc* “Morrido este [o sumo pontífice da Igreja Celta] destacando algum sobre os demais em dignidade, lhe sucede”.


Descreve um clero interconectado conciliar, internacional, se é tolerável como a Abadia de Cluny com seus monastérios da ordem no século XII–, usando o alfabeto grego em suas comunicações; celebrando concílios talvez regionais no centro sagrado de *Gallaecia* –os conventus de *Lucus*, *Asturica* e *Bracara*– com periodicidade anual (possivelmente nas Galias, Britania, Hispania, etc.): “Estes” –diz Cessar– “se reúnem num período fixado do ano, num lugar consagrado no território dos Carnutos, reconhecido como centro de toda a Galia”.

Descreve César a Igreja precursora -e com bem mais poder- da Igreja Católica blindada contra cismas, “[...] mas se há muitos iguais a eleição é feita pelo sufrágio dos druidas e em ocasiões inclusive têm lutado com as armas pela direção”³⁸.

(continua nota →) o direito canônico- entre os celtas, estes jovens, quando regressam ordenados druidas são os juízes e magistrados. Aprenderam de cor milhares de leis [escritas e codificadas [como os dinsenchas métricos irlandeses] em verso, que depois aplicam ao retornar a seus lugares de origem. Em toda Europa igual – Em isto consiste a unidade celta, meu!- Que parte não entendes?]; Se um particular ou um grupo deles não se dobra a seu julgamento, é retirado dos sacrifícios [não faz falta dizer que é excomungado]. Este castigo é para eles gravíssimo. Os assim excomungados, são integrados na lista dos ímpios e criminosos, todo mundo se aparta deles, evitam seu trato e conversação, os tocar como se fossem apastados; ainda que a peçam não obtêm justiça [perdem todos seus direitos civis] e não se lhes dá nenhuma honra [são privados de seu rango e seus cargos. Assim, o chamado passeio de Canossa ilustra a descrição cesariana. O imperador do Sacro Império Romano Germânico Enrique IV por intermediação do abade de Cluny, Hugo, e da dona da fortaleza, Matilde de Canossa, marchou ao encontro do papa Gregório VII um frio mês de janeiro de 1077 de Espira ao Castelo de Canossa, buscando que este lhe levantasse a excomunhão. Permanecendo três dias e três noites ao raso, vestido unicamente com uma túnica penitencial de lá, descalço sobre a neve na porta do castelo, conseguiu o perdão papal] *De Bello Gallico*, vi, 13.

38. *His autem omnibus druidibus praeest unus, qui summam inter eos habet auctoritatem. Hoc mortuo aut si qui ex reliquis excellit dignitate succedit, aut, si sunt plures pares, suffragio druidum, nonnumquam etiam armis de principatu contendunt. Hi certo anni tempore in finibus Carnutum, quae regio totius Galliae media habetur, consistunt in loco consecrato. Huc omnes undique qui controversias habent, conveniunt eorumque decretis iudiciisque parent. Disciplina in Britannia reperta atque inde in Galliam translata existimatur, et nunc qui diligentius eam rem cognoscere volunt plerumque illo discendi causa profisciscuntur.*

Mas entre todos os Druidas manda um, que tem entre eles a soma autoridade. Morrido este lhe sucede quem excede a todos em dignidade, ou compartilhando vários igual rango, quem resulte eleito do sufrágio dos druidas [se sobre entende que reunidos num concílio *ad hoc*], se chegando inclusive a combater com as armas pelo principado [não por acaso isto ocorre quando existindo na igreja duas ou mais facções a cada uma organiza seu conclave pela sua conta e elege seu próprio pontífice. Nesta situação é comum que ambos os papas lutem para se apoderar de Roma (o Papado). Assim se encontrando a Igreja dividida entre os partidários do papa Leão V e o anti papa, Cristóvão se elegeram vários papas e anti papas nos anos 896 e 904. Salvou a situação Sergio III, o terceiro em discórdia o ficar, depois de prender e de estrangular aos outros dois, como único pretendente ao pontificado]. Estes num prefixado período do ano [coincidente com alguma das quatro feiras estacionais celtas] residem num lugar sagrado no território dos Carnutos, região que é considerada o centro de toda a Gália. Aqui vão de todas as partes os que têm controvérsias, e todos acatam e obedecem seus decretos e julgamentos. Acha-se que a doutrina inventou-se em Britânia e trouxe-se dali à Gália, e hoje quem desejam melhor formação na coisa essa em sua maioria vão lá [a Brit.] aprender. *De Bello Gallico*”, vi, 13.



Instrumentos dos druidas celtas para a consagração real e piacula

A “Coisa Celta –também nós temos direito a nos equivocar–, acima da língua, literatura, artes e artesanias, da percepção New Age do ‘Zapatero’, da próspera *paletotállica* rana, do sedento linguista, da *apereirada* ‘gaita marroquina’, da manobra política, da *pajarrera celtofobobia* De la Peña e do que Calo aquí, etc., é produto tanto no passado pagão como no presente cristão de um teocrático sistema piramidal, regulador de direitos e obrigações constituído, adequado de acima abaixo o tráfico jurisdicional e as instituições do *Toudo* ou da *Treba*, *Terra* ou *Território*, ao amparo duma comum religião mono-teísta trinitária de remota [Neolítica] origem luni-solar, fundada sobre a Lei Universal “todos os homens temos um alma immortal emanada Deus” [*Dis Pater*]”, custodiada, interpretada, desenvolvida e aplicada à margem da práxis popular por druidas³⁹ ou durvedes, “doutores”, como, seguramente, lhes chama a epigrafia galega.

39. Como se pode imaginar Jesus não inventou os padres, bispos, arcebispos e cardeais. E talvez São Pedro recebeu neste trabalho uma pequena ajuda. Talvez... *In omni Gallia eorum hominum qui aliquo sunt numero atque honore genera sunt duo. Nam plebes paene servorum habetur loco, quae nihil audet per se, nulli adhibetur consilio. Plerique cum aut aere alieno aut magnitudine tributorum aut iniuria potentiorum premuntur, sese in servitutem dicant. Nobilibus in hos eadem omnia sunt iura quae dominis in servos. [...] Sed de his duobus generibus alterum est druidum, alterum equitum.* Em toda a Gália daquelas pessoas que contam e têm dignidade há duas classes. –pois a plebe quase ocupa o lugar dos servos, e não ousa atuar pela sua conta, nem conta para nenhuma decisão [...]. A maioria, oprimidos como estão, já por dívidas, já pelo peso do ônus fiscal, já por agravios dos poderosos, se entrega em servidão. Os nobres de fato possuem sobre eles os mesmos direitos que os senhores com seus escravos-. Mas destas duas classes a primeira é a dos druidas, a segunda dos cavaleiros. Caius Julius Cæsar, *De Bello Gallico*, vi, 13.

Tal unidade foi possível, seguramente, pelo comum berço, e mantido graças à rígida educação de afortunados filhos segundos das ‘melhores famílias’ da Europa, a meu modo de ver (Pena 2011), hoje como ontem atraídos, pela excelência do ensino e do professorado –como em Oxford, a Sorbona ou Bolonha–, se indo [*Se supõe –diz César– que estes saberes se elaboraram em Britania e que de ali têm sido trazidos à Galia e agora os que querem obter um mais depurado conhecimento da matéria vão estudar lá (a Britania)*], quando um centro desce de nível a outro mais reputado.

Sobre o ano 50 a. C. o historiógrafo Diodoro de Sicília descreveu em Britania um templo, seguramente Stonehenge, utilizado como observatório do ano metónico, do ciclo solar e lunar [fala em clave de Religiao Celta da virginal Mater do solar diyng god Lugh, Leto mãe de Apolo para um grego] e também dum povoado próximo [um centro monástico em realidade [composto como amosa a Arqueoloxía, por mais de mil pequenas celas], habitado segundo parece por monges entregados ao culto, seguramente a escola druídica,



Stonehenge. Templo observatorio do ano metónico

verdadeira universidade internacional, com seus observatórios, impartindo a longa aprendizagem de vinte anos, o que dura o ciclo metónico Que casualidade!

Um inter e multidisciplinar conjunto enciclopédico de saberes e conhecimento, atesorado englobando o divino e humano, uma privilegiada aprendizagem da comum matéria e a mais avançada ciência do momento: Teologia, Direito, Matemáticas, Astronomia, Medicina, etc., comum matéria que *casualmente* na Roma decadente do

século V o escritor latino *Martialis Capella*, possível Procônsul da África englobaria *sub vocabulo Trivium* e *Quadrivium*.

ELOCUÊNCIA TRIVIAL

Precisamente o mercurial *TRI RAMOT* celta "TRÊS VIAS, CAMINHOS", latín *TRIVIUM* se corresponde com a Eloquência (Gramática, Retórica e Dialéctica) associada por Luciano Samosata em tempos de Marco Aurelio a *Oghmios* "O Caminho"⁴⁰. Que casual casualidade Não lhes parece?

Sócio ao Caminho escrito no Céu estrelado de Europa, hoje de Santiago, desde faz anos desde múltiplos ângulos, mostrei em não poucas publicações, a modo dum muito velhote, calvo e chosco São Pedro pagão, ao Deus alcunhado *Oghmios*, "O Caminho", 'Mercurio' Celta por excelência, conduzindo desde a Prehistória como mostram os petroglifos bálticos, ao finisterre atlântico, à pétrea barca –quando Deus a guia, a que melhor frota–, a bom porto, à hospederia [com seu caldeiro sempre cheio] de Deus, alcunhado *Breogo* [*Briugú biatach*], a *Verobriga*, atadas da corda [para que não se lhe percam], as frágeis almas...*animula, vagula, blandula*.

O caso é que nos hospitais, nos *trivia* do Caminho chamado pelos gregos Heracleo –que descobri traçado numa glosa do Pseudo Aristóteles (*Mirabilia*), já com plena protec-

40. Assim -e quem possa entender que entenda- o descreve Luciano de Samosata associado à eloquência: Preludio Heracles 5.

1

1 A Heracles os Celtas chamam-no Ogmios usando uma voz do País, e a imagem do deus pintam-na muito rara. Para eles é um velhote nas últimas, calvo por diante, inteiramente canoso nos cabelos que lhe ficam, enche de arrugas sua pele tostada até a completa negrura, como os velhos lobos de mar. Dantes tomá-lo-ias por um Caronte ou um Jápeto do Tártaro que por Heracles. Mas, apesar de suas traças tem a indumentaria de Heracles: leva cingida a pele do leão, tem a maza na diestra, porta o carcaj e bandoleira e sua mão esquerda mostra o arco tenso. Em todos estes detalhes é plenamente Heracles, sem dúvida.

2 Eu cria, portanto que os celtas cometiam arbitrariedades na figura de Heracles para irrisão dos deuses gregos, se vingando dele nas representações, porque uma vez percorreu seu território o saqueando, quando em procura dos rebanhos de Gerião, correu a maior parte dos povos de Occidente.

3 Mas ainda não disse o mais surpreendente de sua imagem. Este Heracles velho arrasta uma enorme massa de homens atados todos das orelhas. Seus laços são finas correntes de ouro e âmbar, artísticas, semelhantes aos mais belos colares. E, pese a ir conduzidos por elementos tão débis, não tentam a fuga -que conseguiriam facilmente-, nem sequer resistem ou fazem força com os pés, se virando do avesso em sentido contrário ao da marcha, senão que prosseguem serenos e contentes, vitoreando a seu guia, se apressando todos com a corrente tensa ao querer se adiantar; ao que parece ofender-se-iam se se lhes soltasse. Mas o que me resultou mais estranho de tudo não vacilarei no relatar: não tendo o pintor ponto ao que unir os extremos das cadeas, pois na diestra levava já a maza e na esquerda tinha o arco, furou a ponta da língua do deus e representou a todos arrastados desde ela, já que se volta sorrindo a seus prisioneiros.

4 Permaneci em pé muito tempo contemplando o quadro, cheio de admiração, extrañeza e ira. E um celta que estava a meu lado, não ignorante de nossa cultura, como demonstrou em seu magnífico domínio do grego -um filósofo [druída], ao que parece, dos costumes pátrias-, disse:

5 Em princípio, se esse velho Heracles [-Isto é, a Eloquência-] arrasta aos homens atados das orelhas a sua língua, não te estranhes disso, pois conheces a afinidad entre os ouvidos e a língua. E não é um agravio contra ele que a tenha perforada, pois lembra -acrescentou- uns versos cómicos em yambos que aprendi entre vocês: quem falam em extremo "a língua têm todos perforada".

6. Numa palavra: nós achamos que Heracles o conseguiu tudo graças à palavra por ser sábio, e mediante a persuasão dominou quase sempre. E suas setas são as palavras -creio eu-, agudas, certeiras, rápidas, que ferem as almas. Aladas dizeis vocês também que são as palavras.

7 Isso disse o celta. [...] Ex Biblioteca Clássica Gredos, 42. Luciano Obras I. "Preludio Heracles". Trad. Alfonso Martínez Díez. (1996)



Confiamos pues, en que la sensatez y buena voluntad de los hijos de la comarca de Puente deume residentes en la Argentina hará de la Sociedad "Unión del Partido de Puente deume Pro-Instrucción", no una agrupación de personalismos que tanto perjudican a toda organización, sino un verdadero bloque que se opondrá tenazmente a que sus hermanos continúen siendo feudatarios de quien le escatima la instrucción para mejor burlar sus derechos.

Ayudemos, si, a ese núcleo de patriotas, en la medida que nuestras fuerzas lo permitan, y que no se diga que hay un solo hijo de esta comarca que deje de figurar en sus listas, pues ello nos demostraría poco amor al "recuncho" que le vió nacer y poco cariño a los hermanos que en su propio país son tratados como esclavos por las aves de rapiña, por la tiranía caciquil.

Eduquemos a los niños de hoy, que serán los ciudadanos de mañana, y serán ¿quién la duda? los encargados de regenerar la nuestra abatida Galicia; continuemos apoyando la labor de nuestros altruistas conterráneos para que se instalen cuanto antes esos planteles de enseñanza, única forma de cerrar las puertas del presidio que están abiertas de par en par para los que por falta de cultura delinquen inconscientemente.



# CÁTEDRA

## PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME 2013

### ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do XVI Premio de Investigación Concello de Pontevedra en temas etnográficos, composto por **D. Xosé Manuel González Reboredo**, doutor en Filosofía e Letras (Historia) e coordinador do Instituto de Estudos das Identidades no Museo do Pobo Galego; **D. Manuel Bouza Faraldo**, mestre, **D. Secundino García Mera**, mestre e director do Museo Etnográfico da Capela; e actuando como presidenta, **Dña. Ascensión de Vicente Olarte**, Concelleira de Cultura de Pontevedra; e como secretario do xurado **D. Alexandre Caínzos**, bibliotecario municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado *A medida do tempo nos reloxos de sol das construcións populares (cívís e relixiosas) da bisbarra do Eume* do que son autores D. José Manuel Yáñez Rodríguez e D. Antonio José Cañones Aguilar.

*Pontevedra, 4 de setembro de 2013*



# A MEDIDA DO TEMPO NOS RELOXOS DE SOL DAS ARQUITECTURAS POPULARES (CIVÍS E RELIXIOSAS) DA BISBARRA DO EUME

José Manuel Yáñez Rodríguez  
e Antonio José Cañones Aguilar

---

## ÍNDICE

1. A MEDIDA DO TEMPO.
2. A RELOXARÍA DE SOL EN GALICIA.
3. OS OFICIOS: canteiros e ferreiros.
4. AS CONSTRUCIÓNS POPULARES DO EUME E A PRESENZA NELAS DE RELOXOS DE SOL.
5. OS MATERIAIS UTILIZADOS NESTAS CONSTRUCIÓNS E NOS RELOXOS DE SOL.
6. CLASES DE RELOXOS DE SOL: segundo a orientación do plano e segundo a forma.
7. OS RELOXOS DE SOL NA BISBARRA DO EUME: funcionamento e tipos de reloxos.
  - 7.1 FUNCIONAMENTO DOS RELOXOS DA BISBARRA DO EUME. RELOXO POLAR
8. RELOXOS NOS CONCELLOS DE:
  - 8.1 A CAPELA:

Casa de Alfonso Naveiras. A Barbela. (4 reloxos: polar, vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Igrexa de Santiago do Pazo (4 reloxos: polar, vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Igrexa de Sta. María de Cabalar (1 reloxo: vertical meridional).
  - 8.2 AS PONTES:

Reitoral de S. Pedro de Eume (4 reloxos: polar, vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Igrexa de Sta. M<sup>a</sup> As Pontes (1 reloxo: vertical meridional).

Casa dos de Fresco (1 reloxo desaparecido).

Lar Endesa (1 reloxo cúbico no chan).

Rúa da Fábrica (1 reloxo vertical meridional).

Marraxón de Arriba (4 reloxo: polar, vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Pedrafitra (1 reloxo vertical meridional).

#### 8.3 CABANAS:

Hórreo en Xabariz. Soaserra (1 reloxo circular meridional).

#### 8.4 MONFERO:

Hórreo de Gabriel. (1 reloxo vertical meridional).

O Valado (1 reloxo vertical meridional).

Cabano na Torre de San Bartolomeu. Queixeiro (1 reloxo vertical meridional).

Igrexa Sta. Mª Vilachá (1 reloxo vertical meridional con arco superior).

Igrexa Sta. Mª de Taboada (1 reloxo vertical meridional con arco superior).

Igrexa S. Fiz de Monfero (1 reloxo vertical meridional con arco superior).

Igrexa de Santa María do Alto de Xestoso. (3 reloxo: vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Casa de Capote (1 reloxo cúbico vertical meridional).

Casa de José Dana (1 reloxo vertical meridional con arco superior sobre peaña).

Caxiao (4 reloxo: polar, vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental). Antiga reitoral de San Pedro do Val. Desaparecido. (1 reloxo vertical meridional).

Hórreo de Jesús das Filgueiras (1 reloxo vertical meridional).

Antonio do Couce de Abaixo (1 reloxo vertical meridional. Descontextualizado).

Casa de Rosendo (1 reloxo .Desaparecido).

A Portopena (1 reloxo. Desaparecido).

#### 8.5 PONTEDEUME:

Casa dos Azpilicueta (1 reloxo vertical meridional).

#### 8.6 VILARMAIOR:

Igrexa de s. Pedro de Vilarmajor (1 reloxo vertical meridional con arco superior sobre peaña).

Igrexa de Sta. Mª de Doroña (1 reloxo vertical meridional).

Igrexa de S. Pedro de Grandal (3 reloxo: vertical meridional, vertical oriental, vertical occidental).

Hórreo en Loureiro (1 reloxo vertical meridional).

Reitoral de Torres (1 reloxo dobre: vertical oriental, vertical meridional).

Igrexa de S. Xurxo de Torres (1 reloxo “non nato”).

#### 8.7 MIÑO:

S. Xoán de Callobre: (1 reloxo vertical meridional) e un conxunto de 3 reloxo: (vertical oriental, vertical meridional e vertical occidental).

### 9. EPÍLOGO.

### 10. BIBLIOGRAFÍA.

## 1. A MEDIDA DO TEMPO

O xeito de medir o tempo por medio dun gnomon é unha das máis antigas. O home fixouse na sombra proxectada polas árbores e outros obxectos fixos, observando que a súa lonxitude variaba segundo a posición do sol e que, despois do mediodía, se cambiaba para o outro lado.



Reloxo de sol romano do tipo "Scaphe" encontrado en Baelo (Cádiz). Século I d.C e exposto no Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid

Son numerosos os antecedentes históricos que se coñecen da forma de medir o tempo mediante o sol. Dende hai 4500 anos en China, pasando por Babilonia, os faraóns exipcios ou o imperio romano até os nosos días nos que algunha tribo primitiva en Borneo aínda utiliza gnomons.

Nese intento histórico de dominar a técnica da medición do tempo tamén houbo detractores que acusaban os reloxos de sol de rematar coa comodidade cotiá como refire o comediógrafo latino Plauto alá polo ano 200 a.C. e que dicía:

*"Que os deuses  
destrúan o primeiro  
que inventou a*

*hora e colocou o reloxo de sol que rompe o día en mil anacos! Até agora,  
o meu reloxo fora sempre o meu ventre, o mellor e máis seguro de todos.  
Por todas as partes e con seguridade chamábame para a comida, até cando  
non había nada que levarse á boca; pero agora, aínda que o haxa, non  
podo comer se ao reloxo de sol non lle praxe aínda".*

Como noutros eidos, o Imperio Romano foi o responsábel da difusión destes instrumentos por todo o orbe coñecido naquel tempo e proba diso son a cantidade de reloxos de sol que podemos ver hoxe en día en numerosos museos de Europa. En España témolos no Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid, no Museo Arqueolóxico de Cuenca ou no

Museo Nacional de Arte Romana de Mérida, aínda que se puido comprobar que algúns non se fixeron para o lugar onde se encontraron senón que foron fabricados para outros lugares e posteriormente levados á súa situación definitiva.



Cuenca



Mérida

Outra proba da existencia destes reloxos en España e doutros portátiles, e por iso máis pequenos, é o que nos conta o ilustre filósofo Lucio Anneo Séneca, nacido en Córdoba, cando no seu libro *Apocolocintosis*, se queixa dicindo: “*Máis doadamente haberá acordo entre os filósofos que entre os reloxos*”.


Nunha visión moi ampla e rápida podemos pasar á España da ocupación árabe para ver outro tipo de reloxos de sol como os encontrados en Córdoba, Almería, Málaga e Granada. Son principalmente realizados en mármore, planos e de posición horizontal co gnomon ou vara inserido perpendicularmente á cara. A sombra do extremo do gnomon é o que nos indica a hora. Utilizábanse principalmente para coñecer as horas das oracións diarias do culto islámico e teñen como característica unha indicación do acimut da alquibla que é a indicación da dirección onde está situada A Meca e onde deben orientarse os orantes nos seus rezos.

Estes reloxos de sol sinalan horas desiguais, é dicir horas que son máis longas en verán e máis curtas en inverno. Dentro de *Os libros do saber de Astronomía* de Afonso X o Sabio (1221-1284) hai descritos varios reloxos de sol da época. (Existe unha recompilación comentada que se publicou en 1863 e que se conserva na Biblioteca Galiciana)<sup>1</sup>.

1. Cf. <http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=4706>



Granada (Pazo da Alhambra)



Reproducción cuadrante andalusí

#### LOS CINCO LIBROS DE LOS RELOJES ALFARABIS.

- 1.—LIBRO DEL DISEÑO DEL LA PUNTA DE LA SOMBRA.
- 2.—LIBRO DEL DISEÑO DEL ALBA.
- 3.—LIBRO DEL DISEÑO DEL ANTOYO DEL
- DE.—LIBRO DEL DISEÑO DE LAS FÁBRICAS.
- 5.—LIBRO DEL DISEÑO DEL PASADIZO DE LOS DIOS.

Avanzando no transcurso do tempo e só citando o *Horologio* pola súa escasa difusión nalgúns códices, aparecen as chamadas *esferas de misa* e os reloxos de sol canónicos.



San Vicentejo, Condado de Treviño (Burgos)



Aguilafuente (Segovia)

As esferas de misa comezan aparecendo en igrexas románicas e consisten en circunferencias trazadas a unha altura menor á dun home cun burato pouco profundo no cen-

tro e en cuxa semicircunferencia inferior hai unhas marcas que polo menos son tres: a vertical que pasa polo centro e que sinala a hora sexta (indica o mediodía e de aí vén o nome da sesta); outra marca cara ao centro do cuadrante esquerdo que sinala a hora terza (meta-da mañá) e outra marca cara á metade do cuadrante dereito e que sinala a media tarde. Estas marcas suponse que serían as horas de culto do templo. Para o seu funcionamento ponse no orificio central unha vara perpendicular á parede ou simplemente un dedo e a sombra botada indícanos a hora. Normalmente non presentan ningún tipo de numeración. Non puidemos localizar ningún reloxo de misa nas diferentes igrexas románicas da nosa bisbarra eumesa, pero si un número considerábel de cuadrantes solares e reloxos polares.

As esferas de misa evolucionan cara aos reloxos de sol canónicos chamados así por encontrarse colocados nas fachadas de edificios relixiosos. Adoitan estar gravadas a unha altura superior á dun home na parede máis ao sur do edificio e consisten nunha semicircunferencia dividida en 12 partes iguais por liñas separadas 15 graos. Do centro do semicírculo sae unha vara perpendicular cuxa sombra nos indica a hora. Ao principio non teñen numeración e logo van numerándose substituíndo a hora sexta pola hora XII indicadora do mediodía solar. As principais horas canónicas son:

Matíns: media noite.

Campas: ao amanecer, habitualmente sobre as 3:00.

Prima: hora na que sae o sol, aproximadamente as 6:00 da mañá.


Terza: terceira hora despois de saír o sol, as 9:00.

Sexta: mediodía, ás 12:00.

Nona: sobre as 15:00.

Vésperas: tras a posta de sol, habitualmente sobre as 18:00.

Completas: antes do descanso nocturno, as 21:00.



As horas que están sobre a horizontal (o horizonte ficticio dos reloxos de sol) nunca estarán iluminadas, polo que non se poñen, e entre as demais intercálanse o resto até completar doce.

As horas canónicas seguen sendo desiguais. Miden horas desiguais, é dicir horas –de día, enténdese– que teñen máis duración en verán que en inverno. O sistema baséase en que divide o día en 12

horas e a noite noutras 12 horas, sexa cal sexa a época do ano. Ao ser o día máis curto en inverno, temos doce horas de luz que chegan a ser só de 45 minutos nos días próximos ao solsticio de inverno. A partir desa data as horas van tendo máis duración até chegar ao equinoccio de primavera en que o día ten 12 horas efectivas de 60 minutos cada unha, igual que a noite. A partir desa data os días fanse máis longos e consecuentemente as horas vanse alongando tamén até o solsticio de verán en que temos horas de 75 minutos.

#### RELOXOS CANÓNICOS



San Miguel de Foces de Ibieca (Huesca)



Ermita de San Babil (Huesca)

A partir do século XV o gnomon que até agora era perpendicular ao plano do reloxo pasa a poñerse inclinado segundo a latitude do lugar para o que se vai calcular o reloxo de sol. Por que? Pois porque con esa inclinación o teremos sempre paralelo ao eixe de rotación da terra. A hora a sinalar estará sempre no mesmo plano horario e así os reloxos xa son máis precisos e pasan a medir horas iguais. Estas *novas* horas son a vixésimo cuarta parte do tempo transcorrido entre dous pasos consecutivos do sol polo mesmo meridiano e son todas iguais sexa verán ou inverno, de día ou de noite. Agora xa temos asignada a hora XII ao paso do sol polo meridiano do lugar.

Agora xa vén a época dourada dos reloxos de sol que proliferan por toda España, Europa e o novo continente onde é levado este coñecemento principalmente polos clérigos e cuxa difusión se ve moi favorecida pola aparición da imprenta que fai que a xente culta poida adquirir moitos coñecementos que antes non tiña ao seu alcance.

É certo que xa por entón comeza a haber reloxos mecánicos pero non é menos certo que eran moi imprecisos e que para poñelos en hora sempre se utilizaba un reloxo de sol ou unha sinxela meridiana solar que era unha marca convenientemente calculada que indicaba o paso do sol polo meridiano do lugar e indicaba as 12 do día ou o medio-



Madrid – Rascafría – Monasterio de El Paular

día. En múltiples cidades e edificios con reloxos públicos existían estes reloxos *testemuña* como o da foto situado no campario da igrexa de Santiago Apóstolo en Totana (Murcia).


Outro tipo de horas que se utilizaron historicamente en Europa son as horas itálicas e babilónicas.

As horas babilónicas son o resultado de dividir o día natural en 24 partes iguais e comézanse a contar á saída do sol (*Ab Ortu* –dende o Orto– no reloxo da foto). As babilónicas son similares ás itálicas pero empézanse a contar a partir do sol-

por (*Ac ocasu* –dende o Ocaso– no reloxo da foto). Digamos que é un método máis natural de medir as horas xa que comezar a medir o día ás 12 da noite é máis complicado. Tamén tiña a súa utilidade na época. Con ese tipo de horas sabíase moi ben, por exemplo, as horas que faltaban para a posta de sol, dato moi importante cando un viaxeiro tiña que ir dunha cidade a outra e chegar antes de que se pechasen as portas da cidade, ao anoitecer, e quedar no campo a mercé dos delincuentes.

A mediados do XVIII os reloxos de sol comezan a ser exactos e o público comeza a constatar que o tempo medio medido por eles, e cuxa hora é constante, non tiña a mesma duración que o “tempo verdadeiro” medido polos reloxos de sol. Á diferenza existente, en cada momento, entre o tempo medio local e o tempo verdadeiro, que pode ser positiva ou negativa, é ao que se denomina *Ecuación de Tempo* e é unha corrección que hai que aplicar para pasar dun horario ao outro. Esta diferenza varía ao longo do ano e alcanza unha maior variación a principios de novembro –máis 16 minutos– e a mediados de febreiro –menos 14 minutos–.

## Ecuación de Tempo





Pero aínda hoxe en día os reloxos de sol seguen sendo útiles. En todos os observatorios astronómicos existe un heliógrafo que non é máis que un reloxo de sol cuxo gnomon é nunha esfera de cristal pola que pasan os raios de sol e van queimando unha banda de papel que nos indica as horas de sol de cada día. Afortunadamente, estes instrumentos están a rexurdir e cada día véselles máis en ámbitos públicos e como parte do mobiliario urbano en moitas cidades modernas.

Como parte integrante de igrexas e nalgunhas construcións etnográficas puidemos observar a presenza de reloxos de sol, elementos non moi presentes na bibliografía sobre construcións

etnográficas en Galicia, a excepción dalgunha alusión no apartado de adornos na publicación de *El hórreo gallego* (Rodríguez, 1975), algún artigo xornalístico e en revistas como a do Museo de Pontevedra (1974)<sup>2</sup>.

## 2. A RELOXARÍA DE SOL EN GALICIA

En Galicia, até o século XIX, a reloxaaría encóntrase relacionada con dous oficios artesanais: os *canteiros* e os *ferreiros*. Os primeiros na construción de reloxos de sol ou cuadrantes e os segundos na construción dos gnomons e os reloxos mecánicos. Filgueira Valverde recórdanos que os nosos reloxos de sol son obra da arte popular dos *pedreiros*, pero a iniciativa parte, tardiamente, dos estratos sociais máis ilustrados. Aquí, en Galicia, os primeiros son de comezos do século XVII. O termo “cuadrante”, ten un sabor erudito, como aprendido das reitorais, os mosteiros ou os pazos.

2. Neste sentido, é de referencia a publicación *Relojes de piedra en Galicia*, de José Luis BASANTA, Fundación Barrié, A Coruña, 1986, á que faremos repetidas alusións.

A xeito de exemplo, no mosteiro de Caaveiro, no corazón do val do Eume, ademais de acudir ás cerimoniais solemnes, os cóengos regulares de Santo Agostiño debían rezar no coro da igrexa colexial de San Xoán as *horas menores* antes das 10 e as vésperas, polas tardes. Pola noite rezaban o rosario e celebraban misa cantada. Non podemos asegurar a existencia dun relox de sol neste cenobio, pero do que si temos constancia é dun relox de pesos no s. XVIII<sup>3</sup>.



Mosteiro de Caaveiro no século XVIII con todo os seus edificios. Hipótese do autor

En Monfero, mosteiro cisterciense de monxes bernardos, o *Horarium* era o bieito, que entrou en vigor en Cîteaux, regulando a vida dos irmáns dende o amañecer até o solpor: é o *Opus Dei*, ao que *nada será preferido*. Un irmán encargábase da tarefa de esperar os monxes para o oficio nocturno.

*“Parece oportuno [...] [que todos os irmáns] teñan o mesmo modo de vida,  
o canto e todos os libros necesarios para as horas diúrnas e nocturnas [...]*

3. A.R.G. Fol. 169r. 2-4-1746. Tómanse as contas do ano 1744. Entre os cargos están: “*Más se le cargan duzientos reales que se le entregaron del Archibo para mudar la Campana del Relox y Quarto para las ruedas a donde aora están*”; “*Más se le cargan nuebecientos reales de vellón que se le entregaron del dinero del Archibo para reparos del Monasterio*”; “*Más se le cargan quinientos reales de vellón que se les entregaron de dicho Archibo para obras de dicho Monasterio*”.

*de sorte que non haxa ningunha diferenza nos nosos actos, senón que vivamos nunha soa caridade, baixo unha soa regra e segundo un modo de vida semellante”.*

Charte de Charité

Como parte integrante de igrexas e nalgúñas construcións etnográficas puidemos observar a presenza de reloxos de sol, elementos de escasa presenza na bibliografía sobre construcións etnográficas en Galicia, a excepción dalgúña alusión no apartado de adornos na publicación de *El hórreo gallego*<sup>4</sup>, algún artigo xornalístico e en revistas como a do Museo de Pontevedra (1974)<sup>5</sup>.

En Galicia, José Luis Basanta<sup>6</sup>, destaca a grande abundancia deste tipo de reloxos, sobre todo na provincia de Pontevedra, superior en número a outras partes de España; circunstancia que é máis significativa se temos en conta que na área xeográfica galega o clima proporciona máis días anubrados que soleados, ao contrario, por exemplo, que en Castela ou en Andalucía.

Dentro do continente europeo, España áchase nunha posición intermedia no ránking de reloxos de sol que se conservan, sendo os grandes gañadores Francia e Italia con gran cantidade deles de moi diferentes tipos e moi alta calidade tanto na execución artística como gnomónica.

En canto á súa distribución xeográfica, son máis abundantes na zona rural (hórreos, pequenas igrexas, vivendas significativas...) que nas capitais. Basanta realizou un inventario, non exhaustivo, de Galicia, centrado sobre todo na provincia de Pontevedra, no que tan só se recolle un dos reloxos do noso ámbito de estudo, polo que neste traballo achegaremos algúns máis que aínda permanecen.



Reloxo do Museo de reloxos de sol de Lugo

Non por iso é menor a achega galega ao mundo da gnomónica. Ademais das obras citadas de Basanta hai que subliñar a importante colección de reloxos reunida no museo

4. MARTINEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1975.

5. Neste sentido, son de referencia, ademais dos traballos publicados polo Museo de Pontevedra, os de BASANTA, descritos por Filgueira Valverde no prólogo á segunda da publicación *Relojos de piedra en Galicia*, de BASANTA, José Luis, Fundación Barrié, A Coruña, 2003, á que faremos repetidas alusións.

6. *Ibidem*,

de Lugo e a recompilación bibliográfica publicada por Abel Vilela, entre outros. No século XVIII, o pai franciscano Buenaventura Tellado que, segundo se le na portada é “Religioso Menor de la Santa Provincia de Santiago, Colegial que fue en el insigne de Alva, ex - Lector de Arte, y de Teología Moral en el Real de Salamanca, y Maestro de estudiantes en de Santiago de Galicia”, publicou un delicioso libro. *Trátase do Nuevo manogito de flores, en tres ramilletes, compuesto de varias flores para todas personas Católicas, Eclesiásticas y Religiosas* escrito en 1766. Como prólogo a estes reloxos de sol, o pai Buenaventura expón unha “*Tabla particular para saber en todo el año a que hora sale, y se pone el Sol, y quantas horas tiene el día, y la noche*”.

Na época en que se escribe este libro, a gnomónica está en pleno florecemento e transcorreron xa dous séculos dende que os reloxos de sol foron un obxecto de uso cotián, comunmente empregado pola xente. O autor trata de divulgalos, segundo el mesmo escribe, en beneficio de “*los que viven en lugares que no tienen reloj*”.

O ramallete destinado aos católicos ten dez flores, e a última leva por título *Curiosidades*, entre as cales se describen dous tipos de reloxos, un para saber a hora durante o día e outro para a noite. O reloxo de día é un método simple, exento de calquera artificio material, que pode dar bos resultados se se practica suficientemente. O reloxo de noite é coñecido dende tempos antiquísimos, e foi empregado polos primeiros mariñeiros que navegaban polo Mediterráneo<sup>7</sup>.



Portada do libro e descrición dos reloxos de día e de noite

7. Texto de Jacinto del Buey Pérez, coronel de enxeñeiros, licenciado en Ciencias Químicas e vicepresidente da Asociación de Amigos dos Reloxos de Sol (AARS) en 2005.

### 3. OS OFICIOS

O proceso construtivo é consecuencia dun coñecemento colectivo e dunha experiencia compartida que se nutre da participación, por un lado, de artesáns que traballan coas súas propias mans e con medios técnicos rudimentarios: canteiros, ferreiros, carpinteiros...; e polo outro, do concurso de especialistas relacionados coas pequenas industrias artesanais de transformación. Todos eles crearon tecnoloxías autóctonas e un modo de construír no que cada material está perfectamente empregado en función da necesidade requirida. Como se comentou, os reloxos de sol están intimamente ligados a dous oficios: os *canteiros* na labra do reloxo preferentemente, e os *ferreiros* para os elementos metálicos: gnomon, estilete e en ocasións, o soporte.

O artesán xurdiu, pois, como un servidor que coñecía o sentir das xentes para as que producía, que lles falaba nunha linguaxe propia do seu grupo diferenciado porque el era un membro máis dese grupo; coñecía, como eles, o modelo económico e de produción, o clima, a xeografía, os modos de vida, costumes e sentimentos. Por iso sabía dar resposta axeitada a unhas necesidades en principio moi estritas e limitadas a un consumo moi medido<sup>8</sup>.



As ferramentas e utensilios empregados polos canteiros e albaneis no s. XVIII eran: 1) Paleta, 2) Trollo, 3) Pico, 4) Piquetiña, 5) Corda, 6) Cravos, 7) Chumbada, 8) Regra, 9) Nivel, 10) Esparabel, 11) Fratás, 12) Talocha, 13) Cubos, esportas, liás, 14) Piqueta, 15) Zapapico, 16) Sacho, 17) Pa de ferro, 18) Pa de madeira, 19) Batideira<sup>9</sup>.

8. BALTAR TOJO, Rafael, *Arquitectura y prexistencias. Una referencia gallega*, ed. Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1991, p. 64.

9. VILLANUEVA, Juan de, *Arte de albañilería ó Instrucciones para los jóvenes que se dediquen a él*. Edición Pedro Zengotita Vengoa. Madrid 1866.



Ferramentas dos ferreiros: 1, 2, 3, tenaces, 4, tenaces de corte, 5, tenaces de volta, 6, tenaces de lume, 7, atizador, 8, tenaces curvas, 9, esteixador, 10, 11, 12, martelos, 13, sufrideira, 14,15, tufos, 16, tronzafrio, 17, punzón, 18,19, tallesiras, 20,21, limas, 22,23, tallesiras.

#### 4. AS CONSTRUCIÓNS VERNÁCULAS DO EUME E A PRESENZA NELAS DOS RELOXOS DE SOL

As arquitecturas populares ou vernáculas, fronte a outras máis cultas ou monumentais, con maiores medios, técnicas e recursos, poñen de relevo o esforzo necesario para levar a cabo a súa construción, xa que dende a elección do lugar onde situalas á materialización da súa execución en moitos casos supón unha loita coa natureza e un medio hostil.

Na arquitectura popular, rural ou urbana, as solucións afloran máis claramente como resposta de defensa ante o medio e demandas funcionais, económicas, sociais ou culturais do seu propio mundo<sup>10</sup>.

10. BALTAR TOJO, Rafael, *op.cit*, p. 67.

Na bisbarra do Eume, como no resto de Galicia, a casa-vivenda é a construción básica onde primeiramente se abeiran os membros da unidade familiar e os animais. En torno a ela, e como resposta ás necesidades de subsistencia da vida do campo, aparecen unha serie de edificacións etnográficas, denominadas por algúns autores<sup>11</sup> adxectivas, complementarias ou anexas, mesmo, ao noso xuízo, denominadas de forma equivocada, arquitecturas *sen autor*<sup>12</sup> que solucionan problemas de **almacenamento**: alboios ou cabanos, hórreos, adegas, paleiras..., **de cría e corte de animais**: alvarizas, cortes, poleiros, pombais, porqueiras, **de transformación**: muíños, eiras ou airas, fornos, lagares..., **de comercialización**: recintos de feira, de equipamento: lavadoiros, fontes, pozos, **ou do territorio**: pontes e pontellas, muros, cerramentos, socalcos, camiños...

Nesta bisbarra evidénciase, como no resto de zonas de estrutura similar do territorio galego, a reciprocidade existente entre o home e o medio dando resposta á demanda de necesidades cun amplo repertorio de construcións que veñen a satisfacer cada unha delas. Non só procura o asentamento territorial máis axeitado para a súa vida campesiña, senón que integra a natureza no proceso construtivo mediante a utilización dos recursos propios que lle ofrece o territorio que habita.

Como consecuencia do anterior e debido á autosuficiencia do home no medio natural, encontramos unha serie de características comúns a todas as construcións populares, que poderíamos sintetizar en:

- Construción por artesán e / ou usuario.
- Formas repetitivas no territorio.
- Sinxeleza construtiva e funcionalidade.
- Integración no medio natural.
- Utilización de materiais propios da zona<sup>13</sup>.

11. Algúns recoñecidos arquitectos galegos achegaron os seus estudos e reflexións sobre a arquitectura popular galega, como GALLEGO JORRETO, J.M., PORTELA, César, o DE LLANO CABADO, Pedro, BALTAR TOJO, Rafael. Algúns deles citados por CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel, en *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. 2003. 550, pp, 85-86.

12. Neste sentido, entendemos que a súa denominación máis axeitada sería se “autor anónimo” xa que, aínda que se descoñeza o seu nome, autor ou autores si que tiveron.

13. Sobre as notas singularizadoras das arquitecturas populares galegas, recomendamos tamén o citado texto de CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel.

## 5. OS MATERIAIS UTILIZADOS NESTAS CONSTRUCIÓNS E NA RELOXARÍA DE SOL



Gneis Ollo de sapo, moi abundante na zona do Eume



Reloxo de sol de granito na Barbela. A Capela

Dentro da nosa demarcación de estudo da bisbarra eumesa, podemos atopar o **granito** como material preferente de utilización nos muros da Capela; **os gneis, pizarras e os cuarzos** en Monfero; a **lousa de xisto** pizarroso empregada en cubertas das construcións de casas-vivenda ou en peches de predios e alpendres nos concellos da Capela, As Pontes ou Monfero, e a **madeira** que proviña das fragas do Eume en todo o ámbito de estudo. A utilización de materiais propios do lugar contribúe a que as texturas e cores sexan as mesmas que os macizos pétreos que configuran a paisaxe, integrándose nel as arquitecturas e, á súa vez, nestas, os seus elementos. Tal é esta integración, que en moitos casos a mimetización do reloxo de sol no ben patrimonial fai difícil a súa distinción e algúns paisanos do lugar descoñecen a súa existencia. Como máis adiante detallaremos, encontramos reloxos de sol en diferentes arquitecturas populares: **en casas-vivenda, en hórreos, en cabanos, en paleiras, igrexas...**

## 6. CLASES DE RELOXOS DE SOL

Atendendo á **distinta orientación** do plano do reloxo, os reloxos de sol clasifícanse en:

### A) VERTICAIS

O plano é perpendicular ao do meridiano.

- Meridional, ortomericiano, normal ou non



**declinante:** Aquel cuxo cuadrante está perfectamente orientado ao sur. O gnomon forma co plano do cuadrante un ángulo igual á colatitude do lugar.

- **Declinante:** O seu plano está orientado en posición intermedia, ao SE –a levante– ou ao SO –a poñente–. É dicir é oblicuo respecto á liña leste-oeste.
- **Lateral ou lateral meridiano:** Os orientados directamente ao leste –oriental– ou ao oeste –occidental–. O seu plano é paralelo ao do meridiano.
- **Setentrional:** O cuadrante mira plenamente ao norte. Nas nosas latitudes só funcionan entre o solsticio de primavera e o do verán e marcan as primeiras horas da mañá e a últimas da tarde.

## B) OBLICUOS

Ou inclinados: aqueles non horizontais que teñen o seu plano oblicuo. Cando o seu plano é paralelo ao eixe da terra denomínase polar e o gnomon é paralelo ao plano do cuadrante. Tamén poden ser oblicuos e declinantes.

## C) HORIZONTAIS

O plano é paralelo ao horizonte. O *estilo* sae inclinado cun ángulo igual ao da latitude do lugar colocado e o seu vértice mirará ao sur.

## D) ECUATORIAIS

Co plano do reloxo paralelo ao ecuador. Forma co horizonte un ángulo igual á colatitude do lugar e o gnomon será perpendicular ao plano do cuadrante.

Ademais e dada a enorme variedade de tipos de reloxos de sol, cada autor ten unha clasificación particular e son cuantiosas as maneiras de agrupalos como podían ser:

- Pola figura xeométrica da peza física onde está deseñado.
- Pola figura xeométrica onde van encerradas as liñas horarias.
- Pola técnica de preparar ou marcar as liñas.
- Polos datos que proporcionan.
- Polo tipo de horas que marcan.
- Polo material de soporte.
- Pola súa utilización fixa ou móbil.
- Pola súa colocación.
- Polo ámbito de utilización.
- Pola forma de recibir os raios do sol.

En canto á súa *forma*, Basanta establece unha sistematización da forma do *contenente* da parte astronómica do reloxo solar galego, distribuíndoos en 6 tipos básicos:

#### A) CUADRANGULARES



#### B) CIRCULARES



#### C) SEMICIRCULARES




#### D) ANTROPOMÓRFICOS



#### E) CÚBICOS



#### D) DE FANTASÍA




Tomados de BASANTA, José Luis, *Relojos de piedra en Galicia*, Fundación Barrié, 2003

Os situados en hórreos, construídos case na súa totalidade en granito, están exentos, para ser doadamente orientábeis ao sur, polo cal a súa construción é máis doada. Son do tipo vertical ortomeridiano.

Os que se encontran en vivendas ou edificacións auxiliares, algún, como remate de cumieira na cuberta, coa orientación sur.

Nas igrexas -neste caso todas rurais, a excepción da de Santa María das Pontes, nun ámbito máis urbano- encóntranse na parede sur, debido á súa orientación canónica leste-oeste.



Tomado de BASANTA, José Luis, *Relojes de piedra en Galicia*, Fundación Barrié, 2003

## 7. OS RELOXOS DE SOL NA BISBARRA DO EUME

O ámbito de estudo referímolo á bisbarra do Eume, abranguendo os seguintes municipios: A Capela, As Pontes, Monfero, Pontedeume, Cabanas e Vilarmaior. Incluímos tamén a parroquia de San Xoán de Callobre (Miño) pola súa proximidade xeográfica e a circunstancia de que a súa igrexa teña dous tipos de reloxo.

Nos centenares de puntos visitados, localizamos 55 reloxo situados en cinco conxuntos gnomónicos cuádruplos, tres conxuntos triplos, un reloxo dobre e vinte e cinco reloxo sinxelos.

Por concellos, a distribución xeográfica dos reloxo é: A Capela (9), As Pontes (13), Cabanas (1), Monfero (18), Pontedeume (1), Vilarmaior (13), Miño (1)<sup>14</sup>.


14. Só se estudou o da igrexa de San Xoán de Callobre neste municipio.

En canto ás edificacións nas que están situados: en casas-vivendas rurais (13), en igrexas (22), en casas-reitorais (7), en espazos públicos (2), en hórreos (4), en cabanos (5), descontextualizados (2), desaparecidos (2)<sup>15</sup>.

En canto ao tipo, de forma resumida: polares (5); verticais meridionais (34), verticais orientais (9); verticais occidentais (8).

En canto á forma, predominan os cuadrantes cuadrangulares-rectangulares, con presenza importante dos prismáticos e/ou cúbicos, e en menor medida os semicirculares e circulares.

## 7.1 FUNCIONAMENTO DOS RELOXOS DA BISBARRA DO EUME. RELOXO POLAR



Reloxo polar en Huesca



Reloxo polar nun conxunto  
cuádruple de Marraxón de  
Arriba. As Pontes

15. Constátanse dous recentemente, pero o número é moi superior pola desaparición de edificacións que os tiñan.

O funcionamento deste reloxo baséase en que as arestas da pedra se tallan coa latitud do lugar onde se situará o reloxo, así temos que esas arestas fan de gnomons que serán paralelos ao eixe de rotación da Terra. A superficie onde esas arestas proxectasen as súas sombras serán, polo tanto, tamén paralelas ao eixe terrestre. Isto provoca que neste tipo de cuadrantes as liñas horarias sexan sempre paralelas.


Seguindo o debuxo feito sobre a foto do reloxo de Marraxón de Arriba, nas Pontes, que máis adiante analizaremos, fixámonos na aresta marcada coa “M” que nos indicará sobre a superficie cilíndrica as horas da mañá comezando polas 6 da mañá xusto sobre a aresta oposta. Ao ir subindo o sol polo ceo, a sombra da aresta vai baixando e con cada 15 graos de avance do sol, a sombra vainos indicando unha hora máis, así se irán sucedendo as 7, 8, 9, 10 e 11 da mañá. Cando o sol estea sobre o céntro do lugar non se apreciará ningunha sombra no reloxo. Xusto nese momento e só nese momento, as arestas laterais están iluminadas simultaneamente e o reloxo indícanos as 12 ou o mediodía. A partir de entón é a aresta marcada co “T” a que comezará a funcionar indicando as horas da tarde, nas mesmas marcas das horas da mañá. As sombras avanzan pola 1, 2, 3, 4, 5 e ás 6 a sombra da aresta chegará á aresta oposta.

As dúas exteriores marcan as 12, o mediodía, e a da dereita marca as horas da mañá e a da esquerda marca as horas da tarde.

É un modelo de reloxo de sol moi decorativo, sinxelo de calcular e moi indicado para colocar en lugares accesíbeis ao público pois é bastante antivandálico ao non ter gnomons susceptibles de dobrar ou romper. Se ese conxunto solar se colocase máis arriba apenas se vería o reloxo polar dende o chan.

## 7.2 FUNCIONAMENTO DO RELOXO LATERAL, ORIENTAL OU OCCIDENTAL

Reloxo lateral oriental no  
reloxo cuádruple de  
Marraxón de Arriba,  
nas Pontes




Como nos demais, o gnomon colocárase coa inclinación da latitude do lugar e paralelo ao plano do reloxo. Polo tanto, tamén neste tipo de reloxo as liñas horarias serán paralelas entre si e paralelas ao gnomon.

Seguindo o debuxo feito sobre a foto da cara leste do reloxo de Marraxón de Arriba, As Pontes, vemos que a aresta do gnomon que nos indicará as horas é a pintada de cor verde. A primeira hora que poderá iluminar o sol, dependendo da latitude do lugar, será as 4 da mañá e ao seguir subindo marcará as 5. Cando estea no mesmo plano que o gnomon serán as 6 da mañá, por iso nestes reloxos a base do gnomon sempre está sobre esa hora. No seu avance o sol irá marcando as horas sucesivas: as 7, 8, 9, 10, e cada vez a liña horaria sepárase máis do pé do gnomon polo que a hora das 11 só a marca nalgúns reloxos e a das 12 nunca a marcan por estar o sol moi arriba e a sombra irse cara ao infinito.

O reloxo da cara oeste funciona de igual xeito, sendo a primeira hora enteira que pode marcar a da 1 da tarde, marcando as 6 da tarde cando o sol estea no plano do gnomon e as 8 da tarde a última antes de anoitecer.

A presenza de conxuntos con reloxos polares na bisbarra do Eume, colocados a unha altura excesiva do plano do chan, –que os fai moi pouco visíbeis–, fainos pensar na posibilidade que estes bloques de pedra cos 4 cuadrantes se fíxesen a xeito de traballo *en serie* polos canteiros que xa tivesen uns equipos cos cortes da pedra e as liñas horarias e que tivesen feitos algúns e almacenados. Non hai que descartar que, por entón, no encargo dun reloxo ofrecesen este modelo que é o que tiñan feito aínda que un dos reloxos non tivese boa visión dende a rúa.



## 8. OS RELOXOS NOS CONCELLOS DA BISBARRA DO EUME

Esta unidade xeográfica está constituída polos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes. Para os efectos deste estudo incorporamos o concello de Vilarmaior. Está situada no extremo noroccidental da provincia da Coruña. Polo norte, delimitada pola bisbarra de Ferrolterra: concellos de Ares, Neda, Fene, San Sadurniño e As Somozas e parte da bisbarra de Ortegal: concellos de Ortigueira e Mañón; polo sur, polos municipios de Miño, Irixoa e Aranga pertencentes á bisbarra de Betanzos. Ao leste, a provincia de Lugo e polo oeste ábrese ao mar pola ría de Ares, no chamado golfo Ártabro.



Nos extremos de oeste a leste sitúanse as vilas de Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez, respectivamente. A primeira entre a boca do Eume e o fondo da ría, constituíndo unha área de tradición turística; a segunda no alto do curso medio do mesmo río, como único enclave industrial no ámbito da área do parque. Nas proximidades, a menos de 30 kms. de distancia, sitúanse a cidade de Ferrol ao norte e a vila de Betanzos ao sueste.

## 8.1 A CAPELA

### **Casa de Alfonso Naveiras na Barbela. Santiago da Capela**

Esta edificación, denominada casa de Alfonso Naveiras no lugar da Barbela, parroquia de Santiago da Capela, é unha vivenda tradicional desta zona, de planta baixa e piso alto, que hai un tempo foi rehabilitada.



Unha vez rematadas as obras de rehabilitación recolocouse o reloxo sobre a soleira dunha nova galería da planta primeira, na fachada principal, orientada ao mediodía, sen que poidamos saber o lugar que ocupaba orixinariamente, aínda que pensamos que debería ser moi próximo ao actual.

Unha pedra base de granito, hoxe depositada no chan, nas inmediacións da propiedade era a de soporte do reloxo e complementaríaa o conxunto do reloxo solar. Trátase dun bloque granítico duns 15 cms. de grosor e hoxe de forma sensibelmente cadrada, que antes da rehabilitación da vivenda, a súa parte traseira estaba encaixada na parede, polo que nun principio a peza orixinal era rectangular. Dispón dunha incisión a xeito de canliña de desagadoiro dereito posterior e lateral para a evacuación da auga, cunha pequena gárgola á fronte nun lateral. Sobre a superficie superior asentábase o reloxo, orientado ao mediodía no seu cuadrante meridional.

**Conxunto de reloxos de sol cuádruplo.** É un conxunto gnomónico no que se observan catro cuadrantes solares.

**Cuadrante 1: reloxo de sol vertical meridional** situado na parte frontal do bloque de pedra. Liñas horarias de 6 da mañá a 6 da tarde con indicación de horas enteiras

con raías longas e medias horas con raías curtas. Non se observan restos de numeración. As raías non chegan até o polo do reloxo. O gnomon é metálico e está fixado con chumbo. Parece o orixinal e coa parte inferior cun corte curvo.

**Cuadrante 2: reloxo de sol vertical occidental** situado no lateral esquerdo do bloque de pedra. Marca dende as 2 ás 8 da tarde. A liña da 1 da tarde non se ve claramente. Ten un orificio para o gnomon –que desaparecen–, sobre a liña das 6. Non se ven restos de numeración<sup>16</sup>.



Cuadrante 1 meridional



Cuadrante 2 Occidental



Detalle de numeración do cuadrante 2

**Cuadrante 3: reloxo de sol polar** sobre a parte superior do bloque de pedra e con corte cilíndrico. Vense relativamente ben 4 liñas: as das 7/1, as 8/2, as 9/3 e as 10/4. As 5, onde está no debuxo. Este reloxo, ao medir horas que van distanciadas 15° cada unha da outra ten que ter esas liñas paralelas e equidistantes. A liña das 3 e as 9 debe estar no centro da parte inferior.

16. No tempo en que se facían estes reloxos, sempre ou case sempre se facían os cálculos con graos enteiros, polo tanto, son válidos os 43° que saen segundo o debuxo en Autocad. Se para esa latitude se fai un trazado para un reloxo occidental, saen liñas que coinciden bastante aceptablemente coas que hai gravadas no reloxo.



Cuadrante 3 polar



Detalle de simulación de numeración do cuadrante 3 polar

**Cuadrante 4: reloxo de sol vertical oriental.** Aínda que non se ve claramente, o máis probábel é que haxa outro cuadrante complementario do 2 na cara da dereita do bloque de pedra. Indicaría de 4 a 11 da mañá.




Alzado frontal da primitiva peza de soporte



Planta da primitiva peza de soporte




Localización actual na galería



Primitiva posición na peza-soporte

## Igrexa parroquial de Santiago do Pazo (tamén denominada *capela do Pazo*). A Capela

O edificio da igrexa é de planta de cruz latina, dunha soa nave, e ábsida rectangular, que tivo varios engadidos en diferentes épocas, entre eles, posibelmente, a sancristía pegada ao muro setentrional. Os muros de carga son de fábrica de cachotaría que se deixou á vista, encintándoa, con esquinais de cantaría de granito. Destaca exteriormente o campanario barroco na fachada principal con dobre corpo e cupulín rematado con pináculo de bóla. A fachada, toda ela de cantaría labrada de granito, é asimétrica por ter só unha torre-campanario na súa esquina nor-occidental.



Alzado lateral e planta da igrexa parroquial de Santiago do Pazo. A Capela

Esta igrexa estivo historicamente vinculada ao priorado de San Xoán de Caaveiro, xa que no pazo veciño se aloxaba o prior, sendo, de todas as igrexas da zona, a que se encontra máis próxima ao mosteiro, antes da baixada a este polo camiño do Pousadoiro.

O reloxo de sol apóiase sobre a cornixa de remate do extremo sur-oeste do muro da fachada, que ten unha entalladura na súa cara sur. Hoxe en día encóntrase bastante colonizado por liques ao igual que o resto da pedra da igrexa.

É un **conxunto de reloxos de sol cuádruplo**. Un conxunto gnomónico no que se observan catro cuadrantes. Labrado en granito, está exento e orientado ao mediodía. Encóntrase moi invadido por mofos.

**Cuadrante 1: reloxo de sol vertical meridional** situado na parte frontal do bloque de pedra. Liñas horarias de 6 da mañá a 6 da tarde con indicación de horas enteiras, con raias longas, e medias horas con raias curtas. Numeración arábica. Rectángulo delimitador de liñas horarias. Gnomon polar metálico fixado con chumbo que parece o orixinal e coa parte inferior cun corte curvo.

**Cuadrante 2: reloxo de sol vertical occidental** situado no lateral esquerdo do bloque de pedra. Marca dende a 1 ás 8 da tarde. Non se ven restos de numeración nin do gnomon.



Vista parcial das fachadas sur e oeste



Vista parcial da fachada sur co reloxo



Cuadrante 1 vertical meridional



Cuadrantes 1 e 2: v. meridional e v. occidental



Cuadrante 2: vertical occidental e parte posterior



Detalle de posición na cornixa


**Cuadrante 3: reloxo de sol polar** sobre a parte superior do bloque de pedra e con corte cilíndrico. Non se ven restos de numeración nin de liñas horarias.

**Cuadrante 4: reloxo de sol vertical oriental.** Aínda que non se ve claramente, é posíbel que haxa outro cuadrante complementario do 2 na cara da dereita do bloque de pedra. Indicaría de 4 a 11 da mañá. Tamén ten o gnomon desaparecido.

## Igrexa de Santa María de Cabalar

Trátase dunha igrexa de estilo barroco. Ten unha soa nave de planta rectangular, con muros perimetrales de carga coa cuberta a dúas augas e a parte posterior da ábsida a tres augas con cubrición de lousa da zona. Na súa parte lateral, ao norte, un corpo pegado cumpre a función de sancristía. A nave recibe escasa iluminación natural, a través de pequenos ocos nos seus muros, recercados en cantaría de granito.

Aos pés da nave, sitúanse as escaleiras de acceso ao coro alto, que son de ferro forxado. O espazo correspondente ao presbiterio está delimitado por un arco de ingreso lixeiramente apuntado. Ao fondo da ábsida encóntrase un retablo barroco coa imaxe de santa María, patroa da parroquia, no oco central.



Alzado frontal e planta da igrexa de Santa María de Cabalar

A fachada presenta un aparello de cantaría de granito labrada de boa factura. Compositivamente, segundo o eixe central vertical, superpóñense unha porta rectangular de acceso á nave, alintelada, e sobre ela un *ollo de boi* circular que proporciona iluminación natural ao coro e, sobre el, unha base con decoración de placas situadas horizontalmente, sobre a que arranca a espadana de dobre campanario que remata na súa parte central superior e laterais con pináculos. No máis alto, unha cruz de ferro forxado.

O reloxo de sol encóntrase no extremo sur-occidental, ao lado dun dos pináculos, apoiado sobre a cornixa da esquina das fachadas meridional e a occidental ou principal. Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional** orientado e exento, gravado en bloque de pedra con frontón rectangular coroado en arco. É case igual que o da igrexa de santa María de Vilachá en Monfero polo que podería deducirse razoablemente que os dous foron construídos polo mesmo canteiro.



Reloxo vertical meridional con arco superior e gnomon triangular



Igrexa de Santa María de Cabalar. Detalle do reloxo de sol no aleiro da cuberta

Ten restos de numeración arábica e só liñas das horas enteiras que rematan nun cadrado separador das liñas e os números. O gnomon é polar, de chapa de ferro fixado con chumbo.

## 8.2 AS PONTES


**Reitoral da igrexa parroquial de San Pedro de Eume**

A antiga reitoral é un espléndido exemplo do que debeu ser unha casa-forte da bisbarra do Eume, hoxe abandonada e en ruína. Construída en pedra de cachotaría de lousa característica da zona, a excepción dos vans e esquinais realizados en cantaría de granito de boa factura. Consta de planta baixa e alta e ao longo do tempo experimentou ampliacións que se reflicten na fachada mediante xuntas que sinalan a adición de volumes. A cuberta é a tres augas, con cubrición de lousa. Sobre unha das esquinas dun corpo engadido á primitiva casa, no aleiro da cuberta, cara ao sur-este, ten un reloxo de sol de granito de forma prismática cuadrangular. Apóia-se sobre unha peza granítica de forma octogonal.



Planta terrea

**Conxunto de reloxos de sol cuádruplo.** É un conxunto gnomónico no que se observan catro cuadrantes solares. O conxunto apóiase sobre unha base octogonal e está exento e orientado sobre o esquinál formado por perpiaños de cantaría da edificación. Moi boa peza e moi ben conservada.



Alzado sur



Vista sur-oeste da reitoral

**Cuadrante 1: reloxo de sol vertical meridional** situado na parte frontal do bloque de pedra. Liñas horarias de 6 da mañá a 6 o a tarde con indicación de horas enteiras, con raias longas, e medias horas con raias curtas. Numeración arábica (vese o 6 das seis da mañá). Rectángulo delimitador de liñas horarias. Gnomon polar metálico fixado con chumbo que parece o orixinal e coa parte inferior cun corte curvo.

**Cuadrante 2: reloxo de sol vertical occidental** situado no lateral esquerdo do bloque de pedra. Marca dende a 1 ás 8 da tarde. Gnomon colocado de forma correcta e parece que fixado con chumbo, sobre a liña das 6, en moi bo estado. Non se ven restos de numeración.

**Cuadrante 3: reloxo de sol polar** sobre a parte superior do bloque de pedra e con corte cilíndrico. Non se ven restos de numeración nin de liñas horarias.

**Cuadrante 4: reloxo de sol vertical oriental.** Aínda que non se ve claramente, é posíbel que haxa outro cuadrante, complementario do 2 na cara da dereita do bloque de pedra. Indicaría de 4 a 11 da mañá.



Cuadrante 2 vertical occidental



Cuadrante 1 meridional e polar



Detalle do reloxo sobre o esquinal

## Igrexa de Santa María das Pontes

De entre todos os edificios existentes no concello, destaca a igrexa de Santa María das Pontes, situada no núcleo urbano, na praza de Santa María, e que desenvolve a función de parroquial da vila. Probabelmente isto propiciou a súa conservación ao longo dos anos.


Seguindo a Rivera Rouco, no arco triunfal que delimita o espazo pertencente ao presbiterio hai unha inscrición que dataría a construción da igrexa: *Esta capilla hizose en el año de 1446 siendo cura de Puentes don Faustiano (...)*, correspondéndose esta cunha base estrutural pertencente ao gótico tardío, aínda que a finais do século XVIII lle foron engadidas as naves laterais (datadas en 1759 e 1767) e o campanario. Para este último utilizáronse os restos do castelo pertencente a don García Rodríguez de Valcárcel. Consecuentemente, nese momento lévase tamén a cabo unha ampliación da fachada principal, na que se distribuían tres portas alinteladas, rematando a central nun arco de medio punto que daba lugar a un tímpano plano. Tamén neste século construíuse a que sería a segunda sancristía do edificio, correspondendo a primeira ao século XV, e na que existía un pequeno campanario de caracteres góticos, desenvolto nunha pequena espadana, que foi derrubada en 1950.

En 1965 levouse a cabo novamente unha forte ampliación da fronte do edificio, propiciada polo párroco don José Río Seijo e realizada polo arquitecto ferrolán García Lastra; demoleuse a fachada e ampliáronse cinco metros as naves, engadíndose un novo arco carpanel. A balaustrada do presbiterio foi levada ao coro, que tomou as medidas da ampliación. Esta é a causa de que a torre campanario quedase retirada con respecto á fachada<sup>17</sup>.

O edificio actual amosa unha tipoloxía arquitectónica da planta rectangular, na que se inscriben tres naves e presbiterio. Interiormente, a nave principal está dividida en catro treitos que se cobren con bóvedas que amosan nervaduras de cruceiría e estreladas en cinco claves, adornadas con flores de lis e follas lanceoladas. Un retablo barroco preside a ábsida.

No seu exterior, o edificio concentra a decoración na fachada principal, que, como xa se adiantou, é construción deste século. Está dividida en tres panos, situándose no central a porta principal, que amosa unha decoración de orelleiras –caraterística do barroco–, e sobre ela ábrese un oco rectangular que da paso á cornixa rematada nun frontón triangular partido no seu centro, onde se atopa unha imaxe da patroa da igrexa. É destacábel a

17. MÉNDEZ FONTE, ROSA, “O patrimonio arquitectónico de carácter relixioso” en *Patrimonio Histórico de As Pontes de García Rodríguez*, ALONSO TRONCOSO, Víctor (cord.), Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións, 2003, p., 170 p.



ruptura visual, no cuadrangular que sostén os catro machóns que dan lugar aos ocos que acubillan as campás. O conxunto remata nunha pequena cúpula.

O edificio amosa a característica de ser testemuña das diferentes etapas polas que transcorre a súa historia.

O reloxo encóntrase nunha esquina da torre-campanario, a onde se accede por unhas escaleiras dende a beirarrúa. Trátase dun **reloxo vertical meridional** gravado sobre unha lousa cadrada de pedra, probablemente un granito de gran fino. Ao non estar ben orientada á fachada, o reloxo colocouse cun lixeira desviación para posicionalo cara ao sur. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde con numeración arábica da que se conservan as 6, 7 e 8 da mañá claramente e algo do 9 e 11 da mañá tamén. É posíbel que tivese a inscrición do ano na parte superior. Rodeando o polo (o punto do trazado onde converxen todas as horas e onde nace o gnomon) hai un círculo distribuidor das liñas das horas que rematan sobre un cadrado que as separa da numeración. Tamén marca as medias horas con trazas máis curtas e que nacen do cadrado separador. O gnomon, que debeu ser en chapa de ferro fixado con chumbo, desapareceu, e as fendas na pedra para fixalo poderían ter provocado que se partise a pedra, aínda que tampouco hai que descartar que debido á proximidade do cable de toma de terra do pararraios a fractura do reloxo puidese producirse pola caída dun raio.

É curioso destacar que a parte da mañá do reloxo está mellor conservada que a parte da tarde coma se se tratase de dous tipos de pedra diferentes que aguantaron distintas a erosión. A numeración cunha grafía tan grande é para que poida ser observada mellor dende o chan.



Detalle do reloxo vertical meridional na fachada da torre da igrexa



Vista do conxunto



### Casa dos de Fresco

Trátase dunha casa-vivenda situada no casco histórico do núcleo das Pontes. O reloxo estaba situado nunha das pendentes da cuberta de lousa que daba ao leste. Polo testemuño do seu propietario, este lugar tampouco era a súa localización orixinal xa que se trasladara dende o núcleo de Acibido, un dos terreos expropiados pola empresa ENDESA, colocándoo a súa dona na vivenda da zona histórica das Pontes. Coa reforma da cuberta da vivenda, o seu propietario, Fernando Fresco Carballeira, recolocouno de novo nunha propiedade súa no veciño concello de Xermade, provincia de Lugo, onde hoxe permanece como recordo da casa matriz, na que o seu tataravó o colocara por vez primeira.

Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional** sobre un talle de granito con forma de vieira con base de pirámide truncada. Hai constancia da súa colocación na casa a finais do século XIX. Ten liñas horarias de horas enteiras dende as 6 da mañá ás 6 da tarde que van dende o polo do reloxo até o extremo do semi-círculo que forma a vieira. Dende ese bordo e cara ao interior hai outras liñas máis curtas que representan as medias horas. Carece de numeración. O gnomon é de chapa de latón e está mal colocado, encontrándose uns 2 cm. por enriba da súa posición correcta; ten gravacións de liñas seguindo os bordos triangulares e cunha protuberancia preto do extremo coma se fose un nodo dos que teñen os reloxos que marcan as liñas de declinación do sol.



Estado actual sen o reloxo



Detalle do reloxo semicircular con gnomon triangular e a súa antiga localización na cuberta



O reloxo na actualidade e detalle da gravación do gnomon

## Lar-ENDESA

Este reloxo localízase sobre o céspede dunha parcela nunha área social recreativa pertencente á empresa ENDESA, situada no poboado das Veigas ao noroeste da zona urbana das Pontes. Instalouse no ano 1956, ano no que foi construído o dito centro social, non podendo precisarse o motivo da súa situación nese lugar.

**Reloxo de sol horizontal** gravado sobre un bloque prismático de pedra colocado na cara superior dun cubo exento e debidamente orientado no xardín. Ten un trazado correcto de liñas horarias dende as V da mañá ás VII da tarde con numeración romana distribuída sobre un rectángulo imaxinario. Ademais leva as indicacións de N (norte) e S

(sur) xunto á liña meridiana das XII horas que se prolonga máis alá do polo. O gnomon, que debía ser triangular, desapareceu. Debido a isto o reloxo perdeu a súa función polo que permanece no lugar como un obxecto decorativo. Xunto ao “S” hai gravado “III” que non se identifica.



Detalle da planta do reloxo



Localización na parcela



Vista do conxunto

### Rúa da Fábrica

Este reloxo está situado nunha zona verde paralela á rúa da Fábrica, ao leste do núcleo urbano das Pontes, nunha área residencial de recente construción.

É un **reloxo de sol vertical meridional** gravado nunha placa de granito que apoia sobre unha lenda, que á súa vez sostén un fuste cilíndrico cuxa base, a xeito de peldaña-



Detalle do reloxo e cartela



Detalle da comparativa de liña



do, descansa sobre unha peaña pétrea. No anverso da placa está rotulado o nome dunha praza. Foi instalado nese lugar no ano 2006 como homenaxe á localidade de Lesneven na Bretaña francesa, con motivo do seu irmandamento coas Pontes.

O conxunto suponse orientado ao sur e aparentemente ten gravadas horas dende as IV da mañá até as VIII da tarde aínda que só marcará, no mellor dos casos, de VI a VI porque antes e despois desas horas, o resto do ano, o sol estará ou detrás do plano do reloxo ou por debaixo do horizonte. Isto significa que as horas que ten gravadas este reloxo por enriba da liña que vai de VI a VI, e que podemos dicir que representan o horizonte, nunca serán marcadas polo reloxo. O reloxo é moi sinxelo pois carece de liñas de medias horas e sobrio pois apenas ten adornos. Só unha estrela de 8 puntas na parte superior e un círculo –un sol?– e dúas medias lúas na parte inferior entre dúas volutas e dúas letras que poderían ser as iniciais do autor. Na comparativa de liñas podemos ver que o trazado das liñas é razoabelmente correcto xa que na foto non é ortogonal e as pequenas diferenzas poden ser debidas a iso e ás deformacións das lentes da cámara.

Detalle do reloxo e fuste con peaña



## Marraxón de Arriba

### Casa dos de Benito

Encontramos un conxunto de reloxos cuádruplo nunha das súas esquinas dunha vivenda tradicional que responde á tipoloxía característica deste concello, feita con grosos muros de cachotaría de xisto e con a cuberta a catro augas de lousa, denominada casa dos de Benito. Está situada na parroquia de San Mamede, no lugar de Marraxón de Arriba, ao norte do concello das Pontes.

Trátase dun magnífico exemplar, relativamente ben conservado, dun **conxunto gnomónico de catro reloxos de sol** sobre un bloque de pedra granítica, colocado esquinado no edificio e parcialmente tapado o que terá contribuído á súa mellor conservación.

Consta dos seguintes reloxos:

**Reloxo vertical meridional na parte inferior da cara sur.** Bastante erosionado aínda que permite observar todas as súas características. Marca de 6 a 6 en numeración arábica –vese claramente o 2 das 12–. As liñas horarias longas rematan nun recadro separador dos números e ten tamén liñas curtas de medias horas. O gnomon é aparentemente o orixinal e está moi ben conservado. É metálico e parece dunha aliaxe de cobre, por ter a súa oxidación o característico óxido de cobre (verdete). A parte inferior está recortada como adorno e atópase pegado con chumbo.

**Reloxo vertical oriental** na cara ao leste. Marca de 4 a 10 da mañá dentro duns recadros en forma de escaleira inclinada con distinta separación entre os chanzos. Non se aprecia clase de numeración se arábica ou romana. O gnomon ten recortes polos lados como adorno e está fixado con chumbo. Ao non existir naquelas épocas pegamentos para unir superficies diferentes como o ferro e a pedra, a técnica usada polos canteiros para fixar os gnomons e outras pezas ás pedras era a de facer un orificio ou unha rañura na pedra, inserir a peza metálica a unir e verter sobre o conxunto chumbo fundido que ao arrefriarse se solidificaba e ofrecía unha unión sólida e duradeira.

**Vertical occidental na cara oeste.** Marca de 2 a 8 da tarde dentro dun recadro graduado coa inclinación complementaria ao oriental. Non se aprecia a grafía da numeración. O gnomon é igual que o seu compañeiro.

Un reloxo de sol vertical meridional plano, como máximo, marca 12 horas ao día polo que nalgúns ocasións se complementaban con estes reloxos laterais que captaban as horas da mañá e da tarde nas que o reloxo ao sur estaba en sombra. Así tiñan aseguradas todas as horas do día. Pero ademais disto, este conxunto ten un cuarto reloxo.

**Reloxo polar cilíndrico.** Tallado no oco cilíndrico superior do bloque de pedra. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde e non se aprecia ningún tipo de numeración. As catro arestas superiores do bloque son os gnomons do reloxo. As dúas exteriores marcan as 12, o mediodía, e a da dereita marca as horas da mañá. A da esquerda marca as horas da tarde.



Vertical meridional e polar



Vertical occidental



Vertical oriental



Detalle do conxunto

## Marraxón de Arriba

### Casa de Antón Caaveiro

O reloxo estaba situado enriba dun alpendre da entrada a unha casa-vivenda tradicional no núcleo rural de Marraxón de Arriba ao norte do concello das Pontes, na parroquia de San Mamede, como recolle Xosé María López Ferro<sup>18</sup>. Lamentablemente, no momento da nosa investigación, o reloxo xa non se atopa nese lugar.

Tratábase dun reloxo vertical meridional de forma sensibelmente cadrada de pedra de granito. Na parte superior, aínda que non moi lexíbel, podía ler a súa data de cons-

18. LÓPEZ FERRO, Xosé María, *Os reloxos de sol no concello de As Pontes*, en “*Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*”, 10 (2003) 189-204.

trucción: 1873. O gnomon non é triangular, senón de chapa de metal recortada e cun pé de apoio sobre as liña das 12. Marcaba de 6 a 6 con numeración arábica. É algo máis preciso que os demais descritos, pois ademais das liñas das horas e as medias horas tamén ten outras marcas máis pequenas indicando os cuartos. As liñas horarias estaban delimitadas entre un semicírculo distribuidor e un recadro separador dos números. É un dos poucos reloxo que temos visto que conservaba bastante ben toda a grafía e ademais estaba datado.



Antiga localización e detalle do gnomon (Fotos tomadas de Xosé María López Ferro)

## Pedrafita

Atopamos este reloxo de sol nunha das esquinas da planta primeira dunha vivenda de tipoloxía tradicional da bisbarra pontesa, que recentemente sufriu unha elevación modificándose algúns dos seus primitivos ocos de portas e ventás aos que se lles substituíu a súa carpintaría de madeira por outra metálica. Está localizada no lugar de Pedrafita, parroquia de Aparral, zona setentrional do concello das Pontes.

Trátase dun sinxelo **reloxo de sol vertical meridional** gravado sobre unha placa cadrada de granito e esquinado para orientalo ao sur. Marca de 6 da mañá a 6



Cuadrante vertical meridional



Detalle da repisa de apoio e gnomon



Detalle do conxunto



da tarde con numeración arábica. As liñas horarias longas finalizan sobre un cadrado delimitador. Dende ese cadrado nacen unhas pequenas liñas correspondentes ás marcas das medias horas. O gnomon é triangular, de chapa de ferro coa súa aresta superior alongada para facilitar a lectura da hora e fixado ao cuadrante con chumbo.

## A Faeira

López Ferro achega referencias da existencia dun reloxo de sol na parroquia da Faeira, pero non puidemos constatar a súa existencia.

## 8.3 CABANAS

### Hórreo en Xabariz. Soaserra. Cabanas. 1872

Está situado na parte superior dun hórreo mixto de pedra (cachotaría de xisto e cantaría de granito) e madeira con cepa maciza tipo *celeiro* que pertence a unha *casa forte* ou casa grande do lugar de Xabariz na parroquia de Soaserra, Cabanas. Un ámbito eminentemente rural e moi próximo ao mosteiro de Caaveiro nas *Fragas do Eume*.



O hórreo encóntrase parcialmente derrubado pola acción do furacán *Klaus*, quedando en pé unicamente a cepa maciza, as columnas e o penal dianteiro sobre o que se mantén un reloxo de sol circular labrado en pedra de granito.

Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional**. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde en numeración arábica posta tras un círculo que rodea o reloxo (posibelmente non teña liñas horarias das horas extremas). É posíbel que o gnomon non sexa o orixinal. Está chumbado, con recortes dun semicírculo na parte inferior e unha hexafolia<sup>19</sup>.



Detalle do reloxo circular



Estado actual do hórreo derrubado

#### 8. 4 MONFERO

##### **Hórreo de Gabriel O Castro, O Val de Xestoso**

No lugar do Castro, parroquia do Val de Xestoso, no concello de Monfero, ao final dun rueiro de casas tradicionais, encóntrase un hórreo que corresponde a unha tipoloxía característica da zona, tipo Cabanas.



Ten a cámara mixta de pedra e madeira, coa cepa maciza, cuberta de lousa e co acceso polo penal orientado a sur. O remate de cuberta ao norte é un pináculo, mentres que o orientado a sur é unha cruz labrada en granito, colocada sobre un reloxo de sol de pedra.

19. Hexafolia ou hexapétala: roseta ou flor de seis pétalos. Consiste en seis liñas curvas pechadas iguais con simetría radial ao redor dun centro que fai de eixe senario. Moitas veces inscrita nun círculo. Os pobos celtas xa empregaban este signo como símbolo que foi asimilado na arte cristiá estendéndose pola arquitectura tradicional do norte e noroeste de España, sobre todo en portas de vivendas, celeiros e tamén en obxectos ornamentais.

Trátase dun **reloxo vertical e aparentemente meridional**. Colocado exento. Isto quere dicir que debe ter as liñas simétricas respecto das XII e que a súa colocación debe ser perfectamente orientada cara ao sur. Non se aprecia numeración e apenas parecen verse ver as liñas das X, XI e XII. Marca de 7 da mañá a 5 da tarde en hora solar local. O gnomon, triangular, parece o orixinal e de chapa de ferro. Tampouco se aprecia data nin ningunha outra inscrición.



Detalle do reloxo baixo a cruz



Hórreo de Gabriel

## O Valado O Val de Xestoso

**Reloxo vertical meridional**, desituado.

Depositado ao pé dun lavadoiro fronte á *casa da ferreiría*. Moi probablemente estivese nalgunha das casas deste lugar do Valado. Numeración romana de VI da mañá a VI da tarde con liñas horarias gravadas na pedra. As liñas nacen dun triángulo que rodea a

orixe do gnomon e morren un pouco antes de chegar ao número da hora correspondente. O gnomon, desaparecido, debía ser triangular e en chapa de ferro. É posíbel que na parte superior tivese a inscrición da data.



Cuadrante Meridional



Lavadoiro no Valado

### A Torre de San Bartolomeu Queixeiro

No lugar da Torre de San Bartolomeu, parroquia de Queixeiro, sen dúbida un conxunto rural de indubidábel interese etnográfico pola antigüidade dalgunhas das súas vivendas tradicionais, localízase, tras unha fileira de vivendas pegadas, un *cabano* característico da zona, sobre cuxa cuberta se encontra colocado un reloxo labrado en pedra de granito. Non podemos asegurar se foi colocado aí dende a súa construción ou está recolocado, procedente doutra situación anterior.

Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional**. Colocado exento e supostamente orientado ao sur. De forma semicircular. Marca de 5 da mañá a 7 da tarde. (Non é infre-



Conxunto da Torre de san Bartoloméu

cuenta ver reloxos con esta marcación de horas, que é errónea pois un reloxo vertical nunca marcará antes das 6 da mañá e tampouco marcará despois das 6 da tarde). Aparentemente a numeración é romana e está colocada tras un semicírculo que serve de límite das liñas horarias. Parece que tivo unha inscrición, posibelmente da data (ano) na parte superior central. Gnomon en chapa de ferro chumbado que se parece ao orixinal.



Detalle do reloxo



Vista sur-oeste do cabano

## Igrexa parroquial de Santa María de Vilachá

Trátase dunha igrexa barroca localizada nun medio xenuinamente rural. O edificio da igrexa é de planta rectangular, dunha soa nave. Os muros de carga son de cachotaría revocada de morteiro e branquexada, agás os esquinais, o recercado dos ocos e a fachada principal. Esta está formada por perpiaños regulares de pedra de granito e, ao igual que noutras igrexas da zona, sobre o eixe central vertical distribúense de forma superposta: a porta rectangular de lintel recto con orellóns, unha pequena ventá para dar luz ao coro e, interrompendo a cornixa, un corpo rectangular con dobre oco de campás sobre o que se eleva outro corpo de remate con cruz enriba. En ambos os dous extremos das cornixas ten pináculos.

O reloxo de sol encóntrase apoiado sobre a cornixa da esquina das fachadas meridional e a occidental ou principal. Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional** orientado e exento, gravado en bloque de pedra con frontón rectangular coroado en arco. A data indica que é de 1879. Enriba da data adoitaban levar a palabra ANO ou a inscrición IHS, pero non se identifica ben a inscrición.


Ten restos de numeración árabe e só liñas das horas enteiras que rematan nun cadrado separador das liñas e os números. O gnomon é polar, de chapa de ferro fixado con chumbo.



Fachada meridional da igrexa



Situación do reloxo na cornixa




Cuadrante meridional



Colonización vexetal na cuberta

## Igrexa parroquial de Santa Mariña de Taboada

A igrexa é barroca, de planta rectangular dunha soa nave, cunha sancristía engadida pola parte da cabeceira, ao leste. Os seus muros son de cachotaría, revestidos de mor-



teiro e branquexados, agás os esquinais e o recercado dos ocos, que son de cantaría de granito labrada, vista. Como en moitas outras igrexas rurais da zona, a fachada presenta, sobre o eixe vertical, unha superposición de ele-

mentos: porta rectangular, fornela para imaxe, e sobre ela, unha ventá rectangular. Pecha o conxunto unha cornixa voada con aletas, que se interrompe na súa parte central para apoiar a espadana de dous corpos e dobre oco de campás. O corpo superior, rematado en arco. Os tres corpos da fachada remátanse con pináculos de bóla.

Sobre a primeira cornixa, na súa esquina meridional coa fachada principal e a unha altura do chan de 5,15 m. aproximadamente, está o reloxo de sol. Trátase dun **reloxo vertical meridional**, gravado en pedra e practicamente desaparecido. Vense restos das liñas horarias e un cadrado delimitador das liñas e a numeración. Orientado cunha pequena desviación cara ao sur. Ten unha chambonada de chumbo pola zona do polo do reloxo onde debía ir o gnomon, que desapareceu. É moi posíbel que tivese outros dous reloxos trazados nos laterais.



Cuadrante meridional



Situación sobre cornixa



Fachadas sur e oeste da igrexa

## Igrexa parroquial de San Fiz de Monfero

Igrexa de planta rectangular, nun ámbito eminentemente rural, á que se lle foron engadindo diferentes corpos ao longo do tempo. Os seus muros de carga, de cachotaría, mostran a súa pedra descuberta. Entre os corpos exteriores dispón de dous pórticos cubertos e unha torre campanario. Na fachada principal a porta está rematada por un arco de medio punto.

O reloxo de sol encóntrase a 3,66 m. do chan, na parte superior do muro meridional, preto da esquina coa fachada occidental. Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional** gravado sobre un bloque de pedra granítica. Obsérvase que está esviado, é dicir que non está paralelo á parede, posiblemente porque esta está ben orientada ao sur e polo tanto se lle deron uns graos de desviación ao reloxo para que a súa colocación corresponda co seu trazado.



Parece haber restos de numeración arábica sobre unha franxa delimitadora coa parte inferior moi lixeiramente curva. As liñas horarias van de 5 da mañá a 7 da tarde (só son necesarias de 6 a 6). É posíbel que tivese a data ou outra inscrición na parte superior. O gnomon é polar, en chapa de ferro suxeito con chumbo e parece que selado no seu extremo; o seu grao de oxidación produciu unha mancha no granito na súa parte inferior.

Cuadrante meridional




Alzado frontal do reloxo



Igrexa de San Fiz de Monfero.  
Vista sur-oeste

## Santa María do Alto de Xestoso



A igrexa de Santa María está situada nun ámbito rural, próximo a un núcleo de vivendas tradicionais do lugar do Alto de Xestoso. Ten nave de planta rectangular, cun corpo de presbiterio máis elevado e na súa parte máis ao leste, a sancristía con entrada polo norte constitúe un volume de menor altura. Os muros de carga son de cachotaría de pedra de lousa da zona, con reforzos de granito en esquinais. Ten ocos e fábrica de cantaría na espadana.

No exterior, destaca a configuración arquitectónica da súa fachada, con importante número de elementos barrocos: aletóns, aplacados, espadana... A portada ten un arco lixeiramente apuntado dende o que se accede á porta da nave, formando un espazo, a xeito de adro cuberto ou pórtico. No lateral sur engadíuselle un soportal con tres piares graníticos, estrutura de madeira e cubrición de lousa.

Na repisa de arranque da espadana, no seu extremo sur-oeste, encóntrase apoiado un **conxunto gnomónico** tallado nun bloque paralelepípedo de granito, composto por tres **reloxos de sol verticais: meridional, oriental e occidental**.

**Reloxo vertical meridional ou ortomeridiano:** tallado na cara máis ancha do bloque, con contas de liñas horarias que van de 6 da mañá a 6 da tarde e que rematan nun rectángulo que as separa dos números, en caracteres árabigos que se aprecian moi debilmente. Parece que hai restos dunha data na parte superior. O gnomon en vara de ferro de sección triangular é totalmente inoperante pois é perpendicular ao plano do reloxo e



Detalle de situación do conxunto gnomónico na espadana

debería ser polar, é dicir coa súa aresta marcadora sinalando o polo norte celeste.

**Reloxo vertical oriental:** na cara que está orientada ao leste. Só se aprecia un rectángulo delimitador e 5 liñas horarias inclinadas  $43^\circ$  sobre a horizontal e que deben corresponder ás horas 5, 6, 7, 8 e 9 da mañá. É posíbel que exista ou existise a liña das 10. Non se aprecia ningún tipo de numeración nin fenda sobre a que estivese o gnomon, do que carece.



Ortofoto co ángulo de declinación



Cuadrantes meridional, oriental e occidental do conxunto

**Reloxo vertical occidental:** situado na cara que está dirixida ao oeste. Ao igual que o oriental ten un rectángulo delimitador de liñas horarias que son as 3, 4, 5, 6 e 7 da tarde. Por fortuna conservouse o gnomon deste reloxo en chapa de ferro, o que permitiría refacer ben as liñas horarias e comprobar se o seu cálculo foi correcto.

O conxunto non pode funcionar correctamente pois o plano no que está situado o reloxo, paralelo á fachada máis ao sur do edificio, declina máis de 15 graos a levante. Isto indícanos que o conxunto, ou ben o desviaron da posición correcta que podemos supoñer que tivo ao principio ou está desituado e procede doutro lugar.

## Casa de Capote. Rioseco. Santa Xiá de Monfero

A finca na que está situado o reloxo é un conxunto rural composto dunha casa-vivenda de gran tamaño, con palleira, cuarto de fóra, eira, hórreo con pombal e cruceiro, así como outras construcións complementarias. Todo el en bo estado de conservación, nun terreo de gran tamaño con camelias nun dos seus lados.

A casa-vivenda responde a unha tipoloxía de casa-grande, duns 22 m. de longo por uns 12 de fondo, composta de baixo e piso, con corredor á fronte. Estruturalmente está composta de oito sectores, con muros de carga de cachotaría de pedra. Nun dos seus laterais ten un amplo pombal situado nos seus muros frontispicios.


Aproximadamente no ano 2000 foi obxecto dunha rehabilitación, retirándose do aleiro da cuberta máis próximo ao hórreo un reloxo cúbico que hoxe se encontra depositado na palleira. A casa-vivenda ten outras dependencias anexas, que no seu día foron taller de carpintaría.

Trátase dun **reloxo de sol vertical meridional** gravado nun bloque poliédrico de pedra granítica. O reloxo ten toda a aparencia de ter sido gravado recentemente de xeito rudimentario, dende logo por unha persoa non profesional da gnomónica. Ten liñas horarias de 7 da mañá a 5 da tarde sen numeración e con ángulos correctos segundo se pode apreciar na comparativa de liñas. As gravacións acentuáronse con pintura gris para facelas máis visíbeis. O gnomon fabricouse cunha platina de aluminio de forma totalmente incorrecta pois nin ten a inclinación debida nin a súa aresta se dirixe cara ao polo do reloxo (P) senón cara a un punto moi superior (G) o que o fai completamente ineficaz.

En contraposición á actuación sobre o reloxo (que non dubidamos que fora ben intencionada), chama a atención o coidado estado de conservación e mantemento das construcións adxectivas do conxunto: a palleira, o cuarto de fóra, o hórreo, coa súa madeira orixinal. Tamén o pombal lateral, o cruceiro, e a eira, que conservan todo o seu pavimento lousado con lousa da zona, o que denota o interese dos seus propietarios en manter en bo estado este magnífico patrimonio etnográfico construído.



Vista xeral do conxunto



Detalle do reloxo e comparativa de gnomon e liñas

### Casa de José Dana. Rioseco Santa Xiá de Monfero

A escasos metros do conxunto descrito anteriormente, encóntrase esta casa-vivenda, que forma parte dun pequeno rueiro con outras edificacións anexas.

A vivenda, hoxe en estado de rehabilitación, responde a unha tipoloxía característica da zona, cociña e cortes na planta baixa, con cuartos na parte superior e un corredor orientado a sur, con varanda de madeira, que soportan uns sólidos canzorros de granito con molduras. Os muros da vivenda prolónganse, a xeito de orelleiras, para poder apoiarse lateralmente o corredor e protexelo do vento e a chuvia. Esta disposición é frecuente noutras casas-vivenda da zona de Monfero.

É un sinxelo **reloxo de sol vertical meridional** tallado nun bloque de granito de fronte cadrada e coa parte superior ondulada. Encóntrase apoiado sobre unha ménsula e lixeiramente esviado con respecto á fachada da vivenda. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde con numeración arábiga que pode apreciarse aínda que de forma moi débil. Semella que só marca horas enteiras cuxas liñas nacen do polo do reloxo e morren sobre un cadrado delimitador entre elas e os números. Intúese na parte superior a data de “.877” que sería 1877. O gnomon, como é característico na zona, é de chapa de ferro fixado con chumbo e coa parte inferior curva e ten unhas perforacións cuxa orixe se descoñece. É un reloxo que está no momento xusto da súa restauración para poder facelo con todas as garantías dunha recuperación completamente fiel á súa morfoloxía orixinal pois aínda se aprecian case todos os seus detalles os cales se perderán en pouco tempo se non se fai unha actuación sobre el.



Detalle do reloxo



Detalle do conxunto

### Casa de Rosendo As Dureixas. O Alto de Xestoso

Aínda que é coñecida na zona a existencia dun reloxo de sol nesta casa-vivenda –existencia que foi confirmada polo seu propietario–, a ampliación dunha planta non hai moitos anos provocou a súa desaparición do lugar onde se encontraba, no aleiro da cuberta, que correspondería hoxe ao ángulo que forman os dous corpos de vivenda. Tratábase, moi probabelmente, dun **reloxo de cuadrante vertical meridional ou ortomeridiano**.



Detalle do conxunto

## Caxiao

No lugar de Caxiao, parroquia do Val de Xestoso, núcleo tradicional dunhas catro ou cinco vivendas rurais, enriba dun cabano anexo a unha delas destinado a forxa dunha ferraría, e sobre un pequeno piar empolicado á súa cuberta, encontramos un conxunto gnomónico de pedra granítica. A edificación responde a unha das construcións etnográficas adxectivas máis características da bisbarra eumesa, realizada con muros de carga de cachotaría de xisto e cuberta de lousa do mesmo material, soportada por unha estrutura de madeira.



Cabano de ferraría en Caxiao. O Val de Xestoso. Monfero

Trátase dun magnífico exemplar relativamente ben conservado dun **conxunto gnomónico de catro reloxos de sol** sobre un bloque de pedra granítica, colocado sobre un piar anano na cuberta dun cabano. Consta dos seguintes reloxos:

**Reloxo vertical meridional** na parte inferior da cara sur. Bastante erosionado pero que permite observar aínda todas as súas características. Marca de 6 a 6 en numeración arábica (vese claramente o 2 das 12). Liñas horarias longas que rematan nun recadro separador dos números e liñas curtas de medias horas. O gnomon é aparentemente o orixinal e está moi ben conservado. Ten a súa parte inferior recortada a xeito de adorno, e está pegado con chumbo. Semella dunha aliaxe de cobre, por ter a súa oxidación o característico óxido de cobre (verdete).



**Reloxo vertical oriental** na cara ao leste. Marca de 4 a 10 da mañá dentro duns recadros en forma de escaleira inclinada con distinta separación entre os chanzos. Non se aprecia se a numeración é arábica ou romana. O gnomon ten recortes polos lados a xeito de adorno e está fixado con chumbo. Ao non existir naquelas épocas pegamentos para unir superficies diferentes como o ferro e a pedra, a técnica usada polos canteiros para fixar os gnomons e outras pezas ás pedras era a de facer un orificio ou unha rañura na pedra, inserir a peza metálica a unir e verter sobre o conxunto chumbo fundido que ao arrefriarse se solidificaba e ofrecía unha unión sólida e duradeira.



Cuadrante vertical occidental

**Reloxo vertical occidental** na cara oeste. Marca de 2 a 8 da tarde dentro dun recadro graduado coa inclinación complementaria ao oriental. Non se aprecia a grafía da numeración. O gnomon é semellante que o seu compañeiro.

Un reloxo de sol vertical meridional plano, como máximo, marca 12 horas ao día, polo que nalgúns ocasións se complementaban con estes reloxos laterais que captaban as horas da mañá e da tarde nas que o reloxo ao sur estaba en sombra. Deste xeito tiñan aseguradas todas as horas do día. Pero ademais disto, este conxunto ten un cuarto reloxo.

**Reloxo polar cilíndrico.** Está tallado no oco cilíndrico superior do bloque de pedra. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde e non se aprecia o tipo de numeración. As catro arestas superiores do bloque son os gnomons do reloxo. As dúas exteriores marcan as 12 -o mediodía-. A da dereita marca as horas da mañá e a da esquerda marca as horas da tarde.



## Antiga “reitoral” de San Pedro do Val de Xestoso

Esta casa-vivenda, situada ao lado da igrexa parroquial de San Pedro do Val de Xestoso, corresponde a unha tipoloxía de casa-vivenda con piso corrido na planta superior. Foi, nos seus inicios, construída e custeada polos veciños da parroquia para residencia do cura-párroco. Circunstancias posteriores derivaron en que a súa propiedade pasase a mans particulares da familia do destinatario.

Trátase dunha casa de planta rectangular, de baixo e piso, con grosos muros de cachotaría de pedra de lousa da zona, con esquinais e cornixa de granito. A fachada principal está orientada ao sur e apréciase unha simetría compositiva de seis ocos con portas balcaneiras na súa planta superior e dúas ventás na planta baixa, coa porta de acceso centrada.

Na súa esquina sur-oeste, case a nivel do lintel dos ocos de fachada apréciase unha entalladura para o aloxamento dun reloxo de sol que tiña até hai non moito tempo. Ao parecer, tratábase dun **reloxo vertical meridional ou ortomericidiano**, do que non podemos dar unha descrición máis detallada por desaparecer do seu lugar hai non moito tempo.



1. Esquina con caxeado onde se encontraba o reloxo de sol

2. Alzado sur

3. Esquina sur-oeste



Igrexa de San Pedro do Val de Xestoso. Ao fondo, á esquerda, antiga casa-reitoral

### Casa de Antonio do Couce de Abaixo

O Couce de Abaixo é un pequeno lugar da parroquia do Val de Xestoso constituído por dúas casas-vivenda tradicionais da bisbarra eumesa. Nunha delas, baixo un balcón, pero descontextualizado do seu lugar de localización orixinal, encontramos este exemplar de reloxo vertical meridional.

Trátase dun cuadrante **vertical meridional** de pedra de granito, probabelmente dunha idade inferior a cincuenta anos, dada a grafía dos números arábigos feitos con equipo industrial dos usados naquela época. Marca de 6 da mañá a 6 da tarde aínda que só ten numeración de 7 da mañá a 5 da tarde. As liñas horarias van dende un triángulo isóscele distribuidor cuxos vértices superiores son cada unha das 6 e o inferior é o comezo das 12, até un recadro exterior separador dos números e que na parte inferior do cuadrante se duplica para aloxar as 11, as 12 e a 1. Ten o gnomon en chapa metálica co bordo inferior cun corte en “S”.



## Hórreo de Jesús nas Filgueiras

No lugar das Filgueiras, parroquia do Val de Xestoso, nun conxunto rural tradicional encontramos, no medio de varias construcións, un hórreo semellante aos denominados tipo Cabanas.

O hórreo, que inicialmente tiña catro “estadas” ou corpos, hai anos suprimíuselle unha delas, a frontal, para permitir o paso de maquinaria agrícola, reducíndose a tres que son as que ten actualmente. Isto evidénciase polo corte do tornarratos de lousa de granito no penal orientado a sur, baixo a porta de entrada.

Como xa se dixo, aseméllase ao tipo Cabanas, pero con suspensión alta, constituída por unha cepa de cachotaría maciza de pedra, hoxe parcialmente revocada que está rematada por un tornarratos feito de pedra de granito duns 15 cms. de espesor. A cámara é mixta, de madeira e pedra de granito, e está construída con táboas de madeira colocadas en sentido vertical, separadas para a ventilación. Horizontalmente ten un listón de madeira para rixidizar a tarima. Nas esquinas, as columnas, e nas frontes, os penais son tamén de pedra. A cuberta é a dúas augas, e o material de cubrición é de lousa negra da zona, recentemente restaurada con seixos non seu cumio. O acceso realízase por unha porta de madeira colocada no frontal. Como elementos ornamentais, na fronte ten un remate composto de varias figuras de granito e na parte posterior outro do mesmo material.

Enriba do penal, sobre o acceso frontal e orientado ao sur, ten un reloxo de sol de **cuadrante vertical meridional**. É un simple reloxo con liñas que van de 7 da mañá a 5 da tarde sobre unha pedra pentagonal. O gnomon é triangular en chapa metálica. Un bo exemplar de sobrio, sinxelo e eficaz reloxo de sol sen máis pretensións que o de cumprir o seu labor que é o de sinalar as *horas serenas* como di o lema en multitude de conxéneres seus.



Detalle  
do reloxo  
sobre o  
hórreo



## 8.5 PONTEDEUME

### Casa Grande dos Azpilicueta Esteiro-Nogueirosa

Tamén coñecida como pazo dos Azpilicueta, é unha edificación de 1828 moi alterada por sucesivas reformas posteriores.

Trátase dun edificio definido por un volume rotundo de forma rectangular, case cadrada, de tres plantas. Está situada nun gran terreo con horta, hórreo, e pechada cun muro perimetral de cachotaría.



O reloxo de sol está situado no pináculo central do portal de acceso ao terreo. É un clásico **reloxo vertical meridional** constituído por un prisma de base triangular, con traza unicamente de horas e con numeración romana. É moi probábel que estea recolocado, procedente dunha anterior situación noutro lugar, despois de intercalar o reloxo entre o elemento de soporte e o pináculo de remate do portal. Reforza esta hipótese o feito de que o reloxo teña unha inscrición na súa cara nor-leste coa data da súa construción: 1851, posterior á de construción da casa. Probabelmente o gnomon non sexa o orixinal e é posíbel que non teña a inclinación correcta.




Vista sur sobre o muro




Alzado norte do muro de cerramento e vivenda



Detalle do cuadrante



mento de soporte e o pináculo de remate do portal. Reforza esta hipótese o feito de que o reloxo teña unha inscrición na súa cara nor-leste coa data da súa construción: 1851, posterior á de construción da casa. Probabelmente o gnomon non sexa o orixinal e é posíbel que non teña a inclinación correcta.



## 8.6 VILARMAIOR

### Igrexa parroquial de San Pedro de Vilarmaior

Igrexa de estilo barroco con planta de cruz latina cuxa sancristía está pegada ao muro setentrional da cabeceira. Os seus muros son de carga, revestidos e pintados de branco, agás os esquinais e o recercado de ocos. A fachada principal presenta superposición de elementos segundo un eixe vertical central que remata no vértice superior da cornixa, que rompe para dar paso a unha base rectangular con tres aplacados. Sobre esta base susténtase a espadana de dobre campanario, rematada superiormente con pináculos de bóla.

Ao lado dun esquinall da fachada meridional do corpo sur, sobre unha peaña granítica, a unha altura de 3,80 m. do chan, aséntase o reloxo de sol. Trátase dunha peza granítica labrada que ten frontón rectangular rematado superiormente en arco, sobre o que se apoia un círculo centrado segundo o eixe vertical. A erosión da auga borrou case todo resto de liñas ou números, posibelmente por ser gravados con pouca profundidade.

A colocación do gnomon corresponde a un trazado **vertical meridional ou ortomeridiano**. O gnomon é de chapa de ferro que contaminou con óxido



Vista oeste



Peaña e cuadrante meridional Vista leste



Alzado sur co reloxo ao fondo

boa parte da superficie do cuadrante. Está fixado con chumbo. Non parece que tivera reloxos laterais debido á labra tosca destes.

### Igrexa parroquial de Santa María de Doroña

Trátase dunha preciosa igrexa románica do século XII (1162, segundo unha inscrición no interior). Ten unha soa nave e ábsida de planta semicircular. Toda ela está construída en cantaría de granito labrado de grosos muros, con seteiras laterais e grosos contrafortes. Ten engadidos posteriores como a sancristía, no muro setentrional, e un soportal ou *adro* na fachada occidental.

Despois de sufrir modificacións ao longo da súa historia, entre elas, a espadana que foi reedificada tres veces, esta presenta na actualidade dous ocos no primeiro corpo e un no segundo, cun remate en curva e pináculos sobre o corpo de campás no punto máis alto.

O reloxo de sol apóiase na primeira cornixa da espadana, a uns 6,70 m. do chan. É un **reloxo de sol vertical meridional** que marca de 6 da mañá a 6 da tarde con horas enteiras e medias horas. Apréciase un rectángulo delimitador das liñas horarias coa numeración na que non se distingue se foi arábica ou romana. Posibelmente tivera na parte superior a data de fabricación. O gnomon é de chapa de ferro fixado con chumbo. Como noutros casos, apréciase unha contaminación do óxido do gnomon na vertical deste na pedra. Comprobada a hora da foto e a que marca o reloxo de sol indica que segue funcionando correctamente.



Cuadrante meridional

Fachada sur da igrexa

Reloxo sobre a cornixa



## Igrexa parroquial de San Pedro de Grandal



Igrexa de estilo barroco cuxa fachada presenta un sinxelo xogo de volumes remarcado pola diferenciación en altura que presentan os seus distintos corpos. A fachada principal concentra a principal decoración exterior. A porta principal é alintelada e sobre ela ten unha pequena fornela, hoxe baleira, que puidese aloxar unha imaxe, probablemente do santo patrón; sobre esta, sitúase unha ventá rectangular, abucinada e con orellóns. Toda a fachada é simétrica con respecto ao eixe central. Sobre a primeira cornixa aséntase o corpo do campanario, dobre, e sobre a súa cornixa superior, o terceiro corpo con remate superior en arco rebaixado. Os tres corpos teñen pináculos con bóla de remate.

O reloxo de sol está situado sobre a primeira cornixa, á que se lle practicou un rebaixe para encaixar a peza ao lado do pináculo sur do primeiro corpo. Trátase dun **reloxo de sol triplo**, formado por unha peza prismática de granito, con motivos decorativos labrados na parte superior: dúas volutas a ambos os dous lados que flanquean un corpo central elíptico, que podería ter sido unha cara ou forma antropomórfica aínda que non se aprecia xa relevo.

**Cuadrante 1: reloxo de sol vertical meridional.** Perdeu practicamente a súa numeración.

**Cuadrante 2: reloxo de sol vertical oriental.** Non se divisan xa as trazas de liña, pero apréciase o chumbo da ancoraxe do gnomon.

**Cuadrante 3: reloxo de sol vertical occidental.** Só se divisan trazas de liñas neste cuadrante que aínda conserva o seu gnomon ben colocado coa inclinación correcta e sobre a liña das 6 da tarde (hora solar). Obsérvase que está delimitado nas súas liñas por un cadrado.

O gnomon ten un discreto adorno nos seus laterais ao igual que a parte inferior do gnomon do reloxo meridional. Estes adornos curvos facíanse para diferenciarlos das partes rectas do gnomon, que eran as que indicaban a hora coa súa sombra.

Non se observan máis liñas nin restos de numeración nos outros cuadrantes.



Cuadrante 1: vertical meridional

Cuadrante 2: vertical oriental e  
cad.1 occidentalCuadrante 3: vertical oriental e  
traseira

Cuadrante 3: vertical



Fachada a poñente da igrexa



Localización en primeira cornixa

## Hórreo no Loureiro

O hórreo está situado nun terreo particular, localizado nas coordenadas 43.22:35 e 8.9:3.53 no lugar do Loureiro. Aseméllase ao tipo Cabanas, pero con suspensión alta, constituída por unha cepa de cachotaría maciza de pedra revocada con esquinais de cantaría de granito e rematada por tornarratos de da mesma pedra duns 5 cms. de espesor. A cámara é mixta, de madeira e pedra de granito, e está construída con táboas de madeira colocadas en sentido vertical, separadas para a ventilación. Horizontalmente ten un listón de madeira para rixidizar a tarima. Nas esquinas as columnas e nas frontes os penais son tamén de pedra.

A cuberta é a dúas augas, e o material de cubrición é de tella do país. O acceso realízase por unha porta de madeira colocada na fronte. Como elementos ornamentais, na

parte dianteira ten unha cruz de pedra de granito e na parte posterior un pináculo do mesmo material. Na esquina esquerda da cuberta, na súa parte frontal, orientado ao sur, ten un reloxo de sol.

Trátase dun **reloxo vertical meridional** de granito moi erosionado e degradado polo paso do tempo debido á posición que ten exenta, sobre o tellado do hórreo, que o deixa permanentemente exposto ás agresións do vento e a chuvia. Perdeu o gnomon, que probabelmente sería triangular en chapa de ferro como son a maioría dos outros fabricados polos ferreiros da zona.



Detalle do reloxo meridional no aleiro de pedra do penal frontal



Hórreo con reloxo na parte superior

## Reitoral de San Xurxo de Torres

O conxunto da reitoral de San Xurxo de Torres está formado por unha sólida edificación destinada a vivenda rodeada dun campo de cultivo de propiedade parroquial, que ten pegada unha capela de reducidas dimensións con muros de carga de cantería e unha pequena espadana con dúas columnas e pequenas volutas nos laterais, rematada por dous pináculos e cruz de pedra no medio. Recentemente rehabilitáronse as cubertas de ambas as dúas edificacións. Nas súas inmediacións ten un hórreo de considerábel tamaño.



Vista xeral da reitoral

Na esquina sur-este da fachada do edificio principal da reitoral dispón dun reloxo de pedra nun perpiaño que sobresaí da fila de perpiaños na esquina sur-leste do edificio. Éste ten volutas na parte superior e dous reloxos de sol gravados, a saber:

**Reloxo de sol vertical meridional** clásico que marca de 6 da mañá á 6 da tarde en numeración arábica que se percibe moi debilmente. Ten un recadro separador das liñas horarias coa numeración e na parte superior un espazo para unha inscrición co ano de construción que non se aprecia. Conserva o gnomon orixinal triangular en chapa de ferro e achumbado.

**Reloxo de sol vertical oriental** que só recolle as horas da mañá dende as 5 ás 10 en numeración arábica. As liñas horarias son paralelas ao gnomon e están delimitadas por un cadrado horizontal, o que non é corrente neste tipo de reloxos onde as liñas se adoitaban aloxar nun rectángulo que segue a inclinación das devanditas liñas. Conserva un gnomon en chapa de ferro colocado de forma correcta, máis ancho no seu extremo libre e fixado con chumbo derretido.



Vista meridional da reitoral coa pequena igrexa



Reloxo vertical oriental




Perpiaño sobresaínte con dous reloxos



Reloxo vertical meridional

### Iglesia parroquial de San Xurxo de Torres

Está situada nun lugar eminentemente rural, en cuxa proximidade hai edificacións tradicionais, algunhas ben rehabilitadas, hoxe de segunda residencia.



A igrexa é de estilo barroco e está rodeada dun muro baixo de pedra de cachotaría e ao sur ten o cemiterio parroquial.

A estrutura arquitectónica é de planta rectangular cunha soa nave e presbiterio da mesma forma, similar a moitas da zona. Na esquina sur-oeste engadíuselle un corpo e na nor-leste outro que fai as veces de sancristía. Os muros son de carga, en pedra de cachotaría revocada e caleada, a excepción dos esquinais de perpiaños de granito visto.

Exteriormente, na fachada principal o zócolo e os recercados de ocos son de cantaría de granito, e sobre a porta de entrada, un lucernario circular ilumina o coro. No esquinale sur-oeste, un dos perpiaños (o noveno sobre o zócolo) sobresaie uns centímetros, voando sobre os demais, a unha altura propicia para funcionar como reloxo solar. Estaba

pensado para tallar na súa cara sur un reloxo vertical meridional que poderíamos denominar *non nato*, sen poder afirmar que a causa de non o ter construído fose económica ou outra circunstancia.



Noveno perpiaño do esquinall sobre o zócolo, preparado para reloxo solar vertical meridional




Igrexa de San Xurxo de Torres

### 8.7 MIÑO

Como excepción, por non estar dentro da área xeográfica dos seis concellos estudados, pero debido á súa proximidade física a Vilarmajor e o feito singular de ser a única edificación na que encontramos dúas pezas de reloxaaría no mesmo edificio, inclúese a:

#### **Igrexa parroquial de San Xoán de Callobre**

É unha igrexa do século XVIII, de estilo barroco, situada nun ámbito eminentemente rural. A estrutura da planta da igrexa é de cruz latina cun pequeno corpo cadrangular engadido ao presbiterio que aloxa funcións de sancristía. Os muros da igrexa son de carga, en cachotaría de pedra revocada, a excepción da fachada que é toda ela de cantaría de granito, así como os recercados de ocós, os esquinais e aleiros.





Fachada principal da igrexa e detalle do conxunto de triplo reloxo. En primeiro termo, reloxo vertical meridional



Fachada principal da igrexa



Reloxo vertical meridional na fachada sur

A cuberta da nave é a dúas augas e nos outros corpos, a tres augas. No interior, aos pés da nave, sitúase un coro alto, con armazón de madeira da que parte a escaleira que sube ao campanario.

A espadana está flanqueada por dous pináculos. Na base do situado no lado sur é onde encontramos un **conxunto gnomónico de tres reloxos de sol verticais**.

Tamén ten outro reloxo de pedra baixo o aleiro do corpo sur da planta de cruz latina que sobresae da nave.

**Conxunto gnomónico de tres reloxos: vertical oriental, vertical meridional e vertical occidental:** este conxunto é similar aos que vimos na igrexa de Santiago do Pazo na Capela ou na reitoral de San Pedro de Eume nas Pontes, por exemplo, a excepción do reloxo polar superior que neste caso non o ten. Como xa dixemos, cos reloxos a estas tres orientacións asegurábase poder saber a hora dende o amañecer até a posta de sol e agás nas horas extremas e ao mediodía tamén tiñan a hora marcada en dous reloxos simultaneamente. A numeración é arábica, pois se distingue ben o 3 do reloxo occidental.

Tanto o reloxo ao sur coma os reloxos ao leste e ao poñente son similares aos xa descritos e non presentan ningunha característica particular, aínda que como se pode observar en todo este estudo, non hai dous reloxos de sol iguais, o que imprime a súa personalidade propia a cada un. Neste caso, a fortuna propiciou que os tres gnomons fosen respectados polos axentes atmosféricos e pola xente, e podemos observar que todos son paralelos e teñen a inclinación da latitude do lugar polo que nunha noite sen nubes, seguindo a dirección que indican poderíamos ver a estrela polar indicadora do polo norte celeste.



Reloxo triplo (vertical oriental, vertical meridional e vertical occidental) na base dun pináculo da fachada principal

**Reloxo de sol vertical meridional:** aplacado á parede do corpo da planta de cruz latina que da ao sur e apoiado nunha ménsula *ad hoc*. Reloxo gravado sobre unha placa granítica rectangular vertical co bordo superior redondeado e inscrito nun rectángulo que contén as liñas horarias no seu interior e a numeración no seu exterior. Rodeando o polo do reloxo hai un pequeno semicírculo distribuidor ao comezo das liñas horarias. Parece como se recentemente tivesen remarcado este rectángulo citado e algunhas liñas horarias, deixando sen marcar a liña das 7 da mañá aínda que tamén pode ser que nunca as tivese. O gnomon está feito en chapa metálica de forma triangular, mal cortado e mal colocado. Sobre o recadro está a data da que só queda o 8 das centenas polo que é de 1.8...

Cal é o sentido que podemos darlle á existencia de dous reloxo de sol no mesmo lugar e edificio, tan só a uns poucos metros un do outro? Só podemos movernos no terreo das hipóteses e unha delas pode ser que o primeiro reloxo fose o vertical normal que non funcionase ben ao faltarlle as dúas horas indicadas *ut supra* e ter o gnomon mal construído e se optase pola construción duns novos no pináculo. A outra, considerar que o primeiro fose o triplo da fachada principal e que a falta de visión motivase a colocación dun segundo, máis baixo e próximo. Tampouco habería que descartar a posibilidade de que este último fora relocalizado neste lugar, procedente dalgunha edificación desaparecida nas inmediacións.



Reloxo meridional no corpo sur da planta de cruz latina

## 9. EPÍLOGO

### Consideracións sobre a conservación das arquitecturas populares e os reloxos de sol

A incorporación de novas máquinas e tecnoloxías para o desenvolvemento das tarefas propias da actividade agrícola e gandeira; certas formas tradicionais de transformación dos produtos, como o caso dos muíños; a modificación das tarefas domésticas substituíndo as cocinas e o lavado por electrodomésticos, coa caída en desuso do forno, a lareira e os lavadoiros ou a dotación de infraestruturas de abastecemento de auga, que deixaron no esquecemento fontes, pozos, etc., son algunhas das razóns que produciron a progresiva deterioración de importantes pezas do patrimonio etnográfico.

Poderíamos resumir a problemática que orixina esta deterioración nos seguintes puntos:

1. O abandono da poboación ou da función do elemento (como o lugar de Armada do Cando ou A Fragachá nas Fragas do Eume).
2. A descontextualización (por exemplo, o traslado dos hórreos de Caaveiro e doutros moitos a outras propiedades ou a deslocalización dos reloxos de sol por reformas nas vivendas).
3. A incorrecta utilización de materiais e instalacións (utilización de carpintarías de aluminio, plásticos, bloques de formigón... presentes en todo o ámbito de estudo).
4. A adición de novos elementos á tipoloxía tradicional (elevacións de plantas e de mansardas en cubertas, adición de construcións para granxas con bloques de formigón...)
5. A substitución de formas de produción artesanal por industrial (fabricación do pan, cultivos agrícolas intensivos...)
6. A aplicación de técnicas de conservación inadecuadas. (Reparacións deficientes, mantementos incorrectos, revestimentos impropios...).

Algo similar acontece cos **reloxos de sol** como elementos constitutivos destas arquitecturas. A súa perda de función pola aparición dos reloxos mecánicos e as novas tecnoloxías; as reformas introducidas nas vivendas e construcións adxectivas, así como, no caso das Pontes, a desaparición de gran número de vivendas pola implantación da industria mineira e térmica, determinaron a desaparición de moitos dos que se tiña constancia.

Obsérvase que permanecen en maior número canto máis se conserva o carácter rural da zona, preferentemente no interior dos municipios de Monfero, As Pontes, A Capela e Vilarmajor, un importante descenso do seu número nas áreas máis costeiras de Pontedeume e Cabanas.

En calquera caso, e como dato esperanzador, non é normal encontrar no resto de España reloxos de sol como, por exemplo, o de Pedrafita nas Pontes e outros que temos visto que manteñan o gnomon en tan perfecto estado de conservación e que non fosen obxecto de actos vandálicos. Iso indica un respecto por estes instrumentos que é de agradecer e tamén é indicativo dunha sensibilidade nada común no noso país.

Desafortunadamente, a situación máis común é comprobar que se o gnomon non foi arrancado, é posíbel que estea dobrado ou movido por alguén que o fixo “para poñer o reloxo en hora crendo que sabe máis que o que fixo o reloxo”. Tampouco é estraño encontrar reloxos de sol que foron ignorados por persoas pouco “sensíbeis” que os agrediron pasándoos por enriba con elementos industriais ou construtivos como cables de luz ou teléfono, caneiros de desaugadoiro ou mesmo usaron o reloxo como lugar ideal de suxeición de ancoraxes de cableado ou calquera outro obxecto que se pasase polas fachadas.

En Galicia, e concretamente nesta bisbarra do Eume, non descartamos que houbera algún caso de maltrato a estes inxenios gnomónicos, pero seméllanos que non é tan común como o é noutras latitudes, e precisamente ese respecto permitiu que se conserven gran número de reloxos de sol e outros elementos que están ao alcance do gran público e se poidan gozar na actualidade despois de pasar tantos anos dende a súa colocación.

En realidade e se o pensamos ben, que outro instrumento ideado polo home é capaz de estar a funcionar durante séculos, dar un servizo a todo o que queira observalo e non requirir ningún mantemento nin gasto extra como estes reloxos de sol de pedra?

Faise necesaria un maior concienciación popular da importancia destes elementos etnográficos, facendo compatíbel o necesario desenvolvemento e evolución das condicións de vida dos habitantes do territorio coa preservación e conservación deste legado centenario, realizando políticas de axudas para a súa sostibilidade e o necesario asesoramento e asistencia dende as administracións autonómica e local, preferentemente, por estar máis próximas a esta realidade, xa que se non, en moitos casos asistiremos á súa grave deterioración ou mesmo á súa desaparición.

## 10. BIBLIOGRAFÍA

- AGUILAR, Miguel, *Cuadrantes Solares*, Observatorio Astronómico de Madrid, Madrid, 1923.
- BALTAR TOJO, Rafael, *Arquitectura y preexistencias. Una referencia gallega*, ed. Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1991.
- BASANTA CAMPOS, José Luis, *Relojes de Piedra en Galicia*, Ed. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 1986.

- GARCÍA GUINEA, M. A. y DE DIEGO ANBUHL, Elena, *Relojes de Sol en Cantabria I*, Colegio Oficial de Arquitectos Técnicos de Cantabria, Santander 1994.
- CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel, en *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos. 2003.
- DEL BUEY PÉREZ, Jacinto – MARTÍN-ARTAJÓ, Javier, *Relojes de Sol de Madrid*. D.G. de Arquitectura y Vivienda de la Comunidad de Madrid, Madrid, 2005.
- LORENTE ARAGÓN, José Luis – MIÑAMBRES, Nicolás, *Relojes de Sol en León*, CAJA ESPAÑA – ÁMBITO Ediciones, S.A., 1997.
- LOSKE, Lothar M., *Del reloj de sol al cronómetro*. Manuel Clarín y Cía. Editores, Barcelona,. 1957.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Ignacio. *El hórreo gallego*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1975.
- MÉNDEZ FONTE, Rosa, “O patrimonio arquitectónico de carácter religioso” en *Patrimonio Histórico de As Pontes de García Rodríguez*, ALONSO TRONCOSO, Víctor (cord.), Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións, 2003 p. 170.
- ROIZ, Pedro, *Libro de Reloges Solares*, Pedro de Huete, Valencia, 1575.
- OLIVARES I ALFONSO, Joan, *Rellotges i Calendaris Solars a la Val d’Albaida*, Caixad’Estalvis d’Ontinyent. Obra Social. Onteniente. 1998.
- SOLER GAYÁ, Rafael, *Diseño y construcción de relojes de Sol y de Luna. Métodos gráficos y analíticos*. Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos. Madrid, 1997.
- TELLADO, Buenaventura, *Nuevo Manogito de flores en tres ramilletes compuesto de varias flores para todas personas Cathólicas, Eclesiásticas y Religiosas*, Madrid, 1724.
- TELLADO, Buenaventura, *Religioso Menor de la Santa Provincia de Santiago, Colegial que fue en el insigne de Alva, ex-Lector de Arte, y de Teología Moral en el Real de Salamanca, y Maestro de estudiantes en de Santiago de Galicia*, *Nuevo manogito de flores, en tres ramilletes, compuesto de varias flores para todas personas Católicas, Eclesiásticas y Religiosas*, 1766.
- TOSCA, Thomas Vicente, *Tratado de la Gnomónica u de la theórica, y practica de los Reloxes de Sol*, Antonio Marín, Madrid, 1727
- VILLANUEVA, Juan de, *Arte de albañilería ó Instrucciones para los jóvenes que se dediquen a él*. Edición Pedro Zengotita Vengoa. Madrid 1866

<http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/es/consulta/registro.cmd?id=4706>

ARG. Archivos Privados: Libros procedentes de Monasterios

Sig. 45307. (Lib. Ms. 345 y 346).

Ms. 346. Libro de actas, fábrica y cuentas del Monasterio. 1706-1746. Fol. 169r. 2-4-1746.





# CÁTEDRA

ESCOLMA DA NOSA HISTORIA

Texto facsimilar, de autor descoñecido, titulado ***Puentedeume 1843***, extraído do Libro das festas de Puentedeume do ano 1943.





## Puente deume en 1843

Corría el año de 1843, uno más que contar entre las turbulencias de la primera mitad del siglo XIX. Regencia de Espartero, no muy segura si se tiene en cuenta que en menos de un año se disolvieron las Cortes dos veces (16 de julio de 1842 y 3 de enero de 1843) y que la nueva asamblea llevó a su seno una fracción numerosa de progresistas y moderados enemigos declarados del Duque de la Victoria, contra quien arremetían airadamente. Sucedianse gobiernos y notábase ese ambiente precursor de las grandes borrascas políticas que no tardaron en desatarse. Iniciábase un alzamiento contra el Regente, en colaboración moderados y progresistas, llevando por lema la proclamación anticipada de Isabel II como mayor de edad. Los personajes militares cuyas actividades contribuyeron a derrocar al no muy firme Don Baldomero, fueron Miláns del Bosch, que se presentó en Reus; Narváez, Concha, Pozuelo y Fulgosio, que fueron recibidos en triunfo por los valencianos, y Se-

cano que asumió el mando del movimiento en Barcelona. La sublevación se extendió rápidamente por todo el territorio nacional y cerca de Madrid, en Torrejón de Ardoz; Narváez, al frente de una división consigue tras una encendida arenga que se pasen a sus filas los batallones esparteristas que habían salido a combatirlo.

Este hecho ocurrió el 25 de julio y siete días más tarde, el Regente, después de hacer el recorrido Madrid - Albacete - Sevilla - Cádiz, embarcaba en Puerto de Santa María a bordo del «Betis» en el que, después de redactar y firmar un escrito de protesta, hacía rumbo a Londres...

Tales eran los acontecimientos políticos de nuestra patria duran e el año de 1848. De su repercusión en esta villa, amén de otros de índole local, procuraremos dar una ligera idea en esta breve cuanto deshilvanada crónica.

\*\*\*

El concejo que regía los destinos de la villa, formábanlo un alcalde primero, otro segundo, un Procurador, 6 Regidores y un Secretario. La administración de justicia la desempeñaba un Juez de primera instancia y el mando de las fuerzas militares estaba a cargo de un comandante de la Milicia Nacional con un teniente de Infantería al mando del puesto de Carabineros. Un Administrador

de la Empresa de Sales y otro de Rentas Nacionales, completaban lo que pudiéramos llamar *elemento oficial*.

\*\*\*

El venerable reloj de la torre de la Casa Consistorial que, tras infinitas vicisitudes, cuenta hoy con más o menos exactitud las horas, era por aquel entonces objeto de especiales cuidados. La costumbre de tocar y repicar las campanas del mismo en todas las funciones cívicas y algunas religiosas, perjudicaban *al exacto movimiento de su maquinaria, al paso que es muy fiel se quiebran o hunden con tanto repique de campanas preciosas por su magnitud y voz sonora...* y en vista de ello, se ordenaba la prohibición del campaneo, haciéndolo únicamente para avisar los bandos al vecindario con la llamada «de los cuartos».

\*\*\*

La escasa recaudación de fondos en la Milicia Nacional dió lugar a que se relajase el salario de los cuatro tambores que prestaban servicio en la misma a real y medio diarios en lugar de los dos que venían disfrutándolo.

\*\*\*

La capilla del Espíritu Santo se hallaba todavía en pié más no por mucho tiempo. Precisaudo urgen

te reparación el puente sobre el que se alzaba aquella, se tomaban las oportunas disposiciones para su demolición y aprovechamiento de materiales. La piedra sería empleada en el mismo puente y la teja y madera pasarían a la iglesia parroquial. También se disponía el traslado provisional de las imágenes y otros efectos del culto, hasta que dispusiera de todo ello el Arcipreste de Bezoucas, cuyo cargo ostentaba el párroco de Franza. También se ordenaba la construcción de una casilla de madera a la entrada del puente para abrigarse el arrendatario del portazgo.

\*\*\*

Por fallecimiento del Mayordomo fabriquero de esta iglesia parroquial pasaban a poder del nuevo, los siguientes objetos, procedentes del suprimido convento de San Agustín: un platillo pequeño todo de plata, una crismera de la Santa Unción, seis candeleros de plata del altar con un crucifijo, un viril con caña, un caliz con patena y cuchara, un copón, una reliquia de San Agustín y algunos ornamentos y vestiduras sagradas.

\*\*\*

¿Que ganaba entonces la maestra de niñas? No nos ha sido posible averiguarlo, pero si encontramos, denegada por la Corporación municipal, una propuesta de la Comisión local de Primera Ense-

ñanza para elevar en un real diario la dotación de la maestra, *atendiendo al mucho trabajo que tiene en la educación*. La negativa se basaba en la carencia absoluta de fondos.

\*\*\*

La situación económica del país era bastante precaria. Una contribución extraordinaria de guerra que ascendía a 780 millones de reales constituía la pesadilla de administradores y administrados, quienes se veían y se deseaban para poder atender el impuesto.

\*\*\*

Un representante de una empresa rematante de maderas doradas de Monasterios y Conventos suprimidos con carta orden de las oficinas de Amortización de la provincia, intentaba se le franquease la iglesia parroquial a fin de inspeccionar las que tuviere. Habiéndosele manifestado que el templo se hallaba abierto al culto se retiró sin hacer otra gestión.

\*\*\*

Por real orden de 10 de enero de 1842, había sido cedido a este Ayuntamiento el convento e iglesia de San Agustín. Esta última se hallaba abierta al culto y las dependencias conventuales se destinaban a cuartel, cárcel y escuela de niñas.

El precio medio obtenido de las cotizaciones en las ferias públicas celebradas en los días 28 de mayo y 26 de junio, dió el siguiente resultado:

El ferrado de trigo, por la medida mayor, 14 reales y 17 maravedises.

El de maíz, por la misma medida, 10 reales y 17 maravedises.

Y el de centeno, por la de Avila, 8 reales.

\*\*\*

En los primeros días de julio, la Junta provisional de Gobierno de este pueblo se declaraba disuelta en virtud de orden de la Excm. Junta de Provincia, recayendo todas sus facultades en las autoridades constituidas y poniendo a disposición del Ayuntamiento la cantidad de dos mil seiscientos cincuenta y cuatro reales y diez y seis maravedises como resto de mayor partida que había tomado de la Administración de Rentas Nacionales de este Partido. Hizo entrega también la referida junta de tres fusiles con sus bayonetas, cinturones, portafusiles y cartucheras con las municiones correspondientes. Dichos efectos pasaron inmediatamente a poder del Comandante de la Milicia Nacional.

Por otra parte, la Junta de Gobierno de la provincia, comunicándose directamente con la Alcaldía, daba cuenta de haber declarado en estado de blo-

queo la plaza del Ferrol y ordenaba la incorporación de cien nacionales a la columna móvil que debía llegar a esta villa el día cinco, advirtiéndolo al propio tiempo ser un deber de la Corporación el socorrerlos por el término de quince días con el haber que correspondía a las clases, según la orden de movilización, echando mano al efecto de todos los fondos que hallase disponibles.

inmediatamente se dieron las órdenes oportunas para que, en el día fijado, estuviesen formados en la Plaza de San Roque cien nacionales con su jefe y subalternos, dispuestos todos a emprender la marcha que debía seguir la columna móvil que desde la capital se dirigía a esta villa.

El pronunciamiento contra el Regente en Puente-deume se llevó a cabo el 25 de junio a los gritos de SALVACIÓN, UNIÓN Y FRATERNIDAD, dados por el capitán de la cuarta compañía de la Milicia Nacional, Don Gregorio Rodríguez.

Al día siguiente, la Milicia local, en unión de doce hombres de infantería y dos de caballería que habían llegado a la villa, al mando del segundo comandante Don Manuel Rilo, hicieron salir de la misma a cuarenta hombres del Provincial de Tuy, que con sus jefes querían oponerse al pronunciamiento.

A mediados de julio quedaba restablecida en par-

te la tranquilidad suprimiéndose la guardia en el puente, en el que únicamente prestaba servicio nocturno parte del resén del convento de san Agustín en cuyas dependencias se hallaba acuartelada la milicia.

No consta que el pronunciamiento produjese víctimas. La labor de las autoridades redujose, por lo tanto, a tomar las disposiciones que dejamos anotadas y a dictar algunas medidas contra la carestía de los artículos de primera necesidad cuyos precios se habían elevado, sin causa justificada desde la llegada de la columna de operaciones a esta villa. Los cosecheros y acopiadores de grano, pretendían pescar *a rfo revuelto*, negándose a facilitar a las panaderas, como lo venían haciendo, el grano necesario por el que exigían precios exorbitantes.

Las disposiciones encaminadas a corregir estas anomalías, nos permiten recoger los siguientes precios de algunos artículos, según la tasa fijada:

Libra de pan de primera clase, treinta y dos maravedises; id. de segunda, veinticuatro; la de carne, treinta y dos maravedises; cuartillo de vino, doce; docena de huevos, treinta y dos y cuartillo de leche, doce. Las legumbres y más géneros, cuya venta se realizaba sin medida ni peso, habían de

venderse a los precios más económicos, según su respectiva abundancia y el precio del ferrado de trigo no podía exceder de diez y seis reales.

\*\*\*

La columna expedicionaria consumió en raciones de pienso de sus caballos durante su estancia, 273 raciones que totalizaban 190 ferrados de centeno y maíz por valor de 1.855 reales.

\*\*\*

Mal año para el arrendatario de los derechos de portazgo del puente de esta villa, que había rematado en seis mil reales por los nueve últimos meses y estimaba que perdería una tercera parte del valor del arrendamiento a causa de la escasez de tránsito, con motivo de *haberse hecho este país teatro de la guerra en la provincia*.

\*\*\*

Perjudicaba a la pesca de la sardina y a la riqueza del país el arie de pesca llamado *xeito* y se pedía que las redes no tuviesen sino cieno cincuenta mallas de altura y no se empleasen más que desde mediados de diciembre hasta últimos de marzo de cada año.

\*\*\*

El jornal de un carpintero de blanco era de siete reales.



La proclamación y jura de la reina doña Isabel II se celebró con toda solemnidad el día primero de diciembre frente a la Casa Consistorial, en cuyo balcón se situaron las autoridades y en el que se había colocado un retrato de la reina bajo un hermoso dosel. El alcalde segundo leyó el decreto de proclamación y seguidamente el alcalde primero gritó por tres veces: «Galicia, Galicia, Galicia por la reina D<sup>a</sup> Isabel Segunda». El pueblo contestó con entusiasmo y lo mismo la Milicia que hizo a continuación tres descargas cerradas.

La comitiva se trasladó a la iglesia parroquial cantándose un solemne Te deum con acompañamiento de órgano. Inmediatamente juraron las autoridades sobre el libro de los Santos Evangelios, obedecer y ser fieles a la señora doña Isabel segunda como reina constitucional de España. Otras tres descargas de la Milicia anunciaron la salida de la comitiva que recorrió las calles de la villa, cuyas casas se hallaban vistosamente engalanadas.

Así terminó el año de gracia de 1845 en la villa de los Andrade y con ello damos fin a este ligero bosquejo en el que hemos pretendido recoger todo aquello que pudiera interesar al curioso lector. Que su benevolencia y nuestro buen deseo, suplan las muchas faltas de este modesto trabajo,





CÁTEDRA

---

*Revista eumesa de estudios*  
MONOGRAFÍA

**Consello de Redacción:**

Alexandre Caínzos Corbeira  
Carlos de Castro Álvarez  
Andrés López Calvo  
Rocío Pena Pena  
Sindo Vilariño Gómez

**Traducción e supervisión lingüística dos textos en galego:**

Esther Leira Penabad

**Imaxe da cuberta:**

Torques de Centroña

**Deseño da cabeceira da revista:**

Noli Vilariño

**Deseño e maquetación da portada e do interior:**

Marga L. Lamas. FLOPS Estudio

**Impresión:**

Imprenta da Deputación Provincial da Coruña

**Colaboracións:**

As colaboracións deberán dirixirse a  
“Cátedra. Revista eumesa de estudos”  
Biblioteca Municipal de Pontedeume  
Rúa Couceiro Freijoomil, 5 – 15600 PONTEDEUME (A Coruña)  
Telf. 981/43 25 98  
Os traballos deberán ser inéditos.  
O Consello de Redacción da revista, non se identifica necesariamente  
coas opinións verquidas nos artigos publicados.

**Edita:** Concello de Pontedeume

**Dep. Leg.:** C-1702/93

**ISSN:** 1133-9608

Esta revista está subvencionada  
pola **Deputación Provincial da Coruña**

*Todo obxecto antigo é belo  
simplemente porque sobreviviu  
e convértese por elo  
en signo dunha vida anterior.*

Jean Baudrillard<sup>1</sup>

## PRESENTACIÓN

*O Torques de Centroña saíu á luz en setembro de 1912 de maneira casual, nos labores da colleita das patacas. Aboiou das entrañas da terra coma un resucitado que retorna do outro mundo para iniciar unha nova vida.*

*Cen anos logo pasan. Cen anos so moitos anos para unha persoa pero poucos para un obxecto que pasou, se cadra, dous mil agochado baixo a terra agardando o momento de volver á vida despois dunha longa hibernación, dous mil anos escoitando silencioso o latexar da terra e o alonxado murmurio do transcorrer da historia.*

*Os obxectos nacen e viven por obra e graza do ser humano creador, cumpren a función para a que foron fabricados e só morren se son destruídos. Pero si se conservan, mesmo fragmentados, permanecerán eternamente vivos, cargados de significados. Os obxectos entón comezan a falar e hai que saber escoitalos. Falan de persoas, de comunidades, do traballo ou da vaidade do poder. A propia materia que os conforma pode ser un relato de símbolos e crezas.*

*Para o arqueólogo, lector como ninguén de cousas antigas, ou para o estudoso erudito de principios do século XX, un anaco de cerámica ou mesmo de escoura pode conter información máis importante que unha xoia antiga, e sen embargo que fascinación ten que provocar albiscar o escintileo amarelo do ouro entre a sucia terra!. Fascinación non moi diferente da que sentiron os primeiros homes e mulleres que atoparon as estrañas pedriñas brillantes e incorruptibles, inmediatamente atribuíronlles propiedades sobrenaturais tan extraordinarias que o seu uso foi reservado para as ocasións máis importantes e as persoas máis sobranceiras.*

*Pero para fascinacións a do curioso coleccionista capaz de investir o seu capital na adquisición de xoias salvándoas así dunha morte no crisol máis que probable. Estas persoas conseguiron man-*

1. BAUDRILLARD, J.: *El sistema de los objetos Siglo XXI* eds. Madrid, 1969, p.94. *O obxecto antigo é sempre, na acepción rigorosa do termo, un "retrato de familia" (...) dásenos como mito de orixe.* pp. 85-86.

*ter vivos eses obxectos e, aínda máis, poñelos a disposición de quen podía protexelos e expoñelos á vista de todos. Laudabeis accións que fixeron posible a conservación dunha parte do Patrimonio humano nuns momentos nos que non existía aínda unha conciencia protectora e moito menos unha lexislación eficaz.*

*O ouro do territorio bárbaro que os romanos deron en chamar Gallaecia deu pé a unha sucesión de expedicións, conquistas e ocupacións que remataron coa incorporación ao Imperio. Ese ouro espertou a cobiza dos civilizados e estimulounos nesa empresa. Pero o artesán ártabro que fundiu as pebidas, recolleitas por mulle- res acaso nos depósitos fluviais do Eume, moldeaba as periñas dos remates do Torques, enrolaba coidadosamente os arames e daba forma con esmero ás espirais de fío dourado, alleo ao ás ansias expansionistas de Roma, concentrándose na creación dun obxecto único e precioso dotado duns significados íntimos e persoais que soamente poden coñecer as persoas creadoras a través da súa rela- ción dialéctica cos materiais e as ferramentas.*

*Co nacemento do obxecto nace tamén o seu significado pri- meiro, e con cada cambio de lugar e de mans vaise enriquecendo a súa biografía ata se converter nun obxecto polisémico que chega aos nosos días como un antigo códice cheo de información que é preciso descifrar.*

*A finalidade do presente traballo, é desentrañar sequera parte dos segredos que se agochan detrás do Torques de Centroña e aportar novos datos para o coñecemento e valoración do remoto pasado da nosa comarca contribuíndo deste xeito á concienciación da xente na conservación do seu Patrimonio.*

*Os estudos que conforman esta obra colectiva foron redacta- dos, na súa meirande parte, no ano do centenario do achado, en 2012. A nosa intención como Asociación era presentar a publica- ción en setembro dese ano, coincidindo exactamente co mes no que se atopou o torques, e celebrar con tal motivo unha serie de actos conmemorativos. Entrevistámonos co alcalde de Pontedeume e coa concelleira de Cultura para comentarlles as actividades que pensa- bamos desenvolver, amosándose vivamente interesados no noso proxecto e comprometéndose o alcalde en persoa na edición da nosa monografía a través da imprenta da Deputación Provincial de A Coruña. Aos poucos días do encontro cos responsabeis, o 16 de xuño de 2012, sae un titular nas páxinas adicadas a Pontedeume do*

*Diario de Ferrol que dicía El concello organiza actos para celebrar el centenario del torques de Centroña, na redacción da noticia non se mencionaba ni por alusión indirecta á Asociación Cultural Ardóbriga, promotora en todo momento do evento. Ante a manifestación pública da responsable de Cultura de que estaban a preparar eses actos sen ter a máis mínima consideración pola nosa proposta, decidimos deixar que fora o concello quen organizara a conmemoración. Non houbo tal.*

*Sen embargo a idea de publicar a monografía seguiu adiante, aínda que non sen atrancos. Entregáronse as primeiras colaboracións pero outras fóronse demorando. Lembremos que os autores de todos e cada un dos artigos que a compoñen traballaron arreo e de balde quitándolle tempo ao seu propio lecer. Os efectos da crise obrigaron a algúns a retirarse do proxecto e a situación familiar do coordinador, co pai gravemente enfermo, fixeron que o proxecto quedara aparcado durante meses.*

*Pero o compromiso adquirido cos colaboradores e coa Asociación Ardóbriga obrigounos a tirar para adiante e o día do mes de outubro do ano 2013 no que se presentaba a revista Cátedra na Casa da Cultura de Pontedeume o coordinador da obra entrega un DVD co material orixinal á representante municipal no acto, a concelleira de Cultura, para que dera cumprimento ao compromiso do alcalde de editar o traballo. Finalmente a obra sae ao público como a Monografía nº 3, suplemento extraordinario da prestixosa revista Cátedra.*

*Sirvan, finalmente, estas liñas de presentación para expresar a gratitude da Asociación que represento aos autores e autoras dos diferentes artigos polos seus excelentes e desinteresados traballos e tamén pola súa infinita paciencia, ao Consello de Redacción de Cátedra e ao seu coordinador Alexandre Cainzos polo apoio ao noso proxecto e ao Concello de Pontedeume como editor final da obra.*

*Antón Prego Fernández  
Coordinador da obra e presidente da Asociación Cultural Ardóbriga  
para a protección do Patrimonio*



# 1912: ACHADO ARQUEOLÓXICO EN PONTEDEUME!

Antón Prego  
e Ramón Infante

## PONTEDEUME, ANO 1912

A España de 1912 padecía un estancamento político, social e económico que non daba superado. Semellaba non poder (ou non querer) saír do recién rematado século XIX. O Desastre de 1898, que marcou o final da centuria así como do Imperio de ultramar, estaba aínda presente na baixa autoestima española, nese quererse aferrar a estruturas trasnoitadas como o caciquismo, o nacionalismo centralista e a furibunda reacción contra os cambios por parte do aparello do Estado.

O militarismo e a procura dunha presenza no norte de África que compensase a perda das colonias americanas e asiáticas fixeron iniciar o novo século co primeiro dunha longa serie de desastres. Desta vez o do Barranco do Lobo, na guerra de Melilla de 1909, que trouxo como consecuencia os disturbios da Semana Tráxica ao decretar o goberno de Maura a mobilización das quintas de 1903 e 1907.



Figura 1: O ferrolán José Canalejas, presidente do Consello de Ministros en 1912

Nestes primeiros anos do século XX os gobernos de España sucédense alternando os partidos Liberal e Conservador. Esta alternancia ordénase dende o mesmo poder mediante o reparto de escanos previo ás eleccións, artellado a través dunha rede de influencias chamada caciquismo que garantía os resultados electorais mediante manipulacións diversas do proceso electoral. A monarquía de Afonso XIII exercería un papel arbitral e o resto dos partidos quedarían á marxe das estruturas do poder cunha presenza parlamentaria case que irrelevante. En 1912 presidía o Consello de Ministros de España o ferrolán José Canalejas Méndez (fig. 1), do Partido Liberal, que sería asasinado o 12 de novembro dese mesmo ano polo anarquista Manuel Pardiñas Serrano na Porta do Sol de Madrid. Neste ano

celebrouse tamén o centenario da Constitución de 1812, pero a fonda fractura social do país fixo que non todos os sectores celebraran o acontecemento coa mesma intensidade.

O clero católico español mantiñase a resguardo da crise económica e da guerra, malia ter perdido boa parte do seu patrimonio nas desamortizacións do século anterior. Arrimándose sempre ao poder, tratando de participar del e, ao mesmo tempo, proporcionándolle un grande servizo grazas a súa enorme capacidade de influencia na sociedade a través das parroquias e as redes caciquís.

Neses anos vanse formando as complexas alianzas entre as potencias europeas que rematarán co estoupido da I Guerra Mundial. O 1 de xaneiro de 1912 désígnase a Su Yat-Sen presidente do goberno revolucionario chinés e a noite do 14 ao 15 de abril afúndese o transatlántico Titanic no océano Atlántico. Este acontecemento causou especial estupor no pobo galego pola particular sensibilidade ante a navegación transoceánica dos emigrados.

A Galicia de 1912 era un dos territorios máis atrasados do país, a industria limitábase aos estaleiros de Ferrol e Vigo, ás conserveiras das vilas costeiras e pouco ou nada máis. As comunicacións, non sendo as marítimas, eran moi deficitarias e a rede ferroviaria estaba aínda por rematar. En troques, a comunicación escrita estaba a gozar dunha moi boa saúde, o xornal *La Voz de Galicia* cumpría 30 anos de existencia modernizando as súas instalacións pouco despois do falecemento do seu fundador Juan Fernández Latorre (1849-1912); ademais multitude de xornais de eido local informaban decotío das novas acontecidas en vilas e aldeas, como o xornal *Ecos del Eume*. A economía era de base agraria pero cunhas estruturas produtivas anticuadas, o minifundio, a agricultura de subsistencia, o problema da propiedade da terra lastraban ao rural que, por outra banda, era o fundamento demográfico da Galicia de principios do século XX. A propiedade dos medios de produción está en mans dunhas poucas familias que ocupan os postos clave da estrutura de poder do Estado, do clero, a milicia e a xudicatura. As clases traballadoras tratan de mellorar a súa situación organizándose en sindicatos obreiros nas vilas e no movemento agrarista no rural que loitaba por rexenerar o agro galego. Pero eran moitos os que optaban por marchar a América na procura das oportunidades que aquí se lles denegaban.

Nese contexto xeral, o Pontedeume de 1912 era unha vila máis, decadente e provinciana que, como no resto de Galicia e da España toda, mantiña unhas dinámicas socioeconómicas máis propias do século anterior. Esmorecía no atraso económico e social, cunha alta taxa de emigración e de analfabetismo que superaba o 50% da poboación.

Por un lado os labregos, que poboaban as aldeas do concello, traballaban arreo con medios anticuados para pagar rendas, foros e contribucións. Vendían os poucos excedentes nas feiras e mercados locais, verdadeiros focos de socialización e de actividade económica, conseguindo pouco ou nada máis que para a propia mantenza familiar. O movemento organizativo agrarista nos distritos de Pontedeume e Ferrol está

dirixido a partir de 1907 por *Solidaridad Gallega* encabezada polo seu líder Rodrigo Sanz que trataría de acabar co réxime caciquil a través das eleccións municipais de 1909 e das eleccións a cortes de 1910, pero sen conseguilo. Terá moita importancia na divulgación do ideario rexeneracionista a fundación en 1910 do semanario *Ecos del Eume*, onde será publicada inicialmente a noticia do achado do Torques de Centroña. *Solidaridad* desaparece en 1912, pero o seu legado será recollido polas *Irmandades da Fala*<sup>1</sup>. As autoridades conservadoras, á súa maneira, promoverán unha certa renovación do agro, non exenta de paternalismo, a través das Festas da Árbore, a primeira celebrada alén da comarca coruñesa foi a de Pontedeume do 3 de marzo de 1912<sup>2</sup>.

O grupo dos mariñeiros, moi numeroso entre os habitantes da vila, arriscaba acotío ás súas vidas por un magro salario e uns lotes que as mulleres afanábanse en distribuír polas parroquias. Este colectivo tamén procuraba poñer fin ás súas dificultades a través do asociacionismo mariñeiro agrupándose en torno a *La Hermandad Marítima*, primeira das asociacións mariñeiras de Pontedeume fundada en 1908<sup>3</sup>.



Figura 2: Actividade portuaria en Pontedeume

A industria poucas oportunidades ofrecía, limitándose aos curtumes (fábrica *La América*), salgazóns e a madeira que saían de Pontedeume por barco. Con esta perspectiva para as clases traballadoras: sen un claro acceso á educación debido á temperá idade de incorporación á vida laboral e a pantasma da guerra de Marrocos no horizonte, non estraña

1. VILARIÑO GÓMEZ, S. *Agrarismo, rexionalismo e prensa local a comezos do século XX. Notas históricas*. Revista Cátedra nº1. Pontedeume, 1994.
2. BRISSET MARTÍN, X. *Nenos, plantade eucaliptos! Centenario das Festas da Árbore na provincia de A Coruña*. Revista Cátedra nº 18. Pontedeume, 2011.
3. BRISSET MARTÍN, X. *Centenario do asociacionismo mariñeiro eumés*. Revista Cátedra nº 16, Pontedeume, 2009

que quen podía marchaba a Ferrol e A Coruña, se non daban aforrado o suficiente para probar fortuna en ultramar.

No outro extremo da balanza social estaban as familias de comerciantes e caciques, algúns descendentes daqueles arrieiros maragatos que asentaran pola comarca no século anterior, rentistas, avogados, médicos. Estas familias acaparaban, non só a propiedade da terra, senón tamén os cargos do poder local tanto no político como no sanitario, na administración civil, na xustiza, no exército e no clero, que influía notablemente en todos os eidos da vida eumesa.



Figura 3: José Lombardero Franco. *Ecos del Eume* 24-06-1911



Figura 4: Gonzalo Prego Punín. *El Correo Gallego* 07-09-1913

Administrativamente Pontedeume era unha capital comarcal de importancia. Cabeza de Partido Xudicial dende a segunda metade do século XIX, administraba os concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Castro (Miño), Fene, Monfero, Mugardos, Pontedeume e Vilarmaior. Era aduana de cuarta clase e constituía un distrito mandado por un axudante de Mariña, xa que logo o porto era, xunto coas feiras, o principal foco de actividade económica, tanto pola pesca coma polo tráfico de mercadorías cos núcleos de A Coruña e Ferrol.

O deputado en cortes polo distrito de Pontedeume era José Lombardero Franco (fig. 3), que falecería o 23 de outubro do mesmo 1912, sendo substituído por Julio Wais Sanmartín, ambos do partido Conservador. O alcalde do concello era Gonzalo Prego Punín (fig. 4), xoven avogado da vila que fora elixido nas eleccións municipais de decembro de 1909 polo Partido Conservador.

As principais preocupacións de municipais e deputados era tratar de axilizar, na medida das súas redes de influencias, a chegada do ansiado ferrocarril e axeitar as infraestruturas locais a tal evento. O 27 de abril deste ano de 1912 realízanse os expedientes de derrubado das dependencias anexas ao Pazo dos Condes situadas entre éste e o Torreón co fin de abrir a nova estrada da Estación, xa o ano anterior derrubárase a capela de San Miguel na parte sur do Pazo<sup>4</sup> (fig. 5). Non eran bos tempos para a conservación do Patrimonio.

Demograficamente, Pontedeume estaba nun momento de moderado crecemento, no censo de 1910

4. MACEDO CORDAL, C. e MOARES ARES, G. *Cronoloxía dunha desaparición: o Pazo dos Condes de Andrade*. Revista Cátedra nº 4. Pontedeume, 1997.

contaba con 6.344 habitantes<sup>5</sup>, e o derrube destas dependencias do Pazo non só abriría a nova estrada, senón que ofrecería unha ampla posibilidade de expansión urbanística a un Pontedeume que nese ano aínda vivía constreñido no seu perímetro medieval, xa sen murallas dende a desaparición en 1906 do Arco de Maldonado, derradeiro vestixio da mesma. Unicamente os vellos arrabaldes de Porto, A Calzada e A Ribeira, existentes xa no século XVIII representaban un magro ensanche extramuros. O sempiterno problema eumés do crecemento urbano atopaba solución a expensas da integridade do Pazo, co pretexto indiscutible do progreso e, xa de paso, abría unha posibilidade de negocio urbanístico aos próceres locais<sup>6</sup>.

O feito de ser sé administrativa e centro económico comarcal con varios establecementos comerciais dotaba aos habitantes da vila dunha situación privilexiada con respecto ao seu depauperado contorno facendo que algúns veciños, sinaladamente os das rúas principais do centro, se sentisen dalgún xeito superiores aos das aldeas, aos que cualificaban despectivamente como aldeáns, e aos mariñeiros que habitaban nos arrabaldes e cos que procuraban marcar as diferenzas, por exemplo, co uso do idioma.

As diferenzas sociais eran certamente acusadas. Así, as clases traballadoras que habitaban os arrabaldes da vila pasaban os seus escasos momentos de lecer entre cuncas de Ribeiro nas tabernas de mariñeiros e música de gaitas en romarías e verbenas populares. Custodios involuntarios e humildes dunha tradición ancestral de íntima relación coa terra e o mar, dun patrimonio tan inmaterial como infravalorado, dunha lingua relegada na sociedade pero que empezaba a interesar aos intelectuais das cidades.

Entrementres os señoritos da vila, que vivían en boas casas do centro urbán entorrono á Praza e a rúa Real, pasaban o seu tempo en tertulias de rebotica e de casino, entre o fume dos cigarros e as copas de coñac nas que arranxaban o mundo e debatían do mal que estaba todo, de cousas importantes que ocorrían en Madrid e en África ou do perigoso dos ventos revolucionarios que sopraban arredor dos centros industriais do país. Os bailes das tardes dos domingos no salón do ruinoso pazo do Conde, que naquel tempo gozaba dos seus derradeiros e decadentes tempos de gloria, permitía o casto lucimento das señoritas casadeiras desexosas de atopar un bo partido para formar unha familia “como Dios manda”.

Este abismo entre clases xeraba un inestable equilibrio apenas mitigado pola feble cohesión proporcionada polo calendario relixioso. Pero mesmo nas procesións e nas liturxias podía percibir esta diferenza social pola segregación económica, de rango e de xénero bendicida pola Igrexa como orde natural incuestionable e certificada pola presenza inefable da Garda Civil.



Figura 5: Nova estrada da estación e feira de gando na Praza do Conde

5. Arquivo do Instituto Nacional de Estadística, A Coruña.

6. CARDESÍN, J.M. *Historia urbana de Pontedeume (1840-1998)*. Revista Cátedra nº 6. Pontedeume, 1999.

A vila toda impacientábase por ver en funcionamento a liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol, que prometía traer consigo o progreso, a modernización e a industria. As obras iniciáranse co século, pero a vía non sería inaugurada ata o 5 de maio de 1913. Iso sí, no ano que nos ocupa de 1912, o 4 de febreiro, chegaron a Pontedeume os primeiros convois procedentes de Madrid cos invitados á botadura en Ferrol do acorazado *España* que tería lugar ao día seguinte. Nun destes trens viaxaba o rei Afonso XIII, coa súa dona Victoria Eugenia, que realizaban a súa segunda visita a Pontedeume despois da de 1909. Esta sería, sen dúbida, a noticia de máis resonancia do ano para a sociedade eumesa<sup>7</sup> (fig. 6).



Figura 6: *Ecos del Eume* 11-02-1912

## ACHADO ARQUEOLÓXICO DUNHA “XOIA CELTA”

O Torques de Centroña foi achado de forma casual cando un grupo de veciños da parroquia traballaban na colleita das patacas nunha leira chamada Casavella, no lugar de Castrelo, próxima polo leste ao castro de Castrelo, tamén coñecido como castro de Centroña e menos como de Perbes. Foi nun día indeterminado entre o 8 e o 15 de setembro de 1912, aínda que máis probable entre o 12 e o 15, xa que polas festas patronais de Pontedeume que rematan o 11 non sería doado atopar persoal para ir ás patacas.

7. COUCEIRO FREIJOMIL, A. *Historia de Pontedeume y su comarca*. Editorial Compostela, Santiago, 1944. Páx. 322-323.



Figura 7: Finca Casavella, onde foi atopado o Torques, na actualidade

Nun principio a noticia non transcendeu apenas máis aló da familia propietaria do terreo (fig.7) onde foi achado o Torques, formada polo matrimonio Juan Leira e Esteba Leira<sup>8</sup>, e dunha persoa de confianza destes. Pero ao cabo de apenas dúas semanas a noticia sae á luz pública en distintos xornais de Galicia.

A publicación primeira da noticia do achado do Torques de Centroña sae a luz o domingo día 22 de setembro de 1912 simultaneamente en dous xornais da provincia de A Coruña: *Ecos del Eume*, semanario de Pontedeume e *La Voz de Galicia*, diario de A Coruña. Dos dous, o único que ben asinado (co apelido Pena) é o segundo, pero os textos de ámbolos dous artigos semellan estar redactados pola mesma man, xa que son practicamente idénticos e se



Figura 8: Ana Mª Leira, neta de Juan Leira

8. A información que aportamos do momento do achado e das persoas relacionadas con el en primeira instancia foron proporcionados por Ana Mª Leira Fernández e o seu fillo Ramón, neta e visneto de Juan e Esteba en entrevista persoal en Castrelo, Centroña, 24/07/12. Agradecemoslles a súa desinteresada colaboración

diferencian unicamente na maior extensión do do xornal local, na que se relatan con máis detalle as mans polas que pasou o Torques antes de chegar ás de Manuel Murguía, detalles que xeralmente agradan aos lectores das prensas locais xa que son quen de recoñecer ás persoas citadas. O autor dos dous artigos é sen lugar a dubidas Ramón Pena Miró, procurador dos tribunais de Pontedeume e cofundador, xunto a Rosendo Vilariño Tenreiro, do *Ecos del Eume*, xornal que terá tamén na súa redacción ao historiador local Antonio Couceiro Freijomil<sup>9</sup>. As colaboracións entre os dous xornais debían ser frecuentes, xa que o *Ecos* imprimíase nos modernos talleres de *La Voz* na súa flamante rotoplana Eureka.

*Ecos del Eume* nº 138, 22/09/1912, domingo.

#### **HALLAZGO ARQUEOLÓGICO**

*Hace dos semanas encontrábanse Juan Leira Leira y su familia procediendo á la recolección de patatas en una finca de su propiedad, situada en el sitio de Casabella, lugar de Castrelo, de la inmediata parroquia de Centroña, cuando en el azadón que manejaba para levantar las patatas encontró un trozo de metal, al que, no dándole importancia, lo depositó en el suelo, hasta la noche, en que, terminadas las faenas agrícolas, lo llevó para casa.*

*Al próximo domingo encargó el Juan Leira á una hija que trajese al pueblo el trozo de metal, para ver si por él le daban cinco pesetas, por los dibujos que tenía. Verificólo así y se presento en casa de un relojero de esta villa, quien, después de reconocerlo, le ofreció 125 pesetas. Júzquese de la sorpresa de la conductora a enterarse del precio tan crecido por el trozo en cuestión, al que daban tan poca importancia. No quiso oír más, para incontinenti dirigirse á casa de nuestro distinguido amigo D. Domingo Alvarez Freire, persona de toda su confianza, al que se lo entregó, para que este señor se encargase de ver ó averiguar lo que era.*

*Efectivamente, lo reconoció el Sr. Caruncho, en la Coruña, y manifestó que era oro gallego de Sil, muy fino, pesando seis onzas, por el que ofreció 450 pesetas. El Sr. Badia (D. José), nuestro estimado amigo, á quien se lo mandó su tío, el Sr. Alvarez, se lo llevo al Sr. Murguía, quedando encantado este señor del trozo que se le exhibía, por concurrir en él circunstancias especiales que hasta la fecha no había observado en otros.*

*La amabilidad del Sr. Alvarez Freire nos ha permitido tener la dicha de ver el trozo de oro gallego, que tiene forma de medio círculo, algo abierto, y que resulta ser la mitad de una torque ó collar que como insignia ó adorno llevaban los antiguos, de unos quince centímetros de largo, en forma de espiral superpuesta, y una especie de cuatro rosetas formadas con un finí-*

## HALLAZGO ARQUEOLÓGICO

Hace dos semanas encontrábase Juan Leira Leira y su familia procediendo á la recolección de patatas en una finca de su propiedad, situada en el sitio de Casabella, lugar de Castrolo, de la inmediata parroquia de Centroña, cuando en el azadón que manejaba para levantar las patatas encontró un trozo de metal, al que, no dándole importancia, lo depositó en el suelo, hasta la noche, en que, terminadas las faenas agrícolas, lo llevó para su casa.

Al próximo domingo encargó el Juan Leira á una hija que trajese al pueblo el trozo de metal, para ver si por él le daban cinco pesetas, por los dibujos que tenía. Verificólo así y se presentó en casa de un relojero de esta villa, quien, después de reconocerlo, le ofreció 125 pesetas. Jójuese de la sorpresa de la conductora al enterarse de precio tan crecido por el trozo en cuestión, al que daban tan poca importancia. No quiso oír más, para incontinenti dirigirse á casa de nuestro distinguido amigo D. Domingo Álvarez Freire, persona de toda su confianza, al que se lo entregó, para que este señor se encargase de ver ó averiguar lo que era.

Efectivamente, lo reconoció el Sr. Caramcho, en La Coruña, y manifestó que era oro gallego del Sil, muy fino, pesando seis onzas, por el que ofreció 450 pesetas. El Sr. Rodia (D. José), nuestro estimado amigo, á quien se lo mandó su tío, el Sr. Álvarez, se lo llevó al Sr. Murguía, quedando encantado este señor del trozo que se le exhibía, por concurrir en él circunstancias especiales que hasta la fecha no había observado en otros.

La amabilidad del Sr. Álvarez Freire nos ha permitido tener la dicha de ver el trozo de oro gallego, que tiene la forma de medio círculo, algo abierto, y que resulta ser la mitad de un torque ó collar que como insignia ó adorno llevaban los antiguos, de unos quince centímetros de largo, en forma de espiral superpuesta, y una especie de cuatro rosas formadas con un finísimo hilo de oro, terminando por uno de los extremos con una perilla, y por el otro aparece como si fuese cortada por el ara-

Según la autorizadísima opinión del Sr. Murguía, que ha fotografiado el trozo de torque, pertenece á los tiempos de los romanos ó celtas, y de este hallazgo se ocupará en las revistas profesionales.

El sitio donde fue encontrado pertenece á un lugar que es uno de los más inmediatos á la Capilla de Brema, donde existió en época remota un convento de Templarios, que tuvieron existencia desde 1118, en que se fundó la Orden, hasta 1312, en que se la suprimió, resultando ser á la vez, con la de Villanave, la parroquia más antigua que por aquí se conoce. Créese que habrá en la finca alguna sepultura celta, y con el fin de averiguarlo y de ver si se encuentra el otro trozo del torque, se van á hacer allí excavaciones.

Según nuestras noticias, ofrecen ya por esta mitad de collar mil pesetas, y para el caso de que aparezca la otra mitad, su valor en conjunto ascenderá á cuatro mil pesetas.

simo hilo de oro, terminando por uno de los extremos con una perilla, y por el otro aparece como si fuera cortado por el azadón.

Según la autorizadísima opinión del Sr. Murguía, que ha fotografiado el trozo de torque, pertenece a los tiempos de los romanos ó celtas, y que este hallazgo se ocupará en las revistas profesionales.

El sitio donde fue encontrado pertenece a un lugar que es uno de los más inmediatos á la Capilla de Bremao, donde existió en época remota un convento de Templarios, que tuvieron existencia desde 1118, en que se fundó la Orden, hasta 1312, en que se ha suprimido, resultando ser a la vez, con la de Villamateo, la parroquia más antigua que por aquí se conoce. Créese que habrá en la finca alguna sepultura celta, y con el fin de averiguarlo y de ver si se encuentra el otro trozo del torque, se van á hacer allí excavaciones.

Según nuestras noticias, ofrecen ya por esta mitad de collar mil pesetas, y para el caso de que aparezca la otra mitad, su valor en conjunto ascenderá a cuatro mil pesetas.

Nos seguintes días a noticia espállase por Galicia a través de artigos que, baixo diferentes titulares veñen reproducindo totalmente, ou case, o texto de Pena publicado no xornal coruñés. O mércores día 25 de setembro aparece baixo o titular *Hallazgo arqueológico* no nº 1.143 do *Diario de Galicia*, editado en Compostela, coa transcripción íntegra do texto. O mesmo día, e tamén en Compostela, publícase no nº 3.532 de *El Correo de Galicia* co título *Collar celta*, pero cunha frase do segundo parágrafo amputada. Catro días despois, o domingo 29 outro diario compostelán, decano da prensa local,




Figura 10: La Voz De Galicia 22-09-1912

*Gaceta de Galicia*, reproduce o mesmo texto coa mesma amputación e o título *Galicia Histórica*.

O único xornal que redacta un texto diferenciado e, ademáis, o primeiro en saír despois da publicación inicial do día 22 foi o pontevedrés *La Correspondencia Gallega* que saca no seu nº 6.786 do 23 de setembro un artigo orixinal que aporta información que non aparece nos demais e que, baixo o titular *Hallazgo de un torque*, paga a pena transcribir:

*La Correspondencia Gallega* nº 6.768, 23/09/1912, luns.

#### **HALLAZGO DE UN TORQUE**

*En Castrelo, cerca del famoso monte Bremao (Puentedeume), parroquia de Centroña, acaba de aparecer en estos días en una heredad del lugar de Casabella, un magnífico torque incompleto, de oro, que pesa seis onzas y algunos adarmes.*

*Es semicircular, como toda esta clase de objeto de adorno de las gentes de la época protohistórica, midiendo aproximadamente decímetro y medio, faltándole un casi tercio del remate izquierdo.*

*Viene a ser dicho ejemplar producto de la metalurgia céltico-gallega, y muy semejante al primero de los tres de la colección que posee el distinguido anticuario de Santiago, D. Ricardo Blanco Cicerón, diferenciándose solamente en la ornamentación del centro, y en los remates, siendo el que acaba de hallarse de forma de pera, igual que el que se guarda en la Academia de la Historia.*

*El “Boletín” de la Real Academia Gallega, se ocupará en breve de este hermosísimo objeto, reproduciendo un grabado del mismo a tamaño natural.*

*Su valor intrínseco se valúa en 500 pesetas, siendo el poseedor una labradora de la citada parroquia de Centroña.*

Os datos da localización (en todos os casos coa mesma deturpación toponímica de Casabella polo orixinal Casavella) son, evidentemente, comúns en todas as informacións. Pero o resto dos datos que aporta o anónimo redactor de *La Correspondencia Gallega* (fig.11) fan pensar que a fonte de información non foi, dende logo, ningún dos artigos iniciais de Pena. A descrición do Torques (ao que denomina *torque* nunha confusión frecuente) coa inclusión do peso e referencias a outras xoias de dúas coleccións fai pensar que o informante da noticia era persoa experta, acaso o propio Manuel Murguía que fose entrevistado polo xornalista e este enviase a información a Pontevedra ou tal vez o propio Ricardo Blanco-Cicerón, coñecido coleccionista compostelán (en realidade tudense) e máis que probable coñecido de Murguía, fora a fonte de información. Calquera destas conxecturas pode servir para observar a certeza do cambio de mans da xoia, que pasou dos

labregos que a atoparon ás elites sociais de Pontedeume que buscaron o contacto co experto (Murguía) que, á súa vez, mediará perante os coleccionistas que a conservaron. Quen pode saber cantas obras de ourivería antiga acabaron nos crisois por non chegar nunca a mans que souberan ponderar na súa xusta medida o valor deses obxectos!



Figura 11: *La Correspondencia Gallega* 23-09-1912 (portada)

A repercusión social do achado do Torques en Pontedeume resulta difícil de avaliar, pero tendo en conta a resonancia na prensa galega, e o tratamento da noticia como suceso curioso en todos os xornais dos que temos coñecemento, podemos aventurar que a noticia causou cando menos sorpresa. Non debeu de resultar fácil á familia Leira manter por moito tempo o segredo do achado que axiña correría de boca en boca de seguro suscitando comentarios sobre a boa fortuna da familia labrega, como a quen que lle toca a lotería: “estaban sachando nas patacas e en ves de sacar patacas sacaron un cacho de ouro!”

As elites eumesas, máis instruídas, de seguro que souberon ver un acontecemento de grande transcendencia para a historia local. Do propio alcalde Gonzalo Prego Punín temos constancia da súa interesada afección polos temas de arqueoloxía e de historia así como da súa estreita relación con historiadores como Antonio López Ferreiro e Ángel del Castillo López. Aínda que a esas alturas do século XX non se dispuña apenas de datos nin estudos especializados para avaliar o achado e os poucos existentes non serían coñecidos por moitos eumeses por moita instrución que posuísen. De feito, o artigo que Murguía publicaría no Boletín da Real Academia Galega con motivo do achado sería un dos primeiros estudos realizados con certo rigor dunha xoia castrexa<sup>10</sup>.

O que sí é posible é que quedara algunha lembranza, acaso nos máis vellos do lugar, dun achado semellante en 1868 en San Martiño do Porto (Cabanas). Alí, un labrego atopara un torques tamén de forma casual e que aínda estaba enteiro. Non tivo esta peza a mesma sorte que o de Centroña, foi salvado in extremis do crisol cando xa estaba a ser esnaquizado coa cizalla, e así se conserva no Museo do Castelo de San Antón.

O artigo de Pena en *Ecós del Eume* relata claramente como tras unha primeira estimación do valor do obxecto (25 pesetas) por parte dun reloxeiro local, e ante a sorpresa por ver o elevado desta, os propietarios acoden a unha persoa de confianza, o comerciante eumés Domingo Álvarez Freire<sup>11</sup> que o faría analizar por un tal Sr. Caruncho, acaso un anticuario de A Coruña, que subiría a poxa a 450 pesetas e quen aventura a orixe do ouro no río Sil por ser a cunca deste un lugar recoñecido de explotación aurífera en época romana.

Álvarez Freire recoméndalles aos Leira ao seu sobriño José Badía Álvarez, oficial de la Deputación e residente en Cabanas, quen podería ter algunha referencia do torques achado 44 anos atrás en San Martiño do Porto e que faría chegar o recente achado a Manuel Murguía. O afamado historiador, e viúvo da poetisa Rosalía de Castro, realiza as primeiras fotografías do Torques e fai unha análise preliminar certificando a súa antigüidade mediante unha indeterminada adscrición a tempos dos “romanos o celtas” e que despois desenvolvería in extenso no seu artigo do Boletín da Real Academia Galega.

10. Murguía inicia o seu artigo cunha referencia a un traballo anterior de Villamil y Castro titulado *Productos de la metalurgia en tiempos remotos*. Boletín da Com. prov. de Ourense, ano 3º, p. 81. Tamén de VILLAMIL Y CASTRO, J. *Adornos de oro encontrados en Galicia*, Museo Español de Antigüedades III, Madrid, 1874

11. PAZ FERNÁNDEZ, X.: *Apuntamentos da sanidade eumesa. A botica de Zamorano 1874?-2004*. Revista Cátedra nº 11. 2004. p. 224

A digresión sobre a Parroquia de Breamo, a súa antigüidade e o seu vencello coa orde do Temple que Pena introduce na súa crónica non semella ter, en principio, moita relación cronolóxica con romanos ou celtas. Máis ben parecen datos de erudición aportados por Antonio Couceiro Freijomil, polígrafo eumés, historiador local e un dos redactores do xornal *Ecos del Eume*. Esta digresión remata conxeturando sobre a existencia dunha suposta tumba celta no lugar e adiantando que “con el fin de averiguarlo y de ver si se encuentra el otro trozo del torque, se van a hacer allí excavaciones”, que é a primeira noticia de escavacións arqueolóxicas no concello de Pontedeume. Estas escavacións fixéronse, pero sen método nin control ningún, con máis ganas de atopar ouro (catro mil pesetas da época eran moitos cartos pola metade que faltaba) que de ampliar o coñecemento da protohistoria local e deixaron como consecuencia polo castro de Castrelo máis destrución que información: unha serie de foxos cadrangulares espallados que aínda hoxe pódense ver (fig. 12).

En novembro de 1912 publícase, por fin, o esperado artigo de Manuel Murguía que baixo o título *El Torques de Centroña*<sup>12</sup> aparece no nº 66 do Boletín da Real Academia Galega (fig 13, 1-2-3-4). Este artigo, malia ser un dos primeiros rigorosos sobre o tema, ofrece ao lector actual fondas lagoas e exceso de ideas preconcebidas e prexuízosas.



Figura 12: Foxo cadrangular no castro de Castrelo

12. MURGUÍA, M.: *El Torques de Centroña*. Boletín da RAG nº 66, ano VII, A Coruña, novembro de 1912. pp. 137-139.

Coincide Murguía cos historiadores actuais en asignar a este tipo de xoias un valor simbólico relacionado co poder e a distinción social<sup>13</sup> e deduce pola “notable ornamentación” que é moi antigo e que foi feito en Galicia.

Unha detallada descrición do Torques é o mellor que podemos destacar do artigo de Murguía, sen aportar datos cronolóxicos máis aló da súa “venerable vetustez”, non ofrece unha datación sequera minimamente aproximada. A descrición é empregada sen rubor para xustificar os mitos de orixe dos inicios do nacionalismo galeguista: a existencia dunha civilización ancestral de antigüidade remota, a nobreza destes antergos, o refinamento cultural patente na finura do deseño dos seus obxectos. O “puntillado” establece a conexión irlandesa (o “inegable parentesco de Irlanda y Galicia”) que proporciona o referente supranacional atlantista, e o uso ornamental das espirais a conexión




Figura 13 (1): Artigo de Murguía

13. v. GONZÁLEZ RUIBAL, A.: *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1.200 a.C.- 50 d.C.)* Tomo II. Brigantium, Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. vol.19. A Coruña. 2006-2007.




Figura 13 (2): Artigo de Murguía

micénica que, por simple paralelismo, entroncaría a Galicia coa cultura homérica de prestixio indiscutible e investigada polo arqueólogo alemán Schliemann, descubridor das ruínas de Troia. Finalmente refírese equivocadamente ás mámoas como lugares de enterramento celtas. Trátase dunha maneira de facer historia propia do rexionalismo romántico na que sempre se procura a xustificación histórica do núcleo do ideario celtista e atlantista do que Murguía era ideólogo e fervente defensor<sup>14</sup>.

En torno a todas estas noticias déixase entrever unha certa mitificación, tanto do ouro soterrado en lugares que foron habitados en tempos remotos como na conceptualización dos propios habitantes deses lugares onde, de cando en vez aparece ese ouro. O imaxinario colectivo do rural galego está cheo de lendas e contos relacionados con tesouros en castros, mámoas, pedras de término, etc, e, aínda que non temos

14. Unha análise exhaustiva do celtismo atopámolo en GONZÁLEZ GARCÍA, F.J (coord.) et alt.: *Los pueblos de la Galicia céltica*. Akal. Madrid. 2007.




Figura 13 (4): Artigo de Murguía

constancia de ningún destes relatos no lugar da aparición do Torques, si que os hai en varios lugares da comarca e de seguro que a noticia fixo aboiar estes elementos da memoria colectiva. Non sería demasiado atrevido supor a orixe de moitos deses contos en achados casuais semellantes ao que nos ocupa que, en tempos sen xornais nin historiadores, remataran converténdose en lendas ao pasar de boca en boca. Por outro lado, este mesmo acervo cultural formou parte tamén do argumentario do ideario celtista para consolidar socialmente o mito de orixe que sustentaría o nacionalismo galego.

O Torques de Centroña non volve a aparecer en prensa especializada ata 1923 en que Federico Maciñeira o menciona por dúas veces como referencia entre outros e sen aportar datos individuais salientables nun artigo extenso publicado como o de Murguía no Boletín da RAG<sup>15</sup>.

15. MACIÑEIRA, F.: *Un nuevo torques gallego de oro*. BRAG, nº 155-156. T-13, A Coruña. 1923. p. 391.



Figura 13 (4): Artigo de Murguía

Máis tarde, en 1932, unha catalogación de D. Florentino López Cuevillas<sup>16</sup> aporta a seguinte descrición e a nova do lugar onde se atopaba o Torques de Centroña nese momento:

**CASTRELO, CENTROÑA, PONTEDEUME.-** No ano 1912 atopou un labrego chamado Xohan Leira n-unha finca sua coñecida pola “Casa Vella” a metade de un torques de ouro con haste de seición circular e remates en landra. A decoración de ista xoia cando estaba enteira, debía consistir n-un aramio enrolado nos dous terzos inferiores do haste i-en catro apricacións de espirais de filigrana. (Lámina IX).  
Está na colección de Blanco Cicerón.

16. LÓPEZ CUEVILLAS, F.: *Os torques del NW. hispánico*. Archivos do Seminario de Estudos Galegos nº 4. Santiago de Compostela. 1932, p. 97-130.

Dende entón o Torques de Centroña aparece nomeado en numerosos estudos e catalogacións sen aportación de datos novos, facendo referencia unicamente ao artigo matriz de Murguía, e sen análises rigorosos de primeira man redactados á vista do obxecto. Algúns deses estudos onde se menciona son os seguintes<sup>17</sup>:

- Couceiro Freijomil, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*. Editorial Compostela. Santiago. 1944. p. 12 [Remite ao artigo de Murguía e inclúe a fotografía de detalle das espirais de filigrana procedente do mesmo]
- Monteagudo, L.: *Torques castreños de alambres enrollados*. Archivo Español de Arqueología, 25. 1952, pp. 287-296.
- López Cuevillas, F.: *Las joyas castreñas*. Madrid. p.24 Archivos do Seminario de Estudos Galegos, 4 p. 97-130. Santiago de Compostela. 1953
- Peinado y Gómez, N.: *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Lugo 1975 [Inclúe adscripción cronolóxica ao s.VI a. C.]
- *Catálogo de la Colección de orfebrería prerromana en Galicia (Blanco Cicerón) Propiedad del Ilmo Sr. Álvaro Gil Valera depositada en El Museo Provincial de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo, 1975. 37 páxinas. [Co nº. 22 do catálogo describe: (...) *Está compuesto de una pequeña parte del centro, un brazo o cuerno revestido de un hilo de alambre y una perilla en forma de bellota. Como adorno, separando la parte central del brazo, tiene dobles roleos o bulas, usando el procedimiento de la filigrana. Mide unos 18 centímetros de largo y pesa 6 onzas. Puede pertenecer al segundo período de la primera Edad de Hierro o época de Hallstatt o sea el siglo VI antes de J.C.*]
- Acuña Castroviejo, F. e Casal García, R.: *Un novo torques de aramios enrollados*. Brigantium. Boletín do MAeH de A Coruña vol. 5. 1984-1985. pp. 261-269
- Reimao Queiroga, F. *Dois torques castrejos do Ashmolean Museum Oxford*, Portvgalia, Nova Série, vol. VIII, 1987, p. 61
- Balseiro García, A.: *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. MPL, Deputación Provincial de Lugo. Lugo, 1994
- Prieto Molina, S.: *Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica*. Complutun, nº 7, 1996, pp.195-223. [Nesta catalogación figura baixo a denominación Torques de Castrelo e adscríbese ao Tipo V, Subtipo VA2 dentro da taxonomía proposta pola autora e na que realiza un exhaustivo traballo comparativo. Inclúe descrición con datos dimensionais, bibliografía e un croquis non demasiado preciso]

Pero ata o momento da publicación da presente monografía, dende o artigo de Murguía de hai cen anos, o único traballo que realiza unha achega máis detallada do Torques de Centroña e o inventario realizado por Aurelia Balseiro García, museóloga e actual directora do Museo Provincial de Lugo. A obra de Balseiro titulada *El oro*

17. Para unha maior información bibliográfica cfr. o resto dos artigos da presente monografía.

*prerromano en la provincia de Lugo*<sup>18</sup> (fig. 14), editada luxosamente pola deputación Provincial de Lugo cunhas espectaculares fotografías de Eduardo R. Ochoa, contén a Memoria de Licenciatura da autora de 1991 con información de primeira man que foi conseguida visitando diferentes museos e traballando directamente cos obxectos que estaba a analizar. Tras desenvolver diferentes temas relacionados coa ourivería no NO peninsular, Balseiro presenta o seu catálogo formado por unha completa serie de fichas individualizadas e ilustradas con toda a información existente ata aquel momento de cada unha das pezas estudadas.

Na ficha número 32 do catálogo, correspondente ao *Torques de Centroña (Fragmento)*, inclúese datos dimensionais (con erros) e materiais (ouro). O número 22 de



Figura 14: El oro prerromano en la provincia de Lugo de Aurelia Balseiro

18. BALSEIRO GARCÍA, A.: *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. MPL, Deputación Provincial de Lugo. Lugo, 1994, pp.180-186

inventario do Museo Provincial de Lugo onde se localiza nese momento e a data de ingreso no mesmo a 28-11-1974. A adscrición cultural (castrexa) e a cronoloxía (III-I a.C.). Unha breve descrición formal, o dato da pertenza á colección Gil Varela e unha bibliografía con catro títulos.

Seguidamente van tres páxinas con cadansúa fotografía de excelente calidade: unha do Torques completo, unha do detalle das espirais de filigrana e outra do detalle do remate.

Por último un extenso comentario con algúns datos xa coñecidos e outros novedosos:

*(...) se encuentra actualmente en depósito en el M.P.L.*

*Responde al tipo ártabro de Monteagudo (...). Sin embargo posee la particularidad de ostentar dos espirales dobles de filigrana aplicada, el único caso conservado en el Norte de Galicia con más de una espiral doble flanqueando la parte central de la varilla, que no tiene decoración alguna, pero sigue la misma composición que todos ellos: alambre enrollado-espiral-tercio central liso.*

*La varilla de sección circular varía ligeramente de grosor (...) y es maciza, no así el remate en forma de perilla o bellota, pues tiene un agujero pequeño que demuestra su oquedad.*

Remata o seu comentario nomeando unha serie de torques da mesma tipoloxía, reiterando a súa orixinalidade polo uso das dúas espirais dobres e rexeitando por demasiado atrasada a datación no s.VI a. C. proposta por Peinado en 1975.

O Torques de Centroña ven aparecendo de forma esporádica en diversos tipos de publicacións do eido local ou comarcal como guías turísticas, revistas de festas patronais ou artigos divulgativos en diversas publicacións periódicas, moitas veces vencellado ao cercano castro de Castrelo (Centroña-Perbes) ou á tamén próxima Vila Romana de Centroña e sempre con relación á protohistoria e antigüidade da comarca e con referencias esencialmente ás obras de Murguía e Couceiro Freijomil. Mención aparte, polo seu carácter local, merecen as aparicións do Torques de Centroña na revista Cátedra adicada aos estudos locais:

- González Fernández, A. e Ricart Guillot, S.: *A ordenación do Territorio presente a través da afirmación do espacio pasado. O Patrimonio Arqueolóxico de Pontedeume*. Revista Cátedra nº 4. 1997. Pontedeume. [Aparece referido ao Castro de Centroña e cita varias referencias bibliográficas.]
- Murguía, M.: *El torques de Centroña*. Revista Cátedra nº 7. 2000. Pontedeume. [Reproduce integramente o artigo publicado no Boletín da RAG en 1912 pero as ilustracións son máis recentes.]
- Gómez Filgueiras, F.: *Centroña, Centronia & Cén-Taranua, Iadoni & Huddon*.

Revista Cátedra nº 13. 2006. Pontedeume. [Establece unha relación entre as dúas espirais dobres do Torques e o deus galo Taranis.]

- de Castro Álvarez, C.: *Prehistoria, Edades Antigua y Media en la comarca eumesa: Bibliografía y estado de la cuestión*. Revista Cátedra nº 14. 2007. Pontedeume. [Repaso e actualización das fontes de investigación de diferentes temas da historia local.]

Pero entre as publicacións sobre temas relacionados coa historia comarcal destaca a obra de referencia de Isidoro Millán González-Pardo *Toponimia del concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su puebla y alfoz*<sup>19</sup> (fig. 15), editado a partir dun informe toponímico realizado en 1976. No comentario adicado ao topónimo Castrelo fai o seguinte comentario de interese:

*En el lugar de CASTRELO ocurrió el hallazgo en 1912, por el labrador Juan Leira, del famoso torques de Centroña. Debo advertir aquí que, aunque los descriptores del objeto llaman al sitio, en el que tenía la finca el labrador, Casa Vella o Eira Vella, don Francisco Filgueira Fraga y don Constantino Tenreiro Carpente me lo nombraron, en CASTRELO, As Casas Vellas. Les entendí que el paraje era, y continúa hoy, inhabitado. Presumo la posibilidad de que el microtopónimo aluda a ruinas de viviendas castreñas. Columbré As Casas Vellas desde CASTRELO. Cae hacia el extremo E. o NE. de Os Castros. Cuentan mis informadores de “murallas que había nos*




Figura 15: Toponimia del concejo de Pontedeume... de Isidoro Millán

19. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su puebla y alfoz*. Deputación de A Coruña. 1987. p. 139.

*Castros e de casas redondas, unha rodeada de foxo (?), cun muro de pedra” y de “un muiño de man que atoparan esgarabellando” y que en un sitio denominado A Rega (...) “víanse covas e murallas e unha zanja que iba polo fondado do monte, aveirada de pedras, hoxe todo moi desfeito”. Apunta esta descripción a los restos del castro: casas circulares y, acaso, fosos y ante murallas.*

## ESTE TORQUES, DE QUEN É?

A familia Leira tiña que estar encantada vendo multiplicarse o valor do metálico froito da súa terra. De 25 pesetas da estimación inicial do reloxeiro local sobe rapidamente ás 450 do especialista coruñés. Segundo o xornalista de *Ecos del Eume* ofrecían finalmente por esta metade de colar 1.000 pesetas, e segundo o xornal pontevedrés *La Correspondencia Gallega* só 500, que tampouco debía ser unha cantidade desprezable, e que foi exactamente o que recibiu a familia Leira, segundo nos contou a súa neta: “100 pesos deron por el”<sup>20</sup>. Descoñecemos quen foi o comprador directo por non quedar documento ningún da operación, o que sí sabemos con seguridade é que o Torques acabaría formando parte da colección de Blanco-Cicerón<sup>21</sup>, coa máis que probable mediación de Manuel Murguía.

O coleccionismo é un fenómeno que comeza co cambio no pensamento da Europa medieval á renacentista. O comercio coas Indias, o descubrimento de América fan chegar ao vello continente relatos e descrições de paisaxes, animais, plantas obxectos e costumes de países exóticos que suscitan o interese das clases poderosas entre as que despuntaba unha nova: a burguesía. Este interese axiña reflectiuse nunha verdadeira arela por posuír obxectos “raros” como medio tanto de satisfacer a curiosidade como de competir entre personaxes da mesma clase na procura de distinción. Son famosas coleccións de reliquias como a do rei Filipe II o as de obras de arte do Vaticano, cando en Roma empezaban a desoterrarse e a apreciarse as antigüidades romanas ata entón desprezadas por obra de pagáns.

Nos séculos XVIII, o da Ilustración, e XIX, en paralelo ao desenvolvemento da burguesía o coleccionismo acada unha nova dimensión. Por un lado as grandes coleccións institucionais racionalízanse e aparecen os primeiros museos, pinacotecas, gliptotecas, xardíns botánicos, etc. e por outro o fenómeno da colección espállase aparecendo moitos pequenos coleccionistas de obxectos de todo tipo: moedas, selos, estampas, etc. Chega un momento no que o coleccionismo convértese nun fenómeno digno de estudo por parte de psicólogos e mesmo filósofos. Os obxectos son fetichizados e perden a súa función de ser utilizados para obter unha nova: a de ser posuídos, na que entran en xogo aspectos

20. Entrevista persoal con Ana Mª Leira Fernández e Ramón . Castrelo, Centroña 24/07/12.

21. Cfr. López Cuevillas, F. (1932) e Acuña Castroviejo, F. e Casal García, R. (1984-1985).

como a sexualidade e a morte, o obxecto é “abstraído da súa función e volto relativo ao suxeito”<sup>22</sup>.

Na Galicia de 1912 o desenvolvemento social é tardío e a clase burguesa escasa, como xa vimos, e personaxes como Blanco-Cicerón hai poucos, apenas Joaquín Arias, Casto Sampedro ou Federico Maciñeira.

Ricardo Blanco-Cicerón Núñez<sup>23</sup> (fig.16), nace en Tui o 24 de outubro de 1844 no seo dunha acaudalada familia de propietarios e rentistas, estuda Dereito en Compostela e retorna á vila natal na que chega ao cargo de alcalde entre 1877 e 1879. Ao ano seguinte trasládase de novo a Compostela onde ficará definitivamente, contraendo matrimonio con Herminia García de la Riva e establecéndose no número 3 da rúa Senra. Exercerá a avogacía e ocupará un lugar sobranceiro na sociedade da época formando parte de diferentes sociedades económicas, culturais e relixiosas como a Sociedade Económica de Amigos do País, a Sociedade Pro-monte de Sta. Tecla, o Banco Simeón (fundado polo seu cuñado), a Caja de Ahorros-Monte de Piedad de Santiago, a Cofraría do Rosario de Santiago ou a Real Academia Galega. Era home moi relixioso, especialmente devoto de San Telmo patrón de Tui, e fixo numerosas doazóns a institucións relixiosas. De ideoloxía carlista, reunirá un dos arquivos documentais sobre o Carlismo máis importantes de Galicia.



Figura 16:  
Ricardo Blanco-  
Cicerón Núñez

Pero a faciana máis coñecida de Blanco-Cicerón foi o coleccionismo. Conseguiu reunir unha amplísima e heteroxénea colección de obxectos arqueolóxicos, artísticos e documentais. Participou como Vicepresidente da Sección de Arqueoloxía da Exposición Regional Gallega de 1909, para a que cede parte da súa colección. Sempre que puido amosou os seus obxectos tratando de divulgar, conservar e poñer en valor o patrimonio cultural galego. A escritora británica Annette Meakin abraíábase nese mesmo ano da “máis fabulosa colección de torques de ouro existente”, todos atopados en Galicia, con oito pezas máis tres doutro material.

Todo un fondo patrimonial no que acabaría incluído o Torques de Centroña, pero que á súa morte, acaecida en 1926, sería repartido entre os seus herdeiros e os obxectos espallados por diferentes museos, institucións académicas e outras coleccións particulares de toda Galicia. A de ourivería sería mercada na súa totalidade por outro coleccionista: Álvaro Gil Varela.

Álvaro Gil Varela (Lugo 1905-Madrid 1980) responde a un perfil de coleccionista moi diferente ao do seu predecesor na propiedade do Torques de Centroña. Era un empresario de formación técnica que na súa época de estudante aloxouse na Residencia de Estudiantes, a partir de 1931 traballou e colaborou co doutor Gallástegui en xenética

22. BAUDRILLARD, J.: *El sistema de los objetos* Siglo XXI eds. Madrid, 1969, p.98.

23. SÁNCHEZ-CHAS DÍAZ, B. e ACUÑA CASTROVIEJO, F.: *Ricardo Blanco-Cicerón, apunte bibliográfico*. No catálogo da exposición Olladas dunha época. Museo do Pobo Galego, Compostela, 2009. Blanco Cicerón son os apelidos do seu pai que el une formando un só composto.

animal, no seo da Misión Biológica de Galicia e ampliou estudos en Alemaña en 1934. De ideoloxía galeguista e republicana, foi membro do Partido Galeguista, sufriu o cárcere durante a Guerra Civil e foi desposuído dos seus títulos académicos no franquismo. Profesionalmente ocuparía cargos directivos na empresa Zeltia e en Transfersa. No eido da cultura mantivo un intenso labor de mecenádego, colaborando na fundación da Editorial Galaxia e aportando valiosas colaboracións económicas e artísticas á Fundación Penzol e axudas a artistas e escritores como Ricardo Carballo Calero. Tamén foi membro de honra da Real Academia Galega e membro da Academia de Belas Artes de San Fernando, distinguido co Pedrón d'Ouro e foi nomeado Fillo Predilecto da cidade de Lugo.



Figura 17: Álvaro Gil Varela por Oscar Cela

O labor coleccionista de Gil Varela levoulle a adquirir numerosas importantes obras de arte galega contemporánea (Corredoira, Castelao...) e clásica española e catalana, ademáis da mencionada colección de ourivería dos hedeiros de Blanco-Cicerón entre os que se incluía, ademáis do noso Torques, o Carneiro Alado e máis o Torques de Burela, que fora adquirido directamente polo propio Gil Varela en 1960, ambas pezas de incalculable valor.

Boa parte deste conxunto foi depositado entre 1955 e 1980 por Gil Varela e a súa esposa Antonia Arias no Museo Provincial de Lugo (fig 17). En concreto, a colección de 45 pezas de ourivería, que estaba depositada no Banco de Bilbao de Santiago de Compostela, é depositada no Museo o 28 de febreiro de 1974 “para su guardia y custodia, en calidad de depósito, y su exhibición en las vitrinas por él mismo donadas”.

Así pois, o Torques de Centroña chega ao Museo Provincial de Lugo xunto a outros 14 torques enteiros ou fragmentados e máis o resto de pezas do legado Gil Varela (fig. 18). E semellaba que aquí ía permanecer indefinidamente, ata que en marzo do 2009 unha sentenza da xuíza Ángela Galván Gallegos do xulgado de 1ª instancia nº 2 de Lugo estima íntegramente unha demanda interposta polos sucesores de Álvaro Gil Varela pola que reclamaba a propiedade das pezas depositadas e que xa dende o 8 de marzo do ano 2000, os agora demandantes, reclamaban ao ente provincial. En xaneiro de 2010 a Audiencia Provincial volve dar a razón aos herdeiros obrigando á institución a devolver as obras. A Deputación recorre ante o TSXG sen éxito e as negociacións coa familia quedan interrompidas cando o organismo provincial, en febreiro do mesmo ano, presenta recursos extraordinario por infracción procesal e de casación ante o Tribunal Supremo. Finalmente, estes recursos resólveos o alto tribunal dando novamente a razón á familia en xuño de 2013<sup>24</sup>.

Entrementres, diversas iniciativas cidadáns e académicas respaldan a declaración do legado Ben de Interese Cultural (BIC), coa que estaría dotado da protección establecida

24. O contencioso entre os sucesores de Gil Varela e a Deputación Provincial de Lugo pódese seguir consultando a versión dixital do diario El Progreso <http://elprogreso.galiciae.com> e nas edicións de Lugo de La Voz de Galicia.

na lei<sup>25</sup> e garantiría a exhibición pública do mesmo. O 27 de xullo de 2013, a Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela remítelle á Xunta de Galicia unha solicitude formal de declaración BIC da colección de 44 pezas (43 de ouro e 1 de prata) de ourivaría prerromana, esta petición é unha achega cualitativa ás providencias internas da propia Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que se traduciron no informe-proposta da arqueóloga do Servizo de Planeamento e Inventario do 12 de xuño de 2013. A Facultade de Xeografía e Historia da USC envía un breve informe, unha bibliografía e un catálogo completo con fichas detalladas de cada peza baseado nas obras de Balseiro e de Peinado. O 14 de outubro do mesmo ano a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolve incoar procedemento para a declaración BIC da colección Álvaro Gil de orivaría prerromana e comunicar esa resolución ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural para a súa anotación preventiva<sup>26</sup>. Con esta resolución iníciáanse os trámites administrativos para a declaración definitiva de BIC da colección, o cal, de terse feito no seu debido momento houbera evitado o que finalmente ocorreu: o 24 de outubro de 2013, ao día seguinte da publicación no DOG da resolución mencionada, os herdeiros de Gil Varela, facendo uso dos seus dereitos recoñecidos polo Tribunal Supremo, retiraron a colección das dependencias do Museo provincial de Lugo levándoa a un paradoiro descoñecido.

Esa é a situación do legado Gil Varela ao día de hoxe. Esta ausencia de protección dun ben de tanta importancia fai dubidar á cidadanía da competencia das administracións por non establecer esas cautelas legais coa debida anticipación.

Esta foi a verdadeira traxectoria do Torques de Centroña e malia que algúns aseguren telo visto exposto en Pontedeume nunca foi tal. A xoia que foi exposta como Torques de Centroña nos locais da OJE, actual Casa da Xuventude, no ano 1971 con motivo da celebración do VII Centenario da fundación de Pontedeume<sup>27</sup> en realidade era o de San Martiño do Porto que, aínda que moi parecido, non é igual. O engano estendeuse a través do tempo porque na edición conmemorativa, que con tal ocasión se publicou da *Historia de Puente deume y su comarca*<sup>28</sup> de Couceiro Freijomil,



Figura 18: O Torques de Centroña no Museo Provincial de Lugo por Pepe Álvarez (El Progreso)

25. Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Capítulo I, artigos 8 a 16.

26. DOG do 23 de outubro de 2013.

27. Celestino Sardiña, alcalde na época e presidente da comisión organizadora dos actos do VII centenario da fundación de Pontedeume, en entrevista persoal, marzo de 2012. Actas do CIT Ría de Ares.

28. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puente deume y su comarca*. 2ª ed. Imprenta Vda. Miguel López Torre. Pontedeume, 1971. p. 13.

ilústrase a noticia do Torques de Centroña cunha fotografía de Tito Ríos do que realmente é o Torques de San Martiño (fig.19). Esa é a edición que conservan en moitos fogares eumeses e pola que moitos son os que cren que o Torques, aínda que partido, está completo.

O Torques de San Martiño do Porto (Cabanas), como xa comentamos máis enriba, foi atopado tamén casualmente por un labrego nas proximidades do castro de As Modias. Foi adquirido a Ernesto Freire pola Deputación Provincial de A Coruña o 22 de outubro de 1868 pola cantidade de 258 escudos. Na década de 1950 é estudado por Luis Monteagudo e estará exposto no Museo de Belas Artes de A Coruña ata o seu traslado en 1982 ao Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón na mesma cidade<sup>29</sup>. A confusión proviña precisamente do museo coruñés no que constaba etiquetado como Torques de Centroña.



Torques de S. Martiño do Porto, foto Ríos, ilustrando a Historia de Pontedeume...en 1971

## CONCLUSIÓN

A conclusión principal á que podemos chegar tras a lectura deste relato é que, pola sucesión de circunstancias que concorreron no achado e na época en que aconteceu, foi unha sorte que o achado casual dun obxecto de grande valor arqueolóxico e histórico non rematara coa súa desaparición, por destrución na fundición ou por saída das nosas fronteiras, malia a indeterminación na que se atopa na actualidade por estar a cargo da decisión dos particulares propietarios.

29. LUACES ANCA, J. e TOSCANO NOVELLA, C.: *Cabanas historia y patrimonio cultural*. Concello de Cabanas. Mayo 1999. p. 28.

Vimos como no caso do torques de San Martiño do Porto a sorte non foi a mesma, xa que logo logrouse salvar in extremis e consérvase en museo público, aínda que esnaquizado. Mellor foi a doutros achados casuais ocorridos en territorio eumés en mellores circunstancias e que tamén remataron coa musealización das pezas, como o chamado Hermes Cuadrifaz aparecido en 1924 no lugar de San Calcón en Esteiro cando se realizaban obras para a construción do camiño veciñal de Pontedeume a Ombre e que rematou, despois de moitos anos, en 1962 depositada no mesmo museo coruñés<sup>30</sup>. Outra peza atopada fortuitamente e que tamén podemos ver no Museo de San Antón de A Coruña é a Estela Funeraria galaico-romana atopada en 1938 en San Pedro de Grandal (Vilarmarior)<sup>31</sup>. No mesmo Museo pódense contemplar, ademais, os restos atopados por J.M. Luengo<sup>32</sup> na primeira escavación metódica no concello en 1950, trátase dos materiais procedentes da Vila Romana de Centroña, no lugar de O Cerrulo desa parroquia.

Pero outros achados casuais non tiveron a mesma fortuna, como o Tesouriño de Moedas Romanas que aparecera en 1916 nun sitio chamado Algara, no lugar de Bermaño e parroquia de Perbes (concello de Castro, actual Miño)<sup>33</sup> do que se ignora o paradiro e que posiblemente foi vendido a diversos coleccionistas particulares. Ou outros posibles achados dos que nin sequera chegamos a ter noticias.

Mesmo nas poucas escavacións arqueolóxicas feitas con rigor, o paradiro dos materiais achados, malia ser depositados en institucións foron as veces extraviados por simple negligencia. Tal foi o caso dalgúns restos de mosaico da intervención na Vila Romana de Centroña e máis dos restos aparecidos no xacemento romano de Sopazos investigado por A. del Castillo en 1928<sup>34</sup> que quedaron no concello de Pontedeume, desaparecendo cando as obras de rehabilitación do edificio en 1974. O perdido perdido está.

Hoxe en día o Patrimonio Histórico Cultural está protexido pola lexislación. Ademais de varios convenios internacionais subscritos polo Estado Español, hai unha normativa europea<sup>35</sup>, unha normativa estatal<sup>36</sup> e unha normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia<sup>37</sup>. En concreto, a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do *Patrimonio Cultural de Galicia*. Título III. Do *Patrimonio Arqueolóxico* que establece o seguinte:

30. LUENGO MARTÍNEZ, J.M.: *Piezas del Museo Histórico Arqueológico de La Coruña*. Revista do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. 1967. Reeditado en Revista Cátedra nº 13. Pontedeume. 2006. pp. 475-480.

31. DEL CASTILLO, A.: *Hallazgos arqueológicos*. Boletín de la Real Academia Gallega t. XXII, nº 264. A Coruña. 1942 p.327.

32. LUENGO MARTÍNEZ, J.M.: *Las excavaciones de la villa romana de Centroña-Puentedeume (La Coruña)*. Cuadernos de Estudios Gallegos t. XVII nº 51. Compostela. 1962. Tamén menciona o Torques.

33. MARTÍNEZ SALAZAR, A.: *Del tesoro de monedas de Algara*. Boletín da Real Academia Galega nº 106. A Coruña. 1916. Reeditado en Revista Cátedra nº 8. Pontedeume. 2001. pp.281-292.

34. DEL CASTILLO, A.: *Hallazgo de restos romanos en Puentedeume*. Boletín de la Real Academia Galega t. IX, nº 206. A Coruña 1928 p.55, 56.

35. *Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea*, de 25 de marzo de 1957. Artigos 36 e 128.

36. *Constitución Española*: Artigos 9, 44, 46, 48, 50, 148 e 149. *Lei 7/1985*, de 2 de abril, reguladora *das Bases de Réxime Local*. Artigos 2 e 25. *Lei 16/1985*, de 25 de xuño, do *Patrimonio Histórico Español*.

37. *Estatuto de Autonomía de Galicia*. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril. Artigos 27 e 38. *Lei 8/1995*, de 30 de outubro, do *Patrimonio Cultural de Galicia*.

### Artigo 1. Obxecto

1. O patrimonio cultural de Galicia está constituído por todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban de ser considerados como de interese relevante para a permanencia da identidade da cultura galega a través do tempo.

### Artigo 59. Achados Casuais

1. Para os efectos da presente lei, terá a consideración de achado casual o descubrimento de obxectos e restos materiais que posúan os valores que son propios do Patrimonio Cultural galego e fosen descubertos por azar ou como consecuencia de calquera tipo de remocións de terra, demolicións ou obras de calquera índole.

2. O descubridor dun ben que teña a consideración de achado casual haberá de comunicar inmediatamente o seu descubrimento á Consellería de Cultura.

### Artigo 60. Dereito a premio

1. O descubridor e o propietario do terreo no que se atopase un achado casual terán dereito a percibir da Xunta de Galicia en concepto de premio unha cantidade igual á metade do valor que en taxación legal se atribúa, que se distribuirá entre eles por partes iguais. A valoración será realizada pola Comisión Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia. Polo que se refire a bens inmobles, estes non devengarán dereito a premio.

2. O incumprimento das obrigas previstas no artigo anterior privará ó descubridor e, se é o caso, ó propietario do terreo do dereito a premio, e os obxectos quedarán depositados no museo que determine a Consellería de Cultura, con independencia das sancións que procedan.

*“Es obligación de todos los que disponemos de posibilidades económicas ayudar a que se conserven las obras de arte en sus lugares de origen, evitando que se marchen al extranjero, como ocurrió con otras piezas de alto valor que hoy hay que ir a admirar a museos distantes muchos kilómetros de los lugares de donde fueron halladas”*

**Álvaro Gil Varela**

*El Progreso*, 1 de marzo de 1974



# O TORQUES DE CENTROÑA (PONTEDEUME, A CORUÑA) NA OURIVERÍA CASTREXA

Aurelia Balseiro García

---

*“... Cuenta que entre los ártabros, que son los pueblos más remotos de Lusitania hacia el Noroeste, la tierra tiene eflorescencias de plata, estaño y oro blanco (por estar mezclado con plata) y que esa tierra la arrastran los ríos...”*

Estrabón (Geografica, III, 1,9)

*“... al final viven los ártbaros cerca del cabo que llaman Nerio... los ártabros tienen abundantes ciudades agrupadas, en el golfo que los navegantes y los que frecuentan estos lugares llaman Puerto de los Artabros...”*

Estrabón (Geografica III, 3,5)

## OURIVERÍA CASTREXA

A ourivería é unha das manifestacións materiais máis representativas da cultura castrexa e algunhas das súas producións como os torques son moi coñecidas, de tal xeito que aínda que non transcenda todo o seu simbolismo e significado convertéronse nun elemento e/ou icona asociado á nosa protohistoria e utilizado incluso hoxe en día con diversas finalidades.

Unha das características máis salientables da ourivería castrexa é o predominio do ouro como materia prima demostrado, ademais de nas propias pezas, na referencia documental das citas clásicas de Posidonio e Estrabón sobre a riqueza aurífera do Noroeste peninsular. A presenza de metais no territorio xunto cos produtos deles derivados avalan a existencia dunha metalurxia no NO peninsular dende o III milenio a. C., sendo os xacementos auríferos coñecidos e logo explotados a maior escala polos romanos.

Tamén se está a establecer a Idade do Ferro como un dos momentos de maior esplendor das producións ourives no NO, como resultado tanto da tradición autóctona e atlántica da Idade do Bronce como das novas técnicas e modelos de influencia mediterránea, polo que se pode falar, en xeral, dunha gran destreza e dominio da tecnoloxía para a metalurxia do ouro en época prerromana.

Entre as xoias máis sobranceiras da ourivería castrexa, ademais dos torques desenvólvense outras pezas como as arracadas, brazaletes e diademas e outras de dubidosa fun-

ción pero tamén realizadas en ouro como placas, espirais, diademas, apliques,... que compaxinan a súa función de adorno coa de símbolo de riqueza ou poder. Non obstante, a consideración xeral destas xoias áureas prerromanas como bens de prestixio non deixa de lado o seu estudo dentro das esferas económica e espiritual cos conseguintes valores comerciais e outros relacionados co mundo das crenzas, ademais do devandito aspecto social.

## TORQUES

Os torques defínense como adornos de pescozo ou colares ríxidos metálicos mencionados e utilizados por gregos e romanos que os consideraban característico dos pobos bárbaros (europeos e asiáticos) que os utilizaban como un símbolo de determinados guerreiros ou persoeiros importantes dentro dunha elite social e incluso como distintivo dos deuses ou da divindade (como o deus galo Cernunnus). Os propios romanos logo os incorporarían tamén dese xeito ao seu panteón (asignándolle este atributo a Mercurio, por exemplo) pero tamén como condecoración militar ou trofeo de guerra (*dona militaria*), na etimoloxía de nomes como Torcuato<sup>1</sup> (“adornado cun colar/torques”), como ofrenda votiva, en contextos funerarios ou como agasallo. Tamén aparecen en numerosas esculturas, relevos, moedas, vasos, caldeiros, etc.

Esta concepción dos torques adscribíse cronolóxica e culturalmente á Idade de Ferro europea coincidindo co momento de máximo esplendor destas xoias aínda que subsistirán nos primeiros séculos da nosa Era en plena romanización. Na península ibérica hai tres áreas de produción de torques ben caracterizadas: os torques ibéricos propiamente ditos (no Sur), os torques celtibéricos (na Meseta) e os torques castrexos (no NO). Entre elas existen evidentes relacións tamén apreciadas na ourivería a través das influencias nas distintas morfoloxías e técnicas.

Con anterioridade á Idade do Ferro tamén se constatan prototipos de torques metálicos (torques-lingote) en Centroeuropa, Europa occidental e no Levante mediterráneo perante a Idade de Bronce. Neste mesmo período na península Ibérica a dispersión de torques concéntrase en Estremadura e Sur de Portugal sendo interpretados como parte de depósitos ou ocultacións.

A pesar da súa derivación do latín *torquis* non necesariamente teñen que ter a variñña retorcida.

## FUNCIONS E SIGNIFICADO:

Con toda esta tradición histórica e artística os torques adquiren distintos significados e adoptan formas características identificativas segundo a sociedade na que se desen-

1. Referida ao romano Tito Manlio que ao vencer a un guerreiro galo e arrincarlle o seu torques foi aclamado dese xeito polos soldados.

volve esta peza tan representativa da ourivería prerromana, aínda que, a pesar da dispersión xeográfica e da cronoloxía, existan denominadores comúns como ese simbolismo de poder ou status social. Porén, os torques castrexos desenvolveron unha tipoloxía peculiar cunha tecnoloxía característica tanto nos sistemas de elaboración/fabricación como na decoración, establecendo uns morfotipos identificativos asociados a varias áreas xeográficas no contexto territorial da cultura castrexa que os independizan, en conxunto, doutras culturas. Cualitativa e cuantitativamente<sup>2</sup> podemos afirmar que os torques son as pezas máis representativas da ourivería castrexa.

## FUNCIÓN DAS XOIAS PRERROMANAS: BENS DE PRESTIXIO

| EIDO ESPIRITUAL                                                                                                                                             | EIDO SOCIAL                                                                                                                                                                      | EIDO ECONÓMICO                                                                                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"><li>– Ofrendas rituais</li><li>– Enxovais funerarios</li><li>– Depósitos votivos</li><li>– Distintivo de deuses</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>– Ornato/abalorio</li><li>– Exhibición de poder/riqueza</li><li>– Indicadores de xerarquía</li><li>– Distintivo dunha comunidade</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>– Acumulación de riqueza</li><li>– Intercambios</li><li>– Relacións comerciais</li><li>– Agasallos</li><li>Relacións políticas</li><li>– Inversión</li><li>– Medida de valor: premoeda</li></ul> |

Outra cuestión singular é a do xénero posto que os torques adoitan ser usados por homes e mulleres segundo a época e a cultura na que se integren. Na cultura castrexa os torques áureos eran de uso maioritariamente masculino a diferenza doutras áreas da península como a ibérica, e así aparecen en distintas representacións asociadas a varóns de determinado rango ou estatus como nas esculturas pétreas, xunto con outros elementos da panoplia dun guerreiro ou persoeiro de alto rango (brazaletes, armas, escudo...) na cabeza de Rubiás (Bande, Ourense), na escultura sedente procedente de Xinzo de Limia (Ourense), na cabeza de Anllo (Cea, Ourense) ambas as dúas no Museo Arqueolóxico de Ourense ou nos guerreiros galaicos da veciña Portugal<sup>3</sup>. A mesma tipoloxía do torques de Centroña tamén aparece representada nunha cerámica procedente de A Lanzada<sup>4</sup> (Sanxenxo, Pontevedra) datada no s. I a.C. de xeito aillado e decorativo pero cun fondo de obxecto importante digno de ser amosado. Tamén aparece un torques representado na machadiña votiva de Cariño (A Coruña)<sup>5</sup>.

2. Dos máis de cen torques áureos castrexos coñecidos (segundo o inventario de Nuria Reboredo hai 120 torques)

3. Como as procedentes de Outeiro de Lezenho. Boticas, Vila Real ou a de Meixedo, Viana do Castelo, datadas no século I.

4. Conservada no Museo de Pontevedra

5. Conservada no Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña.



Cerámica de A Lanzada. Museo de Pontevedra

No resto de Europa, a mediados da Idade de Ferro, hai constancia de torques de bronce como adorno feminino. Tamén o excepcional torque áureo de Vix (Francia) formaba parte do enxoval dunha muller nunha tumba datada entre o 500-480 a.C.

Por suposto, tamén é atributo de deuses/as e como tal aparecen representados en diversas manifestacións artísticas cos torques asociados á divindades ou a algún tipo de culto que os ligan ao mundo das crenzas espirituais. O feito de que aparezan portados ás

veces na man en escenas como as do caldeiro de Gundestrup<sup>6</sup> e incluso na diadema de Ribadeo/Moñes, segundo interpretación de Marco Simón<sup>7</sup>, redunda nesa relación co mundo dos rituais e as crenzas espirituais<sup>8</sup> con iconografías repetidas e similares para os deuses/as indíxenas logo romanizados cos mesmos atributos identificativos.

A súa amortización en tumbas de persoeiros ilustres (homes e mulleres) no ámbito europeo xunto con outros obxectos suntuarios é outra mostra desa relación cos símbolos de poder e estatus. Tamén o seu carácter votivo, de ofrenda, vincúlase a achados puntuais con varios obxectos localizados en zonas especiais a modo de depósitos<sup>9</sup>. En opinión de Marco Simón (2005:77) “expresan, en definitiva, a función do torques como mediador esencial co mundo divino ou a vontade das clases dirixentes de lexitimar o seu poder sobre a base da relixión e de autorrepresentarse en consecuencia”.

Ademais da súa función de adorno e os outros simbolismos devanditos, hai outra interpretación dos torques como posible paleo-moneda ou protomoeda ao ser susceptible de usarse como medio de intercambio ou medida de valor<sup>10</sup> xa no II milenio a.C. polo metal utilizado na súa elaboración<sup>11</sup>. Tamén Ladra (1999) apunta uns patróns de peso para os torques castrexos como posibles sistemas ponderais baseados no siclo fenicio (7,27 – 7,30 g.) como unidade metrolóxica básica. Este valor premonetal dos torques é unha liña de traballo interesante que se debería investigar en distintos ámbitos xeográficos.

En todo caso está claro que, independentemente da adscrición cronolóxica e cultural, os torques teñen un valor material e un valor simbólico evidentes.

## O TORQUES DE CENTROÑA

Segundo Murguía este fragmento de torques atopouno Juan Leira na súa finca de Casavella, Castrolo, na parroquia de Centroña (Pontedeume) en setembro de 1912. O achádego foi publicado en *La Voz de Galicia* e o propio Manuel Murguía realizou un artigo que aparecería dous meses máis tarde no Boletín da Real Academia Galega.

Sobre as circunstancias do achado casual hai que subliñar a súa contextualización preto dun castro, pero sen máis datos coñecidos ou prospeccións arqueolóxicas realizadas.

6. Datado na Idade do Ferro, ca. 200-100 a.C. e conservado no National Museum of Denmark. A súa rica iconografía interprétase como unha mistura celta e tracia.

7. MARCO, F. (1994): “Heroización y tránsito acuático: Sobre las diademas de Mones (Piloña, Asturias)” en J. MANGAS y J. ALVAR (eds.), *Homenaje a J.M. Blázquez, II*. Madrid, pp. 318-348

8. Balseiro García, A. (2000): *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes*. Diputación de Lugo.

9. MARCO, F. (2005:71-72) relaciona a ofrenda votiva de torques cos achados europeos preto de elementos acuáticos da paisaxe e na zona do NO peninsular lugares como as marxes dos castros (torques de Foxados, Pontevedra) en “El torques como símbolo”, *Torques Belleza y Poder*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

10. Castro L.; “El origen de los torques” en *Torques, Belleza y Poder* (2002) p. 23.

11. RUÍZ-GÁLVEZ, M. L. (1996:162) sobre o significado da ourivería prerromana apunta a súa utilización como moeda de cambio, incluso cortada en fraccións e demostra a relación co poder e a súa ostentación.



Torques de Centroña. Detalles



Referida a súa aparición como fragmento, sen noticias da outra metade do torques a pesares de estar rota de xeito intencionado, posúe un indubidable interese posto que representa case a metade dun torques áureo. Non é o único torques castrexo atopado en anacos e/ou mesturado con outros obxectos valiosos, polo que podería entenderse como un atesouramento polo metal áureo ou unha ocultación máis que un abandono ou perda en circunstancias de perigo. Moitas xoias castrexas reutilízanse ou repáranse polos ourives, sobre todo tendo en conta a gran perdurabilidade temporal e a transmisión xeracional destes obxectos, e teñen aparecido conxuntos metalúrxicos que se interpretan como depósitos de fundidor ou acumulación de metal valioso a reutilizar.

A súa localización na provincia de A Coruña, zona máis setentrional da Cultura Castrexa e territorio dos ártabros, da nome precisamente a esta tipoloxía de torques como tipo ártabro, así denominado primeiramente por López Cuevillas (1951: 20-51) e Montea-gudo (1952), cos típicos arames enrolados en dous terzos da variña e remates en periñas<sup>12</sup>. Pérez Outeiriño (1986 e 1990) denomínoa Morfotipo C1. Na clasificación dos torques da provincia de Lugo (Balseiro, 1994) establécese o Tipo V para os torques con arame enro-lado e remates piriformes cunha datación xeral entre os séculos III-I A.C.

Prieto (1996:202) coincide coa denominación Tipo V para os torques con arames enrolados nos dous terzos dos extremos da variña e remates en periña con tres subtipos, segundo a presenza ou ausencia de decoración co que este torques corresponderíase co subtipo VA2 pola presenza de un ou dous grupos de espirais realizadas mediante filigra-na, ou imitación desta técnica. Sinala que están máis representados na “área 2” ou territo-rio comprendido entre os ríos Eo e Ulla, xeograficamente adscrito aos ártabros, e ,en menor medida, na “área 3” (territorio comprendido entre os ríos Ulla e Limia). A presen-za puntual de tipoloxías similares en zonas distintas ás súas áreas de maior dispersión, pode apuntar circuitos de relacións comerciais ou de intercambios sociais de obxectos de valor porque a produción non deixa de ser autóctona, independentemente de que os ouri-ves foran ou non itinerantes.

Ao longo do século XX apareceron varios paralelos de torques de tipo ártabro na provincia da Coruña que se foron dando a coñecer: P&A, (1998:58); CASAL e FERNÁN-DEZ, (1998) como o torques de Bardaos I que se localizou no interior da croa do castro referido e máis tarde o torques da Croa de Bardaos II (LADRA, 2006) aínda que este ten a variña circular, remate piriforme e carece de decoración. O de Centroña ten a peculiari-dade de ostentar dúas espirais dobres de filigrana aplicada que se supón corresponderían con outras dúas na outra metade. Esta disposición de dobre parella de espirais de filigra-na é a única conservada do Norte de Galicia ata o momento pero segue a mesma compo-sición decorativa das variñas destes torques: arame enrolado-espiral-terzo central liso.

No Ashmolean Museum (Oxford, Reino Unido) atópase un torques tipo ártabro procedente de “la cultura ibérica de los castros de la Edad del Hierro” sen máis referen-cias que ben podería ser un exemplar desta mesma zona.

12. Outras clasificacións tipolóxicas establécense só en función da forma dos remates.

Máis que por paralelismo morfolóxico por cuestión xeográfica mencionaremos tamén o Torques da Coruña que se conserva no MAN con remates piriformes decorados e ocos pero a súa orixinalidade radica no especial desenvolvemento do aro ao combinar nos terzos inferiores a variña de sección romboidal sen decoración coa decoración de catro fíos torsionados e terzo central liso que o diferencia do de Centroña.

Hai noticia do achado doutro torques tipo ártabro en Sta. María de Ois (Coirós, Betanzos, A Coruña. MAN.) atopado preto do castro de Flores. Tamén de tipo ártabro con arames enrolados nos terzos laterais, a continuación dobre espiral de filigrana con botón central en cada lado e remates piriformes ocos. Dátase entre os séculos II a. C. – I d.C.

O torques de Viladonga II ten alma de bronce con baño de ouro recuberta nos terzos inferiores da variña por arames enrolados de ouro baixo seguido de dobre espiral con botón central a cada lado do terzo central liso de sección circular. Ao igual que o outro torques de Viladonga foron achados no castro, este nun contexto habitacional e o outro no antecastro.

No conxunto de Cangas de Onís<sup>13</sup> (Oviedo. MAN.) hai fragmentos de torques de sección circular con arames enrolados sobre alma de prata e decoración á cera perdida con dobre espiral de botón central e outro con espirais de filigrana con botón central e pegadas de decoración de arames enrolados hoxe desaparecidos.

Do conxunto da Madorra, (Cospeito, Lugo) do MAN tamén hai torques con arames enrolados e filigrana ao igual que os tamén lucenses de Marzán, Burela, Recadieira II ou o coruñés de San Lourenzo de Pastor II (O Pino). Todos con arames, filigrana pero remates en dobre escocia.

Outro torques áureo do MAN de procedencia descoñecida presenta arames enrolados e a continuación na variña de sección circular dúas parellas de dobre espiral, non obstante, ten os remates en dobre escocia. A filigrana aplicada para as placas ou espirais non remata nun botón central<sup>14</sup>.

Entre os seus paralelos galegos, a pesares de que ningún posúe dobre parella de espirais de filigrana, hai outros que seguen esta mesma tipoloxía e composición decorativa agás no detalle devandito: torques de Viveiro (Lugo), os torques de Viladonga I e II (Castro de Rei, Lugo), torques de Orbellido (Vimianzo, A Coruña), torques de Ois (Betanzos, A Coruña), San Martiño do Porto (Cabanas, Pontedeume, A Coruña), torques de San Lourenzo de Pastor (O Pino, A Coruña), etc. Tamén os torques de Xanceda (Mesía, A Coruña) e outro de procedencia descoñecida de bronce-ouro, tamén conservado no Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, teñen paralelismos, dentro das súas peculiaridades, co de Centroña.

Rematamos o apartado de paralelos mencionando o torques da Serra da Capelada (Ortigueira. MAN.) aínda que teña o aro de sección cadrada romboidal, os remates son


13. GARCÍA VUELTA, O. (2001): “El conjunto de Cangas de Onís. Arqueología del oro castreño asturiano”. *Trabajos de Prehistoria*, 58, nº 2 p. 109-129

14. A pesar da súa aplicación en algúns exemplares con remates en dobre escocia, as placas de fíos de filigrana soldados que tamén chamamos espirais pola súa forma, son moito máis frecuentes nos torques con remates piriformes.

piriformes, ocos e unidos ao aro por soldadura. A decoración con motivos xeométricos é estampada datándose esta peza entre os séculos III-I a.C.

## ANÁLISE

O aro de sección circular é macizo, varía de grosor chegando nos extremos de contacto cos remates a 10 mm. e no outro extremo do fragmento 8 mm. sendo a medida máxima de 11 mm. O desenvolvemento do arco interno da unha medición de 171 mm. e a do arco externo de 198 mm. As marcas deixadas pola rotura ou tallado do torques, non podemos determinar cos medios dispoñibles se son antigas ou modernas, entre todas destaca unha incisión profunda de lado a lado no lugar da fractura. Presenta moitas pegadas de uso, rabuñaduras e algunhas abrasións sendo a amosega máis profunda a xa mencionada preto da parte central orixinal na zona de fragmentación. A sección dos corenta e un ara-




mes enrolados á variña é planoconvexa, sendo aplicados sobre un núcleo áureo de sección circular, a alma pode observarse co microscopio entre os propios arames. O diámetro máximo das placas de filigrana varía entre os 15 mm. da espiral máis externa e os 17 mm. da interior.




O remate que se conserva ten forma de periña ou landra, é oco e ten un furado no extremo. O burato aparece con pegadas de limado cunha intencionalidade imposible de determinar non sendo para confirmar se o remate era ou non oco. Este tipo piriforme é moi habitual, pode realizarse coa técnica de ba-leirado en molde á cera perdida que logo se incorpora aos dous extremos da varela encaixado e soldado ao corpo principal<sup>15</sup>.

As súas medidas de diámetro máximo 23

mm. altura: 29mm. Os orificios nos remates téñense considerado para outros torques como posibles repiradoiros de evacuación dos gases producidos durante o proceso de elaboración da peza ou tamén un resto da técnica da cera perdida usada en remates como por exemplo no caso dos terminais de dobre escoia ocos do depósito de Cangas de Onís



15. A pesar de que adoitan ser ocas, tamén hai exemplos en que son macizas.



(MAN) ou no de Burela (MPL); sen embargo, neste caso, non se pode avaliar con total seguridade.

O estado de conservación xeral é moi bo, tendo en conta a práctica ausencia de manchas ou corrosións na superficie, do que tamén se deriva a calidade do ouro utilizado. As manchas da zona central da variña observadas con microscopio parecen proceder de acumulacións de residuos ou sucidades externas en incisións ou pequenas amosegas.

Con respecto ao peso temos unha medida para este fragmento de 170 g, o que fai pensar que o total do peso da peza completa non superaría os 340 g. Este dato ten importancia para analízalo en relación co sistema ponderal dos torques castrexos onde a maior concentración nos pesos obsérvase entre os 100 e os 170 grs. (Prieto, 1996:208) en segundo lugar entre os 180 e 310 g e en terceiro os pesos entre 330-390 g.

Sería importante realizar estudos analíticos máis profundos para a interpretación dos procesos técnicos, a detección de aliaxes, etc. con material e tecnoloxía dos que agora non dispoñemos.

A adscrición cultural e cronolóxica atendendo aos estudos e investigación anteriores e aos paralelos máis achegados, encadraríao na Segunda Idade do Ferro do Noroeste peninsular na Cultura Castrexa, podendo establecer unha datación entre os séculos III-I a.C.

## SÍMBOLISMO DOS TORQUES CASTREXOS

Os torques castrexos na súa meirande parte apareceron descontextualizados pero aínda así pode determinarse esa falta de contexto como un dato a relacionar con ocultamentos ou atesouramentos descartando polo de agora connotacións funerarias ou votivas na súa amortización, moitos aparecen asociados a castros<sup>16</sup>. De todos os xeitos hai que ter en conta que “o contexto do torques é precisamente a ausencia de contexto”<sup>17</sup> frase cuxas autoras relacionan co concepto de depósito arqueolóxico, é dicir, un ocultamento de obxecto/s valiosos por diversos motivos.

Por outra banda, os exemplos que posuímos refiren un uso masculino á vista das famosas esculturas de guerreiros galaicos non constatando, ata o de agora, evidencias de uso feminino nin a través da arqueoloxía nin doutras fontes, para o Noroeste peninsular. Non obstante, o seu valor e importancia é facilmente demostrable tal como se viu en páxinas anteriores. O material utilizado na súa elaboración: o ouro, converte estes obxectos en bens de prestixio<sup>18</sup>, ben dun individuo destacado ou ben dunha comunidade<sup>19</sup>, engadindo un simbolismo socioeconómico a un adorno/xoia non exento tamén de connotacións máxico-espirituais aínda que tamén outros investigadores opinan que un torques castrexo pode ser unha inversión colectiva non un adorno persoal<sup>20</sup>.

## TECNOLOXÍA

As técnicas usadas para a fabricación e decoración deste torques son en primer lugar a fundición co vaciado de metal fundido en molde para os aros macizos, arames e fíos<sup>21</sup>. O baleirado á cera perdida para os remates macizos e a fusión ou fundición adicional para unir os terminais ao aro<sup>22</sup>. Logo usárianse técnicas de deformación plástica coma o martelado para darlle a forma requirida e a soldadura para unir outros elementos.

Das técnicas decorativas destaca a filigrana para a realización das espirais dos torques castrexos como o de Centroña, a base de fíos áureos simples dobrados en forma de espiral dobre unida pola propia continuación do fío dunha espiral a outra para cubrir toda a superficie da variña, non obstante, algunhas coma as do torques de Cangas de Onís

16. Hai moitos casos de contextos de torques relacionados directa ou indirectamente con castros: os dous torques de Viladonga, Burela, Foxados, Recadieira I e II, Marzán, Viveiro, Vilas Boas...

17. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:98,109).

18. Vid. Esquema anterior das funcións das xoias castrexas.

19. Tal como podería interpretarse no caso de torques sobredimensionados como os lucenses de Burela e Recadieira II (Mondoñedo), cun tamaño e peso fóra do habitual (1.812 e 1.460 grs. respectivamente).

20. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:98).

21. Os fíos de filigrana fabricados por deformación plástica.

22. ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000:102).

(MAN) simulan as espirais de filigrana sendo realizadas á cera perdida. Adoitan aplicarse ao aro coa soldadura metálica cun punto de fusión inferior que os elementos a xuntar e dispóñense na zona central do aro, a continuación dos arames enrolados deixando o terzo central liso, sen decoración. No caso de Centroña son dúas parellas de espirais que se corresponderían do mesmo xeito no outro lado do torques que non se conserva. Esta técnica da filigrana é moi empregada tamén noutros motivos decorativos coma os entrelazados de varios fíos áureos a xeito de cenefa no terzo central dos aros<sup>23</sup>. As espirais teñen un botón central, gránulo ou esfera soldado que agocha o remate do fio (NO vid. Imaxes).

Unión de terminal e aro macizo por vaciado adicional ou por soldadura metálica (García Vuelta, 2002:40) combinado cun encaixamento das dúas partes<sup>24</sup>.

Ás veces as marcas estampadas ou ciceladas no aro poden ser “marcas de propietario” antigas<sup>25</sup>. No caso de Centroña hai unhas marcas na zona seccionada do arco, das que non podemos determinar con claridade se son antigas ou modernas, pero si se trata dunha rotura intencionada vistas as diversas pegadas de corte do metal.

Os arames enrolados do terzo lateral da variña dispóñense primeiramente en barras áureas que a través do martelado se lles dá forma cunha sección plano-convexa ou cóncavo-convexa para enrolarse en torno ao aro, fixándose coa soldadura e dando lugar a esta típica disposición decorativa dalgúns torques castrexos.

Sobre a posibilidade de que aos remates piriformes, como noutros torques cos terminais ocos, se lles puidesen engadir elementos internos para producir son tipo axóuxere, non se pode constatar no de Centroña porque a súa abertura está ao ar.

Para o acabado das pezas desenvólvense técnicas de pulido por abrasión metálica con materiais como area ou cinza<sup>26</sup>.

Sistemas de produción:

Sobre esta cuestión ou sobre as teorías de ourives ou tecnoloxía itinerante, se estes produtos son froito de intercambios con outras comunidades do NO ou a partir de centros de produción distribuidores hai diversas opinións. Armbruster e Perea (2000:109) en función da variabilidade dentro dun trazo morfolóxico dos torques castrexos, defenden a hipótese do ourive ou obradoiro ambulante que “dá servizo a una ampla zona xeográfica” ou ben a existencia dun obradoiro fixo ou estacional que traballa por encargos e a distancia.

A valoración do grao de especialización artesanal é, segundo Perea<sup>27</sup>, un indicador válido para a análise socioeconómica das sociedades onde se desenvolve esta tecnoloxía.

Os niveis de coñecemento e cualificación necesarios para a produción da ourivería castrexa terían que conducir cara a unha actividade especializada e diferenciada do artesan metalúrxico aínda que a dedicación non fose total.

23. Nos torques lucenses de Burela e Marzán (Foz), por exemplo.

24. Hai terminais macizos co baleirado á cera perdida como os de Cospéito (Ladra, 1997-1998).

25. Como a aspa do terzo central do aro do torques de Burela.

26. GARCÍA VUELTA, O. (2005) “...” en *Torques. Belleza y Poder*. MAN. Ministerio de Cultura, Educación y Deporte. P.33.

27. PEREA et al., (2008:129-130).

## CONCLUSIÓNS

Sendo os torques pezas importantes da ourivería protohistórica do NO peninsular e o símbolo máis coñecido ou popularizado da cultura material castrexa, a análise do exemplar de Centroña contribúe a profundar máis no seu coñecemento e maior difusión, caracterizando os torques castrexos como unha produción distintiva e independente doutras áreas da península Ibérica ou Europa.

## BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (coord.) (1996): *El oro y la orfebrería prehistórica en Galicia*. Diputación Provincial de Lugo. Museo Provincial de Lugo.
- ARMBRUSTER, B.R. e PEREA, A. (2000): “Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia”. *Trabajos de Prehistoria* 57 (1): 97-114
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1994): *El oro prerromano de la provincia de Lugo*. Deputación Provincial de Lugo.
- (2000): *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes*. Diputación de Lugo.
- BANDERA, M.L. de la (1988): “Estudio crítico de los torques ibéricos”. *Habis*, 18-19 pp. 531-563
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1957) “Origen y relaciones de la orfebrería castreña”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 12, nº 36-37-38. Santiago de Compostela pp- 5-28; 137-157; 267-301.
- CASAL, R. e FERNÁNDEZ, C. (1998): “Acerca de otro nuevo torques de alambres enrollados” *Gallaecia*, 17:245-250
- CASTRO, L. (1990); *Os torques prehistóricos*. USC. Santiago de Compostela
- (1992); *Los torques de los dioses y de los hombres*. A Coruña
- COMENDADOR, B. 1998: *Los inicios de la metalurgia en el Noroeste de la Península Ibérica. Brigantium*
- II. Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón. A Coruña.
- GARCÍA-VUELTA, O. (2007); *Orfebrería castreña en el Museo Arqueológico Nacional*. Ministerio de Cultura. Madrid.
- LADRA FERNÁNDEZ, L. (1999): “Análisis ponderal de los torques castreños”. *Complutum*, 10:143-156
- (2003): “Sobre un novo torques recentemente adquirido polo Museo Arqueológico e Histórico Castelo de San Antón”. *Brigantium*, 14: 109-115
- (2005): “Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO peninsular”. *Actas del Encuentro de Jóvenes*

- Investigadores sobre Bronce Final y Hierro en la Península Ibérica*, pp. 94-110. Salamanca.
- (2005): Dous novos torques achados en Vilar do Monte (San Fiz de Reimóndez, Sarria, Lugo) *Anuario Brigantino*, 28:27-38
- (2006): “Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)”. *Anuario Brigantino* 2006, nº 29: 39-52
- LADRA, L. e MARTINÓN-TORRES, M. (2009): “Variacións tecnolóxicas e preferencias culturais: estudo analítico dos ouroos do castro de Viladonga”. *Croa*, 19: 32-43
- ¿? Novas perspectivas no estudo dos torques castrexos: morfotipos e territorialidade.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1932); “Os torques do Noroeste Hispánico”. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos IV*. Seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela. p. 97-130.
- (1951): *Las joyas castreñas*. Madrid.
- MONTEAGUDO, L. (1952): “Torques castreños de alambres enrollados” *Archivo Español de Arqueología*, XXV, 287-296
- MURGUÍA, M. (1912): “El Torques de Centroña”. *Boletín da Real Academia Galega*. Ano VII. Nº 66 A Coruña.
- P&a (1998), “Hallazgo y recuperación de un torques inédito en el ayuntamiento de Tordoia (A Coruña)”, *Revista de Arqueología*, 203:58.
- PEINADO Y GÓMEZ, N. (1975); *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Lugo.
- PEREA, A. (1995); “La orfebrería castreña asturiana”. *Astures*. Catálogo de exposición. Gijón: 77-87
- PEREA, A. 2003: “Los torques castreños en perspectiva”. *Brigantium* 14: 139-149.
- PEREA ET AL., (2008) PEREA, A.; ARMBRUSTER, B.; MONTERO, I. y ROVIRA, S. 2008: “Arqueometalurgia: historia y tecnología”. En Sáiz-Jiménez y Rogerio-Candelera 2008: 129-142.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1986); “Torques”. *Gran Enciclopedia Gallega*, 29: 107-110
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1990): “Achega tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW.” *Gallaecia*, 12\_139-151
- PRIETO MOLINA, S. (1996): “Los torques castreños del Noroeste de la Península Ibérica”. *Complutum*, 7 Madrid p.195-223
- P&A (1998): “Hallazgo y recuperación de un torques inédito en el ayuntamiento de Tordoia (A Coruña)”. *Revista de Arqueología*, 203:58
- QUEIROGA, F.M.V.R. (1987): “ Dois torques castrejos do Ashmmolean Museum (Oxford)”, *Portugalia*, Nova Serie, VIII:59-65
- REBOREDO CANOSA, N.
- RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M<sup>a</sup>.L. (1989): La orfebrería del Bronce Final. El poder y su ostentación” *El oro en la España prerromana*. Monografía de la Revista de Arqueología, Madrid, p. 46-57.

- RUÍZ-GÁLVEZ PRIEGO, M<sup>a</sup>.L. y GALÁN, E. (1996): “Divisa, dinero y moneda. Aproximación al estudio de los patrones metrológicos prehistóricos peninsulares”. *Homenaje al Prof. Manuel Fernández-Miranda*. Complutum extra 6 (II), Madrid, p. 151-165.
- TRAPERO PARDO, J. (1955); “Una joya de la orfebrería prehistórica lucense. El torques de Burela”. *BCPML*, 6: 55-59
- BARRIL VICENTE, M. e ROMERO RIAZA, A. (dtors.)(2002) *Torques, Belleza y Poder*. Museo Arqueológico Nacional. Ministerio de Educacion, Cultura y Deporte.
- (1989) *El oro en la España prerromana*, extra de la *Revista de Arqueología*, Madrid,
- (2005) *Torques Belleza y Poder*.



# OS ATRIBUTOS DO GUERREIRO, AS OFRENDAS DA COMUNIDADE. A INTERPRETACIÓN DOS TORQUES A TRAVÉS DA ICONOGRAFÍA

Xosé-Lois Armada\*  
e Óscar García-Vuelta\*\*

## INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

O obxectivo do presente traballo é plantexar unhas breves reflexións sobre o significado e os problemas interpretativos dos torques castrexos, que proporcionen un marco xeral no que integrar o coñecido como torques de Centroña. Os torques son obxectos complexos, na medida que conteñen múltiples dimensións (tecnolóxica, económica, funcional, simbólica, etc.) relacionadas entre si e que deben ser consideradas de maneira integrada na súa interpretación. Por outra parte, os torques posúen tamén una carga simbólica vinculada á súa diacronía histórica e especialmente ó seu pasado contemporáneo (noticias sobre achádegos, exhibición en museos, valoracións no discurso académico e no popular, etc.) que inevitablemente condiciona calquera análise que se faga no presente (Armada *et al.* 2013).

A interpretación tradicional e máis extendida do torques considera este obxecto un adorno persoal de pescozo, masculino e de propiedade individual. Os torques contan cunha longa tradición na protohistoria europea (Castro Pérez 1990 e 1992) e, de feito, algúns autores consideran que existe un vínculo particular entre o torques e os celtas<sup>2</sup>. Tirando deste fío, a abundancia de torques podería ser sinónimo de celticidade<sup>3</sup>. Castro

\* Institute of Archaeology; University College London (UCL); 31-34 Gordon Square; London WC1H 0PY; Reino Unido. x.l.armada@ucl.ac.uk

\*\* Centro de Ciencias Humanas y Sociales (CCHS); Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC); Albasanz, 26-28; 28037 Madrid. oscar.gvuelta@cchs.csic.es

1. Este traballo enmárcase no proxecto de investigación *Do obradoiro ó corpo: o metal como expresión de poder na protohistoria do Noroeste peninsular* (10 PXIB 606 016 PR), financiado pola Xunta de Galicia.

2. Non entraremos aquí a analizar a problemática de conceptos tan complexos como os de *indoeuropeos* ou *celtas*, nin tampouco a súa longa diacronía, connotacións ideolóxicas e polisemia. Para unha visión en profundidade, remitimos a Collis (2003), Ruiz Zapatero (2001 e 2005), Renfrew (1990) ou Villar (1991).

3. Así por exemplo, a propósito das estatuas de guerreiro do Noroeste, Álvarez-Sanchís (2004: 57) sinala “*El uso de torques al cuello, de viriae o brazaletes en los antebrazos y de cascos evidencian el carácter céltico de estos aristócratas, para lo que se ha buscado su origen en la Meseta*”. Nunha liña similar, Lorrio (2011: 72) refírese a “...*algunas evidencias arqueológicas que pueden considerarse como de tradición céltica y que parecen plenamente asimiladas* (continúa nota →)

Pérez (1992: 32) ten precisado que os torques non son exclusivos dos celtas, pero é entre eles onde contamos cunha documentación máis ampla para interpretar “*su función, su sentido y uso*”. Unhas décadas atrás, Cuevillas escribía sobre a “*arrogancia y fanfarronería*” dos celtas e sinalaba que “*gentes dotadas de tal carácter tenían que ser por necesidad aficionadas a lucir joyas, pues el mismo impulso de vanidad que las obligaba algunas veces a despojarse de sus ropas para combatir, las incitaba otras a engalanarse con preseas*” (López Cuevillas 1951: 17-18).

Na actualidade, sen negar que o torques é un adorno individual asociado en moitos casos ó sexo masculino, asúmese que a realidade pode ser máis plural e diversa. Nun innovador artigo publicado hai uns anos, Armbruster e Perea (2000) cuestionaron boa parte das premisas asumidas polo discurso académico ata entón. Á idea do torques como adorno persoal opuxeron a hipótese de que é unha inversión colectiva e comunitaria<sup>4</sup>. Ó tan manido argumento da *descontextualización* respostaron afirmando que o contexto do torques é, precisamente, a ausencia de contexto e reinterpretando como auténticos depósitos arqueolóxicos intencionais os achádegos casuais sen estruturas asociadas atopados, xeralmente no curso de traballos agrícolas, nas proximidades dalgúns castros<sup>5</sup>.

Estas propostas, lonxe de gozar de aceptación unánime (entre outras críticas, Parcero-Oubiña 2002: 222; Ladra 2011: 79-80), contribuíron a renovar uns estudos que naquelas datas amosaban algúns sinais de esgotamento. Por outra parte, o papel do torques non ficou alleo ás interesantes discusións sobre as formacións sociais castrexas que tiveron lugar nos últimos anos. Así, en opinión dalgúns autores (Sastre 2001: 70-77; Fernández-Posse, Sastre e Sánchez-Palencia 2004) a ourivería castrexa debe contextualizarse no marco das comunidades agrarias segmentarias castrexas, dominadas por ideoloxías igualitarias nas que impera o peso da comunidade como estrutura de poder (Sastre 2001: 77); o ouro sería unha materia prima relativamente accesible e de difícil restricción social, obtida mediante bateo fluvial -unha actividade estacional e comunitaria- e transformada no ámbito de produción doméstico. A posición de González Ruibal (2006-07: 419-429) é oposta, ó vincular directamente ourivería e poder. Na súa opinión, “*la rica orfebrería del Noroeste debería ser argumento suficiente para demostrar el carácter desigualitario de las sociedades prerromanas en la zona*” (González Ruibal 2006-07: 427).

(continúa nota →) *por la Cultura Castreña, como sería el caso de los torques*”, engadindo que certos tipos de torques poderían interpretarse “*como verdaderos emblemas étnicos*” (Lorrio 2011: 71). En opinión de Marco (2002: 69), “*aunque no privativo de los celtas, el torques es uno de los emblemas más característicos de la cultura céltica y, en concreto, del sistema de valores existente*”.

4. “*Creemos que los torques, en un momento de su larga trayectoria, constituyen una inversión comunitaria, un seguro colectivo ante situaciones de incertidumbre de una sociedad campesina en un mundo fragmentado (...) actuaría de seguro económico, pero también político, necesario para la subsistencia y reproducción del grupo. El torques carece de sentido individual, no pertenece a un jefe o a una élite, sino que se constituye en emblema ideológico de los diferentes grupos campesinos castreños*” (Armbruster e Perea 2000: 111). Esta liña argumental inspirase en propostas previas de Fernández-Posse e Sánchez-Palencia (1998: 135).

5. Cabería engadir, por outra parte, que esa suposta ausencia de contextos débese en moitos casos á ausencia de revisións detalladas das condicións e do entorno de achádegos das pezas, que poden ser re-contextualizadas mediante unha metodoloxía axeitada (García-Vuelta e Armada 2003; Armada *et al.* 2013).

Cómpre sinalar, nun dossier adicado precisamente a un torque “de tipo ártabro”, que a vinculación entre morfotipos e territorialidade, ou incluso etnicidade, ten sido outra vía de aproximación. Os traballos de López Cuevillas (1951: 49-51) e Monteagudo (1952) son pioneiros a este respecto e posteriormente outros autores, como Rey Castiñeira (1995: 167, mapa 6) ou González García (2011: 126-128), incidiron na cuestión. A análise máis sistemática débémola a Ladra (2005), que se amosa prudente sobre o significado destas asociacións de morfotipos a determinadas áreas xeográficas.

Así as cousas, ¿cómo podemos avanzar nas cuestións da funcionalidade, significado e simbolismo do torque? Na nosa opinión, as vías principais para facelo son tres: 1) a análise das propias pezas transcendendo a mera lectura tipolóxica (tamaño, características morfolóxicas, desgastes por uso, presenza de sonaxeiro nos remates, etc.); 2) os contextos arqueolóxicos; e 3) a iconografía. Aínda que un estudo globalizador debería integrar estas tres perspectivas cunha axeitada estruturación cronolóxica, aquí desenvolveremos principalmente a terceira, que por si soa pode aportar argumentos interesantes para a discusión.

As representacións de torques no rexistro material castrexo concéntranse principalmente en dous grupos de pezas: os bronzes con motivos de sacrificio e a escultura en pedra, na que sobresaen as estatuas de guerreiro. Existen, ademais, algunhas outras representacións máis heteroxéneas na cerámica ou na propia ourivería que tamén ofrecen información pertinente para o debate. Acheguémonos, pois, á iconografía do torque no Noroeste peninsular.

### ¿TORQUES COMO OFRENDA E SÍMBOLO RITUAL? OS BRONCES CON MOTIVOS DE SACRIFICIO

Imos comezar cunha serie de bronzes con representacións relacionadas coa temática do sacrificio de vítimas animais. Aínda que algunhas destas pezas eran coñecidas dende finais do século XIX ou comezos do XX, no ano 2003 publicamos un artigo que describía e analizaba de maneira sistemática o material existente ate a data (Armada e García Vuelta 2003): unha peza, de procedencia descoñecida, conservada no Instituto Valencia de Don Juan (Madrid) (figura 1.2); outra procedente de Celorico do Basto (Portugal), actualmente en paradiro descoñecido (figura 1.1); dous exemplares conservados no Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid), tamén de procedencia descoñecida (figura 1.3-4); un bronce de procedencia atribuída a Lalín e conservado no Museo de Pontevedra (figura 1.5); e, finalmente, outro atopado en Cariño e conservado no Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón (figura 1.6). Posteriormente, publicouse outro bronce procedente das escavacións do castro de Punta Atalaia (Cervo, Lugo) (Castro Vigo 2009; Acuña e Casal 2010: 396-399) (figura 2); deuse a coñecer un pequeno fragmento procedente da cidade de Lugo que seguramente pertence tamén ó grupo




Figura 1. Bronces con motivos de sacrificio: (1) Celorico de Basto, paradiro descoñecido; (2) Procedencia descoñecida, Instituto Valencia de Don Juan; (3) Procedencia descoñecida, Museo Arqueológico Nacional (MAN I); (4) Procedencia descoñecida, Museo Arqueológico Nacional (MAN II); (5) Procedencia atribuída a Lalín, Museo de Pontevedra; (6) Cariño, Museo Arqueolóxico e Histórico do Castelo de San Antón. Fotos: autores (excepto 1, tomada de Blanco Freijeiro)



Figura 2. Bronce con motivos de sacrificio do castro de Punta Atalaia (Cervo, Lugo). Foto: X.-L. Armada



Figura 3. Fragmento de bronce con motivos de sacrificio de Lugo. Foto de González Fernández (2005)

(González Fernández 2005: 128, nº 20; Rodríguez Colmenero 2011: 57, nº 38) (figura 3); e engadimos ó repertorio outro fragmento con dúas figuras zoomorfas conservado no Museu Episcopal de Vic (Armada, García-Vuelta e Graells 2011-12) (figura 4). En total, trátase polo tanto de sete exemplares completos ou case completos e de dous fragmentos.

A principal característica destes bronce de pequeno tamaño –os coñecidos sitúanse entre os 7’9 e os 17 cm de lonxitude– é a reiteración de seis motivos iconográficos que poden combinarse de diferentes maneiras: torques, machados, caldeiros, prótomos zoomorfos, zoomorfos e sogueados ou trenzados. Calquera das sete pezas en estado de conservación íntegro ou case íntegro amosa como mínimo catro destes seis motivos e en todas elas atopamos representacións de torques (figura 5). Os motivos citados aparecen nuns casos en disposición estática, mentres que noutros as pezas representan escenas de sacrificio (Armada e García-Vuelta 2006: 170-171). O sacrificio ritualizado de vítimas animais é, xa que logo, o marco referencial ó que remiten as pezas, ben sexa mediante a súa representación explícita ou ben mediante a asociación estática de elementos vinculados ó mesmo.

Non imos incluír aquí unha descrición pormenorizada dos bronce, para a cal remítimos a un traballo anterior facilmente accesible (Armada e García-Vuelta 2003), pero



Figura 4. Fragmento de bronce con motivos de sacrificio do Museu Episcopal de Vic. Foto: R. Graells.

|             | Celorico | IVDJ | MAN I | MAN II | Lalín | Cariño | Atalaia |
|-------------|----------|------|-------|--------|-------|--------|---------|
| Torques     | *        | *    | ?     | *      | *     | *      | *       |
| Machado     | *        | *    | *     | *      | *     | *      | *       |
| Caldeiro    | *        | *    | ?     | *      | *     | ?      | ?       |
| Prótomo     | *        | *    | *     | *      | *     | *      | *       |
| Zoomorfo(s) | *        | *    | *     |        | *     |        | *       |
| Trenzado(s) | *        | *    | *     |        | *     | *      | *       |

Figura 5. Táboa-resumo dos elementos iconográficos representados nos bronce con motivos de sacrificio

consideramos necesario comentar as súas características principais, con particular atención ó papel que ocupa o torques.

Entre as pezas con escena de sacrificio, a máis complexa é a conservada no Instituto Valencia de Don Juan (IVDJ) (Madrid), de procedencia descoñecida (Armada e García-Vuelta 2003: 50-57). Neste caso, a escena dispónse sobre unha placa de base de 16'7 cm de lonxitude e 3'1 cm de anchura, cun extremo proximal redondeado rematado nun anel e un prótomo de touro no extremo oposto; tamén nesta zona distal sitúase un apéndice en forma de folia de machado con dous trenzados que unen os laterais coa placa de base. Un motivo trenzado delimita todo o perímetro da peza. Na escena, personaxes humanos, algúns ataviados con torques, conducen a unha serie de animais cara un caldeiro, onde agarda o sacrificador. Dende o extremo curvo identificamos un osiño atado polo pescozo (figuras 6.1 e 7.4), que sería arrastrado cara o caldeiro por un personaxe humano practicamente perdido (figura 6.3); un animal incompleto, probablemente un ave (figura 6.2); un animal pequeno non identificable (figura 6.4); unha cabra suxeita polo pescozo por un sacrificador (figura 6.5); un porco ou xabarín pequeno (figura 6.6); un sacrificador aparentemente nu (figura 6.7), que suxeita á cabra descrita e a un xabarín ou porco gran-




Figura 6. Esquema de situación dos elementos ornamentais no bronce do Instituto Valencia de Don Juan (anverso). Debuxo: O. García-Vuelta

de de sexo masculino, con colmillos e grandes orellas (figura 6.8); un pequeno animal, posiblemente un porquiño (figura 6.9); unha figura humana con torques (figura 6.10), cunha espada que apunta cara o pescozo dun carneiro (figura 6.11) ó que suxeira coa man esquerda; e outra figura humana con torques (figura 6.12), que suxeita coa man ó carneiro anterior apoiando a outra sobre un caldeiro (figuras 6.14 e 7.7). O máis importante, para o tema que nos ocupa, é o torques de gran tamaño con terminais angulares ou de dobre escocia situado no chan (figuras 6.13 e 7.8), entre o caldeiro, o apéndice que interpretamos como fio de machado, o sacrificador e o carneiro que está a piques de ser sacrificado.

Un dos bronzes conservado no Museo Arqueológico Nacional (que chamamos MAN I) (figura 1.3), tamén de procedencia descoñecida, ten unha morfoloxía moi similar a esta peza, aínda que máis sinxela e esquemática (Armada e García-Vuelta 2003: 57-60). A escena contén tres animais e un sacrificador sobre unha estrutura de base que, novamente, presenta un prótomo de touro, un apéndice en forma de machado e un trezado, que neste caso non é perimetral senón que forma o propio corpo da peza. Especial interese posúe o obxecto representado sobre o característico apéndice en forma de folla de machado (figura 8.2). En anteriores publicacións decantámonos por interpretalo como un caldeiro<sup>6</sup>, pero unha nova revisión da nosa documentación deixa aberta a posibilidade de que se trate dun torques, ou incluso dunha representación híbrida de torques-caldeiro, especialmente polo que semella un remate de periña nun dos extremos do obxecto; porén, sería o primeiro exemplar no que a abertura do torques representase en sentido oposto ó fio do machado.

A peza procedente de Castelo de Moreira (Celorico de Basto, Braga) (figura 1.1.) foi atopada casualmente por unha campesiña no século XIX e formou parte da colección Manuel Negrão, descoñecéndose o seu paradiro actual (Armada e García-Vuelta 2003: 49-50). Neste caso trátase dun obxecto de 11 cm de lonxitude consistente nun corpo central rectangular rematado nun dos seus extremos por un prótomo de touro e, no oposto, por un anel moldurado. Na súa parte superior presenta unha fila de animais (un carneiro con grandes cornos enrolados, unha cabra con cornos puntiagudos, un animal non identificable e un porco). Nun dos laterais sitúase un caldeiro e unha figura antropomorfa cun machado ó ombro. Nesta ocasión, o torques atópase na parte inferior e cara el dirixe un dos seus brazos o sacrificador antes mentado; o torques estaba incompleto no momento de publicarse a peza, pero apréciase con claridade un remate de periña<sup>7</sup>.

No subgrupo de pezas con escena sacrificial debemos incluír tamén dous fragmentos incompletos, un de procedencia descoñecida e o outro procedente da cidade de Lugo. O primeiro deles (figura 4) consérvase no Museu Episcopal de Vic e contén a representación dun porco pechando a escena, a continuación do cal sitúase un probable ovicáprido,

6. Debido ó seu mal estado de conservación e ó notable grosor e altura que presenta este elemento.

7. Os primeiros autores que se ocuparon desta peza, como Severo ou Cuevillas e Bouza Brey, identificaron esta representación como unha serpe en lugar dun torques (López Cuevillas e Bouza Brey 1929: 133-134), proposta que debe ser rectificadada ó abeiro da iconografía dos bronzes que foron aparecendo posteriormente.




Figura 7. Bronce do Instituto Valencia de Don Juan. Detalles. Fotos: autores



Figura 8. Representacións de torques (vista xeral e detalle) en bronzes con escena de sacrificio: (1) Punta Atalaia; (2) Museo Arqueológico Nacional I; (3) Instituto Valencia de Don Juan. Fotos: autores

ambos sobre unha superficie lisa (Armada, García-Vuelta e Graells 2011-12). Ten maior interese, para o caso que nos ocupa, o fragmento procedente de Lugo (figura 3), que amosa un porco ou xabarín sobre unha decoración en trenzado; o remate da peza semella imitar un terminal de torques.

As tres pezas que mostran os motivos en disposición estática son a de Cariño, a de procedencia atribuída a Lalín e unha das conservadas no Museo Arqueológico Nacional (MAN II). Esta última (figura 1.4), de procedencia descoñecida, mide 10'5 cm de lonxitude e consta dun corpo macizo prismático de sección plano-convexa cos extremos rematados por un prótomo de touro e outro de carneiro. Na súa parte central e por un dos seus laterais inclúe as representacións dun torques e un machado (figura 9.1); probablemente



Figura 9. Representacións de torques (vista xeral e detalle) en bronzes con motivos de sacrificio en disposición estática: (1) Museo Arqueológico Nacional II; (2) Procedencia atribuída a Lalín; (3) Cariño. Fotos: autores

estes elementos repetíanse pola outra cara, aínda que hoxe consérvanse unicamente algúns restos de metal. A parte superior da peza acolle un caldeiro. Neste caso, o torque presenta tamén remates piriformes, dispoñéndose o mango do machado entre a abertura que forman (Armada e García-Vuelta 2003: 60-62).

O bronze conservado no Museo de Pontevedra (figura 1.5), de procedencia atribuída a Lalín, posúe unha estrutura de base cun perímetro semellante ó dun coitelo de fío curvo, rematado cun prótomo de carneiro; mide 15'9 cm de lonxitude. Case a totalidade

da peza está decorada con finos motivos de sogueado e posúe no seu lado recto un apéndice en forma de folla de machado, actualmente fracturado, con dous cordóns laterais nunha disposición moi semellante á que teñen no bronce do IVDJ. Sobre o apéndice dispónse un torques con remates piriformes (figura 9.2). Á mesma altura do mentado apéndice, e sobre a estrutura de base, dispónse un caldeiro con decoración de sogueado, representado con gran detalle, xunto ó que atopamos unha figura de animal, probablemente un bóvido (Armada e García-Vuelta 2003: 62-65).

A terceira das pezas con motivos en disposición estática foi atopada casualmente na praia da Basteira (Cariño, A Coruña). Ten forma de machado e mide 17 cm de lonxitude (figuras 1.6 e 10). Remata nun prótomo de touro (figura 10.1), baixo o cal sitúase a folla do machado (figura 10.5) no medio de dous pequenos aneis (figura 10.C-D); un terceiro anel (figura 10.B), de maior tamaño, sitúase na parte superior, oposta ó fio do machado, e o cuarto anel (figura 10.A) atópase xunto ó extremo proximal, que ten forma esférica. Un torques con remates piriformes (figura 10.2) sitúase nun dos laterais, entre os




Figura 10. Esquema de situación dos elementos iconográficos do bronce de Cariño. Debuxo: O. García-Vuelta

aneis pequenos e o arranque da folla do machado; na súa parte superior dispónse un motivo trenzado (figura 10.3). Unha decoración semellante atópase na cara oposta, aínda que o torque aparece reempazado por un motivo circular con botón central (figura 10.7), que ten sido interpretado como un escudo ou *caetra*, aínda que na nosa opinión esta adscrición non está plenamente confirmada; podería tratarse dunha pátera, tal e como propuxo Luengo (1964: 150), o que sería congruente coa representación de recipientes metálicos (caldeiros) neste tipo de pezas. Outro posible torque (figura 10.4) sitúase sobre a metade superior do enmangue, perpendicular ó anterior e delimitando o desenvolvemento dos trenzados. Está formado por unha estreita moldura redondeada que se adapta ó contorno do enmangue e remata, a cada lado da peza, nun voluminoso resalte semiesférico que representaría o terminal do torque.

O último bronce incorporado ó grupo (figura 11) é o único atopado en contexto no marco dunha escavación arqueolóxica<sup>8</sup>. Prové do castro de Punta Atalaia (Cervo, Lugo)




Figura 11. Bronce con motivos de sacrificio do castro de Punta Atalaia. Debuxo: Anxo R. Paz (Incipit, CSIC)

8. Queremos agradecer a Eva Castro Vigo, arqueóloga directora da escavación, as facilidades prestadas para o estudo desta peza.

e, cunha lonxitude de 12'1 cm, integra un corpo trezado de sección trilobulada que remata nun mango liso e moldurado no extremo proximal. No extremo oposto, a peza ten un prótomo de bóvido que simula ó mesmo tempo o fío dun machado. Na parte superior dispóñense catro animais en fila de difícil identificación; comezando polo extremo do prótomo, no primeiro animal aprécianse dúas protuberancias que poderían interpretarse como cornos ou colmillos, no segundo destaca un posible corno ou colmillo de gran tamaño, o terceiro tamén semella presentar uns pequenos cornos e unicamente o cuarto animal carece deles, polo que podería tratarse dun porco. En ambos laterais da peza, nas proximidades dos cornos do prótomo e coa abertura apuntando hacia eles, sitúanse dous torques con remates piriformes representados de maneira esquemática (figura 8.1). Nun dos laterais, preto do torques e xunto á fila de animais, atópanse dous pequenos elementos circulares e lixeiramente cóncavos, que poderían interpretarse como caldeiros. No outro lado, xunto ó segundo animal con corno ou colmillo de gran tamaño, apréciase tamén un corpo de forma esférica de difícil interpretación.

Unha das peculiaridades principais desta peza é que combina elementos dos dous subgrupos anteriores. A presenza dun pequeno mango ou empuñadura e a posición dos torques lembra ás pezas que representan os motivos en disposición estática (Cariño, Lalín ou MAN II). Sen embargo, ningunha desas pezas presenta unha ringleira de animais, que é habitual nos exemplares con escena de sacrificio (Celorico do Basto, IVDJ, MAN II e os fragmentos de Lugo e do Museu Episcopal de Vic). Deste xeito, o bronce de Punta Atalaia podería considerarse un híbrido entre os dous subgrupos.

Os bronzes que vimos de describir presentan varios problemas de interpretación, en parte relacionados coa dificultade para determinar os contextos arqueolóxicos e a súa cronoloxía. Aínda que a maior parte das pezas carecen de información sobre as condicións de achádego e incluso a súa procedencia, dúas delas asociaríanse a contextos habitacionais, concretamente castros (Lalín e Punta Atalaia), e unha terceira á cidade romana de *Lucus Augusti*<sup>9</sup>. O bronce de Cariño, atopado nunha praia da que tamén procede un puñal de antenas, podería tratarse dunha ofrenda votiva ás augas, se ben podería atribuírse igualmente a un arrastre das augas mariñas dende algún dos dous castros costeiros situados nas proximidades. A cronoloxía das pezas semella poder situarse na segunda Idade do Ferro, especialmente nos seus intres finais e pervivindo en datas posteriores á conquista romana, como poñen de manifesto o contexto arqueolóxico da peza de Punta Atalaia (Castro Vigo 2009) e o fragmento atopado en Lugo.

A información que nos proporcionan os bronzes é coherente co que coñecemos sobre os rituais de sacrificio do occidente peninsular a través de diferentes testemuños. Cómpre mentar, por exemplo, o carriño de bronce de Costa Figueira (Vilela, Paredes, Portugal), conservado no Museo de Guimarães, no que se representan catorce figuras antropomorfas e o sacrificio dun carneiro (Silva 2007: 299-300, est. XCIV). No tocante ás fontes clásicas, destaca o texto de Estrabón (III, 3, 7) onde se narra que os pobos nor-

9. Según referencias orais, a peza de procedencia atribuída a Lalín tería sido recuperada no interior dun castro.

teños fan hecatombes ó modo grego e sacrifican a Ares un carneiro, prisioneiros e cabalos<sup>10</sup>. En terceiro lugar, no eido da epigrafía destacan catro inscricións en lingua lusitana pero alfabeto latino, nas que se recolle o sacrificio combinatorio de animais que son ofrendados a diversos deuses prerromanos, amosando a pervivencia en época romana destes rituais de tradición indíxena. As dúas máis coñecidas atópanse en Cabeço das Fráguas (Pousalofes do Bispo, Sabugal, Guarda) e Lamas de Moledo (Castro D'Aire, Viseu) e, a pesar das diverxencias existentes na súa tradución, reflexan sacrificios cun número de vítimas semellante ó que amosan os bronce (Rodríguez Colmenero 1993: 99-105; García Quintela 1999: 225-242; Armada e García-Vuelta 2003 e 2006; Schattner e Correia Santos 2010). Pola súa parte, a inscrición de Arronches (Portalegre, Portugal), publicada recentemente, refire o sacrificio de máis dunha trintena de animais, principalmente óvidos, pero tamén bóvidos e cápridos aínda que existen novamente algunhas diferencias na tradución (Carneiro *et al.* 2008; Prósper e Villar 2009; Cardim Ribeiro 2010). A elas habería que engadir as inscricións de Arroyo de la Luz I e II (Cáceres), desaparecidas cando menos dende o século XIX e que probablemente formaban parte dun mesmo epígrafe de natureza sacrificial<sup>11</sup>. Outra inscrición romana de Portugal en lingua latina, procedente de Marecos (Penafiel, Porto), testemuña tamén este tipo de sacrificios (Vázquez Varela e García Quintela 1998: 169-177).

Outro testemuño sumamente relevante, aínda que distante a nivel xeográfico, provén do castro de Capote (Higuera la Real, Badajoz), en plena Beturia céltica (Berrocal-Rangel 1994). As escavacións realizadas neste xacemento documentaron unha mesa de altar cun banco corrido aberto á rúa principal do poboado, no entorno da cal aparecen instrumentos de sacrificio e banquete (coitelos, un asador, unha parrilla, etc.) e os restos óseos de 23 ou 24 animais, que foron sacrificados formando combinacións semellantes ás representadas nos bronce. A continuación, as vítimas foron consumidas na rúa principal do poboado celebrando un gran festín colectivo. Dito ritual debeu ter lugar a mediados do século II ane, con motivo dalgún acontecemento excepcional, seguramente de carácter bélico (Berrocal-Rangel 1994).

Xa que logo, as fontes grecolatinas, a epigrafía e o rexistro arqueolóxico testemuñan a existencia de rituais sacrificiais moi semellantes ós representados nos bronce. Trátase de sacrificios cun máis que probable vencello relixioso, nos que as vítimas se consagran a divinidades, tal e como queda reflexado nas inscricións lusitanas e no texto de Estrabón. Porén, os bronce introducen novos matices e significados de interpretación complexa e que só podemos chegar a atisbar. Tanto estes obxectos como as inscricións lusitanas téñense posto en relación con rituais de tradición indoeuropea, principalmente coa *suovetaurilia* romana pero tamén con outros sacrificios similares indios, escitas, gre-

10. Entre as edicións dispoñibles, recomendamos Estrabón: *Geografía de Iberia*. Tradución de J. Gómez Espelosin; presentacións, notas e comentarios de G. Cruz Andreotti, M. V. García Quintela e J. Gómez Espelosin. Alianza. Madrid 2007: 219.

11. Así pois, asumindo que Arroyo de la Luz I e II formaban parte dunha única inscrición, das cinco inscricións lusitanas coñecidas unicamente a de Arroyo de la Luz III non semella ter un carácter sacrificial (Almagro-Gorbea, Ortega e Villar 1999; Villar e Pedrero 2001).

gos ou iranianos. Sen embargo, e como xa apuntara García Quintela (1999: 225), semella claro que non hai una contaminación entre rituais galaico-lusitanos e romanos, senón máis probablemente un desenvolvemento autónomo dos primeiros tal vez a partir dunha orixe indoeuropea común<sup>12</sup>.

Os bronzes suscitan moitas outras cuestións cuxa análise pormenorizada alonxaría-nos dos obxectivos deste traballo, polo que imos limitarnos ás que consideramos de maior interese para o asunto que nos ocupa. Atopámonos ante obxectos non funcionais, ou polo menos de funcionalidade descoñecida. Dende logo non son puñais nin tampouco “mangos”, como se ten publicado en ocasións, sendo máis axeitado aludir á súa natureza de exvotos ou de representacións plásticas de tipo simbólico. De feito, o que lle confire unidade ó grupo é a súa iconografía, a reiteración dos seis motivos citados que aparecen de maneira bastante uniforme en todo o material coñecido. Este feito parécese especialmente relevante se temos en conta que entre os achádegos de localización máis septentrional (Cariño e Punta Atalaia) e o situado máis ó sur (Celorico de Basto) hai uns 260 km en liña recta (figura 12). Os bronzes reflexan, pois, un elevado grao de estandarización iconográfica e ritual que non atopamos noutras facetas do rexistro arqueolóxico. Esta cuestión, sen dúbida, abre perspectivas prometedoras para a investigación. Ó mesmo tempo, os remates ou prótomos de touro aparecen noutros obxectos de claro significado ritual, por exemplo en dous enmangues de coitelo da zona de Palencia conservados no MAN ou nos enmangues dun grupo de *simpula*-cazos metálicos- cuxa distribución sitúase na Meseta norte da Península Ibérica (Armada e García-Vuelta 2003 e 2006).

En calquera caso, voltemos ás representacións de torques que constitúen o obxectivo principal do presente traballo. Como xa subliñamos, as sete pezas que se atopan completas ou case completas amosan representacións do referido obxecto. Nas pezas cos motivos en disposición estática destaca a asociación torques-machado, que probablemente posúe un significado específico de difícil definición. No bronce de Lalín, por exemplo, o torques sitúase sobre o apéndice que interpretamos como unha folla de machado (figura 9.2); no bronce MAN II o mango do machado está situado entre os dous terminais do torques, tocando o seu extremo proximal a parte central do aro (figura 9.1). É evidente que en pezas cunha recurrencia tan marcada de seis motivos, todos



Figura 12. Mapa do Noroeste peninsular coa localización dos bronzes con motivos de sacrificio que contan con información sobre a súa procedencia

12. “...en ningún caso, parece haber una contaminación entre los usos romanos y los lusitanos: estos últimos presentan rasgos específicos posiblemente elaborados autónomamente a partir del fondo tradicional común” (García Quintela 1999: 225).

eles están relacionados entre si, pero a asociación/relación torques-machado resulta especialmente significativa. Polo demais, nun ambiente sacrificial o machado posúe unhas connotacións claras de obxecto destinado ó sacrificio e despezado das vítimas.

As pezas con escena de sacrificio achegan unha perspectiva complementaria e clarificadora. No exemplar de Celorico do Basto o único ser humano representado leva un machado que apoia no ombro e apunta co outro brazo ó torques, quizais realizando algunha acción ritual da que este obxecto forma parte. No bronce MAN I unha figura humana esquemática ergue o brazo diante do obxecto que reinterpretemos como torques, ou como unha curiosa representación de torques-caldeiro, que se atoparía no chan (figura 8.2). Por último, na peza do IVDJ un torques de gran tamaño, en proporción co resto de elementos representados, aparece no chan, entre o caldeiro, a folla de machado, o primeiro sacrificador e o carneiro (figura 8.3). Estes testemuños permiten plantexar que o torques é un obxecto que xoga un rol importante no ritual sacrificial, xunto ó caldeiro e o machado. Estes dous obxectos teñen unha función a priori máis fácil de determinar -o machado como instrumento sacrificial e o caldeiro en relación co procesado e cociñado das vítimas- pero o papel do torques é máis esquivo, aínda que quizais debamos consideralo unha ofrenda, un obxecto que representa á comunidade ou incluso a manifestación dalgunha divindade. Esta posible connotación colectiva ou comunitaria do obxecto dentro do ritual sacrificial é unha opción razoable se temos en conta o contido das inscricións lusitanas. Así, na de Lamas de Moledo os oferentes do sacrificio son unha comunidade, os *Veaminicori* (Rodríguez Colmenero 1993: 102-103). Este carácter colectivo e público propónse tamén para a inscrición de Arronches, na que o ritual descrito tería como principal obxectivo, en opinión de Cardim Ribeiro (2010: 57), “*garantir a abundancia agrária e pecuária e a salus da(s) comunidade(s) envolvidas*”<sup>13</sup>. Sen embargo, á marxe desta posible dimensión de ofrenda colectiva, o bronce do IVDJ tamén amosa que o torques é un obxecto que portan no pescozo dous dos individuos que forman parte da escena sacrificial, non así o terceiro, que suxeita unha cabra e un porco/xabarín (figura 7).

## TORQUES NO PESCOZO: AS ESTATUAS DE PEDRA

Xunto ós bronzes que vimos de analizar, o outro ámbito principal de representación de torques é o da estatuaria en pedra. A plástica pétreo castrexa ten sido obxecto dunha ampla traxectoria de investigación (Calo 1994, con referencia a toda a bibliografía anterior; Schattner 2003; González Ruibal 2006-07: 444-450, 535-560; Rodríguez Corral 2012, entre outros). Sen embargo, as representacións de pezas de ourivería nesta escultura teñen merecido unha atención bastante máis discreta<sup>14</sup>. Non é o noso obxectivo aquí

13. Nunha liña similar, Prósper e Villar (2009: 2) sinalaran previamente “...en ésta no caben grandes dudas sobre el carácter institucional o colectivo del evento, dado que la magnificencia de lo ofrendado lo acerca a una hecatombe”.

14. Entre as escasas análises específicas da cuestión, cabe mentar as catro páxinas que Castro Pérez (1992: 111-115) lle adica na súa monografía sobre a iconografía e o significado do torques.

paliar este déficit cun estudo pormenorizado da cuestión, senón unicamente realizar unha exploración preliminar que sirva ós obxectivos deste traballo. Tampouco entraremos polo miúdo en cuestións de fondo –e que requirirían moitas páxinas de discusión– sobre a cronoloxía e a funcionalidade destas pezas, salvo naqueles puntos que resulten de relevancia para o asunto que nos ocupa.

Os grupos escultóricos en pedra que amosan representacións de xoias son tres: 1) estatuas de guerreiro; 2) sedentes; e 3) imaxes antropomorfas, un tanto heteroxéneas, que teñen sido interpretadas como deusas e deuses, ídolos fálicos, etc.

As estatuas de guerreiro son as que teñen merecido maior atención por parte da investigación. Os exemplares máis coñecidos son os que González Ruibal (2006-07: 447-448) define como grupo 1 ou tipo 1: estatuas de gran tamaño –superior ó dun individuo masculino– de moi boa calidade técnica e cunha iconografía bastante estandarizada, que inclúe casco, torques, virias ou brazaletes, túnica ou *sagum* e coiraza, escudo circular ou *caetra* sobre o ventre, cinturón, puñal ou espada curta e grebas. Como xa apuntara Calo (1994: 669), o problema principal que plantexa o estudo das representacións de torques nestas estatuas é o estado fragmentario de moitas delas e concretamente a ausencia de cabeza, pois soen romper precisamente no arranque dos ombros. Así as cousas, en unicamente 5 estatuas de guerreiro identifícanse representacións de torques:

dúas de Lezenho, a de Sanfins e os torsos de Castromao e un dos dous de Armeá. A elas temos que engadir 5 cabezas pétreas que puideron pertencer a estatuas de guerreiro e que



Figura 13. Guerreiro de Lezenho. Foto: Incipit, CSIC

tamén conteñen representacións de torques: Anlló, Ralle, Río, Rubiás e Vilarelhos<sup>15</sup>. O catálogo de estatuas de guerreiro publicado por Calo (2003) inclúe 32 pezas<sup>16</sup>, nas caís, polo tanto, atopamos un total de 10 representacións de torques. En 21 exemplares é imposible saber se tiñan torques ou non, polo seu estado de conservación. Unicamente nun caso, o exemplar de Capeludos, podemos asegurar que a estatua carecía de torques. En porcentaxes, o 31'25 % do catálogo tería representacións de torques, o 3'12 % carecería dela e nun 65'62 % dos casos sería imposible determinar a existencia ou non deste obxecto.

A primeira das pezas de Lezenho (Boticas, Vila Real) (figuras 13 e 14.1) ten unha altura total de 206 cm e foi atopada no castro do mesmo nome en 1785 (Calo 1994: 292-295; 2003: 10-11, nº 11; Silva 2007: 419-420, est. CXXI.1; Mañana-Borrazás, Seoane-Veiga e Fonte 2011a). O torques represéntase de maneira esquemática pero explícita, con terminais voluminosos, en posición elevada, “*moi apegado á cabeza e alonxado dos ombros*” en palabras de Calo (1994: 295). O segundo dos guerreiros (figura 14.2) (Calo 1994: 295-296; 2003: 11, nº 12; Silva 2007: est. CXXI.2; Mañana-Borrazás, Seoane-Veiga e Fonte 2011b) ten actualmente unhas dimensións de 173 cm (Silva 2007: 420) e a información dispoñible sobre o seu achádego e avatares é a mesma que na peza anterior. Neste caso o torques represéntase bastante aberto, menos separado dos ombros e con ter-




Figura 14. Guerreiros de Lezenho. Según Silva (2007)

15. No exemplar de Río (Vilamarín, Ourense) a presenza de torques é dubidosa. A peza leva casco e, na parte baixa do pescozo, “*una protuberancia que puede ser considerada como un torques*” (Calo 2003: 16, nº 19). Este elemento consérvase na parte traseira e laterais, pero non alcanza a parte frontal onde estarían os remates. González Ruibal (2006-07: 447, fig. 4.120) asume a interpretación como torques.

16. A cabeza pétre procedente de Braga e atopada xunto a unha figura sedente, á que logo nos referiremos, foi interpretada polas autoras que a deron a coñecer como pertencente a unha estatua de guerreiro (Bettencourt e Carvalho 1993-94), pero Calo semella discrepar, pois non a inclúe no seu catálogo (Calo 2003), que tomamos como referencia para as cifras que aquí manexamos.

minais piriformes con punta truncada; este mesmo tipo de terminal tamén é, probablemente, o representado na peza anterior (ver as dixitalizacións 3D en Mañana-Borrazás, Seoane-Veiga e Fonte 2011a, 2011b). Ó mesmo castro atribúense outras dúas estatuas de guerreiro, aínda que fracturadas de maneira que non podemos determinar a presenza de torques.

A peza do castro de Sanfins (Paços de Ferreira, Porto) (figura 15) apareceu nas escavacións de 1962 e consérvase en catro fragmentos (Calo 1994: 484-487, 493; 2003: 21-22, nº 26; Silva 2007: 424, est. CXXIV.3); tense debatido se pertencen a unha ou dúas estatuas, pero tende a aceptarse ultimamente que estamos ante un único exemplar cujos pes apareceron de maneira casual empotrados nuns bolos graníticos dunha das entradas do castro. O fragmento correspondente á cabeza ten un torque con remates que Calo (1994: 485) considera de dobre escocia.

Os fragmentos de Armeá (Allariz, Ourense) e Castromao (Celanova, Ourense) son en ambos casos torsos de guerreiro e presentan torques, aínda que no caso de Armeá é bastante dubidoso. Esta peza apareceu reutilizada nunha casa próxima ó castro (Calo 2003: 7, nº 3) xunto a outra moi similar (Calo 1994: 96-97, 107; Barriocanal *et al.* 2006: 66-69),

mentres que a de Castromao, cun torque con remates de periña, apareceu formando parte dun muro nas ladeiras do castro (Calo 2003: 8-9, nº 7).

As cinco cabezas de guerreiro antes mentadas non aportan información contextual particularmente relevante. Na de Anlló (Cea, Ourense) a representación de torques é moi esquemática e os terminais apenas chegan a intuírse (Calo 1994: 81-83), mentres que a de Rubiás (Bande, Ourense) está fracturada precisamente na súa parte dianteira e non se aprecia a forma dos terminais (Calo 1994: 409-410, 417; Barriocanal *et al.* 2006: 76-78). Mención especial merece a cabeza de




Figura 15. Guerreiro de Sanfins. Según Silva (2007)

Ralle (Taboada, Lugo), un achádego antigo conservado nunha casa particular (Fernández Carballo 2001; Calo 2003: 15, nº 18). Mide 85 cm de altura e, de pertencer a unha estatua de guerreiro, o que Schattner considera indubidable, estaríamos ante un exemplar que rondaría orixinalmente os 4 metros de altura, “a maior escultura antiga da Península Ibérica” (Schattner 2004: 16). A representación do torques, cun perímetro de 125 cm e unha altura de 17 cm na parte traseira (Fernández Carballo 2001: 134), é absolutamente excepcional polo seu tamaño e ten remates de periña labrados de xeito moi esquemático.

Como antes sinalamos, unicamente dunha das estatuas de guerreiro, a de Capeludos (Vila Pouca de Aguiar, Vila Real), podemos afirmar con seguridade que non posúe representación de torques (figura 16). O fragmento conservado mide 117 cm de altura e foi atopado por Leite de Vasconcelos na ladeira do Monte do Crasto, un posible




Figura 16. Guerreiro de Capeludos. Según Silva (2007)

xacemento castrexo (Calo 1994: 193-195; Silva 2007: 419, est. CXX.2). A ausencia de torques sorprende menos se temos en conta que se trata dunha peza que, malia súas alteracións, presenta diferencias dende o punto de vista estilístico e formal (Schattner 2004: 43-44). González Ruibal (2007-07: 447) adscribela a un segundo grupo de estatuas xunto ás de Santa Águeda, Castromao e Sabanle, das cais unicamente a de Castromao posúe representación de torques, como xa vimos.

O repertorio da estatuaria pétreo castrexa inclúe cinco figuras sedentes procedentes de Castelo de Lanhoso (Póvoa de Lanhoso, Braga), dúas de Xinzo de Limia (Ourense), Braga e Pedrafita (A Teixeira, Ourense). Representan figuras antropomorfas sentadas nun trono ou silla con respaldo e que sosteñen coas mans un ou dous vasos, probablemente para libacións. Como sucede no caso dos guerreiros, a perda da cabeza en parte das pezas impide determinar se orixinalmente tiñan torques. A de Castelo de Lanhoso é de pequeno

tamaño (24'5 cm de altura), está rota polo pescozo e perdeu asemade as dúas mans e parte dunha perna (Calo 1994: 286-291); sen embargo, a perda da cabeza prodúxose pola parte alta do pescozo, que non semella que tivese torques. A peza de Braga, reutilizada en contexto urbano xunto a unha cabeza que podería pertencer a un guerreiro, mide 77 cm de altura e non conserva o pescozo, sendo moi difícil determinar se tiña torques orixinalmente; como datos significativos, cómpre mentar a presenza dun falo entre as pernas e duns pés que as autoras da publicación consideran de natureza zoomórfica, lembrando cascos de cabalo (Bettencourt e Carvalho 1993-94: 280). O mesmo cabe afirmar, respecto á imposibilidade de determinar a existencia de torques, da peza de Pedrafitá, que presenta unha rotura horizontal á altura dos ombros. Este exemplar destaca pola profusa decoración do trono, a ausencia de brazaletes nos brazos e a presenza de dúas pulseiras nas bonecas, que sosteñen un único vaso (Barriocanal *et al.* 2006: 70-72; González Ruibal 2006-07: 558-559).

Así as cousas, debemos referirnos a unha das dúas sedentes de Xinzo de Limia como a única das cinco estatuas que permite determinar, en sentido afirmativo, a presenza de torques. As dúas sedentes de Xinzo foron atopadas de maneira casual cando se realizaban remocións de terra para facer un pozo, o que motivou unha sondaxe exploratoria de Ferro Couselo que, xunto a outros achádegos realizados na área, apuntan a un ambiente romanizado aínda que de orixe protohistórica (Calo 1994: 649). A peza que máis nos interesa mide 67 cm de altura e, aínda que tamén perdeu a cabeza, conserva un torques que, curiosamente, ten os remates colocados cara atraís; presenta tamén brazaletes en ambos brazos (Calo 1994: 651-652, 654; 2002). A outra peza é relativamente similar, tamén ten brazaletes pero a cabeza rompeu a unha altura inferior e non podemos determinar se tiña torques.

En síntese, ninguna das cinco estatuas sedentes conserva a cabeza e catro delas non permiten determinar, polo seu estado de conservación, se levaban torques; a única na que si podemos aprecialo lévao en posición distinta ó habitual, cos terminais situados na parte traseira do pescozo. Tense debatido sobre o sexo das figuras representadas; o innegable influxo mediterráneo que reflexan as imaxes foi un dos argumentos para consideralas femininas, pero a opinión maioritaria na actualidade –que compartimos– defende o seu carácter masculino apoiándose nas semellanzas iconográficas coas estatuas de guerreiro (presenza de brazaletes, saio, torques no exemplar de Xinzo) e na presenza dun falo na peza de Braga (Calo 1994: 696-697; 2002; Bettencourt e Carvalho 1993-94: 282; González Ruibal 2006-07: 558).

Temos que referirnos, por último, a un grupo pouco numeroso de figuras que teñen sido interpretadas en termos relixiosos ou cultuais (divinidades, ídolos, etc.) e que amosan ocasionalmente representacións de torques. Unha escultura do castro de Briteiros (Guimarães, Braga) (figura 17), recuperada nas escavacións de Martins Sarmiento en 1876 entre as paredes de dúas casas circulares, representa unha figura antropomorfa cos brazos dobrados en ángulo recto sobre o abdome, peitos e un abultamento cilíndrico no pescozo



Figura 17. Estatua de posible divindade feminina de Briteiros. Debuxo: González Ruibal (2006-07)

que ten sido interpretado como un torque (Castro Pérez 1992: 114; González Ruibal 2006-06: 556-557), se ben Calo (1994: 171) ten dúbidas ó respecto e propón que tamén podería tratarse do remate do vestido, malia recoñecer que a imaxe semella estar espida. A posición dos brazos, dobrados case en ángulo recto e coas mans xuntándose sobre o ventre, emparenta esta peza con outras aínda máis toscas, como as Sendim (Felgueiras, Porto), Carabeles (Rois, A Coruña) e as dúas de Logrosa (Negreira, A Coruña), estas últimas de contexto indeterminado e que soen poñerse en relación cun castro desa freguesía de Sta. Eulalia de Logrosa (Castro Pérez 1992: 114; Calo 1994: 302-303). As pezas de Logrosa son similares entre si, pero una delas presenta no pescozo unha moldura ou resalte que se interpreta como un torque pechado (Castro Pérez 1992: 114; Calo 1994: 303); de deseño moi esquemático, a escultura amosa, en palabras de Calo (1994: 304), “*actitude que sospeitamos de respecto, adoración ou súplica*”. Entre as imaxes masculinas interpretadas como *estatuas* ou *ídolos fálicos*, leva torque a procedente do castro de Vilapedre (Sarria, Lugo), unha peza de 70 cm de altura con rostro esquemático e falo con dous testículos (Calo 1994: 638-640)<sup>17</sup>. A peza emparentase con outras que tamén teñen representacións de falos procedentes dos castros de Genço (Ponte de

Lima, Viana do Castelo) e de Elviña (A Coruña), pero que non levan torques.

É evidente que os tres grupos escultóricos aquí considerados posúen implicacións e significados diferentes. A interpretación funeraria das estatuas de guerreiro está na actualidade practicamente abandonada, considerándose que estas esculturas formarían parte da escenografía monumental dos castros, situándose na súa entrada. As estatuas sedentes, ás que se tamén se ten atribuído, con argumentos diferentes, un significado funerario, son interpretadas por González Ruibal (2006-07: 555) como seres divinos. O carácter relixioso-cultural do terceiro grupo de esculturas, con representacións de peitos, vaxinas ou falos, semella claro, aínda que existan dúbidas sobre o seu significado concreto. Profundizar nestas cuestións alonxaríanos dos obxectivos do presente traballo.

17. Entendemos que esta é a peza á que se refire Castro Pérez (1992: 114) como “*hallada en un castro de Lugo y actualmente en el museo de dicha ciudad*”, describindoa como “*un bloque toscamente tallado en el que se puede distinguir tan sólo la cabeza, el torque y el falo erecto*”. Calo (1994: 639) afirma que a representación que nos ocupa non corresponde a un torque, senón ós brazos. González Ruibal (2006-07: 557) mantén a hipótese do torque apoiándose en representacións semellantes como a da cabeza de Anlló.

Outro dos problemas a debate na análise da escultura pétrea castrexa, e que atinxe de maneira directa á problemática que nos ocupa, é a cronoloxía. Calo (1994) é o principal defensor dunha datación romana para toda a plástica castrexa, encadrable entre finais do século I a.n.e e mediados do século I d.n.e. O autor asenta a súa proposta na cronoloxía dos castros nos que aparecen as pezas, aínda que en moitos casos sexan froito de achádegos casuais, aparezan reaproveitadas ou os propios castros fosen escavados hai décadas e posúan tamén niveis prerromanos. Esta proposta, criticada xa nas datas inmediatamente posteriores á súa publicación (Carballo 1996; Rey Castiñeira 1996: 188-194), ten sido contestada con novos argumentos en datas recentes, mentres que, ó mesmo tempo, o propio Calo (2010: 257-268) ratifícase no defendido na súa tese de doutoramento. Rodríguez Corral (2012) achega argumentos a prol dunha orixe prerromana das estatuas de guerreiro a partir dunha revisión dos contextos arqueolóxicos, sostendo ademais a diacronía entre as estatuas e as inscricións que algunhas delas portan. Pola súa parte, Schattner (2004) define un total de 13 características estilísticas ou formais que permitirían distinguir entre estatuas prerromanas e de influencia romana; un total de sete características serían explicables sen necesidade de recurrir á influencia romana (Schattner 2004: 32), mentres que a posición dunha das mans nas estatuas de Capeludos e Sabanle podería analizarse a partir da semellanza con exemplares da escultura monumental celta como os de Hirschlanden, Capestrano ou Glauberg (Schattner 2004: 43-44).

Aínda que consideramos verosímiles os argumentos a prol dunha orixe prerromana para a plástica castrexa, o certo é que a cuestión non resulta crucial para o tema que nos ocupa. Non hai dúbida de que o uso dos torques castrexos seguiu estando en pleno auge polo menos durante o primeiro século da dominación romana e vencellado a unhas connotacións moi semellantes ás que tería na etapa anterior. Non é difícil supor, pois, que as dimensións sociais e simbólicas do torques que reflexan estas representacións escultóricas teñan unha forte pegada protohistórica, aínda que algunhas delas puidesen ter sido elaboradas trala conquista romana.

O repertorio que vimos de analizar proporciona cifras significativas. Unicamente nunha das 32 pezas que compoñen o catálogo das estatuas de guerreiro podemos asegurar que a peza carecía de torques. As cinco estatuas sedentes coñecidas perderon a cabeza, pero no único caso que é posible determinalo con seguridade a peza posuía torques, se ben é certo que o exemplar de Lanhoso non semella que o tivese. Por último, nas esculturas clasificadas como ídolos ou divinidades atopamos novamente representacións deste obxecto, se ben nunha porcentaxe inferior. Como ten sinalado Castro Pérez (1992: 114), *“en una valoración de conjunto, las imágenes antropomórficas atribuibles a la Cultura Castreña ostentan torques –siempre en el cuello, no en la mano ni colgando desde los hombros hasta el pecho– en una proporción muy superior a la de cualquier otro horizonte o cultura de su entorno más o menos inmediato”*.

A lectura que obtemos da escultura pétrea é diferente á dos bronzes con motivos de sacrificio. As estatuas de guerreiro –sexan xefes, heroes ou antepasados– realzan a figu-

ra masculina na súa faceta guerreira. O papel do torques neste caso semella acomodarse mellor á súa lectura tradicional de símbolo de prestixio masculino e de propiedade individual. Á marxe da interpretación que queira facerse das sedentes, o terceiro grupo escultórico convida a interpretar o torques como un atributo dos deuses e deusas, ou de seres cunhas particulares connotacións relixiosas ou simbólicas. Trátase da única ocasión na que o torques pode vencellarse con claridade ó sexo feminino no Noroeste peninsular<sup>18</sup>.

### OUTRAS REPRESENTACIÓNS DE TORQUES: CERÁMICA E OURIVERÍA

Como casos puntuais, atopamos representacións de torques noutros soportes do rexistro material castrexo, concretamente na cerámica e na ourivería.

Das escavacións no xacemento de A Lanzada (Sanxenxo, Pontevedra), da ocupación situada entre os séculos II a.n.e. e II d.n.e. no coñecido como *Campo da Lanzada* e máis concretamente dun contexto datable no século I a.n.e., proveñen varios fragmentos dunha peza cerámica coa representación dun torques de terminais piriformes, que se sitúan cara arriba, apuntando ó borde do recipiente (figura 18). A peza é unha ola mediana, cunha altura estimada de 35 cm, colo marcado, boca ampla e unha capacidade aproximada de 50 litros; é de pasta escura, a man, acabado interior alisado cun espatulado fino case horizontal e un acabado exterior máis fino, case bruñado e formando bandas alternas verticais que quedan cortadas no colo por unha banda ancha horizontal (Fariña 2002). A tipoloxía e a decoración do fragmento teñen abundantes paralelos no xacemento, pero a decoración aplicada representando un torques, situada no arranque da panza, é absolutamente excepcional. Ademais dos remates piriformes, os tercios distais represéntanse con liñas que imitan aramios enrolados, mentres que a parte central é lisa; quixo representarse, polo tanto, un tipo de torques recoñecible, concretamente o designado como ártabro que é típico da Galicia septentrional (Fariña 2002: 223; Monteagudo 1952). En opinión de Castro Pérez (1992: 115) non debería descartarse que estivésemos ante un caldeiro ritual, e en favor de dito argumento este autor lembra a importancia do torques e do caldeiro entre os celtas; os bronzes con motivos de sacrificio constitúen outro exemplo abondo significativo da asociación entre caldeiro e torques.

No ámbito da ourivería atopamos representacións de torques nas diademas de Moñes (Piloña, Asturias) (Marco 1994; García-Vuelta 2007: 204-236). Forman parte dunha complexa secuencia decorativa de claras connotacións mitolóxicas, que en opinión de Marco, aceptada posteriormente por outros autores (García Quintela 1999: 157-169), “*simbolizan la apoteosis guerrera a través precisamente del tránsito acuático hacia el Más Allá*” (Marco 1994: 329). Entre os motivos representados atópanse xinetes de cuia cabeza xurde unha cornamenta de cervo e que levan torques na súa man esquerda (figura

18. Noutros ámbitos si documentamos con maior frecuencia a asociación de torques ó sexo feminino.



Figura 18. Fragmento cerámica de A Lanzada con representación de torques. Foto de Fariña (2002)



Figura 19. Escena da diadema-cinturón de Moñes. Foto: O. García-Vuelta



Figura 20. Apéndice triangular con representación dunha arracada do castro de Espiñaredo. Museo das Peregrinacións e de Santiago. Foto: autores

19) (Marco 1994: 332). A imaxe lembra a unha das representacións principais do famoso caldeiro de Gundestrup, onde unha figura que se interpreta como o deus Cernunnos aparece rodeado de animais, cunha cornamenta de cérvido e un torques na man dereita (Castro Pérez 1992: 42, 89-90, fig. 13; Marco 1994: 332). As diademas de Moñes amosan, polo tanto, unha terceira dimensión simbólica e funcional dos torques. Se nos bronzes aparecían formando parte de rituais sacrificiais ó pé dos caldeiros e na estatuaría como adorno de pescozo, aquí represéntanse como un obxecto que se leva na man, en escenas mitolóxicas ou cerimoniais rituais asociadas á idea de rexeneración. Esta terceira posibilidade funcional proporciona, se cabe, máis sentido ós sonaxeiros que posúen moitos torques, elaborados na maior parte dos casos a partir da introducción dunha pequena peza metálica no interior do terminal oco.

A representación de pezas de outro na propia ourivería resulta excepcional no ámbito castrexo. Porén, xunto ó caso de Moñes debemos citar o que semella o apéndice triangular dunha arracada procedente do castro de Espiñaredo (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña), cunha cronoloxía próxima ó cambio de era e que presenta no seu interior a representación dunha arracada do mesmo tipo, en forma de arete e con apéndice triangular (figura 20).

### DA ICONOGRAFÍA Á SOCIEDADE: OS DIFERENTES SIGNIFICADOS DUN TORQUES

A proposta de colaboración que nos trasladaron inicialmente os organizadores deste dossier, membros da asociación *Ardobriga*, consistía en analizar o significado do torques no eido cultural indoeuropeo. O reto é particularmente difícil, pola propia problemática deste concepto e pola extensión cronoxeográfica que se lle atribúe. ¿Podemos falar dun único ou principal significado do torques neste ámbito?, ¿teremos, pola contra, que asumir unha necesaria variabilidade no tempo e no espazo? O concepto *indoeuropeo*, como é ben sabido, emprégase para designar un tronco lingüístico común do que derivan as linguas faladas en boa parte de Europa e do continente asiático. Á marxe do feito lingüístico, e por simplificar en poucas palabras, toda unha longa tradición investigadora ten defendido que unha orixe lingüística común puido implicar tamén institucións, modelos sociais ou conceptos relixiosos comúns. A cuestión chave consiste en situar en termos históricos –ou, mellor, prehistóricos– ditos procesos. A indoeuropeización como proceso –tanto no plano estritamente lingüístico como no cultural– ten feito correr ríos de tinta e o debate dista de estar pechado.

Deixando a un lado a –para nós– moi discutible proposta dunha indoeuropeización paleolítica, as opinións dos arqueólogos divídense entre os que defenden unha cronoloxía neolítica (Renfrew 1990) e os que optan por situala nun momento posterior, xa na Idade do Bronce (Kristiansen 2012). En calquera destas etapas, é practicamente imposible ras-

trexar o torques en canto obxecto coas características propias da Idade do Ferro. Coñécese algúns adornos de pescozo (Castro Pérez 1990 e 1992), que en ocasións teñen recibido o nome de torques, pero dubidamos que poidan ter conformado un significado ou unha mitoloxía propiamente indoeuropeos para este tipo de obxecto. Polas razóns expostas, o itinerario teórico e metodolóxico que seguimos ten un sentido inverso. Non tenta definir un gran cadro de fondo dende o cal explicar o rexistro do Noroeste, senón que concede prioridade á información do propio ámbito castrexo. Ó mesmo tempo, considera que os paralelismos que poden detectarse nos diferentes ámbitos da protohistoria europea non necesariamente explícanse a partir dun fondo indoeuropeo común, senón máis ben a través da circulación de ideas, símbolos e códigos de consumo ó longo de amplas áreas xeográficas.

Como tivemos ocasión de comprobar, no Noroeste peninsular atopamos unha variedade de representacións de torques que están vencelladas á diversidade de usos e significados deste obxecto. Nas estatuas de guerreiro, o torques represéntase no pescozo formando parte da imaxe canónica do guerreiro galaico-lusitano, con saio, brazaletes e armas ofensivas e sobre todo defensivas<sup>19</sup>. Nos bronceos con motivos de sacrificio, o torques aparece no chan da escena, normalmente ó pé do caldeiro, e asociado ó machado que xoga o papel de instrumento sacrificial. Algunhas outras estatuas de pedra, interpretadas como divinidades ou seres sobrenaturais, levan tamén torques. Esta variabilidade supón usos diferentes do obxecto. O torques é un adorno que levan no pescozo guerreiros, sacrificadores ou divinidades, pero, como xa vimos, tamén é levado na man polos xinetes na diadema de Moñes, nunha escena de claras connotacións mitolóxicas, e semella xogar o papel de símbolo ritual, quizais a xeito de ofrenda, nos sacrificios representados nos bronceos.

No ámbito que nos ocupa, cando o torques aparece asociado a seres humanos ou antropomorfos estes son de sexo masculino na inmensa maioría dos casos. A representación do guerreiro con torques semella estar no Noroeste altamente estandarizada. Nun recente e estimulante libro, Hernando (2012) xustifica esta creación de códigos compartidos na necesidade que teñen as elites masculinas de construír unha identidade relacional que compense a perda de identificación co grupo de procedencia que resulta desa individualización. Ó mesmo tempo, a propia lectura do torques como símbolo de poder admite matices no Noroeste, asociados ás tres grandes formas de organización sociopolítica que na opinión de González Ruibal (2008: 909-910) poden distinguirse na II Idade do Ferro. As por el denominadas *sociedades heroicas* serían propias do ámbito septentrional e nelas os bens mobles (especialmente xoias e gado vacún) serían, xunto ós valores guerreiros, os elementos básicos de adquisición e sustento do poder. A segunda forma, que denomina *sociedades de casa*, sería típica do sector sudoccidental, onde a casa entendida en sentido amplo –coa riqueza material e inmaterial asociada– sería o elemento clave na competición polo poder. Finalmente, as *sociedades rurais profundas*, típicas do interior de Galicia e

19. Non entramos a discutir o tipo de personaxe representado nas estatuas (xefe, ancestro, etc.), pero cómpre precisar que non necesariamente tódolos guerreiros portarían a mesma indumentaria e armamento.

das áreas montañosas limítrofes, evitarían a xerarquización mediante unha economía moral que impediría grandes acumulacións de excedentes, obxectos de prestixio e importacións foráneas. Segundo este modelo, o papel do torques como elemento de riqueza e competición social sería máis marcado nas comunidades septentrionais. Polo demais, o torques semellan ter connotacións de emblema e símbolo identitario no ámbito castrexo. Os rasgos morfotipolóxicos, o emprego do ouro como materia prima (fronte á prata característica dos ámbitos meseteño, celtibérico ou ibérico), ou os motivos decorativos, singularizan os torques do Noroeste con respecto ós doutros ámbitos xeográficos.

Unha característica significativa dos torques é a tendencia a distinguirse entre si a través das variacións en tamaño, morfoloxía, decoración, etc. Como ten sinalado González Ruibal (2006-07: 427), a énfase na decoración está relacionada coa densidade de mensaxes (estatus, xénero e grupo) que transmite a ourivería destes momentos. Os torques son obxectos con biografía, que acumulan significados, que poden circular por diversas mans ou transmitirse por vía interxeracional.

Se a idea do torques como expresión de poder vencellada a determinados guerreiros conta con paralelos no ámbito europeo, os bronceos con motivos de sacrificio constitúen unha particularidade do Noroeste peninsular, tanto no aspecto formal e iconográfico como no papel de símbolo ritual ou de ofrenda que se lle atribúe a este obxecto no ritual sacrificial. A ausencia de paralelos fora do Noroeste contrasta cun alto grao de estandarización iconográfica e simbólica dentro deste ámbito xeográfico, que xa temos sinalado. A valorización desta dimensión é, quizais, a novidade máis relevante que se extrae da análise que vimos de realizar. É difícil determinar a natureza destes sacrificios, pero se botamos man do rexistro epigráfico semella que nos atopamos ante ofrendas da comunidade a divindades do panteón prerromano.

É importante subliñar que os principais testemuños que vimos de comentar, bronceos e escultura en pedra, teñen unha cronoloxía avanzada dentro da protohistoria castrexa, que probablemente debamos situar a partir do século II a.n.e. Neste momento semella poder situarse tamén o apoxeo no uso dos torques, no marco dun proceso de incremento das desigualdades e da xerarquización social que é común a outras áreas xeográficas (González Ruibal 2007: 298). Durante o proceso de conquista e os primeiros tempos da ocupación romana o uso da ourivería castrexa mantense vixente, aínda que paulatinamente transformado ata diluírse definitivamente a finais do século I - comezos do II en detrimento doutras formas de expresión de poder e prestixio. É máis difícil achegarse ós significados e usos da ourivería nas etapas anteriores ó século II a.n.e. Se asumimos, con Perea (2003: 146-147), un longo desenvolvemento para a ourivería castrexa que conectaría nas súas orixes coas producións do Bronce Final, enfrontámonos a unha diacronía de varios séculos nos que as sociedades -e as súas relacións coas materialidades- foron mudando. Perea (2003: 148) opina que é precisamente a desaceleración económica que algúns autores propoñen para os séculos IV-III a.n.e. a que xustifica a inversión que supón o torques como seguro e garante económico. En palabras súas, *“el torques no lo ostenta y exhibe*

*una persona como su riqueza personal, sino que se entierra y oculta en el entorno del castro, probablemente como sanción de transacciones políticas intergrupales*” (Perea 2003: 148). É precisamente esta dimensión, a do torques como depósito ou obxecto amortizable, a que non aparece reflexada na iconografía e que, sen embargo, explica os múltiples achádegos casuais realizados no Noroeste peninsular nas proximidades de castros, ás veces en lugares de connotacións simbólicas especiais como rochedos, ríos ou humedais (García-Vuelta e Armada 2003; González Ruibal 2007: 310)<sup>20</sup>.

En resumo, se unha característica semella definir ós torques protohistóricos é a variedade de usos e significados, acentuada pola amplitude xeográfica e tamén cronolóxica —aínda que o seu *floruit* se produza a partir do século II a.n.e. na que comparecen. Unha atinada sentenza de Gosden e Hill (2008: 3) a propósito da metalurxia das Illas Británicas coñecida como *Early Celtic Art* parécenos de aplicación no caso que nos ocupa: “*If it had multiple meanings in the past, we should not expect to generate a single meaning for it in the present*”.

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. e CASAL GARCÍA, R. (2010): “Revisitando la plástica galaico-romana”. En J. M. Abascal e R. Cebrián (eds.): *Escultura romana en Hispania VI. Homenaje a Eva Koppel*. Tabularium. Murcia: 385-401.
- ALMAGRO-GORBEA, M.; ORTEGA BLANCO, J. e VILLAR LIÉBANA, F. (1999): “Una nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”. *Complutum*, 10: 167-173.
- ÁLVAREZ-SANCHÍS, J. R. (2004): “Comentário de Jesús R. Álvarez-Sanchís”. *O Arqueólogo Português*, série IV, 22: 54-58.
- ARMADA, X.-L. e GARCÍA-VUELTA, O. (2003): “Bronces con motivos de sacrificio del área noroccidental de la Península Ibérica”. *Archivo Español de Arqueología*, 76: 47-75.
- ARMADA, X.-L. e GARCÍA-VUELTA, O. (2006): “Symbolic forms from the Iron Age in the North-West of the Iberian Peninsula: Sacrificial bronzes and their problems”. En M. V. García Quintela, F. J. González García e F. Criado Boado (eds.): *Anthropology of the Indo-European World and Material Culture*. Archaeolingua. Budapest: 163-178.
- ARMADA, X.-L.; GARCÍA-VUELTA, O. e GRAELLS, R. (2011-12): “Un bronze amb motius de sacrifici del nord-oest de la Península Ibèrica al Museu Episcopal de Vic”. *Quaderns del Museu Episcopal de Vic*, 5: 9-20.
- ARMADA, X.-L.; GARCÍA-VUELTA, O.; PEREA, A. e PORTO, Y. (2013): “Iron Age goldwork as cultural heritage: building strategies for its research, conservation and

20. Este plantexamento, pese ós avances dos últimos anos na clarificación dalgúns contextos, debe ser aínda contrastado con estudos máis pormenorizados dos achádegos coñecidos.

- social valuation in NW Spain". En M. A. Rogerio Candellera, M. Lazzari e E. Cano (eds.): *Science and Technology for the Conservation of Cultural Heritage*. CRC Press. London: 401-405.
- ARMBRUSTER, B. e PEREA, A. (2000): "Macizo/hueco, soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia". *Trabajos de Prehistoria*, 57(1): 97-114.
- BARRIOCANAL LÓPEZ, Y.; CONDE SÁNCHEZ, M.; FARIÑA BUSTO, F.; LORENZO RUMBAO, B.; NIETO MUÑIZ, E. B.; NÚÑEZ SÁNCHEZ, M. P.; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, X.; VEIGA ROMERO, A. M. e XUSTO RODRÍGUEZ, M. (2006): *Unha escolma de escultura*. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Ourense.
- BERROCAL-RANGEL, L. (1994): *El altar prerromano de Capote. Ensayo etno-arqueológico de un ritual céltico en el Suroeste peninsular*. Universidad Autónoma de Madrid. Madrid.
- BETTENCOURT, A. M. S. e CARVALHO, H. P. A. (1993-94): "Estátua sedente e cabeça de guerreiro galaico da região de Braga". *Cadernos de Arqueologia*, série II, 10-11: 279-291.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1957): "Exvoto con escena de sacrificio". *Revista de Guimarães*, 67: 499-516.
- CALO LOURIDO, F. (1994): *A plástica da cultura castrexa galego-portuguesa*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- CALO LOURIDO, F. (2002): "Escultura sedente". En A. Rodero e M. Barril (eds.): *Torques. Belleza y poder*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid: 220.
- CALO LOURIDO, F. (2003): "Catálogo". *Madrider Mitteilungen*, 44: 6-32.
- CALO LOURIDO, F. (2010): *Os celtas. Unha (re)visión dende Galicia*. Xerais. Vigo.
- CARBALLO ARCEO, L. X. (1996): "Notas en torno á cronoloxía do castro da Forca e da plástica castrexa". *Minus*, 5: 65-75.
- CARDIM RIBEIRO, J. (2010): "Algumas considerações sobre a inscrição em 'lusitano' descoberta em Arronches". *Palaeohispanica*, 10: 41-62.
- CARNEIRO, A.; D'ENCARNAÇÃO, J.; OLIVEIRA, J. e TEIXEIRA, C. (2008): "Uma inscrição votiva em língua lusitana". *Palaeohispanica*, 8: 167-178.
- CASTRO PÉREZ, L. (1990): *Os torques prehistóricos*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- CASTRO PÉREZ, L. (1992): *Los torques de los dioses y de los hombres*. Vía Láctea. Oleiros.
- CASTRO VIGO, E. (2009): "Un nuevo ejemplar de los llamados bronce votivos sacrificiales". *Gallaecia*, 28: 131-138.
- COLLIS, J. (2003): *The Celts. Origins, myths & inventions*. Tempus. Stroud.

- FARIÑA BUSTO, F. (2002): “Cerámica A Lanzada”. En A. Rodero e M. Barril (eds.): *Torques. Belleza y poder*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid: 222-223.
- FERNÁNDEZ CARBALLO, L. (2001): “O guerreiro galaico de Ralle (Taboada-Lugo): relectura etnoarqueolóxica do torques”. *Gallaecia*, 20: 133-147.
- FERNÁNDEZ-POSSE, M. D. e SÁNCHEZ-PALENCIA, F. J. (1998): “Las comunidades campesinas en la cultura castreña”. *Trabajos de Prehistoria*, 55(2): 127-150.
- FERNÁNDEZ-POSSE, M. D.; SASTRE, I. e SÁNCHEZ-PALENCIA, F. J. (2004): “Oro y organización social en las comunidades castreñas del Noroeste de la Península Ibérica”. En A. Perea, I. Montero e O. García-Vuelta (eds.): *Tecnología del oro antiguo: Europa y América*. CSIC. Madrid: 389-398.
- GARCÍA QUINTELA, M. V. (1999): *Mitología y mitos de la Hispania prerromana III*. Akal. Madrid.
- GARCÍA-VUELTA, O. (2007): *Orfebrería castreña del Museo Arqueológico Nacional*. Ministerio de Cultura. Madrid.
- GARCÍA-VUELTA, O. e ARMADA, X.-L. (2003): “Documentación y arqueología del oro castreño: acerca de F. Maciñeira y el torques de Capelada (San Xiao de Montoxo, Cedeira, A Coruña)”. *Brigantium*, 14: 117-138.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, E. (2005): *Imago Antiqua. Lugo romano*. Concello de Lugo. Lugo.
- GONZÁLEZ GARCÍA, F. J. (2011): “Los Célticos de Gallaecia: apuntes sobre etnicidad y territorialidad en la Edad del Hierro del Noroeste de la Península Ibérica”. *Complutum*, 22(1): 117-132.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-07): *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. – 50 d.C.)*. Brigantium 18-19. A Coruña.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2007): “La vida social de los objetos castreños”. En F. J. González García (ed.): *Los pueblos de la Galicia céltica*. Akal. Madrid: 259-322.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2008): “Los pueblos del Noroeste”. En F. Gracia (ed.): *De Iberia a Hispania*. Ariel. Barcelona: 899-930.
- GOSDEN, C. e HILL, J. D. (2008): “Introduction: re-integrating ‘Celtic’ art”. En D. Garrow, C. Gosden e J. D. Hill (eds.): *Rethinking Celtic Art*. Oxbow Books. Oxford: 1-14.
- HERNANDO, A. (2012): *La fantasía de la individualidad. Sobre la construcción socio-histórica del sujeto moderno*. Katz. Buenos Aires – Madrid.
- KRISTIENSEN, K. (2012): “The Bronze Age expansion of Indo-European languages: an archaeological model”. En C. Prescott e H. Glørstad (eds.): *Becoming European. The transformation of third millennium Northern and Western Europe*. Oxbow Books. Oxford: 165-181.

- LADRA, L. (2005): “Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO peninsular”. En A. Blanco González, C. Cancelo e A. Esparza (eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica. Encuentro de jóvenes investigadores*. Fundación Duques de Soria – Ediciones Universidad de Salamanca. Salamanca: 94-110.
- LADRA, L. (2011): “O torques de Vilas Boas (Vila Flor, Bragança, Portugal)”. *Anuario Brigantino*, 34: 73-92.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1951): *Las joyas castreñas*. CSIC. Madrid.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F. (1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza*. Nós Publicacións Galegas e Imprenta. A Coruña.
- LORRIO, A. J. (2011): “Los celtas en el occidente de Iberia”. En G. Ruiz Zapatero e J. R. Álvarez-Sanchís (eds.): *Castros y verracos. Las gentes de la Edad del Hierro en el occidente de Iberia*. Diputación de Ávila. Ávila: 45-100.
- LUENGO MARTÍNEZ, J. M. (1964): “Machadinha votiva de Cariño (La Coruña)”. *Revista de Guimarães*, 74: 149-157.
- MAÑANA-BORRAZÁS, F.; SEOANE-VEIGA, Y. e FONTE, J. (2011a): “Documentación 3D aplicada a guerreiros galaicos: Lesenho1 TLS”. <http://hdl.handle.net/10261/40297>
- MAÑANA-BORRAZÁS, F.; SEOANE-VEIGA, Y. e FONTE, J. (2011b): “Documentación 3D aplicada a guerreiros galaicos: Lesenho2 TLS”. <http://hdl.handle.net/10261/40306>
- MARCO SIMÓN, F. (1994): “Heroización y tránsito acuático: sobre las diademas de Mones (Piloña, Asturias)”. En J. Mangas e J. Alvar (eds.): *Homenaje a José María Blázquez* (vol. II). Ediciones Clásicas. Madrid: 319-348.
- MARCO SIMÓN, F. (2002): “El torques como símbolo”. En A. Rodero e M. Barril (eds.): *Torques. Belleza y poder*. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid: 69-79.
- MONTEAGUDO, L. (1952): “Torques castreños de alambres enrollados”. *Archivo Español de Arqueología*, 25: 287-296.
- PARCERO-OUBIÑA, C. (2002): *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste ibérico*. Fundación F.M. Ortegalia. Ortigueira.
- PEREA, A. (2003): “Los torques castreños en perspectiva”. *Brigantium*, 14: 139-149.
- PRÓSPER, B. M. e VILLAR, F. (2009): “Nueva inscripción lusitana procedente de Portalegre”. *Emerita*, 77(1): 1-32.
- RENFREW, C. (1990): *Arqueología y lenguaje. La cuestión de los orígenes indoeuropeos*. Crítica. Barcelona (1ª ed. ingl. 1987).
- REY CASTIÑEIRA, J. (1995): “Cuestiones de tipo territorial en la cultura castreña”. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (vol. II). Xunta de Galicia. Vigo: 165-171.

- REY CASTIÑEIRA, J. (1996): “Referencias de tiempo en la cultura material de los castros gallegos”. En J. M. Hidalgo (ed.): *A cultura castrexa galega a debate*. Instituto de Estudios Tudenses. Tui: 157-206.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1993): *Corpus-catálogo de inscripciones rupestres de época romana del cuadrante noroeste de la Península Ibérica*. Ediciós do Castro. Sada.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (2011): *Lucus Augusti. La ciudad romano-germánica del finisterre ibérico. Génesis y evolución histórica (14 a.C.-711 d.C.)*. Concello de Lugo. Lugo.
- RODRÍGUEZ CORRAL, J. (2012): “Las imágenes como un modo de acción: las estatuas de guerreros castreños”. *Archivo Español de Arqueología*, 85: 79-100.
- RUIZ ZAPATERO, G. (2001): “¿Quiénes fueron los celtas? Disipando la niebla: mitología de un collage histórico”. En M. Almagro-Gorbea, M. Mariné e J. R. Álvarez-Sanchís (eds.): *Celtas y Vettones*. Diputación Provincial de Ávila. Ávila: 73-91.
- RUIZ ZAPATERO, G. (ed.) (2005): “Un círculo de lectores: miradas sobre los celtas del NO de la Península Ibérica”. *Complutum*, 16: 149-208.
- SASTRE PRATS, I. (2001): *Las formaciones sociales rurales de la Asturias romana*. Ediciones Clásicas. Madrid.
- SCHATTNER, T. G. (ed.) (2003): “Die lusitanisch-galläkischen Kriegerstatuen”. *Madriдер Mitteilungen*, 44: 1-307.
- SCHATTNER, T. G. (2004): “Novas aproximações às estátuas de guerreiros lusitano-galaicos”. *O Arqueólogo Português*, série IV, 22: 9-66.
- SCHATTNER, T. G. e CORREIA SANTOS, M. J. (eds.) (2010): “Porcom, Oilam, Taurom. Cabeço das Fráguas: o santuário no seu contexto. Actas da Jornada realizada no Museu da Guarda a 23 de Abril de 2010”. *Iberografias*, 6: 7-145.
- SILVA, A. C. F. (2007): *A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal* (2ª ed.). Câmara Municipal de Paços de Ferreira. Paços de Ferreira.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. e GARCÍA QUINTELA, M. V. (1998): *A vida cotiá na Galicia castrexa*. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- VILLAR, F. (1991): *Los indoeuropeos y los orígenes de Europa*. Gredos. Madrid.
- VILLAR, F. e PEDRERO, R. (2001): “La nueva inscripción lusitana: Arroyo de la Luz III”. En F. Villar e M. P. Fernández Álvarez (eds.): *Religión, lengua y cultura prerromanas de Hispania*. Universidad de Salamanca. Salamanca: 663-698.



# CATÁLOGO DE TORQUES ÁRTABROS

M<sup>a</sup> Carmen Martínez López

---

## INTRODUCCIÓN

Con motivo do centenario do achado do Torques de Centroña no ano 2012, e no contexto de diversos traballos arqueolóxicos e de investigación relacionados cos ártabros que vimos desenvolvendo nos últimos tempos<sup>1</sup>, propuxémonos buscar os paralelos formais desta peza e recompilar os datos publicados acerca deste tipo de xoia, facer un baleirado de información e un reconto do número de exemplares coñecidos como sinxela fórmula para contextualizar a peza.

Estes plantexamentos van da man dunha serie de estudos de ámbito local que se están a desenvolver dende a Asociación Cultural Ardóbriga (Pontedeume-Miño) que leva traballando arreo polo patrimonio cultural da súa comarca dende hai xa uns cantos anos e que teñen en *Cátedra* (Revista Eumesa de Estudos) un voceiro para a difusión dos seus traballos. É dende esta perspectiva de estudos locais na que encaixa o traballo que aquí presentamos: facer un acopio de documentación sobre un tipo de obxecto concreto (os torques similares ó de Centroña) e dalo a coñecer a un público que quere saber do máis inmediato para poder mirar cara o mais lonxano. Pensamos que esta filosofía de traballo, aplicando o zoom en sucesivas fases, se mostra como unha das máis efectivas á hora de conseguir resultados concretos de cara á revalorización e difusión do noso patrimonio.

Para comezar a debullar o tema que nos ocupa partimos dunha busca bibliográfica, que nos levou ó exhaustivo artigo de Susana Prieto Molina (1996), no que tipifica e cataloga a totalidade dos torques castrexos do Noroeste da Península coñecidos ata o momento. A partir deste artigo comezou o baleirado bibliográfico sistemático e a consulta na biblioteca<sup>2</sup>, ó mesmo tempo que procediamos o envorcado da documentación a unha

1. Seguindo a estela das publicacións de González García (1997, 1998, 2003) comezamos unha liña de investigación sobre os ártabros e o seu territorio que adopta polo momento un formato multiforme ou de xeometría variable. Este traballo que presento e outro do que se da conta neste mesmo volume (Méndez Fernández 2014) encádranse dentro dun estudo máis amplo do que esperamos tirar novos resultados en breve.

2. Quero agradecer a axuda prestada por Ana Martínez, do Museo de San Antón, quen me facilitou o traballo bibliográfico sempre cun sorriso e moita paciencia.

base de datos construída a tal fin, de forma que a información quedase organizada e manipulable. Esta base de datos “ártabra”, que en realidade pretende ser un banco de datos moito mais amplo sobre o tema consta, fundamentalmente, de tres entidades de información: datos bibliográficos, materiais arqueolóxicos e xacementos relacionados ou relacionables con estes materiais.

Paralelamente fomos envorcado os datos xeográficos a un sistema SIX no que xa tiñamos recollidos outros datos dos concellos da zona NO da provincia da Coruña, nos que se situaría o Territorio Ártabro. Neste Sistema de Información Xeográfica fomos introducindo información cartográfica, documentación sobre xeografía antiga e a situación dos castros dos concellos actuais que comprenderían o territorio dos Ártabros<sup>3</sup>.

A nosa achega ó coñecemento, e sobre todo á divulgación, destes materiais parte dunha serie de interrogantes sobre os que articulamos o traballo:

- ¿Qué é un torques? Descripción formal.
- ¿Para qué serve? Aproximación á funcionalidade a partires das representacións noutros soportes.
- ¿Son todos iguais? Tipoloxía dos torques do noroeste.
- Características dos torques de tipo ártabro.
- Catálogo con identificación da peza, datos xeográficos e administrativos, procedencia, depósito, descripción e bibliografía na que se cita a peza.

## ¿QUÉ SON OS TORQUES?

Os torques son colares ríxidos con forma en “C” feitos en metais preciosos (ouro, bronce, cobre, prata) e que presenta as seguintes partes: unha varíña que forma o corpo principal, dous remates nos extremos da varíña con distintas formas máis ou menos desenvolados, e a presenza ou non de decoración aplicada e/ou incisa.

O nome deriva do latín *torqueo* = torcer, e fai referencia á forma do metal retorto característico dunha boa parte dos torques da Europa pola que batallaron os romanos. Os primeiros colares ríxidos se documentan a finais da Idade do Bronce, pero a súa produción máis xenuína, e da que aquí imos falar, se vincula nos seus orixes, ó mundo céltico, coa cultura Lateniense e hallstática europea.

A súa funcionalidade concreta é descoñecida pero a través de distintas evidencias no rexistro arqueolóxico máis inmediato, os obxectos nos que se ven representados, tentaremos contextualizar parcialmente algunha das súas funcións.

A primeira evidencia atopámola nas representacións da mitoloxía celta na que aparecen figuras con torques, quizais o caso máis espectacular sexa o Caldeiro de Gundestrup (Dinamarca), datado cara o século II a.C., no que se representan escenas figurativas que se veñen interpretando como deuses do panteón celta: Cernunnos, Dagda, Taranis, que

3. De feito a base de datos integra actualmente datos sobre máis de 270 castros pertencentes ou próximos ó territorio ártabro.

levan estas xoias axustadas ó pescozo ou os portan na man (ilustración 1). Estas imaxes nos debuxan un primeiro aspecto dos torques como atributo dos deuses.

A seguinte se pode rastrexar noutro tipo de representacións de interpretación tamén complexa. Estamos a falar dos denominados bronce votivos ou sacrificiais dos que se coñecen media ducia de exemplares do Noroeste e Meseta Norte (estudados por Armada e García, 2003. Pena Graña 2000-2001, González Ruibal 2006-2007, entre outros). Nestes obxectos se conxugan unha serie de motivos recorrentes: o machado, o caldeiro, as figuras de persoas e animais, e o torques. No caso do exemplar atopado en Cariño aprécianse os remates en periña (Ilustración 2). Outro aspecto a valorar pois é a súa compoñente ritual.

O seguinte soporte onde podemos contextualizar a funcionalidade destes obxectos son as estatuas pétreas de guerreiros lusitanos e os bustos atopados en Galicia e Portugal (Ilustración 3). Estas estatuas son figuras masculinas cos atributos propios dos guerreiros ou mesmo “príncipes” castrexos que portan armas, escudos, en algunha ocasión cascos e se adornan con torques. Neste caso o torques asóciase á figura masculina e ó poder político e/ou militar.

Por último, temos referencias documentais de escritores clásicos como Polibio, Estrabón ou Tito Livio, que describen a práctica común entre os romanos de condecorar ós xefes militares por vitorias contra os “bárbaros”, concedéndolles como premio ó seu valor os torques dos vencidos. Un feito dos máis coñecidos é aquel polo que Tito Manlio foi agasallado cun torques procedente dun príncipe galo ó que venceu en batalla singular, este feito valeulle o nome de “Torquato” (Villaamil 1874-75: 547).

Así pois, os torques se nos amosan non só como unha xoia para adorno persoal, senón que revelan múltiples facetas: utilización por parte das elites, complemento e distinción do guerreiro, condecoración militar, atributo dos deuses, peza ritual e para algúns autores elemento de transacción, comercio, regalo. Segundo Pérez Outeiriño



Ilustración 1. Representación do deus Cernunnos no caldeiro de Gundestrup, portando dous torques. Imaxe: wikipedia.org




Ilustración 2. Machadiña de Cariño, segundo Luengo 1964: 151



Ilustración 3. Representacións de guerreiros castrexos con torques

(1990:146) “sendo pezas de representación, e moi posiblemente, elemento diferenciador de un grupo social relacionado co poder, é de supor que tanto os materiais (ouro) ... como a decoración tiñan un valor simbólico”.

Os torques do Noroeste da Península Ibérica, son pezas feitas en ouro, a diferenza dos torques do resto da Península realizados maioritariamente en prata, traballadas cos coñecementos técnicos e artísticos de ourives experimentados. Se encontran espallados polo territorio de Asturias, Galicia e o norte de Portugal, vindo a coincidir cos conventos Lucense e Bracarense de época romana. Actualmente o número de torques do Noroeste recoñecidos pola bibliografía acada os douscentos exemplares.

Sobre a súa cronoloxía, a tendencia xeral é consideralos como unha continuación da ourivería do Bronce Final que seguirían elaborándose ata despois da romanización. A maior produción coincide coa Segunda Idade do Ferro, convindo a maioría dos autores nunha datación xenérica entre o século IV a.C e o I d.C. Non se pode afinar o marco temporal por ter sido atopados sempre de xeito casual, na maior parte dos casos froito do laboreo das terras, i en numerosas ocasións, vendidos e/ou fundidos ó pouco de seren atopados. Todos os exemplares dos que se coñece con certa exactitude a súa procedencia se recolleron dentro de castros ou na súa contorna máis próxima. Os únicos exemplares atopados en contexto arqueolóxico, son un dos torques do Castro de Viladonga (Viladonga II) e o fragmento recuperado no castro de Troña (Ponteareas, Pontevedra).

## OS TORQUES DO NOROESTE

Os primeiros estudos sobre os torques castrexos se remontan a mediados do século XIX da man de autores como Saralegui, Murguía ou Villaamil y Castro que no seu traballo “Adornos de oro recogidos en Galicia” (1874-75) da conta dos diversos achados coñecidos nese momento. No contexto desta época de inquedanza pola construción dun pasado de raigames ligadas ó mundo celta os distintos autores comezan a chamar a atención sobre eses obxectos dos antepasados, a tomarlos como produción indíxena e preocuparse pola súa preservación e estudo.

Na publicación de Oviedo y Arce (1915) se apunta a primeira referencia a un taller ou escola anterior ós romanos, e Maciñeira (1930) fala, co descubrimento do exemplar da Capelada de un “Grupo Ortegalés” de xoias, relacionando estes obxectos cun territorio concreto. Será Cuevillas en 1951 o primeiro en intentar sistematizar o estudo dos torques<sup>4</sup> segundo a súa forma e distribución xeográfica, identificando catro escolas: a escola Asturiana, a do Norte de Galicia, a Flaviense e a do Norte de Portugal. Foi ó ano seguinte cando Monteagudo divide a escola do Norte de Galicia en dous tipos, o Norteño e o Ártabro.

A partires de aquí se suceden distintas propostas tipolóxicas baseadas dun xeito ou outro na combinación das formas de variñas que basicamente poden ser de sección circular ou poligonal, remates en tres grandes grupos: piriforme, dobre escocia e campánula; e decoracións variadas.




Ilustración 4. Tipos de remates dos torques do Noroeste. Cuevillas 1951: 40




Ilustración 5. Tipos máis frecuentes atopados en Galicia

4. Outros autores facían o propio dende Portugal: Severo (1905-1908), Cardozo (1929-1930)...

Raddatz en 1969 fai tres grupos segundo o tipo de remate. Pérez Outeiriño no 1990 diferenza oito tipos de remates, tres de variñas e tres de segmentacións decorativas da variña, establecendo un sistema polo que utilizando as distintas combinacións posibles pódese catalogar calquera tipo de torques, sen ter que recorrer a variantes ou casos especiais. Balseiro en 1994 distingue sete tipos,. Prieto no 1996 diferenza nove tipos, subdivididos segundo a presenza ou non de decoracións e finalmente Reboredo na súa tese do ano 2000 rexistra cinco con catro subtipos. Segundo as diferentes tipoloxías, o torques ártabro sería de tipo C1b para Pérez Outeiriño, Tipo V para Balseiro, Tipo VA1 e VA2 para Prieto e Tipo IA para Reboredo. Sen embargo, a nomenclatura clásica segue a ser utilizada nas revisións máis actuais: Nororiental-galáico, Astur-norgaláico, Ártabro, Flaviense, Bracarense litoral ou dos Oppida.

Esta nomenclatura clásica vincula ós tipos de torques coa zona xeográfica onde se concentran e se corresponderían cos grupos culturais ou etnias habitantes destas zonas, aínda que esta correspondencia, a lo menos no caso dos ártabros, semella ocupar bastante mais territorio do que, ate polo momento coñecemos, ocuparía esta tribo. Esta é unha cuestión que está aínda a ser debullada, pois o tema da distribución deste tipo de obxectos, precisa de abordarse dende distintos plantexamentos, análises espaciais, patróns de distribución, estudo de materiais que puideran estar relacionados cos torques, lugares e condicións particulares de aparición, tipos de xacementos ós que se vinculan, patróns de intercambio e comercio, etc.

Non queremos estendernos aquí nas distintas tipoloxías e clasificacións, simplemente pretendemos esbozar unha visión xeral dos torques do Noroeste para contextualizar o grupo ártabro no conxunto. Remitíndonos ó traballo de Ladra (2005: 107-108) sobre distribución dos torques do Noroeste, son cinco os tipos máis estendidos que se concentrarían nas correspondentes áreas: Tipo Ártabro: Aparecen dende o Río Eo ate o Ulla estendéndose polo interior da provincia da Coruña e norte de Lugo. Astur-norgaláico: Río Covo – Navia e litoral cantrábrico asturiano. Nororiental galáico: Ulla – Masma y litoral. Bracarense litoral: Dende o Douro ó Miño e Támega. Flaviense: Río Tua – Douro – Tambre.

## O TORQUES DE TIPO ÁRTABRO

As características que levaron a definir este tipo de torques se veñen a reproducir en todos os exemplares conservados de maneira case idéntica.

- Variña de sección circular, xeralmente de máis anchura na parte central e na zona de unión cos remates.
- Presenza de aramios enrolados nos extremos
- Remates en periña.
- Decoración tripartita: Terzo mesal liso, terzos distais con aramios enrolados e separación entre ambos terzos mediante apliques de espiral.




Ilustración 6. Croquis do torques depositado no Ashmolean Museum de Oxford. Fonte:Queiroga 1987: est. I.

Para Reboredo (2000) habería unha variante do tipo Ártabro: o exemplar de San Lourenzo de Pastor II e o depositado no MAN 1972/113/1 que presentan como única diferenza os remates en dobre escocia.

Na actualidade coñecemos 16 puntos de aparición de torques ártabros que se distribúen rebasando amplamente o considerado como territorio dos ártabros definido por Méndez Fernández (2014) a partir dos traballos de González García (2003) e que incluímos no mapa anexo. Nestas 16 localizacións se recuperaron 22 exemplares, dos que 10 se conservan enteiros: Bardaos I,

Ashmolean I, Castro de Flores, Orbellido, San Lourenzo de Pastor III, San Martiño de Porto, Viveiro I, Viladonga I e Viladonga II, todos eles depositados en museos, e o décimo en depósito descoñecido (Valadouro II). O resto se corresponde con 9 fragmentos: Centroña, Viladonga III, Croa de Riotorto V, Foxados II, III e VII, Troña, Xanceda III e IV. Ademais temos referencias de outros dous torques enteiros: un no Cruceiro da Coruña e outro en Portochao, e dun fragmento en Culleredo.

As dimensións dos exemplares enteiros oscilan entre os 300 mm de Viladonga I e os 430 mm dos de Castro de Flores e Bardaos I. O menos pesado é o torques de Viladonga II con 130 gramos, e o peso maior o alcanza Bardaos I con 358 gr. O grosor varía entre os 4-5 mm de espesor mínimo do exemplar de Valadouro e os 12 mm de espesor máximo no de San Martiño de Porto. En canto a técnica de elaboración, a maior parte dos exemplares están feitos en ouro aleado preferentemente con prata, traballados con técnica de martelado ou martelado e torcido. Os terminais soen presentar un lixeiro facetado para facilitar o agarre dos fíos de aramio enrolados. Salvo en tres casos Viladonga I, Castro de Flores e San Martiño de Porto, as periñas son ocas e van soldadas á vara. As plaquiñas decorativas son traballadas primeiramente para aplicarlles o fío en espiral antes de soldalas á vara. O acabado das pezas faise mediante pulido para eliminación de rebabas, posterior laminado en ouro e bruñido para darlle un acabado final brillante.

Como dixemos con anterioridade, todos os exemplares foron atopados de forma casual cando se estaban realizando tarefas agrícolas no interior de castros ou na súa





Ilustración 7. Tipos de torques que aparecen asociados xunto cos ártabros nos depósitos ou conxuntos indicados baixo cada tipo

contorna máis próxima, agás os exemplares de Viladonga II e de Troña, que foron recollidos durante as escavacións arqueolóxicas de ámbolos castros. En estes 16 puntos de localización, se recolleron de xeito illado sete exemplares: Centroña, San Martiño de Porto, Orbellido, Castro de Flores, Troña, Culleredo e Portochao, mentres que os nove restantes apareceron xunto con outros torques, e no caso de Foxados, xunto con 35 tortas de aleación. A aparición destes depósitos son interpretados como un ocultamento, pero tamén como depósitos de ourives ou mesmo como parte de algún tipo de cerimonia ou ritual (González Ruibal 2006-2007: 420).

Rematamos aquí esta introdución o catálogo, que é o noso primordial obxectivo desta publicación, pensando xa en comezar a traballar cos castros nos que aparecen estes materiais, e sabendo que queda moito por facer, aínda que menos que antes...

## MAPA DE DISTRIBUCIÓN DOS TORQUES ÁRTABROS



CATÁLOGO DE TORQUES ÁRTABROS<sup>1</sup>

## TORQUES DE BARDAOS I

**Lugar:** O Castro

**Parroquia:** Bardaos (Sta. María)

**Concello:** Tordoia

**Provincia:** A Coruña

**UTM X:** 537994

**UTM Y:** 4774628

**Vinculado a:** A Croa do Castro / Castro de Bardaos (GA15084012)

**Procedencia:** Apareceu nos anos 90 ó traballar nas fincas do interior da croa do Castro, “máis concretamente na zona situada ao norte do afloramento granítico central” (Ladra 2006: 45).

**Depósito:** Museo Provincial de Lugo. N° Inv.: 1997/10/1.

**Descrición:** Varela de ouro de sección circular maciza, máis ancha na zona central e cara ós remates. Decoración tripartita: terzo mesal liso, terzos distais con aramio enrolado dando 81 e 88 voltas, e separación entre ambas por medio de senllos pares de aplicacións con espirais cicelados de 11 voltas arredor do botón central. Remate en periñas ocas.

Conxunto formado por dous torques, aínda que poderían proceder de aquí os dous depositados no Ashmolean Museum de Oxford, e alomenos outro que foi fundido. (Ladra 2006).

**Dimensións:** Perímetro: 430 mm. Diámetro máx: 123 mm. Grosor: 11,45 mm. Diámetro remates: 22 mm.

**Peso:** 357.38 gr.

**Bibliografía:** Almagro Gorbea 1962. Balseiro 1994. Bouza Brey 1926. Carro e González 1933. Casal e Fernández 1998. Ladra 1999 e 2006. Monteagudo 1952. Pérez Outeiriño 1990. Queiroga 1987. Reboredo Canosa 2006.



## TORQUES DO ASHMOLEAN MUSEUM

**Vinculado a:** ¿Croa de Bardaos?

**Procedencia:** Nos anos 50, relátase a aparición de dous torques na Croa de Bardaos que foron enviados a algún Museo de Londres. Segundo Ladra (2006) de aquí procederían os



1. Como norma xeral, damos as coordenadas no centro do castro ó que se vincula o achado.

que na actualidade se atopan no Ashmolean Museum de Oxford. Este e outro torques foi adquirido polo museo no ano 1975 ó coleccionista J. Bomford.

**Depósito:** Ashmolean Museum (Oxford, Inglaterra). N° Inv. 1975/350.

**Descrición:** Torques de varíña de ouro maciza de sección circular con aramios enrolados dan 55 voltas en cada terminal. Entre a zona lisa e os aramios presenta dous motivos en espiral de fío de ouro aplicado, con botón central, dando 10 voltas arredor do botón, xirando en sentido oposto en cada par.

**Dimensións:** Aprox. a partir do croquis (Queiroga 1987): Diámetro 140 mm. Grosor: 6-7 mm. Periñas: 20x25 mm.

**Peso:** 275,68 gr.

**Bibliografía:** Balseiro García 1994. Ladra Rodríguez 2006. Prieto Molina 1996. Queiroga 1987. Reboredo Canosa 2000.

#### TORQUES DO CASTRO DE FLORES / DE OIS

**Lugar:** Flores

**Parroquia:** Feás (S. Pedro) / Ois (Sta. María)

**Concello:** Aranga / Coirós

**Provincia:** A Coruña

**UTM X:** 573720

**UTM Y:** 4788350

**Vinculado a:** Castro de Flores / Flores de Turreiro (GA15030036)



**Procedencia:** Atopado en maio de 1915 nalgún lugar indeterminado do Castro de Flores. Estivo en mans privadas ata maio de 1922, que foi adquirida polo M.A.N.

**Depósito:** Museo Arqueológico Nacional (Madrid). N° inv. 28.552.

**Descrición:** Torques con ánima de aleación de prata, cuberto de ouro e pulido. Varela de sección circular lisa, que adelgaza cara ós extremos, volvendo a ensanchar na unión cos remates. Actualmente non conserva os aramios enrolados. Sí dous pares de plaquiñas con espirais cinceladas dando 10 voltas arredor do botón central. Remates piriformes macizos.

**Dimensións:** Lonxitude: 430 mm; Diámetro: 155 mm; Grosor máx.: 95 mm; Remate: 25 x 20 mm.

**Peso:** 331,5 gr.

**Bibliografía:** Álvarez Osorio 1954. Hartmann 1982. López Cuevillas 1932 y 1951. Monteagudo 1952. Oviedo y Arce 1915. Prieto Molina 1996. Gaceta de Galicia 17/07/1915. El Diario de Pontevedra 19/07/1915. M.A.N. n° inv. 28552. Reboredo Canosa, 2000. VV.AA. 2008.

**TORQUES DE ORBELLIDO****Lugar:** Orbellido**Parroquia:** Baíñas (Sto. Antoíño)**Concello:** Vimianzo**Provincia:** A Coruña**UTM X:** 500688**UTM Y:** 4763185**Vinculado a:** Orbellido. “O Castro”, “O Castriño”**Procedencia:** Atopado no ano 1979 no lugar de Orbellido, por un veciño de Vimianzo, D. Andrés Núñez Riveiro, cando facía a cimentación dun cortello para vacas.**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña - Castelo de San Antón (Nº Inv. MAC 942).**Descrición:** Torques de ouro de 18 quilates de variña de sección circular, laminada e pulida na parte central. Aramios enrolados que dan 74 voltas en cada extremo, ocupando unha superficie de 103 e 104 mm respectivamente. Na zona onde rematan os aramios presenta senllos pares de espirais de filigrana dando 7 voltas arredor do botón central. Remates en perña ocos con punta roma.**Dimensións:** Lonxitude: 310 mm. Diámetro máx.: 13,27 cm. Grosor: 7,5 mm. Remates: 22x18 mm.**Peso:** 150 gr.**Bibliografía:** Acuña y Casal 1984-85. Castro Pérez 1990. Prieto Molina 1996. Senén López 1996.**TORQUES DE SAN LOURENZO DE PASTOR III****Lugar:** Lameiro**Parroquia:** Pastor (S. Lourenzo)**Concello:** O Pino**Provincia:** A Coruña**UTM X:** 561896**UTM Y:** 4761030**Vinculado a:** Castro de San Lourenzo de Pastor (GA15066004).**Procedencia:** Atopado ó traballar as fincas no Castro de San Lourenzo.**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial de A Coruña - Castelo de San Antón (Nº Inv. MAC 121).**Descrición:** Variña de ouro laminado, de sección circular máis ancha na zona central, con aramios enrolados dando 65 e 63 voltas. Presenta dous pares de espirais

contrapostas, dando oito voltas a redor de candanseu botón central. Remates en periñas ocas de punta roma.

Conxunto formado por tres torques de ouro.

**Dimensións:** Lonxitude: 400 mm. Grosor: 10-8 mm. Periñas: 20x25 mm.

**Peso:** 304,2 gr.

**Bibliografía:** Acuña et ali 1969. Bouza Brey 1942. Hartmann 1982. López Cuevillas 1951. Luengo Martínez 1979. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000.

### TORQUES DE SAN MARTIÑO DE PORTO

**Lugar:** Castro das Modias

**Parroquia:** Porto (S. Martiño)

**Concello:** Cabanas

**Provincia:** A Coruña

**Vinculado a:** ¿Castro das Modias?  
(GA15015010).

UTM X: 566323

UTM Y: 4808747

**Procedencia:** Posiblemente atopado no Castro das Modias. Esta peza foi adquirida pola Deputación da Coruña no ano 1868 a un particular, don Ernesto Freire.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña - Castelo de San Antón (Nº Inv. MAC 933).

**Descrición:** Torques de ouro aleado con prata, formado por unha variña maciza de sección circular con aramios enrolados e remates piriformes. Os aramios ben conservados dan 65 voltas sobre a variña.

Entre a zona lisa e os aramios ten dous motivos en espiral de fio de ouro aplicado, con botón central. Na cara interna presenta unha retícula incisa e un dobre triángulo punteado, que puideran ser unha marca de propiedade ou produto dunha manipulación moderna.

Actualmente fragmentado con cortafíos en tres partes e restos soltos de aramio desenrolado.

**Dimensións:** Lonxitude: 373 mm. Grosor: 12 mm. Remates: 27x21 mm.

**Peso:** 355 gr.

**Bibliografía:** Hartmann 1982. Monteagudo 1952. Prieto Molina 1996. Toscano et alii. 1986. Reboredo Canosa 2000.



### TORQUES DAS CERCANÍAS DE VIVEIRO I

**Concello:** Viveiro

**Provincia:** Lugo

**Procedencia:** O único que se sabe é que procede das cercanías de Viveiro.

**Depósito:** Museo Provincial de Lugo (Nº Inv. 1974/2/41).

**Descrición:** Variña de ouro baixo, de sección circular máis grossa no centro e extremos. Plaquiñas pareadas decoradas con espirais de filigrana dando 11 voltas ó botón central. Terzos inferiores con aramios enrolados formando 36 espiras a cada lado. Remates piriformes ocos con punta roma.

Desta procedencia hai dous fragmentos máis de torques, no Museo Provincial de Lugo.

**Dimensións:** Lonxitude: 360 mm. Diámetro: 137 mm. Grosor: 9 mm. Remates: 27x22 mm.

**Peso:** 218,5 gr.

**Bibliografía:** Balsa 1912; Balseiro García 1994; López Cuevillas 1931 y 1951; Peinado y Gómez 1975; Prieto Molina 1996.



### TORQUES DO CASTRO DE VILADONGA I

**Lugar:** Castro de Viladonga

**Parroquia:** Viladonga (Santiago)

**Concello:** Castro de Rei

**Provincia:** Lugo

**Vinculado a:** Castro de Viladonga

**UTM X:** 631100

**UTM Y:** 4780160

**Procedencia:** Atopado en 1911 de xeito fortuíto por unha labradora no exterior da croa, na zona oriental do xacemento (antecastro).

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo (Colección Álvaro Gil) (Nº inv. 1974/02/21).

**Descrición:** Vara de prata con laminado de ouro, de sección circular máis grossa na zona central, con aramios enrolados dando 53 e 57 voltas. Remates piriformes, ocos, e dous discos pareados entre os aramios e a parte central lisa, formando espiral de filigrana que dan 11 voltas ó botón central.

Conxunto formado por dous torques e o fragmento de outro.



**Dimensións:** Lonxitude: 300 mm. Diámetro: 130 mm. Grosor: 8-5 mm. Remates: 22x18 mm.

**Peso:** 161,04 gr.

**Bibliografía:** Acuña et alii 1969. Chamoso Lamas 1977. Ladra e Martinón 2009. López Cuevillas 1932 e 1951. Martinón e Ladra 2011. Monteagudo 1952. Oviedo y Arce 1915. Peinado 1975. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa, 2000.

### TORQUES DO CASTRO DE VILADONGA II

**Lugar:** Castro de Viladonga

**Parroquia:** Viladonga (Santiago)

**Concello:** Castro de Rei

**Provincia:** Lugo

**Vinculado a:** Castro de Viladonga

**UTM X:** 631100

**UTM Y:** 4780160

**Procedencia:** Atopado no ano 1974 durante a campaña de escavacións de Chamoso Lamas, dentro da croa, segundo este autor “en una vivienda rectangular del vértice del cuadrante NE”.

**Depósito:** Museo Monográfico do Castro de Viladonga (nº inv. 74/4).

**Descrición:** Variña con ánima de bronce cuberta con lámina de ouro no centro, e con aramios enrolados directamente sobre o bronce, dando 89 voltas no terminal que conserva o aramio completo. Entre a zona lisa e a de aramios, dous pares de espirais de fío de ouro dando 15 voltas sobre o botón central.

Conxunto formado por dous torques e o fragmento de outro.

**Dimensións:** Lonxitude: 370 mm. Grosor: 8 mm. Diámetro: 133 mm. Ancho entre remates: 61 mm.

**Peso:** 129,9 gr.

**Bibliografía:** Arias Vilas 1990. Acuña et ali 1969. Chamoso Lamas 1977. Ladra e Martinón 2009. López Cuevillas 1932 e 1951. Martín y Ladra 2011. Monteagudo 1952. Oviedo y Arce 1915. Peinado 1975. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000.



### TORQUES DO CASTRO DE VILADONGA III

**Lugar:** Castro de Viladonga

**Parroquia:** Viladonga (Santiago)

**Concello:** Castro de Rei

**Provincia:** Lugo

**Vinculado a:** Castro de Viladonga



**UTM X:** 631100

**UTM Y:** 4780160

**Vinculado a:** Castro de Viladonga

**Procedencia:** Descuberto no xacemento nas escavacións de Chamoso Lamas entre os anos 1970-1974.

**Depósito:** Museo Monográfico do Castro de Viladonga (nº inv. 70/606)

**Descrición:** Fragmento distal moi deteriorado, retorto, de sección circular, con arranque de terminal curvo, posiblemente piriforme, e con moldura na unión do remate.

Conxunto formado por dous torques e o fragmento de outro.

**Dimensións:** Lonxitude: 78 mm.

**Peso:** 14,035 gr

**Bibliografía:** Acuña et alii 1969. Chamoso Lamas 1977. Ladra e Martinón 2009. López Cuevillas 1932 e 1951. Martinón y Ladra 2011. Monteagudo 1952. Oviedo y Arce 1915. Peinado 1975. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000.

#### TORQUES DE CENTROÑA/TORQUES DE CASTRELO

**Lugar:** Casavella - Castrelo

**Parroquia:** Centroña (Sta. María)

**Concello:** Pontedeume

**Provincia:** A Coruña

**Vinculado a:** Castro de Centroña (GA15 048001)

**UTM X:** 565456

**UTM Y:** 4805924

**Procedencia:** Atopado en 1912 por un veciño do lugar de Castrelo: D. Juan Leira, traballando unha finca coñecida como 'As Casas Vellas' ou 'Eira Vella', nas inmediacións do Castro de Centroña.

**Depósito:** Museo Provincial de Lugo (nº inv. 1974/2/22)

**Descrición:** Fragmento de torques de ouro con variña de sección circular ensanchada cara ó remate. Decoración tripartita, con aramio enrolado na parte distal, dando 42 voltas sobre a variña. No tránsito entre a parte central lisa e a decoración de aramio do terminal, presenta dobre parella de espirais contrapostas, dando cada unha delas 12 voltas arredor do botón central. Remate en periña oca.

**Dimensións:** Lonxitude: 230 mm; Grosor: 9-8 mm; Diámetro máx remate: 37 mm.

**Peso:** 170.36 gr.

**Bibliografía:** Balseiro García 1994. Ecos del Eume 1912. Gómez Filgueiras 2006. López Cuevillas 1932 y 1951. Monteagudo 1952. Murguía 1912. Peinado 1975. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000.



## TORQUES DA CROA DE RIOTORTO V

**Lugar:** Texeira**Parroquia:** Riotorto (S. Pedro)**Concello:** Riotorto**Provincia:** Lugo**Vinculado a:** A Croa / Coroa de Riotorto

/ As Rodrigues

**UTM X:** 640812**UTM Y:** 4800560

**Procedencia:** Recollido no ano 1870 ó traballar unha finca a carón da croa, no lugar das Rodrigues, xunto con outro fragmento e un torques-brazalet (Villaamil y Castro 1874-75). Con anterioridade (1869) se recuperaran na mesma finca outros dous torques que foron fundidos.

**Depósito:** Museo Provincial de Lugo (Nº Inv. 1974/2/23)

**Descrición:** Fragmento de variña de sección circular con remate en periña. Na actualidade non conserva decoración algunha aínda que podería ter aramio enrolado, hoxendía desaparecido. Quizais se trate do fragmento publicado por Villaamil y Castro (1874-75), no que o describe con 59 voltas de aramio ocupando 90 mm. (nº 8 da lámina que acompaña ó artigo).

Forma parte dun conxunto formado por 1 torques completo e 4 fragmentos.

**Dimensións:** Lonxitude: 97 mm. Grosor: 5 mm. Periña: 22x16 mm.**Peso:** 24.7 gr.

**Bibliografía:** Balseiro García 1994. López Cuevillas 1932 e 1951. Maluquer de Motes 1970. Monteagudo 1952. Peinado y Gómez 1975. Prieto Molina 1996. Villaamil y Castro 1874-75.



## TORQUES DE FOXADOS II

**Lugar:** Castelo**Parroquia:** Foxados (Sta. María)**Concello:** Curtis**Provincia:** A Coruña**UTM X:** 583215**UTM Y:** 4777902**Vinculado a:** Castro de Foxados (GA15032035)

**Procedencia:** Conxunto recuperado en Febreiro de 1932 no interior dunha ola cerámica, por D. Francisco Vázquez que traballaba a finca na parte alta do Castro de Foxados.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial de Pontevedra.**Descrición:** Fragmento de variña de ouro moi baixo, de sección circular, cortado

a cincel. Está lixeiramente facetada, o que pode indicar que fose un terminal con aramio enrolado.

Conxunto formado por 35 tortas de aleación de ouro e prata, 4 torques completos e fragmentos de 4 máis.

**Dimensións:** Lonxitude: 53 mm. Grosor: 10,5 mm.

**Peso:** 43 gr.

**Bibliografía:** Bouza Brey, 1942. Carro García 1943. Castro Pérez 1990. El Eco de Santiago 29/02/1933. González García 2007. Hartmann 1982. López Cuevillas 1951. Monteagudo 1952. Prieto 1996. Reboledo Canosa 2000.

### TORQUES DE FOXADOS III

**Lugar:** Castelo

**Parroquia:** Foxados (Sta. María)

**Concello:** Curtis

**Provincia:** A Coruña

**UTM X:** 583215

**UTM Y:** 4777902

**Vinculado a:** Castro de Foxados (GA15032035)

**Procedencia:** Conxunto recuperado en 1932 no interior dunha ola por D. Francisco Vázquez que traballaba a finca na parte alta do Castro de Foxados.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial de Pontevedra.

**Descrición:** Fragmento de variña en ouro baixo, laminado, de sección circular lixeiramente ochavada, con seis voltas de aramio enrolado e par de plaquiñas aplicadas de espirais gravadas arredor de botón central.

Conxunto formado por 35 tortas de aleación de ouro e prata, 4 torques completos e fragmentos de 4 máis.

**Dimensións:** Lonxitude: 36 mm. Grosor: 7 mm.

**Peso:** 10,5 gr.

**Bibliografía:** Bouza Brey, 1942. Carro García 1943. Castro Pérez 1990. El Eco de Santiago 29/02/1933. González García 2007. Hartmann 1982. López Cuevillas 1951. Monteagudo 1952. Prieto 1996. Reboledo Canosa 2000.



### TORQUES DE FOXADOS VII

**Lugar:** Castelo

**Parroquia:** Foxados (Sta. María)

**Concello:** Curtis

**Provincia:** A Coruña

**UTM X:** 583215



**UTM Y:** 4777902

**Vinculado a:** Castro de Foxados (GA15032035)

**Procedencia:** Conxunto recuperado en 1932 no interior dunha ola cerámica por D. Francisco Vázquez que traballaba a finca na parte alta do Castro de Foxados.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial de Pontevedra.

**Descrición:** Fragmento de variña de ouro con aleación de prata e cobre, maciza, de sección circular máis grosa no centro e cara ó remate. Fáltalle un fragmento distal. Ten aramio enrolado e dous pares de plaquiñas con espirais aplicadas arredor do botón central. A segunda volta do aramio está decorada con pequenas incisións. Remate en periña oca.

Conxunto formado por 35 tortas de aleación de ouro e prata, 4 torques completos e fragmentos de 4 máis.

**Dimensións:** Ancho 10-7 mm; remate 27x25 mm.

**Peso:** 158 gr.

**Bibliografía:** Bouza Brey, 1942. Carro García 1943. Castro Pérez 1990. El Eco de Santiago 29/02/1933. González García 2007. Hartmann 1982. López Cuevillas 1951. Monteagudo 1952. Prieto 1996. Reboredo Canosa 2000.

## TORQUES DE TROÑA

**Lugar:** Castro de Troña

**Parroquia:** Pías (Sta. Mariña)

**Concello:** Ponteareas

**Provincia:** Pontevedra

**UTM X:** 542211

**UTM Y:** 4673869

**Vinculado a:** Castro de Troña (GA36042001).

**Procedencia:** Escavación arqueolóxica no Castro de Troña, no ano 1991. No exterior dun grupo de estruturas de habitación.

**Depósito:** Museo Municipal de Ponteareas (Nº Inv. 305-1556).

**Descrición:** Fragmento de variña lisa de sección circular máis ancha cara ó centro, con ánima de aleación de prata, laminada en ouro e decorada con plaquiña de dobre espiral con botón central. Esta espiral presenta unha decoración cincelada a xeito de raiado.

**Dimensións:** Lonxitude: 66 mm. Grosor: 82-52 mm. Diámetro plaquiña: 9 mm.

**Peso:** 31,39 gr.

**Bibliografía:** Ladra Fernández 1999. Reboredo Canosa 2000.



## TORQUES DE XANCEDA III

**Lugar:** A Redonda

**Parroquia:** Xanceda (S. Salvador)

**Concello:** Mesía

**Provincia:** A Coruña

**Vinculado a:** Castro de Xanceda (GA15047004)

**UTM X:** 561567

**UTM Y:** 4770273



**Procedencia:** Conxunto atopado en diferentes días a finais dos anos 70, nas leiras coñecidas como 'A Redonda' ou 'O Redondo', propiedade de D. Pedro Blanco Barral, recuperadas durante o laboreo de arado nas fincas da terraza do castro.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña - Castelo de San Antón. MAC 1386 e MAC 1387.

**Descrición:** Fragmento de tramo distal con parte do arranque terminal con decoración de aramio enrolado (MAC 1386), e un pequeno fragmento de lámina de ouro pertencente a un remate de periña oca (MAC 1387).

O Conxunto de Xanceda componse de oito fragmentos de torques de ouro macizo, con variña de sección circular, pertencentes a catro torques diferentes.

**Dimensións:** Lonxitude: 110 - 92 mm. Diámetro: 10 mm. Arranque terminal: 19 mm. MAC 1387: 20 x 12 mm.

**Peso:** 80,20 e 1,20 gr.

**Bibliografía:** Castro Pérez 1990. Ladra 2004. Perea 2003. Prieto Molina 1996. Reboredo 2000.

## TORQUES DE XANCEDA IV

**Parroquia:** Xanceda (S. Salvador)

**Concello:** Mesía

**Provincia:** A Coruña

**UTM X:** 561567

**UTM Y:** 4770273

**Vinculado a:** Castro de Xanceda (GA15047004)



**Procedencia:** Conxunto atopado en diferentes días a finais dos anos 70, nas leiras coñecidas como 'A Redonda' ou 'O Redondo', propiedade de D. Pedro Blanco Barral, recuperadas durante o laboreo de arado nas fincas da terraza do castro.

**Depósito:** Museo Arqueolóxico Provincial da Coruña - Castelo de San Antón. MAC 927.

**Descrición:** Fragmento do módulo central de variña de sección circular máis grosa no centro, e os arranques dos terzos distais con aramios enrolados. Conserva as dúas parellas de espirais de filigrana con 15 voltas ó botón central.

O Conxunto de Xanceda componse de oito fragmentos de torques de ouro macizo, con varíña de sección circular, pertencentes a catro torques diferentes.

**Dimensións:** Lonxitude: 128 - 110 mm. Diámetro máx: 9 mm. Diámetro máx. espirais: 13 mm.

**Peso:** 71,57 gr.

**Bibliografía:** Castro Pérez 1990. Ladra 2004. Perea 2003. Prieto Molina 1996. Reboredo 2000.

## TORQUES DO VALADOURO II

**Concello:** O Valadouro

**Provincia:** Lugo

**Procedencia:** Adquiridos por un particular en Vigo nos primeiros anos do Século XX (Bouza Brey, 1965).

**Dépósito:** Descoñecido.

**Descrición:** Variña maciza de sección circular, con aramio enrolado e remates piriformes. Parella de espirais de filigrana a ámbolos arranques dos aramios enrolados.

Desta mesma procedencia hai dous torques máis.

**Dimensións:** Lonxitude: 368 mm. Grosor: 6 - 4 mm. Diámetro: 131 mm. Remates: 33 mm.

**Peso:** 232 gr.

**Bibliografía:** Balseiro 1994. Bouza Brey 1965. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000. [www.valadouro.org](http://www.valadouro.org).



## TORQUES DO CRUCEIRO DA CORUÑA I

**Lugar:** Meixonfrío

**Parroquia:** San Caetano (Santiago)

**Concello:** Santiago de Compostela

**Provincia:** A Coruña

**Vinculado a:** Castro do Cruceiro da Coruña (GA15078127)

**UTM X:** 538606

**UTM Y:** 4749872

**Procedencia:** 3 ou 4 torques procedentes dun pequeno castro cercan ó Cruceiro da Coruña, nun lugar coñecido como “Los pozos de la nieve”, que segundo Villaamil (1874-75) estaban en poder do dono do café Pernas da Rúa do Vilar de Santiago. Vinculamos este dato ó castro arriba mencionado, onde se conserva o topónimo no lugar e tamén os

restos dunha antiga neveira ou naveira. Este castro está moi arrasado, e na actualidade axardinado, previa intervención arqueolóxica no ano 2006.

**Depósito:** Descoñecido

**Descrición:** Torques de variña maciza, sección circular con aramio enrolado e remates en periña.

**Dimensións:** Arredor de 350 mm. de lonxitude.

**Peso:** Descoñecido

**Bibliografía:** López Cuevillas 1932 e 1951. Monteagudo García 1952. Parga Castro 2006. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000. Villaamil y Castro 1874-75.

### TORQUES DE CULLEREDO

**Concello:** Culleredo

**Provincia:** A Coruña

**Procedencia:** “Tenemos noticia de que en una finca de Culleredo (Coruña) apareció un extremo de torques con perilla, que posee una familia coruñesa, pero no pudimos comprobar la noticia, a pesar de haberlo intentado.” (Monteagudo 1952: 294).

**Depósito:** Descoñecido

**Descrición:** Segundo Monteagudo (1952) recolleuse un fragmento con periña que puidera ser de tipo Ártabro pola súa localización xeográfica.

**Dimensións:** Descoñecidas

**Bibliografía:** Monteagudo García 1952.

### TORQUES DE PORTOCHAO

**Lugar:** Portochao

**Parroquia:** Magazos (Sta. María)

**Concello:** Viveiro

**Provincia:** Lugo

**Vinculado a:** ¿Os Castros? (GA27066005)

**UTM X:** 612043

**UTM Y:** 4833327

**Procedencia:** Atopado nunha data anterior ó 1867 por unha muller cando cortaba xuncos na Xunqueira de Portochao, aproximadamente a 1 km de Viveiro, río arriba. A uns 500 m ó Leste da xunqueira está o xacemento de Os Castros, moi arrasado na actualidade.

**Depósito:** Descoñecido.

**Descrición:** Segundo recolle Maciñeira (1930: 227), tratábase dunha variña en forma de semicírculo perianular, cilíndrico e macizo, rematado en cada extremo cunha esferiña. Á variña enroscábase en espiral alongado un aramio.

**Peso:** 382,7 gr.

**Bibliografía:** Balseiro 1994. López Cuevillas 1932 e 1951. Maciñeira 1923 e 1930. Monteagudo 1952. Prieto Molina 1996. Reboredo Canosa 2000.

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F., GARCÍA MARTÍNEZ, M.C. y GONZÁLEZ REBOREDO, M. 1968 *El Castro de San Lorenzo de Pastor y su nuevo torques áureo*. Cuadernos de Estudios Gallegos, XXIII-70: 129-135. Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (Coord.) 1996. *El Oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*. Catálogo de la exposición. Deputación Provincial de Lugo – Museo Provincial de Lugo.
- ÁLVAREZ OSORIO, F. 1954. *Tesoros españoles antiguos en el Museo Arqueológico Nacional*. Boletín de la Real Academia de Historia, 135: 257-322. Madrid.
- AMBRUSTER, B. y PEREA, A. 2000. *Macizo/hueco, Soldado/fundido, morfología/tecnología. El ámbito tecnológico castreño a través de los torques con remates en doble escocia*. Trabajos de Prehistoria, 57-1: 97-114. Madrid.
- ARIAS VILAS, F. 1990. *Torques de Viladonga*. Galicia no Tempo. Catálogo da exposición: 153. Santiago de Compostela.
- ARMADA PITA, X.L. 2001. *A machadiña de Cariño e a cronoloxía dos bronzes sacrificiais castrexos*. Arros, Ano V, nº 3: 4-8. Ortigueira.
- ARMADA PITA, X.L. e GARCÍA VUELTA, O. 2003. *Bronces con motivos de sacrificio del área noroccidental de la Península Ibérica*. Archivo Español de Arqueología, 76: 47-75. Madrid.
- ARMADA PITA, X.L., COMENDADOR REY, B. y GARCÍA VUELTA, O. 2007. *La investigación arqueométrica sobre la metalurgia de Galicia: Una aproximación a su trayectoria y estado actual*. Actas del VII Congreso Ibérico de Arqueometría: 410-431. Madrid.
- B.O.E. Nº 274. 15/11/2013. Resolución de 14 de octubre de 2013, de la Dirección General del Patrimonio Cultural, de la Consejería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, por la que se incoa expediente para la declaración de Bien de Interés Cultural de la colección «Álvaro Gil» de orfebrería prerromana: 91702-91721.
- BALSA DE LA VEGA, R. 1912. *Orfebrería gallega*. Boletín de la Sociedad Española de Excursiones, 26. Madrid.
- BALSEIRO GARCÍA, A. 1994. *El oro prerromano en la Provincia de Lugo*: 180-186. Lugo.
- BOUZA BREY, F. 1926. *Novo torques de Ouro*. Boletín de la Real Academia Gallega, 172: 90-92. Coruña.
- 1942. *El torques de San Lorenzo de Pastor*. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo. I: 30-34. Lugo.

- 1965. *Tres torques áureos de Galicia*. Cuadernos de Estudios Gallegos, 20: 5-11. Santiago de Compostela.
- CAAMAÑO GESTO, J.M. 2007. A Cultura Castrexa. Vol. 2. Economía, Sociedade, Relixión e Arte. En: Barreiro Fernández, X.R. e Villares Paz, R.: *A Gran Historia de Galicia*. 4. Coruña.
- CARDOZO, M. 1929-1930. *Jóias arcaicas encontradas em Portugal*. Nós, nº 72: 207-218, e nº 75: 43-63.
- CARRÉ ALVARELLOS, L. 1947. *Una nueva pieza para el catálogo de torques gallegos*. Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo, 23-24: 21-23. Lugo.
- CARRO GARCÍA, J. y GONZÁLEZ GARCÍA-PAZ, S. 1943. *El tesoro de Foxados*. El Museo de Pontevedra, 2: 41-46. Pontevedra.
- CASAL GARCÍA, R. y FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. 1998. *Otro nuevo torques de alambres enrollados*. Gallaecia, 17: 245-250. Santiago de Compostela.
- CASTILLO, A. del. 1934. *Un torques y dos brazaletes*. Boletín de la Real Academia Gallega, 22: 58-62. Coruña.
- CASTRO PÉREZ, L. 1990. *Os torques prehistóricos*. Biblioteca de Divulgación. Serie Galicia 5. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- CHAMOSO LAMAS, M. 1995. *Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados*. CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, 5. Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo, 1977: 41-46. Lugo.
- ECOS DEL EUME. Nº 138. 22/09/1912. *Hallazgo arqueológico*. Pontedeume.
- EL DIARIO DE PONTEVEDRA. Nº 9.366. 19/07/1915. *Un hallazgo de mérito*.
- GACETA DE GALICIA, nº 106. 17/07/1955. *Un hallazgo arqueológico*.
- GARCÍA VUELTA, O. y ARMADA PITA, X.L. 2003. *Documentación y arqueología del oro castreño: Acerca de F. Maciñeira y el torque de Capelada (San Xiao de Montoxo, Cedeira, A Coruña)*. Brigantium, 14: 117-138. Coruña.
- GÓMEZ FILGUEIRAS, F. 2006. *Centroña, Centronia & Cén-Taranua, Iadoni & Huddon*. Cátedra. Revista Eumesa de Estudios, 13: 189-208. Pontedeume.
- GONZÁLEZ GARCÍA, J. 2003. *Os Ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico*. Deputación Provincial de Ourense. Ourense.
- GONZÁLEZ GARCÍA, J. 2011. *Los Célticos de Gallaecia: apuntes sobre etnicidad y territorialidad en la Edad del Hierro del Noroeste de la Península Ibérica*. Complutum, 22-1: 117-132. Madrid.
- GONZÁLEZ GARCÍA, J. (Coord.). 2007. *Los pueblos de la Galicia Céltica*. AKAL. Madrid.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. 2004. *Artistic Expression and Material Culture in Celtic Gallaecia*. e-keltoi. Journal of interdisciplinary celtic studies, 6. The celts in the Iberian Peninsula: 113-166.
- 2006-2007. *Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica*

- (1200 a.C. - 50 d.C.). Brigantium, 19 (2 tomos). Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña. ACoruña.
- HARTMANN, A. 1970. *Präistorische Goldfunde aus Europa. Spektralanalytische untersuchungen und deren Auswertung*. Berlín.
- LADRA FERNÁNDEZ, X.L. 1999. *Algunhas consideracións sobre un fragmento de torques inédito recentemente aparecido no Castro de Troña*. Castrelos, 12: 67-80. Revista do Museo Municipal Quiñones de León. Vigo.
- 1999a. *Análisis ponderal de los torques castreños*. Complutum, 10: 143-156. Madrid.
- 2002. *Achega ao estudo contextual da ourivería castrexa*. Gallaecia, 21: 177-191. Santiago de Compostela.
- 2004. *Os torques do Castro de Xanceda*. Anuario Brigantino, 27: 91-116. Betanzos.
- 2005. Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO Peninsular. En: Blanco, A., cancelo, C. y Esparza, A. (eds): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica. Encuentro de jóvenes investigadores*: 94-115. Salamanca.
- 2006. *Un novo torques achado na Croa de Bardaos (Tordoia, A Coruña)*. Anuario Brigantino, 29: 39-52. Betanzos.
- 2007. *Dous novos remates de torques castrexos*. Brigantium, 30: 167-178. Coruña.
- LADRA FERNÁNDEZ, X.L. y PRADO FERNÁNDEZ, O. 2000. *Achega historiográfica á interpretación da ourivesaría pre e proto-histórica no Noroeste Peninsular: 1838-1936*. En: Actas do 3º Congreso de Arqueoloxía Peninsular. Vol. I: Arqueología peninsular, Historia, Teoría e Práctica: 407-416. Porto.
- LADRA FERNÁNDEZ, X.L. y MARTINÓN TORRES, M. 2009. *Variacións tecnolóxicas e preferencias culturais: Estudo analítico dos ouros do Castro de Viladonga*. CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, 19: 32-43. Lugo.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. 1932. *Os torques do Noroeste hispánico*. Arquivo do Seminario de Estudos Galegos, 4: 107-108. Santiago de Compostela.
- 1951. *Las joyas castreñas*. Anejos Archivo Español de Arqueología, I. Madrid.
- LUENGO MARTÍNEZ, J.M. 1964. *Machadinha votiva de Cariño (La Coruña)*. Revista de Guimaraês, 74: 149-157. Guimaraês.
- 1979. *El tesoro de Elviña y tres torques coruñeses*. Trabajos de Prehistoria, 36: 213-246. Madrid.
- MACIÑEIRA Y PARDO DE LAMA, F. 1923. *Un nuevo torques gallego, de oro*. Boletín de la Real Academia Gallega, 154: 347-356. Coruña.
- 1930. *Interesantes noticias inéditas sobre antigüedades gallegas*. Boletín de la Real Academia Gallega, 226: 347-356. Coruña.

- MALUQUER DE MOTES, J. 1970. *Desarrollo de la orfebrería prerromana en la Península Ibérica*. Pyrenae, 6: 79-121. Barcelona.
- MARTINÓN TORRES, M. y LADRA RODRÍGUEZ, L. 2011. *Orígenes del dorado por amalgama: aportaciones desde la orfebrería protohistórica del Noroeste de la Península Ibérica*. Trabajos de Prehistoria, 68-1: 187-198. Madrid.
- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F. 2014. *Os territorios e cidades ártabras*. En prensa.
- MONTEAGUDO GARCÍA, L. 1952. *Torques castreños de alambres enrollados*. Archivo Español de Arqueología, 25: 287-296. Madrid.
- MURGUÍA, M. 1912. *El torques de Centroña*. Boletín de la Real Academia Gallega, 66: 137-139.. Coruña.
- OVIDO Y ARCE, E. 1915. *Dos nuevos torques de oro*. Boletín de la Real Academia Gallega, 99: 49-55. Coruña.
- PARGA CASTRO, A. 2006. Sondaxes arqueolóxicas valorativas no castro do Cruceiro da Coruña, Santiago de Compostela. En Varela Campos (Coord.) *Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2006*: 125-126. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- PEINADO Y GÓMEZ, N. 1975. *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Junta del Museo Provincial, 16. Lugo.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. 1986. Voz “Torques”. *Gran Enciclopedia Gallega*, 29: 107-110.
- 1989. Orfebrería Castreña. En: *El Oro en la España Prerromana*. Revista de Arqueología N° extraordinario: 90-107. Madrid.
- 1990. *Achega tipolóxica para o estudio dos torques áureos do NW*. Gallaecia, 12: 139-151. Santiago de Compostela.
- PRIETO MOLINA, S. 1996. *Los Torques Castreños del Noroeste de la Península Ibérica*. Complutum, 7: 195-223. Madrid.
- QUEIROGA, F.M.V. *Reimão*. 1987. *Dois torques castrejos do Ashmolean Museum. Oxford*. Portugalia, VIII: 59-66. Porto.
- REBOREDO CANOSA, N. 2000: *La tecnología del oro en el Primer Milenio a.C. en Galicia: Los torques*. Tesis doctoral, editada en CD. Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Xeografía e Historia. Departamento de Historia I.
- REY CASTIÑEIRA, J. 1993. *Cuestiones de tipo territorial en la cultura castreña*. En: Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología, Vol II: 165-171. Vigo.
- SENÉN LÓPEZ, F. 1996. Torques de Orbellido. En Álvarez Núñez, A. *El Oro y la Orfebrería Prehistórica de Galicia. Catálogo de la Exposición*: 115. Lugo.
- SEVERO, R. 1905-1908. *O Tesouro de Lebuçao. Portugalia. Materiaes para o estudo do povo português* Tomo II, fasc. 1: 1-14.
- TOSCANO NOVELLA, M.C., Ferrer Sierra, S., Luaces Anca, J. y Penedo Romero, R. 1986. Torques, San Martiño de Porto. *Catalogación del Concello de Cabanas (A Coruña)*: 42-43.
- VILLAAMIL Y CASTRO, J. 1874-1875. *Adornos de Oro encontrados en Galicia*. Museo Español de Antigüedades: 545-555. Madrid.

- 1906-1909. *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos*. Boletín de la Comisión Nacional de Monumentos de Ourense, III-53: 82-161. Ourense.
- VV.AA. 2008. Torques. N° de inventario: 28552. Castro de Ois. En Catálogo de la exposición: España, encrucijada de civilizaciones. Museo Arqueológico Nacional : 107 Madrid.
- <http://www.ardobriga.com> Páxina web da Asociación Cultural Ardóbriga.
- <http://gl.wikipedia.org/wiki/Galipedia>. Wikipedia en galego.
- <http://man.mcu.es>. Catálogos das coleccións do Museo Arqueológico Nacional.
- <http://www.aaviladonga.es>. Páxina do Museo do Castro de Viladonga.
- <http://www.ashmolean.org>. Páxina do Ashmolean Museum en Oxford.
- <http://castrosgalaicos.blogspot>. Páxina sobre o mundo castrexo.
- <http://www.celtiberia.net>. Páxina de información sobre temas da antigüidade.
- <http://www.epapontevedra.com>. Páxina de servicios educativos para adultos.
- <http://www.flickr.com/groups/flickrkrenespaol>. Arquivo de imaxes de toda temática.
- <http://www.galiciadigital.com>. Plataforma temática sobre Galicia en Internet.
- <http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/>. Biblioteca dixital de Galicia.
- <http://www.mdperegrinacions.com/>. Páxina do Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela.
- <http://www.musarqourense.xunta.es/>. Páxina do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.
- <http://www.museo.depo.es/>. Páxina do Museo Provincial de Pontevedra.
- <http://www.museolugo.org/>. Páxina da Rede Museística de Lugo.
- <http://www.oronoz.com/>. Instituto Valencia de Don Juan. Colección.
- <http://www.pinterest.com/imaxinarios/ancient-galician-jewelry-ouriver%C3%ADa-anti-ga-de-galiz/> Colección de imaxes de ourivería de Galicia.
- <http://www.timetrips.co.uk/rom-art-torcs>. Fotos de torques galaicos no Ashmolean Museum.
- <http://www.valadouro.org>. Páxina del Concello de O Valadouro.
- <http://www4.uwm.edu/celtic/ekeltoi/>. Journal of Interdisciplinary Celtic Studies.

### Fontes das imaxes utilizadas no catálogo:

**Balseiro 1994:** Viladonga I e Viveiro. **Ladra 2004:** Xanceda III e IV. **Ladra 2006:** Bardaos I. **Ladra e Martínón 2009:** Viladonga III. **Museo de San Antón:** Orbellido, San Lourenzo de Pastor. **Reboredo 2000:** Croa de Riotorto V, Foxados II e III, Valadouro I. <http://castrosgalaicos.blogspot>. Troña. <http://www.celtiberia.net>: Centroña. <http://www.epapontevedra.com>: Viladonga II. <http://www.flickr.com>: Foxados VII. <http://gl.wikipedia.org>: San Martiño de Porto. <http://man.mcu.es>: Castro de Flores. <http://www.timetrips.co.uk>: Ashmolean Museum.



# OS TERRITORIOS E CIDADES ÁRTABRAS

Fidel Méndez Fernández

---

*“Here am I sitting in a tin can  
Far above the Moon  
Planet Earth is blue  
And there’s nothing I can do”  
David Bowie (Space oddity)*

## INTRODUCCIÓN E MOTIVOS DO TRABALLO

Este traballo ten como obxectivo principal facer de contexto inmediato as investigacións concretas sobre obxectos ou xacementos que se presentan neste volume. Pero tamén ten algo de fixación de ideas a partir dunha serie claves que, a nivel persoal, sempre estiveron aí, pero que nos últimos tempos comezan a amontoarse e loitan por saír a luz. Este proceso de aceleración ten tres fitos concretos, e coido que paga a pena debullalos cara a clarexar a xénese do traballo.

O primeiro desencadéante foi a lectura do magnífico libro de Javier González García “Os ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico” (2003). Neste traballo, e tamén noutro anteriormente publicado, (1997 y 1998) “Hércules contra Gerión. Mitos y leyendas de la Torre de Hércules”, o autor demostra como tratar con rigorosidade e aproveitamento histórico fontes que moitas veces foran citadas e empregadas dun xeito moito mais superficial, e quizais mais inxenuo, ou simplemente cunha perspectiva mais xenérica. A visión que nos proporciona dos ártabros con este novo tratamento das fontes históricas, e mesmo arqueolóxicas, constitúe unha creba indubidábel no tratamento deste tema e polo tanto debe ser considerado un traballo fundacional no que se refire a esta liña de investigación. Como arqueólogo despois de ler estes traballos quédame a inqueda de ‘baixar á terra’ estas achegas, é non porque sexan teóricos ou nebulosos en exceso, enténdaseme ben, senón porque eses ártabros vivían en poboados concretos cunha organización determinada, e tamén cunha historia e unha evolución singulares, que inclúen procesos tan interesantes como a xerarquización do hábitat e a complexidade social, as relacións cos pobos púnicos, a relación cunha potencia hexemónica como é Roma, a

romanización, a urbanización e andando o tempo a cristianización. Tamén me preguntei porqué non utilizar outras fontes a disposición como son as altomedievais das que tradicionalmente se insinúa que en determinados aspectos reflicten situacións moi anteriores á data na que foron producidas.

O segundo revulsivo foi o traballo coa asociación Ardóbriga que revelou cómo persoas que en principio non teñen un interese material, profesional ou de calquera tipo que supoña un lucro persoal, son quen de traballar ó longo do tempo dun xeito totalmente desinteresado e intelixente por unha cuestión patrimonial determinada. A súa defensa e o seu traballo a prol do patrimonio arqueolóxico, artístico e documental do seu entorno mais inmediato foi, non só unha demostración dunha ética persoal exemplar, senón tamén unha proba palpable de cómo ó aplicar unha estratexia de observación a unha escala moi reducida pero mantida ó longo do tempo pódense tirar os resultados mais complexos e sólidos que se poida esperar aínda que proveñan dun entorno sen dúbida moi alterado e no que a paisaxe e a cultura tradicional comezan a formar parte dun pasado distante. A súa pescuda sobre o emprazamento da antiga igrexa parroquial de Boebre integrou de xeito que se pode cualificar de modélico: a enquisa etnográfica, a investigación documental, a busca de pezas desaparecidas no seu día e recuperadas por eles para poñelas a disposición do público, a investigación heráldica, a arqueoloxía de campo cumprindo con todas as obrigas legais, a recuperación de patrimonio documental, etc. Todo elo feito cun entusiasmo contaxioso.

O seu interese polo Castro de Centroña levoume a fixar a miña atención nos castros do territorio ártabro e reconsiderar algúns dos tópicos ou baleiros de información que sobre eles existían na literatura arqueolóxica, este enfoque ofreceu, como se verá, uns resultados ata certo punto sorprendentes. Doutra banda a súa teimuda pescuda sobre a antiga igrexa de Boebre e o Castro da Insua puxo en evidencia unha vez mais cómo os datos espidos non aportan demasiado, é a formulación de hipóteses e a xeración de contexto cara a súa comprobación o que xera coñecemento. En concreto este traballo púxome na senda de investigacións levadas a cabo por medievalistas novos que por fin tratan en Galicia con familiaridade os métodos da arqueoloxía e a Historia Medieval e que por isto mesmo están poñendo as bases de outra forma de entender a Alta Idade Media e o proceso de cristianización. Neste sentido son fundamentais os traballos de Xosé Carlos Sánchez Pardo aínda que tamén foron e son inspiradores os de Álvaro Rodríguez Resino.

A terceira espoleta ven da realización de tres traballos profesionais realizados nos últimos anos e que me puxeron diante dunha situación paradoxal. Estes traballos foron (por orde cronolóxica: a escavación do Castro de Borneiro, a realización dun traballo de documentación sobre a Torre de Hércules e a escavación do Castro de Elviña). Nestes casos, malia tratarse de xacementos dos que a documentación arqueolóxica previa pode considerarse por riba da media, mesmo dos xacementos intervidos arqueolóxicamente aprécianse dúas carencias básicas. Dunha banda a información é só local sen unha inserción coa realidade arqueolóxica circundante convertendo estes tres xacementos

nunha especie de burbulla informativa sen relación co territorio no que se insiren. Dende outro punto de vista os resultados acadados semellan non ter unha transcendencia histórica clara pois non son aproveitados para alimentar dinámicas sociais nin culturais mais alá dos propios límites dos xacementos. Outra versión de esta situación e o establecemento de conclusións demasiado xerais a partir de datos de moi curto alcance.

Se atendemos en exclusiva ós poboados fortificados atopámonos cunha situación certamente chamativa. Se temos en conta o territorio ártabro delimitado no traballo de González García podemos observar cómo dentro del hai dous xacementos que podemos considerar, con certos reparos, intensamente escavados (Elviña e Borneiro)<sup>1</sup>, outro cun nivel aceptable de intervencións (o Castro de Santa Comba), outros dous con escavacións de moi curto alcance (Meirás e Nostián). A este listado cabería engadir o Castro de Punta de Muros da primeira Idade do Ferro e totalmente escavado no marco das obras de construción do porto exterior de A Coruña. Como se pode apreciar trátase dun listado ben reducido para un territorio tan amplo. A título comparativo podemos sinalar que na contorna da Ría de Vigo, un territorio moito mais reducido, podemos atopar moitas mais intervencións só para segunda Idade do Ferro. Tamén é paradoxal que todos eles (agás Nostián) ofreceron achados excepcionais en distintas ordes.

| XACEMENTO      | ACHADOS                                               |
|----------------|-------------------------------------------------------|
| Elviña         | Alxibe, tesouro, ídolo fálico, estruturas monumentais |
| Santa Comba    | Forno de fundición de Ferro                           |
| Meirás         | Necrópole                                             |
| Borneiro       | Monumento con Forno e Pedra Formosa                   |
| Punta de Muros | Estruturas de fundición de Bronce                     |
| As Travesas    | Estruturas monumentais e complexas                    |

En definitiva, e volvendo ó primeiro parágrafo do traballo a intención é a de sentar as bases dunha liña de traballo sobre os ártabros desde unha perspectiva arqueolóxica e mesmo patrimonial, na convicción de que a acumulación de investigacións sobre o tema (ensinanza de Ardobra), a reformulación de vellos problemas desde unha nova óptica (ensinanza da publicación de González García) e a intensificación na análise de elementos arqueolóxicos que sempre estiveron presentes pero que aparecen como invisibles ou impermeables a literatura arqueolóxica (ensinanza do traballo persoal na zona) farán avanzar a comprensión sobre a dinámica histórica do conxunto cronolóxico formado pola Idade do Ferro, a Época Galaico-romana e a cristianización desta área do Conventus Lucense, modificando en consecuencia os esquemas historiográficos tradicionais.

1. Dicimos con reparos posto que é evidente que Elviña ten escavada una extensión pequena en comparación coa súa extensión total e Borneiro presenta unha intervención extensa no interior da Croa pero quedan moitas cuestións por resolver en relación ó seu sistema defensivo, de entrada e, sobre todo no seu chamado barrio extramuros.

## CIDADES E VILAS

Alén da articulación política do territorio que nos ocupa Estrabón e mais Mela fálannos da existencia de cidades no entorno do porto dos ártabros. Isto contrasta coa tradicional interpretación da zona como pouco desenvolvida. Se consideramos a proverbial falta de intervencións en recintos fortificados da Idade do Ferro que xa comentamos é endémica nesta zona e mesmo de estudos sobre distribución dos mesmos<sup>2</sup> non resulta estraño o recurso ó tópico xeralizador. Porén facendo un apresurado e non sistemático repaso dos castros da zona ártabra atopamos as seguintes superficies de xacementos:

- S. Cidre (Bergondo) 6,5 Ha., e a escasa distancia de outro castro presumiblemente da segunda Idade do Ferro.
- Centroña (Pontedeume/Miño) 4,1 Ha. Nel se atopou o famoso torques que aparece referenciado neste volume.
- Lobadiz (Ferrol) 3 Ha.
- Cances (Carballo) 5,6 Ha., con estruturas monumentais e aparición dunha arracada.
- Montes Claros (A Laracha) 1,9 Ha. Incluímos este caso porque a medida se refire unicamente a croa central de confirmarse a adscrición protohistórica doutro recinto mais externo a superficie superaría con moito as 4 Ha. Ademais a unhas decenas de metros existe un recinto circular con parapeto e moi reducida área interior, calquera que sexa a súa funcionalidade parece claramente relacionado co castro.
- Elviña 3,8 Ha., polo momento, pero xa temos atopado indicios de ocupación no exterior do recinto máis externo.

Estas cifras non din nada por elas mesmas posto que como xa dixemos non constitúen un corpus sistemático, pero invitan a traballar liberados de apriorismos estériles: Hai que ter en conta que as superficies que normalmente se barallan para discriminar os *oppida* están entre 2 e 3 Ha<sup>3</sup>. Parece claro que se temos que buscar as cidades de Estrabón e Mela temos por onde empezar. Actualmente o corpus de castros que posuímos supera os 350 dentro do territorio que se delimitará a continuación.

Pero non só atopamos candidatos ás cidades das fontes clásicas nos xacementos fortificados senón que tamén temos un seguro aglomerado secundario en *Brigantium* ou *Flavium Brigantium*<sup>4</sup>, que ademais pode ser o máis antigo dos aglomerados galegos, se atendemos a antigüidade dos materiais aparecidos (Pérez Losada 2002: 340). Como se verá esta poboación é, polo momento a única candidata a cabeceira da *civitas* dos ártabros

2. Aínda que temos algunha excepción como pode ser o traballo de Juan Naveiro (Naveiro López 1994) encol do Golfo Ártabro ou o estudo espacial dos castros da zona de A Coruña Realizado por César Parcero (Parcero Oubiña 2002) no marco da súa tese doutoral. Para época romana e tardorromana temos un bo resumo en Pérez Losada (2002).

3. Esta é a superficie que se marca en Parcero et al. (2007: 219) que se mostran de acordo con González Ruibal.

4. Non pretendemos entrar agora na polémica sobre o nome do núcleo (Bello Diéguez et al. 1995:60-3; Pérez Losada 2002: 118-119; González García 2003:106-19).

posto que non se coñecen aínda ocupacións desta categoría en todo o territorio a considerar.

As referencias á presenza de xacementos ocupacionais galaico-romanos son múltiples. Unicamente recorrendo as obras de Naveiro López (1994) e Pérez Losada (2002) atopamos non menos de 18 puntos neste epígrafe e só no estrito entorno do golfo ártabro. A cuestión é que a meirande parte corresponden ben a establecementos relacionados co entramado viario (Cambre, Espenuca, Coirós); a *Villae a mare*: Noville (Mugardos), Centroña (Pontedeume), Caldoval (Mugardos); ou asentamentos indeterminados: O Portiño (A Coruña), Tiobre (Betanzos), Sopazos (Pontedeume), Lorbé (Sada), Carnoedo (Sada), Figueirido (Ares), etc. O coñecemento sobre este tipo de poboamento aumentou moito nos últimos anos pero seguramente aínda esconde sorpresas que so coa intensificación do traballo de análise, prospección e intervención se incrementará de xeito significativo.

Como conclusión de este apartado sobre as cidades ártabras pensamos que algunhas das cidades que se mencionan nas fontes clásicas serían simplemente asentamentos fortificados de tipo *oppidum* e que o catálogo de este tipo de Xacementos podería incrementarse de xeito significativo cun sinxelo análise sistemático dos xacementos fortificados do territorio dos ártabros que de seguido trataremos de delimitar a través da guía que nos ofrece González García (2003) no estudo mais completo sobre o tema.

Doutra banda e pasando xa os xacementos habitacionais galaico-romanos non sería imposible que o catálogo de aglomerados secundarios da zona non estivese aínda completo. A falta de traballos de escavación, prospección e catalogación neste apartado e tamén digna de mención, aínda que menor que no caso dos xacementos fortificados xa que temos escavacións de certa extensión en *vilae* e algún sondaxe en outro tipo de xacemento. Non descartamos, aínda que agora nos movemos no plano das intuicións, que na proximidade do castro de Centroña a *Vila a mare* (Luengo Martínez 1962), tamén de Centroña, ó asentamento indeterminado de Sopazos (Castillo López 1928) e os restos probablemente tardorromanos aparecidos no castro da Insua (Méndez Fernández et al. 2012), encubran un conxunto amplo tanto espacial como cronolóxicamente. A xénese de aglomerados secundarios a partir da existencia previa de *oppida* no entorno está documentada tanto na Galia (Pérez Losada 2002: 43)<sup>5</sup> como na Gallaecia<sup>6</sup>, e o certo é que o poboamento da zona a diferenza de outras áreas pode ter cambiado moito fundamentalmente pola mudanza radical que debeu supor a construción da ponte de Pontedeume no século XIII. O poboamento anterior a esa data debeu ser radicalmente distinto do que coñecemos hoxe. Outro dos candidatos a converterse en aglomerado secundario de intensificarse os traballos na zona e San Martiño de Tiobre, lugar en que ademais da presenza de un castro se acumulan noticias de achados de cronoloxía romana tardorromana e altomedieval (recollidas en Sánchez Pardo 2008).

5. Casos de Levroux (Aquitania) e Bar-sur Aube (Champagne-Ardennes).

6. Ver por exemplo o Caso de Vigo en Pérez Losada (2002: 239-65).

Como conclusión final deste apartado introdutorio ó rexistro arqueolóxico da época pensamos que no inmediato é moito mais factible traballar cos datos dos recintos fortificados que cos dos xacementos galaico-romanos. Esta afirmación baséase unicamente nun criterio de accesibilidade ó rexistro posto que os castros dada a súa visibilidade presentan unha maior facilidade para o traballo con grandes series de datos, mentres que os xacementos galaico-romanos son en xeral da natureza invisible polo que precisan de prospeccións sistemáticas mais difíciles e caras de desenvolver. Aínda así neste último caso creemos que aínda ten recorrido o vaciado biliográfico e a catalogación.

## OS LÍMITES DO TERRITORIO ÁRTABRO

A seguinte etapa do noso traballo consistirá en introducirmos na definición do territorio ártabro. Neste caso temos a enorme fortuna de que o tema foi magnificamente tratado como xa dixemos por Javier González García no ano 2003 e que saibamos non existen novas achegas a este tema dende entón. Neste caso todo o que é o traballo cas fontes clásicas está feito por un especialista e claramente enfocado a desentrañar este problema concreto. Tamén González ocupouse de recoller, analizar e criticar toda a historiografía anterior: Así que temos dous traballos importantísimos xa feitos ou, alomenos, partimos dunha base certamente moi sólida.

### OS ÁRTABROS: UN NOVO OBXECTO DE ESTUDIO

A obra que estamos a utilizar como pauta e base nesta primeira fase do traballo (González García 2003) divídese claramente en dúas partes como xa se anuncia dende o seu título. A primeira parte dedícase ó estudo da Xeografía ártabra a partir do análise das fontes clásicas e entrando en detalle nos debates historiográficos concretos sobre a situación de determinados elementos xeográficos.

Na segunda parte do traballo desenvólvese o estudio etnohistórico que comeza cun estudio da cronoloxía do etnónimo *ártabro* e tamén o posterior *arrotreba*. Continúa cunha investigación sobre o interese dos pobos mediterráneos por este territorio e a súa derivación do carácter do comercio antigo que pode estar na base da súa presenza no NW. Por último explórase o enclave de *Brigantium* dende o punto de vista de enclave de comercio e dende a posibilidade da existencia dun santuario na zona da Torre de Hércules que sería perfectamente compatible coa función comercial segundo unha lóxica do intercambio comercial antigo.

No noso caso, e dado o propósito de establecer un esquema de traballo, traballaremos practicamente en exclusiva coa primeira parte do estudo, o que se refire a parte xeográfica que nos parece sumamente importante cara o establecemento dunha estratexia de traballo arqueolóxica.

Por enriba da utilidade instrumental de cada unha das partes do estudo, que como se verá é moita, a principal virtude deste traballo é a de converter, ou mais ben renovar a

consideración dos ártabros como obxecto de estudo concreto en útil para a investigación sobre a Idade do Ferro e o período galaico-romano do Noroeste. Pon enriba da mesa a posibilidade de facer unha investigación histórica sobre este tema sen necesidade de quedarse en vaguidades coma a mera distribución de materiais, que polo número de xacementos estudados pode ofrecer unha verdadeiramente pobre conclusión, ou peor aínda o contraste coas zonas mais desenvolvidas e estudadas da Bracarense ou das Rías Baixas. Non se trata por suposto de que non se teñan feito aproximacións ó tema anteriormente; pero a entidade e multiplicidade dos aspectos tratados, o rigor desenvolvido e a documentación manexada, conforman sen dúbida un novo punto de partida.

## O TERRITORIO DOS ÁRTABROS SEGUNDO AS FONTES CLÁSICAS

A metodoloxía concreta empregada por González García sigue unha serie de pasos que se sintetizan a continuación:

1. Exposición das Fontes clásicas empregadas (González García 2003: pp.24-31). Así podemos observar que as fontes das que podemos botar man para o estudo do territorio que nos interesa<sup>7</sup> son:
  - A *Xeografía* de Estrabón (II, 5, 15 / III,1,3 / III, 3, 4 / III,3,5 / III,5, 11)<sup>8</sup>.
  - A *Corografía* de Pomponio Mela (III, 9, 10, 11, 12, 13)<sup>9</sup>.
  - A *Naturalis Historia* de Plinio o vello (II,242 / III, 28 / IV, 111-112 / IV, 113-114 / IV, 119)<sup>10</sup>.
  - A *Xeografía* de Ptolomeo<sup>11</sup>.
2. Análise da orixe dos datos reflectidos nelas (González García 2003: 31-36).
3. Repaso da historiografía ó respecto e as súas interpretacións sobre accidentes xeográficos ou a situación de cidades, portos, etc. (González García 2003: 36-65).
4. Establecemento dunha nova metodoloxía para a interpretación das fontes (González García 2003: 66-83). O autor parte de dúas premisas básicas:
  - A tendencia das fontes á simplificación das formas xeográficas.
  - A linearidade da narración característica dos periplos náuticos.

7. Queda excluída do conxunto de fontes a Ora Marítima de Rufo Festo Avieno polo seu carácter problemático cara a obtención de información xeográfica concreta (González García 2003 p. 24 nota 1, sobre este tema tamén se poden consultar Balboa Salgado 1992 y 1995). Para as pasaxes de la Ora marítima con referencia a Galicia (Romero Masiá e Pose Mesura 1987)

8. Pódense consultar texto orixinal en grego e tradución o galego en Romero Masiá e Posse Mesura 1987 21-45 e tradución o castelán en García y Bellido 1986

9. Texto orixinal en latín, tradución ao galego e comentarios en Romero Masiá e Pose Mesura 1987: 55-9). Traducción o castelán García y Bellido (1947).

10. Texto orixinal en latín, tradución ao galego e comentarios en Romero Masiá e Pose Mesura 1987: 60-83). Traducción o castelán García y Bellido (1947).

11. Texto orixinal en grego, tradución ao galego e comentarios en Romero Masiá e Pose Mesura 1987: 97-105). O estudo mais profundo de esta obra para zona que nos ocupa e o de Monteagudo (1951, 1952 e 1957).

5. Análise pormenorizado dos datos que nos ofrecen as fontes sobre a costa galega establecendo o que puideramos chamar unha xerarquía nos accidentes xeográficos referenciados (González García 2003: 71-83) e simplificando as informacións segundo unha lóxica lineal e esquemática que se acomoda mellor o tipo de discurso dos xeógrafos antigos. O que o autor busca neste apartado é situar os elementos mais salientables da costa para así poder encaixar as informacións dos diferentes autores a partir de puntos comúns recoñecibles. Afortunadamente existe un punto da costa que resulta clave para todas as informacións posto que constitúe unha das claves para todas as descricións xeográficas antigas da Península Ibérica, trátase do **Promontorio Nerio**, chamado así por Estrabón e Ptolomeo, mentres que Pomponio Mela e Plinio refírense a mesma realidade co nome de **Promontorio Céltico**<sup>12</sup>. Para os autores antigos este promontorio dividía as augas do Océano Occidental das do Océano Cántabro. Hai que lembrar de novo que a concepción dos autores antigos non é unha concepción cartográfica polo que non é lícito comparala coa nosa división actual baseada claramente neste criterio<sup>13</sup>. A situación do cabo nerio ven dada nos autores clásicos polos criterios de navegación o réxime de ventos e correntes cambia totalmente no entorno do cabo Fisterra e isto é o que verdadeiramente fai desta localización un lugar especial na súa descrición da costa. O autor fixa a situación deste punto principal ben no cabo Fisterra, ben no cabo Touriñán.

6. Esquemmatización dos datos aportados por Estrabón, Mela e Plinio nun diagrama lineal (González García 2003: 71).

7. Tomando como ferramenta o mapa de Tranoy no que se sintetizan as achegas feitas por Ptolomeo (González García 2003: 80) incorpora as noticias de todos os autores clásicos nun único esquema (González García: 2003: 83).

8. A partir deste momento o



Territorio ártabro delimitado por González García

12. Plinio ademais chamalle Promontorium Artabrum e Estrabon fala do cabo da parte dos Artabroi.

13. Como se sabe, hoxe en día a división Atlántico-Cantábrico aparece nos mapas oficiais como situada na Estaca de Bares, o punto mais setentrional da Península Ibérica. Curiosamente, esta separación substitúe a outra mais tradicional e baseada en criterios de navegación e de profundidade do fondo mariño que establecía a separación no Cabo Ortegal..

autor se concentra en exclusiva na zona ártabra comezando polo análise da súa extensión. Para resolver esta cuestión plantexa unha serie de problemas concretos a discutir e que coa súa resolución irán delineando os límites do territorio (González García 2003: 86-102):

- A cuestión do límite cos Nerios. A múltiple denominación do Cabo Nerio e as noticias que as fontes nos transmiten verbo da relación dos ártabros e os nerios respecto a este punto plantexan a posibilidade lóxica de dúas alternativas: ben o cabo servía de límite entre as dúas poboacións ou ben se trataba da mesma poboación baixo dúas denominacións diferentes ou dúas tribos dunha mesma etnia<sup>14</sup>. No segundo dos casos o que compre es estudar o límite cos *Supertamaricos*, neste suposto, e dado que o nome deste último pobo o sitúa claramente por encima do Tambre (*Tamaris*) o seu límite N cabería situalo no curso do Xallas que os separaría dos *Ártabros/Nerios*.

- A Situación do Porto dos ártabros.

- O límite N. A problemática do límite N presenta puntos comúns ca do límite W. Trataríase de establecer o límite entre os *Ártabros* e os *Arróns*, sen embargo existen dúbidas, fundamentalmente lingüísticas verbo da posible identidade de ámbolos dous pobos.

- A extensión cara ó interior.

9. Despois de encaixar a extensión do territorio o autor dedica as últimas páxinas do estudo xeográfico ó intento de identificación dunha serie de puntos concretos mencionados na documentación antiga:

- Ríos.
- Promontorios.
- Núcleos de poboación<sup>15</sup>.

Como parece lóxico, e dado o acordo básico co autor, non entraremos a discutir cada un dos extremos nin toda a bibliografía, que xa está procesada no traballo de referencia, posto que de o que se trata e de partir das súas conclusións para establecer unha liña de estudo que permita comprobalas e no seu caso



Puntos de interese xeográfico localizados por González García (2003). Os topónimos seguidos deinterrogación teñen algunha outra posición alternativa pero gardan coherencia entre eles

14. Este dilema fora proposto xa por Monteagudo (1952: 474) “Si comparamos la situación y el nombre de este puerto, dados por Ptolomeo, con lo que expone Mela III 13 (“in ea [en la costa septentrional] primum Artabri sun etiamnum Celticae gentis”) tenemos que sacar la conclusión de que los Artabri rodeaban a los Nerii por el E y S, si bien lo más probable es que los Nerii formaran una subtribu dentro de los Artabri, gran tribu, según se colige del hecho de que Plinio IV 113 llame también artabrum a este cabo”.

15. Resumimos no mapa 2 as aportacións de González García a Xeografía e a extensión do territorio ártabro.

definilas mellor por medio das ferramentas que nos ofrece a arqueoloxía. En calquera caso debemos comentar algúns extremos máis de vagar.

O primeiro extremo que queremos glosar é o da **extensión total do territorio**: No que se refire a extensión da franxa costeira estamos totalmente de acordo co autor en que a extensión que propón é moito máis razoable dado que elimina cuestións demasiado imprecisas en outras interpretacións, fundamentalmente no referente ó promontorio *Trileuco* e sobre todo a situación do Porto dos Ártabros que seméllanos totalmente resolta coa súa argumentación e aínda máis clara nunha publicación posterior (González García e.p.). Unicamente hai que advertir que nalgún caso o autor opta voluntaria e explicitamente non necesariamente pola opción máis plausible, senón que en igualdade de condicións se inclina pola máis prudente e sinxela. Este é o caso do límite occidental cos Nérios. Na realidade non existen argumentos de peso para decantarse pola opción de que este pobo non pertencese os ártabros xa que, como se verá, nesta denominación inclúense outros etnónimos de menor entidade. A razón fundamental para limitar o conxunto territorial á fronteira neria é que, de chegar ata o Xallas, a área resultante sería demasiado extensa en comparación a delimitada para outros *populi*, agás os *Copori*.

Outra das particularidades da definición territorial de González García (2003) é o límite interior no que a falta doutras referencias máis claras opta por unha definición xenérica baseada en última instancia nas informacións de Estrabón nas que os *Callai-coi* establecían os seus límites nos ríos ou nos montes. Neste sentido, González García se decanta máis polos ríos. Isto dá unha delimita-



A nosa visión do Territorio ártabro modificado dende González García 2003

ción un tanto estraña, sobre todo no curso alto e medio do Anllóns no cruce co final da depresión meridiana (Zona de Carballo), na que o límite proposto pasa xusto ó carón do río, situación que postos no terreo non ofrece ningún tipo de límite visual. Posto que non existe ningún impedimento para trasladar o límite ata a divisoria dado que a mesma fonte fala dos límites nos ríos ou nos montes. En calquera caso, non temos que facer agora a nosa proposta de delimitación.

## OUTRAS FONTES PARA O ESTUDIO DOS POBOS ÁRTABROS

Partindo dos resultados do estudo de González García pensamos en aproveitar outras fontes a nosa disposición non só para matizar a extensión territorial do pobo ártabro senón tamén para esbozar algunhas cuestións de índole social e política que poden estimular o debate o respecto.

As fontes ás que nos referimos son documentos altomedievais de sobra coñecidos en contextos da historia medieval (López Alsina 1988, Sánchez Pardo e.p. Díaz Martínez 1998, 2004, Novo Güisán 1997-98) e que tampouco son a primeira vez que se utilizan nun contexto arqueolóxico, de feito o investigador naronés Andrés Pena Graña baseou a súa interpretación da organización social e política do NW durante a Idade do Ferro, o período galaico romano, e a Idade Media na combinación das sucesivas divisións eclesiásticas da alta Idade Media (Pena Graña 1993, 1994, 2000-1, 2006, 2007). Non é ese o noso propósito senón outro moito mais modesto.

Os documentos en cuestión son fundamentalmente dous: o chamado *Parrochiale Suevum*<sup>16</sup> e o normalmente denominado documento de Tructino<sup>17</sup>. Nestes documentos aparecen unha serie de circunscripcións cualificadas con etnónimos, é dicir o nome que se lles da é tradicionalmente considerado como pertencente a pobos moito mais antigos. Isto é precisamente o que nos levou a traballar con estes documentos posto que consideramos que hai que aproveitar calquera resquizo informativo que nos poida axudar a complementar o panorama que tratamos de reconstruír. Como sinala Sánchez Pardo (e.p.) un dos problemas que presenta o aproveitamento de esta documentación alto-medieval e a súa situación fronteiriza entre varias especialidades (arqueoloxía, Historia da antigüidade, medievalismo, etc), que se atopan nun estado de separación e compartimentación moi arraigado.

### O PARROCHIALE SUEVUM

O texto foi considerado falso ata que en 1947 P. David o publica e o contrasta por medio de outras fontes, considerándoo en esencia auténtico aínda que interpolado. Se trata de un listado das trece sedes que compoñen a organización eclesiástica do reino svevo ao que se engaden as súas correspondentes *ecclesiae*. Transcribimos a parte correspondente as Diocesis de Iria e de Luco (non consecutivas no orixinal):

*VIII. Ad Lucensem Luco Civitas cum adiacentia sua (quam tenent comites undecim), una cum:*

*2. Carioca*

*3 Seuios*

16. Para o *Parrochiale* utilizaremos a transcripción feita en Novo Güisán (1997-98 pp. 179-183) que recolle a realizada por Glorié (1965), sendo esta basicamente a mesma que a clásica de P. David (1947).

17. Neste caso empregaremos a clásica transcripción de López Ferreiro (1898-99: 6-8).

#### 4 Cauarcos

(Montenegro, Paraga, Latra, Azumara, Segios, Trias uada, Pogonti; Saluaterra, Monterroso, Doria, Deza, Colea).

XI. Ad Iriensem sedem ipsa Iria:

#### 2. Morracio

#### 3. Salinense

#### 4. Contenos

#### 5. Celenos

#### 6. Metacios

#### 7. Mercieneses


#### 8. Pestemarcos (sunt haec VII)

(Coporos, Celticos, Bregantinos, Prutenos, Prucios, Besancos, Trasancos, Lapaciencos, Arros).

Transcribimos estas dúas sedes posto que ambas se atopan interpoladas pero non no mesmo momento, como veremos. O texto transmitiuse de xeito independente en catro copias (Sánchez Pardo e. p)<sup>18</sup>:

- Texto A: Se conservaba na catedral de Lugo. Inclúe unha interpolación de once condados para a diocese de Lugo.
- Textos B e C: No *Liber Fidei* de Braga.
- Texto D: Manuscrito de Compostela: Aparece a interpolación de nove *ecclesiae* para a diocese de Iria, sen que aparezan sen embargo as de *Luco*.

P. David prestou especial atención a identificar as interpolacións e datou o núcleo do texto entre os anos 572 e 582 sen que xurdiran dende entón demasiadas polémicas ó respecto. O documento é xa que logo posterior en catrocentos anos á última das fontes utilizadas polo momento: Ptolomeo; e cincocentos ás enumeracións de populi de Plinio e Mela.



Territorios mencionados no Parrochiale Suevum (elaboración propia a partir de López Alsina 1988)

18. Agradecemos a José Carlos Sánchez Pardo a súa amabilidade facilitándonos este texto inédito ademais de aclararnos moitas dúbidas que tiñamos sobre este espiñoso tema e compartir algunhas ilusións comúns.

Parece claro, mesmo para un profano na materia, onde se atopan as interpolacións neste texto. No caso da diocese de Iria semella aínda máis claro posto a enumeración de *ecclesiae* que máis nos interesan atópanse despois dunha clara expresión de final de enumeración como é “sunt haec VII”. Consideremos pois as opinións dos expertos na materia.

P. David, o principal estudoso do Parroquial, consideraba as interpolacións como inmersas no ámbito das disputas territoriais entre as sés de Lugo, Oviedo, Mondoñedo e Iria no século XII (Sánchez Pardo e. p.). Pola súa Banda López Alsina (1988: 155-56) na súa imprescindible obra sobre a cidade de Santiago e a diocese de Iria, oponse aos argumentos do anterior en base fundamentalmente a tres puntos:

- A toponimia recollida no Parroquial se corresponde a pautas de tipo xentilicio moi antigas, que non sempre resisten o paso dos anos.
- O gusto arcaizante da toponimia casa tamén coas variantes observables na distribución espacial dos distritos, agora son moito máis grandes que en divisións posteriores.
- Se a presenza dos nove distritos é unha interpolación de século XII, segundo afirma David (1947), non se comprende por qué os falsarios crean unha realidade tan distinta á división territorial realmente existente no momento de la falsificación posto que non sería útil a ningún fin se non fora crible.

Plantexada a cuestión e momento de introducir o segundo documento que complementa a información do anterior.

## O DOCUMENTO DE TRUCTINO

A Continuación, e posto que non ten moita extensión, transcribimos completo o documento segundo aparece na obra de López Ferreiro (1899-1909: 6-8):

*Era DCCCLXVIII*

*Ano de C. 830*

*In era DCCCLXVIII venit dns. Tructinus per ordinationem dni. Adefonsi principis et consignavit dno. Ataulfo ecclesias quecumque sunt proprie hyriensis Sedis, id est,*

*in trasancos et lauacengos scm. Petrum iuxta fluvium naray. Ecclesiam in dorsu. sca. Maria in brion. scm. Saturninum iuxta fluvium Iubia. scm. uicentum in cetaria et insula selima cum sua ecclesia. sca. Maria in Carantra.*

*In besaucos ecclesie sce. eulalie in caurio. scm. uicentium in carois. scm. tirsu in magobre. sca. eulalia in lubre. scm. iulanium in siliobre. scm. iacobum iuxta siliobre.*

*In comisso de Plutios. scm xpotoforum ad eume latum portum. scm. martinum in tiobre.*

*In Nemitos sca. eulalia in castellum ad asperunti. sca. Maria in Portimilio. ecclessia de bandoia. ecclessia montani ad revoreto. scm. estephanum in piauela. scm. iacobum ad berosindi. scm. uicentium ad cella gundemari in ripa de mero. ecclesia in mandagio, ecclesia in palleo. sca eulalia in avigondo cum sua villa et scm. tirsum in avegondo.*

*In comisso de faro ecclesia sce. marie in conduzo. sca. eulalia in carolio. scam. petrum in laetonio. scm. tirsum in oseyro.*

*In bregantinos scm. vicentium ad artiles. scm. Romanum in villanio. scm. martinum in Oçça. scm. mametem in seavia.*

*In Seminaria. scm saturninum in vimianço.*

*In nemancos. sca. eulalia in donobria.*

*In carmota eclesia pintani in senles et ecclesia gaudiosi. ecclesia ad gentines. ecclesia sca talasie. ecclesia in autis. ecclesia ad rodo. ecclesia as stario ad Zendimiri.*

*In Pistomarcos. ecclesia sce. xpistine. in lestone. scm. saturninum in grana. scm. vicentium in nevare.*

*In comisso de celticos. ecclesia in aranton. ecclesia sce. eulalie in laginas. scm. martinum ad fonte calata. sca. eulalie in logrosa.*

*In montanos scm. petrum ad uenza. sca. maria in trazo. scm. iohanem ad campos. sca. eulalia ad peraria mala.*

*In marcola. scm. martinum. sca. maria ad papucim. scm petrum in ayazo. sci tome de vilar romare.*

*In Baegio, scorum cosme et damyani.*

*In monte sacro scm petrum ad caccacia. scm. felicem in salnes. scm. iohanem ad heremo.*

*In monte nigro. scm iohanem in latera. sca. eulalia. scm. laurentim in mote nigro. scm vicentium in radicosa.*

## VALIDEZ DOCUMENTAL

O documento de Tructino ten sido considerado falso durante moito tempo por diferentes razóns. López Alsina (1988) esgrime os seguintes argumentos, que resumimos, sobre a validez do documento:

O documento foi considerado falso a raíz de que López Ferreiro considerara que na data era D.CCC.LX. VIII o X era aspado reducindo a cronoloxía a 830, co que se producían certas incongruencias na coincidencia das personaxes referidos no texto. O cóengo interpretou que o rei mencionado era Afonso II. Sen embargo hoxe en día ao coñecer a data exacta da morte de Teodomiro (20 de outubro de 847), podemos deducir que a coincidencia entre un rei Afonso e un bispo Ataúlfo só se pode producir no caso de Afonso III. De esta circunstancia o noso autor de referencia conclúe que a cronoloxía mais probable para o documento é 868 A. D.

O documento consiste na relación de 65 igrexas que un *dominus Tructinus* consigna como pertencentes a diocese de Iria por orden do príncipe D. Afonso. López Alsina (1988: 158-167) argúe unha serie de razóns que apoiarían a validez do documento:

1. Os dezaseis distritos que se mencionan no texto responden máis a realidade do século IX que a do XI.
2. A forma de identificar ás igrexas utiliza criterios de curso común no século X que caen en desuso en séculos posteriores.
3. Case sempre o termo que designa o lugar figura en ablativo ou acusativo, con preposición *in* ou *ad*, pero nunca *de*.
4. Nun caso sobrevive a referencia ao antropónimo.
5. A inclusión no tumbiño e non nos grandes proxectos de cartularios composteláns avala a inxenuidade da transmisión pois se trata de unha obra de iniciativa totalmente privada.

### CONSECUENCIAS DO CONTRASTE DE ÁMBOS DOUTROS DOCUMENTOS

Agora que presentamos o documento de Tructino podemos retomar a discusión sobre a interpolación do parroquial referida diocese de Iria. Segundo Sánchez Pardo (e.p.), malia que a interpolación das *ecclesiae* lucenses reflexa unha realidade dos séculos XI-XII, as irienses teñen que ser consideradas por separado. Algúns autores parecen apuntar a que a interpolación das sés de Iria se realizou no X (Díaz Martínez 1998: 47 nota 7). Sen embargo como sinala Sánchez Pardo o documento de Tructino ofrécenos un termino *ante quem* posto que como podemos comprobar no momento da redacción de Tructino a gran *ecclesia* de *bregantinos* tiñase xa subdividido en tres: Bregantinos, Nemitos e Faro. Deste xeito o lapso de tempo redúcese semellando dar por boa a interpretación que considera a interpolación realizada nun momento inmediatamente posterior a creación das *ecclesiae* entre o VII e o VIII (Sánchez Pardo e. p.).

Noutro orden de cousas este documento certifica a cronoloxía relativamente temperá das igrexas que se relacionan. Isto non quere dicir que sexan máis antigas que outras non relacionadas, senón simplemente que estas non pertencían á diocese de Iria, podendo ser perfectamente de iniciativa privada. A antigüidade das igrexas que non aparecen no documento ten que ser constatada por outras vías.

Como vimos de avanzar, unha das principais consecuencias do contraste entre os dous documentos de referencia é a diferenza no tamaño das demarcacións e mesmo a división de unha das mais grandes das consignadas no Parroquial Suevo: *Bregantinos*. Tamén se observa que o paso do tempo non fixo diminuír a cantidade de etnónimos senón que aparecen outros novos como *Nemancos* ou *Nemitos*. Sobre este último volveremos mais adiante.

A significación dos etnónimos xera una gran controversia na literatura especializada. Todos os especialistas coinciden en que reflicten unha realidade que ven de atrás, pero uns decántanse por que o perdurable son estruturas indíxenas que e manteñen con

máis ou menos variacións ata momentos alto-medievais constituíndose incluso en xermolo das relacións feudais da plena Idade Media (Díaz Martínez 1998: 47 y 2011: 205-6; García de Cortázar 1985: 44-48; Barbero y Vigil 1982; Pena Graña 1993, 1994, 1995-7, 1999, 2006, 2007). Outros investigadores, pola súa banda consideran que o antecedente directo das *ecclesiae* do parroquial son as *civitates* de época tardo-romana, sendo os etnónimos unha fosilización dun nome que non conleva que teñan perdurado institucións xentilicias ou políticas de época prerromana (Sánchez Pardo e. p. Menéndez Bueyes 2002).

Creemos que mais que entrar na polémica deberían de facerse unha serie de comprobacións para tratar de enlazar ou de construír un relato sobre la transformación das entidades dende os dous extremos do problema. Dunha banda, unha vez trazado o mapa das dioceses e as súas *ecclesiae* do parroquial suevo observar a correspondencia coas *civitates* galaico romanas, se isto fora posible. Por outra banda analizar a distribución territorial e a organización dos xacementos castrexos da Idade do Ferro e observar a súa relación cos territorios establecidos anteriormente. A tarefa non é doada porque en cada un deses pasos atópanse baleiros documentais, lagoas de investigación básica ou falta de inventarios patrimoniais actualizados, inseguridades debidas a natureza polémica dalgunhas cuestións historiográficas, etc. Porén esta é a verdadeira utilidade e valor desta investigación, que obriga a dar pasos que de outro xeito é probable que non se abordasen. Haberá quen diga que o tema está xa moi trillado e que non paga á pena o esforzo, pero neste punto veñen na nosa axuda dous conceptos que xa tratamos na introdución do traballo: a “baixada a terra” e a Historia local. Efectivamente, se topamos áreas de coñecemento suficientemente traballadas o resultado será un maior grao de concreción no resultado final. Con isto queremos dicir que, en calquera caso, o proceso de traballo fará aflorar realidades mais concretas que so poden beneficiar un coñecemento mais apegado ós xacementos e, en definitiva a realidade patrimonial particular.

## UNHA POSIBLE ARTICULACIÓN POLÍTICA

A primeira consecuencia que se pode tirar do plano da *Divisio Teodomiri* e que se consideramos conxuntamente o territorio das *ecclesiae* de Bregantinos, Prucios, Besaucos, Trasancos e Lapacencos<sup>19</sup>, obtemos un mapa moi similar que modificamos dende González García (2003) tendo en conta as divisorias de augas, mellor que os cauces dos ríos. Tamén queda claro que a pesar de que os límites exteriores conxuntos destes territorios coinciden co dos ártabros, o etnónimo orixinal xa non aparece nin nesa forma nin baixo a alternativa de arrotrebas. Porén a totalidade dos topónimos que aparecen dentro da área poden ser considerados etnónimos.

Da comparanza dos documentos medievais desprendese que na área que temos delimitada como territorio ártabro aparecen dúas capas de territorios que son considerados pola literatura especializada como etnónimos:

19. Reconstrución destes territorios en López Alsina (1988: 157).

1. Fontes clásicas: Ártabros.
2. Parrochiale Suevum: Bregantinos, Prucios, Besaucos, Trasancos, Labacengos.
3. Tructino: Bregantinos, Faro, Nemitos, Prucios, Besaucos, Trasancos, Labacengos.

Todos os topónimos enumerados agás un son etnónimos. Deixando, polo momento, a cuestión de Faro<sup>20</sup> a un lado, a pregunta xurde inmediata: ¿cal é a súa cronoloxía? Se xa cando aparecen os primeiros topónimos na documentación medieval se consideran reflexo dunha realidade anterior<sup>21</sup> ¿xéranse despois de que o nome de ártabros ou arrotrebas caía en desuso? ou coexistirían cos topónimos recollidos na documentación medieval. Se así fora estaríamos diante dunha “estratigrafía” de denominacións na que nalgún caso se alcanzarían tres niveis<sup>22</sup> coas súas conseguíntes consecuencias sociais e políticas. Dito de outro xeito, se os topónimos do *Parrochiale* se corresponden con etnónimos e estes non coinciden cos coñecidos nas fontes clásicas ¿como debemos interpretar esta situación? Ó noso modo de ver existen dúas posibilidades lóxicas:

A orixe dos etnónimos atopase nun hipotético proceso de atomización ou fragmentación das *Civitates*.

Os etnónimos coexistiron coas *civitates* e, sendo dun rango menor, aínda que maior que o *castellum*, afloran cando se precisan unidades mais pequenas polo motivo que sexa.

A última mención que temos dos ártabros e a de Ptolomeo no século II da era. A primeira mención aos brigantinos situámola con anterioridade e de acordo con Sánchez Pardo (e. p.) entre o VII e o VIII da era, cincocentos anos dan para moito, pero será necesario explorar dúas vías que poderían salvar esa lagoa de información. Dunha banda é preciso explorar si existen elementos intermedios que poidan estreitar ou no seu caso “coser” esa falla. Outra vía de aproximación ó problema como acabamos de apuntar é o estudo das situacións intermedias no que sería clave o estudo da organización territorial romana e tardorromana.

O certo é que parece que o etnónimo *bregantinos* pode poñerse facilmente en relación co topónimo *Brigantium*, aínda para profanos na materia coma nos a vinculación parece sinxela. Porén o topónimo do núcleo nas súas diversas formas semella ter unha perduración mais ampla que o de ártabros, arrotrebas. A primeira mención a este topónimo e a de Ptolomeo no século II<sup>23</sup>, a seguinte e a de Dion Cassio no século III baixo a forma *Brigantio* (Romero Masiá e Posse Mesura 1988: 107-10). Tamén no Itinerario de Antonino (Romero Masiá e Posse Mesura 1988: 111-22) que se acostuma a datar contra o 280 da Era aparece datado coa forma *Brigantium*. Pola súa banda Orosio a menciona como *Brigantia* entre os finais do IV e os comezos do V (Romero Masiá e Posse Mesura 1988: 142-9). A última testemuña entre as fontes clásicas e a do Anónimo de Ravena que

20. Que por outra banda é de notar que non aparece na *Divisio Teodomiri* e unicamente fai a súa aparición no ‘estrato do S. IX.

21. Se cadra so no referente os propios nomes como propón Sánchez Pardo (e. p.).

22. Referímonos ó caso concreto de Nendos no que se superporían ártabros, bregantinos e nemitos.


23. E de salientar que nin Estrabon, nin Mela no século I, fan referencia a Brigantium nin Flavium Brigantium.

presenta o problema da datación posto que o texto é de sobre o 670 pero manexa documentación que parece corresponderse cos séculos IV e V; neste documento nomease como *Bricantia* (Romero Masiá e Posse Mesura 1988: 150-2).

A documentación medieval pola súa banda, aínda que inclúe o termo *Bregantium*, *Brecantium*, *Bregancio*, etc, sempre o fai vinculándoo ó termo *farum* aplicado á Torre de Hércules.(VV.AA. 1991).

Como consecuencia do anterior parece que se poden relacionar con certa facilidade os nomes de *Brigantium*, ou *Brigantio* posto que os dous aparecen mencionados no século II e incluso dentro do mesmo documento aínda que a situación dos ártabros presente graves problemas no caso de Ptolomeo<sup>24</sup>. No outro extremo e se seguimos a Pérez Losada no que se refire o declive do aglomerado secundario de *Brigantium* a vida do núcleo non se pode levar moito mais alá dos inicios do século VI polo que non é posible, en principio, considerar a *Brigantium* como cabeceira da *ecclesia* de *Bregantinos*. A lo menos no seu núcleo urbano.

Independentemente das vicisitudes concretas que se acaban de sinalar. O que nos parece interesante é a vía exploratoria que se abre para o estudo da dinámica das sociedades e grupos humanos dos finais da Idade do Ferro ata a Alta Idade Media. Das dúas alternativas que se propuxeron para a xénese dos territorios do *Parrochiale* non podemos optar neste momento por ningunha das dúas mentres non progresemos na vía da análise dos xacementos fortificados, porén calquera delas ofrece perspectivas estimulantes de coñecemento. Si se pode rastrear a presenza deses territorios na Idade do Ferro, a ‘estratigrafía’ de denominacións será representativa dunha complexidade social vinculable a procesos como a xerarquización do poboamento na época de esplendor dos *oppida*<sup>25</sup>. Por outra banda si os territorios se decantan finalmente por unha cronoloxía non coincidente cos etnónimos anteriores (ártabros ou arrotrebas)



O inventario de Castros ártabros

24. Estes problemas teñen sido analizados en profundidade por González García.

25. Para estas cuestión ver sobre todo González Ruibal (2006-7) e Parcero Oubiña et al (2007), tamén se pode ver García Quintela 2002. Para procesos aínda pouco explorados no NW pode verse Gibson 2011

será indicativo dun dinamismo social e administrativo en época tardorromana digno de estudo.

En calquera caso como dixemos o principio o obxecto de este traballo consistía en poñer as bases dun proxecto de investigación que integrase novas fontes documentais e acometera o estudo do rexistro arqueolóxico cunha nova intensidade no seu tratamento creemos que desto pode dar conta o mapa de xacementos fortificados que presentamos para o Territorio que temos definido como ártabro. Sexa como fora, esperamos que a próxima parada sexa xa na terra.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO TRONCOSO, V. (Ed.). 1995. *Guerra, exploraciones y navegación. Del mundo antiguo a la Edad Moderna*. Universidade de A Coruña. A Coruña.
- BALBOA SALGADO, A. 1996. *Gallaecia nas fontes clásicas*. Biblioteca de divulgación. Servicio de publicacións da U.S.C. Santiago de Compostela.
- 2007. *A Galicia celta*. Ed. Lóstrego. Noia.
- BARBERO, A. y VIGIL M. 1982. *La formación del feudalismo en la Península Ibérica*. ed. Crítica. Barcelona.
- BELLO DIÉGUEZ, J.Mª., BARRAL, D.; SAAVEDRA, M.C.; ARTAZA, M.M., COLINO, A.; GRANDÍO, E. 1995. *Historia de La Coruña*. Vía Láctea Editorial. A Coruña.
- BRAÑAS ABAD, R. 2004. A sociedade galega a través da epigrafía. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LI-117: 155-205. Santiago de Compostela.
- CASTILLO, A. del. 1928. Hallazgo de restos romanos en Puente deume. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 206-18: 55-56. A Coruña.
- DAVID, P. 1947. *Etudes sur la Galice et le Portugal du VI<sup>e</sup> au XII<sup>e</sup> Siecle*. París.
- DÍAZ MARTÍNEZ, P.C. 1998. El *parrochiale suevum*: organización eclesiástica, poder político y poblamiento en la Gallaecia Tardoantigua. En Mangas Manjarrés, J. y Alvar Ezquerro, J.: Homenaje a J. Mª Blázquez. Vol. VI. Antigüedad: religiones y sociedades: 35-48. Ediciones Clásicas, S.A. Madrid.
- 2004. Acuñación monetaria y organización administrativa en la Gallaecia Tardoantigua. *Zephyrus*, 57: 367-375. Salamanca.
- 2009. Continuidad de las *civitates* romanas del noroeste hispano en época germánica. En: *Onomástica galega II: onimia e onomástica roman e a situación lingüística do noroeste peninsular*. Actas do segundo coloquio, Leipzig, 17 e 18 de outubro de 2008: 199-213. U.S.C. Santiago de Compostela.
- 2011. *El reino suevo (411-585)*. Akal. Madrid.
- ERIAS MARTÍNEZ, A. 1984. Tres asuntos mariñáns: 1. “O Berce”, ara romana de Vilacova. 2. Afonso de Carvallido. 3. A inscrición da Porta da Pontella. *Anuario Brigantino*, 7: 9-13. Betanzos.

- FERNÁNDEZ OCHOA, C. e MOVILLO, A. 1994. La ruta marítima del Cantábrico en época romana. *Zephyrus*, XLVI: 225-232. Salamanca.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A. 1985. Del Cantábrico al Duero. En: García de Cortázar, J.A. et al.: *Organización social del espacio en la España Medieval*: 43-83. Ariel. Barcelona.
- GARCÍA QUINTELA, M.V. 2002. La organización socio-política de los Populi del Noroeste de la Península Ibérica. Un estudio de antropología política histórica comparada. *TAPA. Trabajos de Arqueoloxía e Patrimonio*, 28. Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe. USC – CSIC. Santiago de Compostela.
- GARCÍA Y BELLIDO, A. 1947. *La España del Siglo Primero de nuestra era. Según P. Mela y C. Plinio*. Colección Austral. Espasa Calpe. Madrid.
- 1986. *España y los españoles hace dos mil años. Según la "Geografía" de Estrabón*. Colección Austral. Espasa Calpe. Madrid.
- GIBSON, B. 2011. Chiefdom confederacies and state origins. *Social evolution & History*, 10-1: 215-233.
- GLORIÉ. 1965. Parrochiale suevum. Corpus Chistianorum, series latina CLXXV. *Itineraria et alia geographica*: 413-ss. Turhout.
- GONZÁLEZ GARCÍA, F.J. 1997-1998. *Hércules contra Gerión. Mitos y leyendas de la Torre de Hércules*. 2 Vols. Vía Lactea - Concello da Coruña, Perillo-A Coruña.
- 2003. *Os Ártabros. Estudio xeográfico e etnohistórico*. Deputación Provincial de Ourense. Ourense.
- 2007. (Coord.). *Los pueblos de la Galicia Céltica*. Akal. Madrid.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. 2006-2007. Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C. - 50 d.C.). *Brigantium*. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña, 19 (2 tomos). Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón, A Coruña.
- GUYONVAR'CH. 1963. Notes d'etymologie et de lexicographie Gauloises et Celtiques XVII, nº 63. Les noms des Arrotrebae. *Ogam*: XV-2/3.
- LÓPEZ ALSINA, F. 1988. *La ciudad de Santiago de Compostela en la alta Edad Media*. 412 págs. Ayto. de Santiago. Centro Estudios Jacobeos. Museo Nacional de las Peregrinaciones. Santiago de Compostela.
- LÓPEZ FERREIRO, A. 1898-1899. *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. II-Apéndices: 6-8. Santiago de Compostela.
- LUENGO MARTÍNEZ, J.M. 1962. Las excavaciones de la Villa Romana de Centroña - Puente deume (La Coruña). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 51: 5-19. Santiago de Compostela.
- MANGAS MANJARRÉS, J. y Alvar Ezquerro, J. (Coords.). 1998. Homenaje a José María Blázquez. *ARYS*. Vol. VI: religiones y sociedades. Ediciones Clásicas, S.A. Madrid.

- MÉNDEZ FERNÁNDEZ, F.; MARTÍNEZ LÓPEZ, M.C.; INFANTE LÓPEZ, R.; PREGO FERNÁNDEZ, A. 2012. Sondaxes valorativas no Castro da Ínsua. *Cátedra, Revista eumesa de estudos*, 19: 183-201. Pontedeume.
- MÉNDEZ BUEYES, L.R. 2002. Civitas cristiana versus núcleos de poder: la ciudad post-romana en el reino de Asturias. *Studia Historica, Historia Antigua*: 265-299. Salamanca.
- MONTEAGUDO GARCÍA, L. 1951. Carta de Coruña Romana I. El interior. *Emerita*, XIX: 191-225. CSIC. Madrid.
- 1952. Carta de Coruña romana II. Costa. *Emerita*, XX: 467-490. CSIC. Madrid.
  - 1957. Carta de Coruña Romana III. Costa. *Emerita*, XXV: 14-80. CSIC. Madrid.
  - 1996. La religiosidad callaica: Estela romana de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros. *Anuario Brigantino*, 19: 11-118. Betanzos.
- NAVEIRO LÓPEZ, J.L. 1991. *El comercio antiguo en el N.W. peninsular*. Monografías urxentes do museu. Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón - Concello da Coruña. A Coruña.
- 1994. *El Golfo Artabro. Arqueología e Historia del gran Puerto de los Galaicos Lucenses*. Asociación de Amigos de los Museos de Galicia. A Coruña.
- NICOLS, J. 1987. Indigenous culture and the process of romanization in Iberian Galicia. *American Journal of Philology*, 108: 129-151.
- NOVO GÜISÁN, J.M. 1997-98. Lugo en los tiempos oscuros: las menciones literarias de la ciudad entre los siglos V y X (III). *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 8-2: 177-194.
- PARCERO OUBIÑA, C. 2000. Tres para dos. Las formas de poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico. *Trabajos de Prehistoria*, 57-1: 75-95. C.S.I.C. Madrid.
- 2002. La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico. *Monografías de Arqueoloxía, Historia e Patrimonio*, 1. Fundación F.M. Ortegalia / Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento. Ortigueira.
- PARCERO OUBIÑA, C., AYÁN VILA, X., FÁBREGA ÁLVAREZ, P. e TEIRA BRIÓN, A. 2007. Arqueología, Paisaje y Sociedad. En: González García, F.J. *Los pueblos de la Galicia Céltica*: 131-258. Akal. Madrid.
- PENA GRAÑA, A. 1993. *Narón, un concello con historia de seu*. Concello de Narón. Narón.
- 1994. Territorio e categorías sociais na Gallaecia antiga. O matrimonio entre a terra “treba” e a deusa nai “mater”. *Anuario Brigantino*, 17: 33-80. Betanzos.
  - 1995-96. As Trebas ou Populi da Gallaecia celta. <http://www.estudosceltas.org/>.
  - 1999. Notas sobre la organización institucional celta en los territorios políticos autónomos (Trebas) de la antigua “Gallaecia”. En: *Os celtas da Europa Atlántica*: 111-160. Actas do Iº Congreso Galego sobre a Cultura Celta, Ferrol, agosto 1997. Concello de Ferrol.

- 2000-2001. *Territorio político celta na Galicia pre-romana e medieval*. Tesis de Licenciatura. USC. Santiago de Compostela.
  - 2006. Las trebas, “tribus” celtas de Gallaecia y su constitución política: Estudios de la Edad del Hierro en el Noroeste peninsular. *Gallaecia*, 25: 371-399. Santiago de Compostela.
  - 2007. Galicia, cuna de los celtas de la Europa Atlántica. *Anuario Brigantino*, 30: 57-88. Betanzos.
- PÉREZ LOSADA, F. 2002. Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia. *Brigantium*, 13. Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón. A Coruña.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1995. La intervención de la flota romana en la conquista de Galicia. En: Alonso Troncoso, V.: *Guerra, exploraciones y navegación. Del mundo antiguo a la Edad Moderna*: 91-100. Universidade de A Coruña. A Coruña.
- 1996a. (Coord.). *Lucus Augusti. I. El amanecer de una ciudad*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
  - 1996b. La integración de Gallaecia en los dominios romanos: fases de su conquista. En: Rodríguez Colmenero, A. (Coord.): *Lucus Augusti. I. El amanecer de una ciudad*: 245-263. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
  - 1996c. Pueblos prerromanos del convento jurídico lucense: organización sociopolítica y distribución territorial. En: Rodríguez Colmenero, A. *Lucus Augusti. I. El amanecer de una ciudad*: 129-242. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
- RODRÍGUEZ RESINO, A. 2008. Comunidades rurales, poderes locales y señorío episcopal en la tierra de Santiago de los siglos V a XI: una visión desde el registro Arqueológico. *Munibe*, 59: 219-245. San Sebastián.
- ROMERO MASIÁ, A.M. e POSE MESURA, X.M. 1987. *Galicia nos textos clásicos*. Monografías Urxentes do Museu, 3. Museo Arqueolóxico e Histórico Provincial Castelo de San Antón. A Coruña.
- SÁNCHEZ PARDO, X.C. 2008. *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la plena Edad Media*. Tesis doctoral. Universidad de Santiago de Compostela, Departamento de Historia Medieval y Moderna. Santiago de Compostela.
- TRANOY. 1981. *La Galice romaine. Recherches sur le nord-ouest de la Peninsule Iberique dans l'antiquité*. Diffusion de Boccard. Paris.
- VV.AA. 1991. *Fuentes para el estudio de la Torre de Hércules. Conmemoración del Bicentenario de la reedificación de la Torre de Hércules*. Instituto José cornide de Estudios Coruñeses. A Coruña.

## O TORQUES DE CENTROÑA, A ASOCIACIÓN ARDÓBRIGA E O PROXECTO CASTRO DE CASTRELO



Cando constituímos a asociación *Ardóbriga* en outubro de 2008 pareceunos axeitado escoller como emblema da asociación o medio torques de ouro achado no lugar de Castrelo hai agora cen anos e ata hoxe custodiado no Museo Arqueolóxico de Lugo. Este obxecto, ademais da súa propia particularidade dentro dos caracteres definidores dos torques do tipo ártabro, ben pode representar a un conxunto de materiais arqueolóxicos de orixe local desaparecidos ou espallados por diferentes museos e institucións de Galicia, como a cabeza cuadrifaz de Esteiro, a estela galaico-romana de Vilar, o tesouro de Álgara, a machada neolítica de A Modia ou os materiais da vila romana de Centroña, todos eles alonxados do seu lugar de orixe e moitos uns perfectos descoñecidos para a meirande parte dos habitantes dos concellos de Pontedeume e Miño nos que traballamos.

Despois de catro anos da constitución da asociación *Ardóbriga*, dun número cada vez maior de asociados, de numerosas charlas, excursións e exposicións, de varios artigos de presentación en moitas revistas locais, de artigos de divulgación en *Cátedra* e nos *Cadernos do Ateneo Eumés* asinados por membros de *Ardóbriga* e despois dunha actuación arqueolóxica, cremos que xa empezamos a ser coñecidos e recoñecidos no noso ámbito de actuación. E sen embargo son aínda máis os traballos que realizamos e que non son, polo de agora, publicados como o achado dos Libros Parroquiais de Boebre, a recuperación e posta en valor das lápidas de A Ínsua ou a recompilación que paseniñamente imos facendo da microtoponimia e o folclore locais. En definitiva *Ardóbriga*, dende a súa fundación, propúxose unha serie de proxectos baseados en dous eixes de actuación ben definidos. pero relacionados entre sí: un programa de comunicación coa sociedade e un programa de investigación e divulgación, e, dentro deste último, vimos desenvolvendo o que denominamos Proxecto Castro de Castrelo e que ten un significado especial para *Ardóbriga*, xa que foi nese lugar onde xurdiu a idea de crear a nosa asociación.

O Castro de Castrelo é coñecido tamén como Castro de Centroña e, nalgunha ocasión, témonos referido a el dende *Ardóbriga* coa denominación de Castro de Centroña-Perbes ou mesmo como Castro de Centroña-Sambollo. Isto responde a unha das moitas particularidades que ten este castro, cal é a división entre os concellos de Pontedeume e

Miño practicamente pola súa metade, o que fai que en cadanseu concello sexa “coñecido” polo nome da parroquia correspondente. Entrecomiñamos a palabra “coñecido” porque a denominación de Castro de Centroña é certamente coñecida e mesmo sábese que alí apareceu un torques hai xa moitos anos, o que ocorre é que o coñecemento do nome non vai acompañado do coñecemento do lugar e, moito menos, das súas peculiaridades. Polo que respecta á denominación de Castro de Perbes aínda é máis problemática, xa que aparece en algunhas catalogacións e resulta moi difícil que ninguén chegue a imaxinar que se trata do mesmo xacemento.

Tanto a súa situación e dominio visual do golfo Ártabro como as súas características estruturais defensivas bastante ben conservadas, o feito mesmo do achado do torques nas súas proximidades, a cuestión da divisoria municipal a través da súa metade e de ter un claro vencello ao santuario precristián de Bremao, fan deste castro un lugar arqueolóxico de especial interese. Ademais está en grave perigo por ser vítima de desaprehensivos afeccionados ao moto cross e utilizado como vertedoiro clandestino por persoas ignorantes, malensinadas ou perversas, sen esquecer a ameaza larvada dun hipotético trazado do AVE polos seus arredores. Por todo isto consideramos que as autoridades competentes deberían de realizar as oportunas xestións aplicando a lexislación protectora vixente e declarando ao Castro de Castrelo BIC (Ben de Interese Cultural), investir na súa posta en valor para incorporalo á rede de activos de turismo histórico-culturais da nosa comarca como un fito comparable ao Castelo de Andrade ou ao Mosteiro de Caaveiro. Este e non outro é o obxectivo último que perseguimos en *Ardóbriga* mediante o Proxecto Castro de Castrelo. Para acadar este obxectivo entendemos que hai que dar a coñecer o Castro e todo o que ata o de agora coñecemos del, xa que é imposible protexer e amar o que se descoñece. Esta mesma publicación e os actos que organizamos con motivo do Centenario do Torques de Centroña van encamiñados a acadar ese obxectivo.

Dende o inicio das actividades relacionadas co Proxecto Castro de Castrelo no ano 2009 levamos feitas as seguintes actividades:

1. Charlas sobre xestión de Patrimonio Arqueolóxico e sobre xacementos na comarca:

- *Os castros: pegadas do pasado, oportunidades de futuro* por Matilde González Méndez (2009)
- *O Centro Arqueolóxico da Barbanza e castros de Neixón (Boiro): Unha experiencia de posta en valor do Patrimonio* por Pítusa Lomba Fernández (2009)
- *A revalorización do Patrimonio na comarca do Ortegal* por Fidel Méndez Fernández (2009)
- *O poboado da Gándara e o seu contexto prehistórico* por Fidel Méndez Fernández (2010)
- *O xacemento da illa de Santa Comba* por José López Hermida. Charla e exposición en Pontedeume e en Miño (2011)
- *Patrimonio Arqueolóxico no litoral eumés* por Antón Prego Fernández. Charla

no IES Breamo de Pontedeume e na Asociación de Amas de Casa de Pontedeume (2012)

## 2. Excursións culturais:

- Excursión arqueolóxica a Breamo e Castro de Castrelo con recuperación do antigo camiño real. Para socios e simpatizantes de *Ardóbriga* (2010)
- Excursión arqueolóxica á Barbanza con charlas didácticas. Para socios e simpatizantes de *Ardóbriga* (2011)
- Excursión arqueolóxica a Breamo e Castrelo con charlas didácticas. Para alumnos de secundaria do CPI Castro Baxoi de Miño (2011)
- Excursión arqueolóxica a Breamo, Castrelo e A Ínsua con charlas didácticas. Para alumnos de bacharelato do IES Breamo de Pontedeume (2012)
- Excursión arqueolóxica a Breamo, Castrelo e A Ínsua con charlas didácticas. Para socios e simpatizantes da Asociación Libre de Paderne Roxín Roxal (2012)
- Excursión ao castro de Viladonga e ao Museo Provincial de Lugo a ver o Torques de Centroña. En colaboración coa A. VV. de Centroña (2012)

## 3. Colaboración institucional:

- Entrevista co alcalde de Miño Juan Antonio Maceiras na casa do concello da localidade. (2011)
- Entrevistas co alcalde de Pontedeume Gabriel Torrente Piñeiro. (2011 e 2012)
- Visita ao Castro de Castrelo do alcalde de Pontedeume Gabriel Torrente e o concelleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas Javier Crespo. (2012)
- Sinatura dunha declaración de interese local das actividades de Ardóbriga para o levantamento topográfico do xacemento por parte do alcalde de Pontedeume. (2012)

## 4. Colaboración técnica:

- Redacción do *Proxecto de documentación arqueolóxica i estudio arqueohistórico do castro de Centroña (concellos de Pontedeume e Miño, A Coruña)* polo arqueólogo Fidel Méndez Fernández (2010) Desta parte levamos feitos os estudos previos, a delimitación do xacemento ou a pescuda de documentación do contexto tanto arqueolóxico como histórico para propoñer á Dirección Xeral de Patrimonio unha actualización dos datos catalogados así como a delimitación da área de protección do Castro de Centroña. Esta actividade foi financiada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Non contabilizamos nesta relación as moitas actividades desenvolvidas por *Ardóbriga* noutros proxectos como o do Castro de A Ínsua, o Proxecto Toponimia de Pontedeume e Miño ou o Proxecto Fondo Documental e Bibliográfico *Ardóbriga*, para ter máis información das nosas actividades pódese consultar a nosa web [www.ardobriga.com](http://www.ardobriga.com).

D. Isidoro Millán Gonzalez-Pardo, na súa obra de referencia *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz* (1987), deixa constancia da importancia que na antigüidade puido ter o coñecido como castro de Centroña no momento de ubicar a cidade de Ardóbriga, citada polo xeógrafo romano Pomponio Mela na súa *Chronographia* en torno ao ano 44 da nosa era como unha das cidades do Gran Porto Ártabro:

*“Pero ¿cuál era, y cómo la Ardobrica urbs de este pasaje [da Chronographia]? Las circunstancias hasta ahora analizadas nos llevarían a pensar, alrededor del año 40, en un poblado de exclusivo carácter indígena, situado, mejor acaso que en la cumbre del BREAMO, en una empinada ladera o estribo del monte. Entre San Miguel de BREAMO y Santa María de Centroña, se extendía la prolongada colina de Os Castros, en cuyo paraje de As Casas Vellas apareció en el año 1912 el torques de oro, mutilado, llamado de Centroña. (...) Podría ser esta la exacta localización que buscamos.”*

Ve D. Isidoro nas costas da actual Centroña un centro de grande actividade comercial e exportadora, de intercambio por vía marítima coa provincia Bética, de almacenaxe de produtos recibidos ou trocados e mesmo de incipientes instalacións industriais, que co seu desenvolvemento propiciaría a paulatina formación de asentamentos nas terras baixas da franxa costeira a expensas da desocupación da Ardóbriga etimolóxicamente entendida como alta fortaleza ao resguardo ou a carón do monte Breamo. Este proceso culminaría co abandono total do castro como lugar de habitación e, en definitiva, coa perda do topónimo.

A cuestión de si a Ardóbriga da que fala Mela estaba realmente no lugar de os Castros ou si, pola contra, estaba nalgún lugar da ría de Ferrol, como afirman algúns estudosos departamentais, parécenos certamente irrelevante. Escollimos o nome de *Ardóbriga* para a nosa asociación por tratarse dun topónimo correspondente a un lugar arqueolóxico perdido nas brétemas dos tempos, que ben pode estar moi preto de nós, pero que forma parte dun pasado incógnito que aínda está por desvelar. Ademais, a adopción deste nome pareceunos un agradecido tributo para a persoa de D. Isidoro Millán González-Pardo e o seu labor a prol da conservación do patrimonio toponímico eumés.